



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 142

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 23 de febreiro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de dúas vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia

Punto 2. Elección de tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo

Punto 3. Textos lexislativos

3.1 Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, e, de ser o caso, debate e votación deste proxecto de lei (doc. núm. 47239, PL-000035)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 601, do 16.02.2016

3.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei da economía social de Galicia (doc. núm. 45722, PL-000034)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 589, do 26.01.2016

Punto 4. Comparecencias en pleno

47280 (09/CPP-000399)

Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais da política familiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

Punto 5. Mocións

5.1 47131 (09/MOC-000163)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteprojecto de lei de acuicultura de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 45351, publicada no BOPG nº 585, do 20.01.2016, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

5.2 47156 (09/MOC-000164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa precarización do mercado laboral. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44814, publicada no BOPG nº 569, do 10.12.2015, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

5.3 47178 (09/MOC-000165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención psicoxerátrica. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41921, publicada no BOPG nº 527, do 30.09.2015, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

Punto 6. Proposicións non de lei en Pleno

6.1 42936 (09/PNP-003131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central para a posta en marcha e xestión de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 542, do 28.10.2015

6.2 44931 (09/PNP-003257)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 29.12.2015

6.3 45004 (09/PNP-003263)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín, e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos trámites para a inclusión do Códice Calixtino no rexistro de Memoria do Mundo da Unesco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 29.12.2015

6.4 45938 (09/PNP-003323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en relación co uso da lingua galega nos diferentes ámbitos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 03.02.2016

6.5 45994 (09/PNP-003327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e dous deputados/as máis
Sobre o cumprimento pola Xunta de Galicia do acordo parlamentario referido ás entidades financeiras que persisten no uso das denominadas cláusulas chan dos contratos bancarios con particulares

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 03.02.2016

6.6 46248 (09/PNP-003347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e dous deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 03.02.2016

6.7 46355 (09/PNP-003360)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo, e Gómez Alonso, Alejandro

Sobre a licitación polo Goberno galego das obras da reforma da estrada PO-531, no tramo Pontevedra-Curro, e a priorización dos puntos máis necesarios para a mellora da seguridade viaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

6.8 46504 (09/PNP-003369)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, e cinco deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias ante o Goberno central para o desenvolvemento do Plan de acoillimento e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e doutros países en guerra ou conflito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

Punto 7. Interpelacións

7.1 37524 (09/INT-001393)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a práctica da prostitución en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 477, do 10.06.2015

7.2 38833 (09/INT-001454)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para fomen-
tar a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o alumnado, como
a formación continua do profesorado de idiomas, e para dotar os
centros educativos cos medios humanos e materiais necesarios
para acometer tal fin

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 28.08.2015

7.3 45474 (09/INT-001728)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e dezasete deputados/as máis
Sobre a política prevista pola Xunta de Galicia para reactivar o
mercado laboral.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 585, do
20.01.2016

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

8.1 47198 (09/POPX-000171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da contundencia da
súa resposta diante dos casos de corrupción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

8.2 47202 (09/POPX-000170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da busca de con-
sensos na definición da estratexia económica para os sectores
produtivos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

8.3 47207 (09/POPX-000172)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o
despedimento dos traballadores que están a cubrir na actualida-
de o servizo de transporte de residuos urbanos por estrada para
Sogama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 47270 (09/PUP-000253)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a actual posición do Goberno galego respecto da perma-
nencia de Ence na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

9.2 46000 (09/POP-004293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as xestións previstas polo Goberno galego para acadar a
reposición nos seus postos de traballo ás persoas afectadas polo
expediente de regulación de emprego nas empresas do grupo
Tragsa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 03.02.2016

9.3 46616 (09/POP-004399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paralizar
os proxectos de megaminería en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

9.4 46441 (09/POP-004360)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e sete deputados/as máis

Sobre a evolución dos contratos-programa desde a súa implanta-
ción no referido ao número de centros acollidos, de alumnos
beneficiarios e de actuacións en cada curso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

9.5 47203 (09/PUP-000252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e catro deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das manifesta-
cións xeneralizadas dos profesionais do hospital privado de Vigo,
en relación coas deficiencias do centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

9.6 45581 (09/POP-004198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da incidencia no
potencial forestal de Galicia do conxunto de liñas de axuda publi-

casas no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de decembro de 2015 para a defensa e apoio do sector forestal e dos profesionais e industrias que desenvolven a súa actividade no ámbito do aproveitamento do monte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

9.7 46417 (09/POP-004354)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto dos datos publicados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en relación co peche de granxas no ano 2015 no sector lácteo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

9.8 46604 (09/POP-004397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel, e catro deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da caída dos tráficos de mercadorías nos portos galegos e, en concreto, nos da Coruña e Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatamento e fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte dun novo deputado (Punto preliminar da orde do día.)

En cumprimento do artigo 7 do Regulamento do Parlamento, o señor presidente procede a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia ao novo deputado, don Ambrosio Oróns Baña. (Páx. 10.)

Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de dúas vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia que se vai proceder á elección de candidata e candidato para a cobertura de dúas vacantes no Consello de Contas de Galicia. A seguir explica o procedemento da votación e informa de que resultarán elixidos se obteñen a maioría de tres quintos. Así mesmo, solicita que as señoras vicepresidenta primeira e vicesecretaria se sitúen onda a urna e que o señor secretario proceda a realizar o chamamento. (Páx. 10.)

O señor secretario (Balseiro Orol) fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fan os membros do Goberno, e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 11.)

Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: 59 votos a favor de D. Constantino Carreira Souto; 59 votos a favor de D^a Beatriz Rodríguez Fraga; e 15 votos en branco (Páx. 11.)

En consecuencia, proclámanse membros do Consello de Contas D. Constantino Carreira Souto e D^a Beatriz Rodríguez Fraga.

Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello Social da Universidade de Vigo. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente anuncia que se vai proceder á elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes no Consello Social da Universidade de Vigo, segundo o artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia. A continuación explica o procedemento da votación e informa de que se proclamarán os elixidos por maioría simple. Así mesmo, solicítalles ás señoras vicepresidenta primeira e vicesecretaria e ao señor secretario que se inicie o procedemento da votación. (Páx. 11.)

O señor secretario (Balseiro Orol) fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fan os membros do Goberno, e finalmente os membros da Mesa.

Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: 71 votos a favor de D. Xosé Manuel Atanes Limia; 72 votos a favor de D. Javier Casares Mouriño; 72 votos a favor de D^a Mercedes Castro Mouzo; e 2 votos en branco.

En consecuencia, proclámanse membros do Consello Social da Universidade de Vigo D. Xosé Manuel Atanes Limia, D. Javier Casares Mouriño e D^a Mercedes Castro Mouzo.

Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, e, de ser o caso, debate e votación deste proxecto de lei. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente abre unha rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única. (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Martínez García (M) (Páx. 12.), Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 13.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 14.), Sr. Sánchez Bugallo (S) (Páx. 15.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 16.)

Votación da proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: *aprobada por 59 votos a favor, 15 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 17.)

Debate e votación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero). (Páx. 17.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e das emendas á totalidade con texto alternativo: Sra. Martínez García (M) (Páx. 20.), Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 22.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 25.), Sr. Sánchez Bugallo (S) (Páx. 28.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 30.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 33.), Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 34.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 35.), Sr. Sánchez Bugallo (S) (Páx. 37.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 38.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei da economía social de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Economía, Emprego, e Industria (Conde López). (Páx. 39.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade: Sra. Martínez García (M) (Páx. 43.), Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 45.), Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 48.) e Sra. Quintas Álvarez (S). (Páx. 51.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: Sra. Cancelo Márquez (P). (Páx. 54.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 57.), Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 59.), Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 60.) e Sra. Quintas Álvarez (S). (Páx. 61.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. Mixto, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: *rexeitada por 8 votos a favor, 59 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: *rexeitada por 15 votos a favor, 59 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: *rexeitada por 15 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: *rexeitada por 19 votos a favor, 47 en contra e 8 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. Popular de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: *aprobada por 59 votos a favor, 8 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 63.)

O señor presidente comunica que queda aprobado o Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. (Páx. 63.)

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. Mixto, ao Proxecto de lei da economía social de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, ao Proxecto de lei da economía social de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei da economía social de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei da economía social de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura á Declaración institucional que achegan todos os grupos parlamentarios en relación co problema de Tragsa e Tragsatec. (Páx. 63.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais da política familiar. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 64.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 69.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 71.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 74.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 76.) e *Sra. Rodríguez Arías (P)*. (Páx. 78.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 80.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 83.) *Nesta rolda interveñen a Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 83.), *o Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 84.), *a Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 85.), *a Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 86.), *a Sra. Rodríguez Arías (P)* (Páx. 88.) e *o Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 89.)

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 91.), *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 93.), *Sr. Val Alonso (S)* (Páx. 94.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 95.)

Nova intervención do señor Fajardo Recouso (AGE). (Páx. 96.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa precarización do mercado laboral. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 99.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 100.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 101.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 102.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 103.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención psicoxeriátrica. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 104.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 109.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 110.) e *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 110.)

A señora Acuña do Campo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 110.)

Votación das mocións

Votación da Moción, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia: *aprobada por unanimidade, con 69 votos a favor.* (Páx. 111.)

Votación do punto primeiro da Moción, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa precarización do mercado laboral: *rexeitado por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

Votación dos puntos 2 e 3 da Moción, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa precarización do mercado laboral: *aprobados por unanimidade, con 69 votos a favor.* (Páx. 111.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialista de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención psicoxeriátrica: *rexeitado por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central para a posta en marcha e xestión de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 112.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 114.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 115.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 116.) e *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 117.)

Nova intervención da señora Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 118.)

Suspéndese a sesión ás nove da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias e, polo tanto, entramos no desenvolvemento da orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatamento e fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte dun novo deputado

O señor PRESIDENTE: Antes de entrar no desenvolvemento da sesión, procede dar un punto preliminar, que é a promesa ou o xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Ambrosio Oróns Baña.

En cumprimento do establecido no artigo 7 do Regulamento, procédese a solicitar a prestación... (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, silencio, estamos lendo a toma de posesión dun novo deputado.

Procédese a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía do novo deputado don Ambrosio Oróns Baña en substitución de José Santiago Freire Abeijón.

Segundo o procedemento a fórmula é contestar “si, xuro” ou “si, prometo” á pregunta desta Presidencia.

Prégolle que responda dende o escano á pregunta que lle vou formular:

Don Ambrosio Oróns Baña, ¿xura ou promete gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor ORÓNS BAÑA: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Prestado, polo tanto, o xuramento, acada vostede a condición plena de deputado do Parlamento de Galicia e dámoslle, por suposto, a benvida ao mesmo.

O punto primeiro da orde do día é o seguinte.

Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de dúas vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Prégolles aos servizos da Cámara que fagan o reparto das papeletas para que poidan votar os señores deputados.

Iniciado o procedemento da elección de candidatas ou candidatos para a cobertura de dúas vacantes do Consello de Contas, admitidas a trámite as candidaturas presentadas polos grupos parlamentarios, e substanciada a comparecencia preceptiva perante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o pasado día 12 de febreiro, a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces o 16 de febreiro de 2016, acordou incluír a elección na orde do día do Pleno e, para os efectos da votación, confeccionouse unha papeleta co nome das dúas persoas propostas.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1, 2 e 2.a do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas e chamamento por orde alfabética de apelido. Resultarán elixidos a candidata e o candidato se obteñen a maioría de tres quintos, é dicir, 45 votos.

A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito: votos a favor, introducida na urna a papeleta previamente entregada polos servizos da Cámara, na que constan os nomes da candidata e do candidato propostos, marcando cunha aspa o recadro ou recadros correspondentes. Votos en branco, a de non marcar ningún recadro. E votos nulos, cando se escriban os nomes doutras persoas ou conteñan rascaduras ou sinais distintos daqueles que sirvan para concederlle o voto á persoa ou persoas propostas.

Procedemos ao reparto de papeletas. Non sei se xa todos teñen as papeletas. Se alguén non a ten, agradezo que o comunique. ¿Teñen todos xa as papeletas? (*Asentimiento.*) Polo tanto, prégolles á señora vicepresidenta pri-

meira e á señora vicesecretaria que se sitúen onda a urna, porque comecemos o chamamento por orde alfabética, feito polo que o secretario da Mesa procederá á lectura do mesmo.

Señor secretario, cando queira.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Grazas, señor presidente.

(O señor secretario da Mesa, Balseiro Orol, procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor secretario.

¿Queda algún deputado ou deputada por exercer o seu dereito ao voto?

Non. Moitas grazas.

Procedemos ao escrutinio. *(Pausa.)*

Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: votos a favor de D. Constantino Carreira Souto, 59; votos a favor de D^a Beatriz Rodríguez Fraga, 59; votos en branco, 15.

En consecuencia, proclámanse membros do Consello de Contas don Constantino Carreira Souto e dona Beatriz Rodríguez Fraga.

Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello Social da Universidade de Vigo

O señor PRESIDENTE: Procedemos agora á elección de tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo, segundo o artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Procédese xa ao reparto das papeletas. A explicación do procedemento é que a Mesa do Parlamento, en reunión do 25 de xaneiro de 2016, tivo coñecemento de tres vacantes como membros do Consello Social da Universidade de Vigo, en concreto de don Julio Estévez Fernández, de don Xesús López Carreira e de dona Mónica Vázquez Blanco, por expi-

ración do seu mandato, elixidos por esta Cámara na sesión plenaria do 13 de setembro de 2011, a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, procede elixir tres persoas para cubrir estas vacantes. Posteriormente, a Mesa, o 16 de febreiro de 2016, logo da audiencia da Xunta de portavoces, acordou a súa inclusión na orde do día do Pleno e a apertura dun prazo para a formalización de propostas de candidaturas.

Rematado o prazo, a Mesa, na reunión do 22 de febreiro, logo de cualificadas as propostas presentadas, acordou elaborar unha lista única pechada na que figuran, por orde alfabética, os nomes da candidata e dos candidatos propostos, os grupos parlamentarios propoñentes e o seu traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1º, 2º.a) e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas e chamamento por orde alfabética de apelidos. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna a papeleta previamente entregada polos servizos da Cámara, na que constan os nomes da candidata e dos candidatos propostos, marcando cunha aspa os recadros correspondentes. Considerarase voto en branco de non marcar ningún recadro, e voto nulo, cando se escribisen os nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamaremos os elixidos por maioría simple.

Supoño que xa teñen todos vostedes a papeleta e, polo tanto, prégolles á vicepresidenta primeira, á vicesecretaria e ao señor secretario que iniciemos o chamamento para a votación por orde alfabética.

(O señor secretario da Mesa, Balseiro Orol, procede a efectuar o correspondente chamamento por orde alfabética das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor secretario.

Procedemos ao escrutinio. *(Pausa.)*

Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: votos a favor de D. Xosé Manuel Atanes Limia, 71; votos a favor de D. Javier Casares Mouriño, 72; votos a favor de D^a Mercedes Castro Mouzo, 72; votos en branco, 2.

En consecuencia, proclámanse membros do Consello Social da Universidade de Vigo D. Xosé Manuel Atanes Limia, D. Javier Casares Mouriño e D^a Mercedes Castro Mouzo.

Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, e, de ser o caso, debate e votación deste proxecto de lei

O señor PRESIDENTE: Pasamos xa ao desenvolvemento da orde do día cos textos lexislativos.

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces na reunión do día 16 de febreiro de 2016, acordou propor ao Pleno da Cámara a tramitación, polo procedemento de lectura única, deste proxecto de lei ao abeiro do disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, ábrese unha breve rolda para que os grupos parlamentarios poidan fixar a súa posición.

Comezamos, polo tanto, esta rolda polo Grupo Parlamentario Mixto, e para iso ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

O sistema de lectura única ten carácter totalmente excepcional, configurándose polas normas procedementais coma un procedemento lexislativo especial.

A técnica de lectura única caracterízase pola supresión de determinados trámites da fase central do *iter legis* común, que supón, loxicamente, unha serie de consecuencias: imposibilidade de presentación, debate e votación de emendas, que habitualmente teñen lugar en Comisión.

Esta limitación tradúcese na imposibilidade de presentar propostas de modificación ao articulado; restrición no exercicio do dereito de participación das minorías parlamentarias, e desaparece a posibilidade de negociación e transacción política sobre o texto orixinario.

Esta restrición afecta a facultade lexislativa dos deputados e deputadas da oposición no que se refire á posibilidade de presentar emendas e participar no seu debate e votación.

Converte a Cámara, ademais, nun órgano coa única función de aceptar ou rexeitar o texto lexislativo proposto polo Goberno.

En consecuencia, resulta evidente que a elaboración de normas a través dun procedemento especial producirá unha redución de posibilidades de participación dos grupos da oposición na tramitación lexislativa, por iso a súa aplicación debe de estar reservada para as materias ou textos de escasa transcendencia política, ou amplamente consensuados entre as forzas políticas.

Trátase, pois, dunha técnica procedementa a través da cal se pretende conseguir unha resposta rápida do Parlamento, ante propostas lexislativas que non presentan grandes dificultades para consensuar ou acordar a súa aprobación, axilizando os trámites procedementais.

Pero, evidentemente, este non é o caso, nin estamos a tratar un tema menor ou intrascendente, nin este proxecto de lei é froito do diálogo e o acordo entre as forzas políticas con representación neste Parlamento.

Estamos a falar dun proxecto de lei que pretende legalizar o ilegal, baixo a declaración de proxecto como urxente ou de excepcional interese, sen definir nin limitar que proxectos poden ou non deben ser considerados urxentes, ou que requisitos deben de cumprir para ser considerados de excepcional interese.

Este debate si que ten moito calado político, xa que estamos a falar non só de grandes proxectos empresariais ou económicos, senón que tamén estamos a falar de medio ambiente, de dereitos sociais, de vivenda, de participación cidadá.

Polo tanto, estamos ante unha actuación do Goberno que entende a maioría absoluta como o dereito a exercer o tota-

litarismo na súa actuación política, negándolle o dereito a participar á cidadanía, a pesar das leis propaganda como a de participación pública ou a de transparencia do Goberno.

A tramitación polo procedemento de urxencia deste proxecto de lei é o resultado da negativa do Partido Popular a acordar coa oposición unha saída ao conflito creado pola sentenza do Tribunal Supremo que anulou o PXOM de Vigo.

É unha utilización fraudulenta do Regulamento, xa que tivemos oportunidade de chegar a un acordo durante a tramitación da Lei do solo.

Pero o Partido Popular non quería un acordo que dese resposta aos proxectos estratéxicos que poidan estar en perigo na cidade de Vigo.

O Partido Popular o que pretende, e vai facer, é utilizar a súa maioría absoluta para deixar sen efecto a Lei do solo que se acaba de aprobar, cando a Administración local, autonómica ou estatal decidan que un proxecto ten excepcional interese e urxencia.

É evidente que entre estes proxectos urxentes, ou de excepcional interese, non están os dereitos das persoas, porque a Xunta entende que as persoas non son de excepcional interese para a sociedade.

Unha fraude democrática que pretende legalizar o ilegal pondo en perigo o medio ambiente e negando o dereito á participación cidadá. Un cheque en branco ao urbanismo, que tantas e tantas denuncias, sentenzas e pelotazos ten provocado no noso país. Un cheque en branco para esa área que deu lugar aos máis graves casos de corrupción no noso país que estamos a vivir.

Polo tanto, pensamos que este proxecto de lei ten que ser modificado. Foi unha pena non acordar durante a Lei do solo, estamos agora ante un decretazo metido, dalgunha maneira, como proxecto de lei en lectura única, que espero que sexa retirado. Hai emenda incluso á totalidade do propio Partido Popular, o cal demostra que este non era un tema de lectura única, porque nin sequera o Partido Popular está de acordo co Goberno do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas, seguimos con este cúmulo de despropósitos en forma de teatro do Partido Popular, e tamén do Partido Socialista en Vigo; cúmulo de despropósitos que vén confirmarse hoxe cando vemos como se nos trae un proxecto de lei en lectura única e o propio Partido Popular vén facer un recoñecemento de que había dous aspectos fundamentais que reivindicou AGE dende o principio nos que tiñamos razón.

O Partido Popular non ten máis remedio que intentar maquillar a nosa demanda de que se introducese o proceso de avaliación ambiental neste procedemento, e introduce a avaliación de impacto ambiental, que non é o mesmo. Nós seguimos reivindicando o proceso de avaliación ambiental estratéxica, porque garante a seguridade xurídica total e non, neste caso, a avaliación de impacto ambiental.

Pero é un recoñecemento da razón da AGE, cando dende o principio se nos descualificou, se nos someteu a presións e non se quixo dialogar en base a argumentos.

E o segundo recoñecemento é que o propio Partido Popular, a última hora, emenda o Goberno da Xunta de Galicia, introducindo vinte días de exposición pública. Iso si, a cargo dos concellos, o traballo igual que as expropiacións, o traballo e a parte engorrosa trasladáselles aos concellos.

Pero introduce vinte días de participación pública, que era o que viñamos demandando dende a Alternativa Galega de Esquerda dende o principio.

¿Por que isto se ten que traer aquí, como se trouxo no artigo 144 sen diálogo, sen sentarnos nunha mesa, con técnicos, coa secretaria xeral de Urbanismo, falando das cuestións concretas e chegando a un acordo?

¿Por que non se fixo iso na tramitación da Lei do solo? ¿Por que non se fixo iso na tramitación da lei exprés? Porque en realidade do que non se estaba falando era de solucionar os problemas da xente nin os problemas de Vigo.

Era un teatro, que non se pode entender sen os resultados electorais do Partido Popular en Vigo, fracaso tras fracaso, e había unha ocasión única para tratar de saír como salvadores da cidade de Vigo por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Era un teatro, o que menos importaba eran os traballadores de Citroën, o que menos importaban eran os proxectos. Había solucións, xa as puxemos enriba da mesa, era un puro teatro de intereses electorais. O resto non importaba, aínda que fora á custa de seguir operando no urbanismo en Galicia como se vén operando, cos resultados que todos sabemos.

¿Por que se trae un texto emendado a última hora polo Partido Popular introducindo cuestións transcendentais, coma os vinte días de participación pública, e non hai mes e medio, cando se plantexou na Ponencia da Lei do solo, non fixemos un proceso de diálogo sobre cuestións concretas con técnicos da consellería? ¿Por que?

Gustárame que se contestara. Cando ao final se teñen que introducir cuestións que estabamos demandando dende a Alternativa Galega de Esquerda, ¿por que non se fixo? Porque era unha operación que pouco tiña que ver coas técnicas de urbanismo; tiña que ver cunha operación electoralista de saír como salvadores de Vigo, etc., pero ponse en perigo o urbanismo dos 314 concellos do país.

Na seguinte intervención afondaremos no que é o contido do noso texto alternativo, e do texto alternativo do Partido Popular, evidenciando, unha vez máis, que o que menos se procurou aquí foi defender os intereses xerais, defender un urbanismo racional e facer borrón e conta nova do caos urbanístico ao que nos teñen sumido actuacións similares a esta no pasado deste país.

É, en definitiva, un puro teatro irresponsable, a improvisación continua, a Lei do solo máis efémera da historia do país –e iso que xa tiñamos un bo historial neste aspecto–, e suma e segue.

Insisto, borrón e conta nova é o que necesita este país.
(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Estamos agora no trámite no que temos que debater se consideramos que debemos de dar o apoio á tramitación en lectura única –e polo trámite de urxencia– a unha suposta nova lei, que é unha modificación encuberta dunha Lei do solo que aínda non entrou en vigor, o cal é todo un récord, señora conselleira.

E neste sentido queremos dicir que desde o Bloque Nacionalista Galego non estamos de acordo coa tramitación que nos propoñen neste caso o Partido Popular e o Goberno. E non estamos de acordo, en primeiro lugar, porque este é un trámite que limita o papel dos grupos, que impide o diálogo e o debate sosegado, e porque na práctica só imos poder votar emenda contra emenda. E pensamos que iso é unha limitación moi importante do que debe de ser a función dun Parlamento en relación cun asunto que nós pensamos que aínda que se concentre nun artigo único ten unha transcendencia que é moi importante. Porque estamos introducindo un instrumento dentro do funcionamento legal da Xunta de Galiza que vai condicionar moito a vida dos concellos, as actuacións e o propio funcionamento do urbanismo.

Temos que dicir tamén que temos dúbidas a respecto da seguridade xurídica e da tramitación desta lei. Fíxense, esta lei non cumpre as prescricións da Lei de transparencia. Hai unha Lei de transparencia e bo Goberno de Galiza, unha lei publicada a principios deste ano. É certo que esta norma non estaba vixente no momento da tramitación interna desta lei, mais é curioso que tendo esa lei xa aprobada, que especifica a obriga de publicación dos anteproxectos cando se formalicen internamente polo Goberno, como neste caso a Xunta de Galiza omitiu os trámites de información pública desta lei.

Pode dicir o representante do Grupo Popular que isto non ten ningunha importancia, e que mesmo desde o punto de vista legal non existía este requisito. Mais se vemos cal é a lexislación neste ámbito do Estado, hai unha Lei de transparencia estatal que tamén se entende que debería de aplicarse

no caso das comunidades autónomas. E esta lei, no seu artigo 7.b), establece como actos obrigatorios de publicación os anteproxectos de lei e os proxectos de decretos legislativos cuxa iniciativa lles corresponda, cando se soliciten os ditames, aos órganos consultivos correspondentes. A Xunta tramitou esta lei solicitando o informe á Asesoría Xurídica, tramitando o informe a Secretaría Xeral de Igualdade, e nese momento non fixo o trámite de exposición pública.

Temos tamén dúbidas sobre se realmente esta lei se axeita ao que di a Lei de Administración local de Galiza. Porque esta lei establece que a Comisión Galega de Cooperación ten que emitir un informe cando os proxectos de lei atinxan o réxime local. E é evidente que a lexislación e que este proxecto de lei afectan, dunha maneira considerable, os concellos, entre outras cousas porque lles establece a obrigatoriedade de expropiar todas aquelas obras que se fagan ao abeiro desta disposición desta lei. Polo tanto, ten unha transcendencia moi importante.

E, finalmente, nós tamén temos dúbidas sobre a legalidade a respecto de se a tramitación desta lei cumpre co que está establecido na Lei 6/1995, do Consello Económico e Social de Galiza. O artigo 5 desta lei di que entre as funcións e os informes que son preceptivos son anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas co desenvolvemento económico e social de Galiza. Señorías, se vostedes acoden á exposición de motivos desta lei, unha das súas xustificacións é polo interese desde o punto de vista do desenvolvemento económico e social, mais a Xunta obviou esta tramitación.

Nós, como Bloque Nacionalista Galego, imos pedir informes para saber se realmente toda esta tramitación desta lei se axusta á legalidade. Pensamos que estamos falando con rigor e con argumentos sólidos que poñen en dúbida unha tramitación que –volvo dicir– é unha chapuza desde o punto de vista político e desde o punto de vista xurídico. E que é unha irresponsabilidade facelo vindo aquí e querendo impoñer unha norma sen ningún tipo de debate sosegado para algo que vai ter moita transcendencia para o futuro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señor presidente. Moi bos días, señorías.

Agora, neste punto, imos tratar a aprobación, ou darlle luz verde á tramitación, mediante o procedemento de urxencia e por lectura única, dun proxecto de lei que dalgunha maneira xa se plantexou na Lei do solo. E nese sentido teño que dicir que o Grupo Socialista vai votar a favor desta tramitación urxente. Iso non creo que constitúa ningunha novidade para ninguén, porque xa nos manifestamos a favor de que se incorporara no seu día, no mes de decembro, como emenda modificatoria do artigo 144 do texto da Lei do solo, que nese momento estabamos sometendo a debate na Comisión.

Teño que dicir tamén que o texto do proxecto de lei é un texto coñecido, porque é coincidente exactamente co texto que se nos presentou no mes de decembro á Ponencia da Lei do solo. E desde ese punto de vista contén as mesmas limitacións e os mesmos fallos –ao noso xuízo– que tiña aquel texto, pero o que non podemos alegar é indefensión, porque hai dous meses que o coñecemos. E, de feito, o Grupo Socialista –como logo se verá posteriormente– presentará a este texto exactamente as mesmas emendas que lle presentamos ao texto anterior. Naquel momento non foi posible admitilo a trámite na Ponencia porque non houbo unanimidade nesa admisión a trámite. Pero o feito de que non fora admitido a trámite non lle quita nin a urxencia nin a necesidade de que este proxecto se tramite.

Señorías, nós xa dixemos –e creo que foi nunha intervención clara e dura neste mesmo Parlamento, e tamén a fixemos na Comisión correspondente– a opinión que nos merecía a Lei do solo de Galicia. Falamos da súa imprevisión, da súa improvisación, do paso a atrás que supoñía, do excesivo recorte que supoñía e dos problemas que xeraba. E xa anticipamos daquela que ía ser a lei máis breve da historia desde o punto de vista da súa modificación; niso non nos equivocabamos nada.

Señorías, esta é a primeira lei –penso eu– que se modifica tres semanas antes de que entre en vigor, pois o texto da Lei do solo publicouse no *Diario Oficial de Galicia* –se mal non me lembro– o día 19 pasado; entrará en vigor un mes despois, polo tanto, o día 19 de marzo, e quedará modificada xa o día 20 de marzo, previsiblemente, se se aproba o

texto desta lei. E, polo tanto, máis breve imposible desde o punto de vista dos cambios, e nós esperamos que este é o primeiro, pero que non sexa o único cambio.

Pero o que tamén entendemos, señorías, é que a falta de previsión e a falta de competencia por parte dos responsables políticos non é algo que deban pagar os cidadáns. E a propia confrontación política que manteñamos tanto no Pleno desta Cámara coma nas comisións ou na Ponencia non é algo que deban pagar os cidadáns. Os cidadáns de Galicia e os cidadáns, especificamente, de Vigo neste momento esperan de nós que lles deamos resposta e solución aos problemas que teñen plantexado.

Temas fundamentais en Vigo como o desenvolvemento da área empresarial de Balaídos, fundamental estratexicamente non só para Vigo, senón para a área de Vigo e para o conxunto de Galicia. Ou como pode ser a intermodal, fundamental para a área de Vigo, señor Losada, a primeira cidade de Galicia e a segunda por número de viaxeiros de transporte por ferrocarril merece que se resolva o problema da intermodal de Vigo. No caso da Cidade da Xustiza parece ser que a solución vai por outros derroteiros e non requiriría a aprobación desta lei.

Polo tanto, nós imos votar favorablemente á toma en consideración, ao procedemento de urxencia, porque cremos que os erros e carencias dos representantes públicos non deben pagalos o conxunto dos cidadáns. E creo que nun prazo razoable –e este é o único procedemento que coñecemos, o que temos ao noso alcance– de tres meses o Concello de Vigo debe ter a habilitación legal para poder outorgar as licenzas correspondentes, e este é o único camiño. Polo tanto, votaremos favorablemente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señor presidente.

Señorías, bos días.

Desde logo, hoxe vimos aquí resolver un problema que especialmente ten Vigo –pódeo ter calquera concello de

Galicia en calquera momento–, pero o que está claro é que o problema de Vigo non foi un problema xerado nin polo Goberno da Xunta do Partido Popular, senón polo Bipartito, nin por un Goberno do Partido Popular no Concello de Vigo, senón tamén por un Goberno socialista. Polo tanto, teñen que quedar as cousas moi claras de por que o Partido Popular vén solucionar –e os gobernos do Partido Popular– problemas xerados polos que van de progresistas e din e poñen problemas a que se resolvan os problemas que eles mesmos xeraron.

E, señor Bugallo, estou de acordo con vostede, a confrontación que dixó –se non tomei mala nota– que temos os políticos non é algo que deban de pagar os cidadáns, creo que dixó iso. Totalmente de acordo; por iso a confrontación que teñamos os políticos é que algúns dos que están aquí se negaron a que se admitira a trámite esta iniciativa na tramitación da Ponencia da Lei do solo, despois de que se cerrara o prazo para poder presentar as emendas oportunas e que xurdiu o problema de Vigo.

E o Goberno do Partido Popular e os deputados do Partido Popular –e quen lles fala como ponente nesa Ponencia– intentamos buscar unha solución a ese problema. ¿E quen se negou? Non foron vostedes, señor Bugallo –hai que dicilo–, pero o que se negou terá a responsabilidade –neste caso AGE– de que se puidera debater naquel momento. E aínda veñen agora aquí dicir que onde se debería debater era precisamente na Ponencia da Lei do solo, tanto vostede coma o Grupo Mixto. Home, claro, niso estamos de acordo, pero quen impediu ese debate non foi o Partido Popular, foron vostedes.

E, efectivamente, presentouse unha emenda naquel momento onde non ía a exposición pública e plantexaba o PSOE que se fixera unha exposición pública. Falabamos daquela de quince días, vostedes falaban dun mes –se non recordo mal–. Pero o tema é que nosoutros na Ponencia –e vostede poderá corroboralo– dixemos que estabamos dispostos a iso, sen problema, que si que admitiamos naquel momento, xa nese debate, o que era a exposición pública, sen problema ningún. E o resto entraremos no debate despois, no seguinte punto, porque isto é para xustificar a urxencia.

E, mire, a urxencia está moi clara, hai que resolvelo –diciáo o señor Bugallo–, a nosa confrontación non ten por que influír nos problemas da xente. Nós temos a obriga

de resolver os problemas das persoas, e iso si é urxente neste caso, resolver un problema non xerado polos gobernos do Partido Popular e que ten neste caso Vigo. E que en calquera momento pode ter calquera concello de Galicia, porque hai moitos plans xerais neste momento que están afectados.

E eu non sei se dicir ou non as palabras que dixo o señor Bugallo nunha rolda de prensa, que un plan xeral non estaba aprobado ata que pasara pola xustiza. Bueno, eu non quixera dicir tanto, parécese un pouco forte, señor Bugallo, pero eu lin iso e preocupoume un pouco, e hai que dicilo. Pero un plan xeral está aprobado cando se aproba pola Xunta, cando se aproba polo concello, e cando se aproba como é debido. E neste caso, pois, ao mellor o Concello de Vigo xustificou unha urxencia que non a tiña, e habería que velo, o mesmo que algún outro concello.

Pero o que si tamén queremos dicir é que este proxecto de lei cumpre todos os requisitos legais, e, desde logo, a nosoutros tamén nos gustaría que fora claramente debatido na Lei do solo, como era o razoable. Agora ben, isto non vén modificar a Lei do solo, polo tanto, non digan vostedes que é a lei máis breve; isto é igual que hai –e saberano– os trámites da supramunicipalidade. Non está aprobado en ningunha lei, é un decreto independente. Isto vén ser unha lei independente para proxectos de urxencia ou excepcional interese público, iso é o que se trata para proxectos públicos.

Señora Martínez, que eu saiba en proxectos públicos nunca vin un pelotazo urbanístico, pero non confundamos proxectos privados con proxectos públicos. Estamos a falar de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese público, que quede claro que non é para vale todo, nin moito menos. E ademais –e debaterémolo a continuación– dentro do contido, sempre respectando a autonomía municipal como un tema moi claro –remato, señor presidente–: o Concello ten a última palabra, non se olviden, que ata agora non a tiña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Procedemos, polo tanto, á votación da proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei.

Votación da proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

O señor PRESIDENTE: Procede, polo tanto, este debate polo procedemento de lectura única.

Debate e votación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese

O señor PRESIDENTE: Iniciamos, polo tanto, o procedemento, que é o procedemento de lectura única do proxecto de lei, ao que se presentaron emendas á totalidade. En concreto, unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto, unha do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Bo día, presidente.

Bo día, señorías.

Como dicía vostede, traemos unha lei a esta Cámara que é unha nova lei de lectura única do proxecto para as medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese, que, evidentemente, é o procedemento ao que nos vemos abocados dende o Goberno da Xunta, a través deste Parlamento, despois da irresponsabilidade que unhas minorías neste Parlamento fixeron no debate da última Lei do solo, cando non permitiron debater o texto que hoxe traemos a esta Cámara dende o Goberno da Xunta de Galicia.

Efectivamente, hai quince días podería estar arranxado este tema, pero hoxe, unha vez máis, e froito da responsabilidade e da axilidade do Goberno da Xunta de Galicia, temos que dar respostas a situacións que son claramente non desexadas por ninguén e que, evidentemente, son respostas que queremos que, en particular, tamén lle afecten ao Concello de Vigo. É dicir, respostas aos problemas que xurdiron a través da sentenza dende o Tribunal Supremo que anulou o Plan xeral do Concello de Vigo.

Unha sentenza que causou un grave prexuízo á cidade no seu conxunto, á cidade en xeral, pero que tamén causou un grave prexuízo aos proxectos que son de excepcional interese para Vigo e, en particular, evidentemente, para este concello.

O proxecto que hoxe estamos a presentar non é un texto improvisado, é un texto traballado, é un texto coñecido, é un texto, ademais, analizado polos responsables da Asesoría Xurídica e polos responsables da Secretaría de Ordenación do Territorio. O obxectivo desta norma, que transcende o Concello de Vigo, é salvagardar todos os proxectos que sexan liderados por unha administración pública e que traian, efectivamente, beneficios de carácter social, beneficios de carácter económico, non só para o Concello de Vigo, senón tamén para o resto dos 314 concellos da nosa comunidade.

Polo tanto, esta é unha lei que persegue, única e exclusivamente, o que se persegue desde este Goberno, que é o interese xeral de todos os galegos e galegas, e faino, como non podería ser doutra forma, respectando ao máximo todas as garantías do procedemento, e, polo tanto, aportando a seguridade xurídica necesaria.

Dende o Goberno galego sabemos que as garantías e a seguridade son imprescindibles cando se defenden os intereses dos cidadáns e das cidadás, e coido que a garantía e seguridade son as palabras básicas que hoxe presentamos neste Parlamento con esta nova lei de lectura única.

Un texto que, en primeiro lugar, obriga a que a declaración de urxencia, o excepcional interese do proxecto, se limite, única e exclusivamente, ás iniciativas lideradas polas administracións públicas, nunca, en ningún caso, por unha entidade privada.

Segundo, ademais, é que tamén blindará unha vez máis a autonomía municipal que defendemos a través da Lei do solo, a autonomía municipal, posto que os concellos sempre terán que darlles o visto bo a calquera destes proxectos; é dicir, o concello ten a chave.

É dicir, un proxecto só será viable se o concello no que se asenta así o quere, e ademais obriga a esta lei a que todas as iniciativas sexan informadas sectorialmente, de acordo co que recolle a lexislación en vigor, chámese avaliación ambiental, chámese avaliación estratéxica ambiental. En definitiva, recollerá todos os informes sectoriais que sexan pertinentes para o desenvolvemento deste proxecto.

Gustárame agora determe en cada un destes puntos, para intentar explicar polo miúdo, e unha vez máis, o contido de cada un deles.

Como ben di o propio título desta lei, este texto está dirixido para proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese. De urxencia, é dicir, o tempo corre en contra, e de excepcional interese, é dicir, teñen que ser sempre promovidos por órganos de Administración pública e sometidos a todos os controis e a todas as garantías que van ligados a todas as administracións públicas. E, polo tanto –vólvoo repetir–, a iniciativa privada queda absolutamente fóra do contido desta lei.

O órgano público promotor do proxecto dará traslado á consellería competente na materia, xa sexa á de Economía, xa sexa á de Industria, xa sexa á de Sanidade, á consellería que sexa, solicitando a declaración de urxencia e interese público, e será esa consellería a que deberá xustificar as razóns de urxencia e remitirá este proxecto ao concello.

Neste momento do proceso faise esencial a segunda característica da que falaba anteriormente –e da que falei tamén hai quince días–, que é a blindaxe da autonomía municipal. É o Concello, unha vez que a Xunta lle remita o proxecto xustificando a súa urxencia e interese, quen debe emitir un informe sobre os intereses locais da iniciativa. Se o informe fora desfavorable, a consellería competente inmediatamente procederá ao arquivo deste expediente.

É dicir, que o informe do Concello vai ser preceptivo e vinculante, ningún proxecto poderá acceder a esta tramita-

ción se o Concello que está afectado non está de acordo con el. E non só iso, a garantía de autonomía municipal vai máis alá dende o primeiro informe. Deste xeito, a norma que hoxe estamos a demostrar, demostra a súa complementariedade e coherencia coa nova Lei do solo aprobada hai apenas quince días neste último Pleno.

Un dos eixes fundamentais da Lei do solo é o respecto e o recoñecemento da autonomía dos concellos en materia de urbanismo. Non podemos esquecer que o urbanismo é basicamente unha competencia municipal. A nosa obriga, como Administración autonómica, é poñer a disposición dos concellos todas as ferramentas para que o desenvolvemento urbanístico se produza dunha forma que sexa sostible, que sexa harmonizada, responsable e de calidade. E, por suposto, vixiar que se cumpran os intereses xerais, por riba de calquera interese particular.

E dicía anteriormente que en caso de que o informe –vólvo repetir– preceptivo e vinculante do Concello fora desfavorable, o expediente sería arquivado; pero en caso contrario, se o informe é favorable, o proceso seguirá adiante e o expediente chegaría unha vez máis á Xunta de Galicia.

Neste caso, dende a consellería competente enviaráselle e remitiráselle ese expediente á consellería con competencias en materia de urbanismo, que no momento actual é a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Será entón, dende esta Consellería, onde se solicitarán con carácter de urxencia todos os informes preceptivos de acordo coa lexislación sectorial aplicable. E cando falo dos informes sectoriais volvo dicir que serán todos os preceptivos que exixa a normativa, sexa avaliación ambiental, de impacto ambiental ou avaliación estratéxica, a que precise en cada momento cada proxecto.

E, polo tanto, o novo marco legal dá cumprimento a todas as garantías do proceso. O que fai a nova norma é axilizar –por algo os proxectos algúns deles son urxentes– os trámites, pero en ningún caso prescinde de ningún trámite. E por iso dicimos que se trata dunha lei que ofrece seguridade xurídica aos galegos e ás galegas. A tramitación rematará cando o Consello da Xunta proceda a aprobar este expediente. E nós estimamos que non será máis de entre catro ou seis meses. Ese é o tempo mínimo necesario para dar cum-

primento aos prazos máximos que xa existen, que xa están estipulados no procedemento.

No caso de que esta lei que presentamos hoxe non fora aprobada, para levar a cabo estes proxectos esenciais e urxentes, e de excepcional interese dos que falamos, o único que quedaría sería o novo planeamento municipal, o cal significaría, segundo a nova lei aprobada hai apenas uns días, unha espera de como mínimo, e como moi pouco, dous anos.

Isto non quere dicir, nin moito menos, que a nova norma pretenda substituír os plans xerais, o que fai a nova norma é subsanar os problemas derivados da ausencia dun plan xeral actualizado, polo motivo que sexa, por unha sentenza, como foi o caso do Concello de Vigo, ou por calquera outro motivo. E unicamente naqueles casos de iniciativas urbanísticas públicas que teñan repercusión directa sobre a calidade de vida e benestar dos cidadáns, e mesmo tamén sobre a economía e o desenvolvemento da nosa comunidade, será cando sexa de aplicación esta lei.

E vólvo dicir, falo de proxectos excepcionais, que pola súa importancia non poden esperar a aprobación dun novo PXOM, un novo plan que, como mínimo, como mínimo, pode ser dous anos. Señorías, creo que estarán de acordo comigo en que hai actuacións públicas que non poden quedar paralizadas ata a aprobación dun novo plan urbanístico, sen que iso cause graves prexuízos na nosa comunidade. Isto non quere dicir que dende a Xunta de Galicia non teñamos o firme compromiso co desenvolvemento e aprobación dos plans xerais dos concellos, todo o contrario.

Dende o primeiro día que se coñeceu a sentenza do Tribunal Supremo que anula o Plan de Vigo sinalamos que un plan xeral é a única solución para dar seguridade a todo o urbanismo do Concello de Vigo; non hai atallos, a única solución é que o Concello de Vigo leve adiante un novo plan xeral. De feito, dende a Xunta sempre insistimos que esta é a única fórmula para resolver os problemas de cada particular, de cada pequena empresa que existe no concello de Vigo, un novo plan xeral, e por iso dende o primeiro momento lle ofrecemos, a quen é competente na materia, que é o propio Concello, a máxima colaboración posible para que desenvolva o máis rápido posible este plan.

O compromiso co planeamento é algo que temos demostrado na Lei do solo, que pon a disposición dos concellos todas as ferramentas posibles para que sexa posible que haxa 314 concellos co seu planeamento adaptado, e para iso temos dúas ferramentas que nós entendemos básicas e destacadas nesta lei, como é o Plan básico autonómico e como son os plans básicos municipais para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

En definitiva, creo que o compromiso, que a ordenación urbanística deste Goberno e desta Consellería, en particular, da que son responsable, está fóra de toda dúbida, o que non imos facer, de ningunha maneira, e deixar desamparados os cidadáns de Vigo nin de ningún outro concello de Galicia se se atopara na mesma situación.

O principal propósito de calquera goberno autonómico ten que ser velar polos intereses xerais e velar polos intereses dos seus cidadáns, do que a cidade máis poboada da nosa comunidade, como é Vigo, evidentemente, é un claro expoñente.

Así o responde a urxencia no trámite deste proxecto de lei, unha nova Lei do solo que a cidade de Vigo lle dará maior axilidade para que faga máis rápido posible non só o seu PXOM, senón que a través desta lei que estamos a presentar hoxe tamén teña a posibilidade de respostar a proxectos de especial interese para a cidade de Vigo.

No caso de ser aprobado este proxecto de lei vai permitir a posta en marcha de actuacións fundamentais neste concello. Este problema podería –vólvo dicir– estar arranxado hai apenas quince días, co debate na Lei do Solo dunha emenda que, dalgunha maneira, foi boicoteada e non se puido debater. Por sorte, hai outra forma de facer política, que é preocuparse polo interese xeral e que respalda a inmensa maioría da Cámara, porque hoxe non estamos a falar aquí da promoción privada, nin estamos a falar de facer atallos, estamos a falar, evidentemente, do interese público e do beneficio de todos os galegos e as galegas.

Pero teño que insistir, non se trata dun texto legal exclusivo para Vigo, trátase dunha lei para todos os galegos e as galegas, e que ofrece solucións e garantías sempre que fora necesario en calquera concello de Galicia.

Este proxecto de lei blindo a nosa Comunidade para que teña seguridade xurídica e pon o interese dos cidadáns por

riba de calquera interese particular ou partidista, polo tanto, é un proxecto de lei netamente positivo e beneficioso para Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda de defensa das emendas á totalidade.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTINEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, como xa dixemos, non procedía esa tramitación polo procedemento de lectura única, xa que modifica substancialmente a lei que se acaba de aprobar, 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galiza, para o que foron preceptivos os informes de diversos organismos aos que agora non se lles require un informe para modificar unha lei que non ten nin un mes de vida.

Polo tanto, o PP foi quen se negou, durante a tramitación da Lei do solo, a buscar unha solución negociada con toda a oposición, e agora atopámonos ante esta situación, ata tal punto que o propio Partido Popular reconece a aberración que pretendía o Partido Popular durante a tramitación da Lei do solo e emenda á totalidade a proposta do propio Goberno. Polo tanto, señora conselleira, aquí quen non quixo chegar a un acordo durante a tramitación da Lei do solo foi o Partido Popular, porque quería todo a cambio de deixar totalmente desprotexido o urbanismo.

Ademais, este proxecto de lei, tal e como o presenta o Goberno, xera unha gran inseguridade xurídica ao non quedar xustificado cando un proxecto pode ser de especial urxencia, que é o que recolle na exposición de motivos –fala de proxectos de “especial urxencia”–, pero despois no seu artigo único fala de “urxencia”, o de “especial” quedou fóra, e tamén cando é de excepcional interese público, sobre todo cando non se vai consultar á poboación afectada.

Resulta evidente que este proxecto de lei non pretende resolver o conflito xerado pola sentenza do Tribunal Supremo que anula o PXOM de Vigo de 2008, senón que pretende aproveitar o dito conflito para legislar a favor da lei da

selva en canto ao urbanismo se refire, abrindo a vía a que actos da Administración xeral do Estado poidan acollerse a este proxecto de lei e impoñer a modificación dos plans urbanísticos.

Estamos ante un proxecto de lei que foxe da obriga de someter a información pública e avaliación de impacto ambiental estratéxico as actuacións urbanísticas que a Administración considera de urxencia ou especial interese público, negando o dereito á lexítima defensa dos intereses sociais e persoais que poidan verse vulnerados por ditas actuacións.

Ademais, se ben na exposición de motivos o proxecto de lei fala de que o mesmo pretende evitar que poidan perderse proxectos públicos que actúan como cauces vertebradores da igualdade social e impulsores do crecemento económico de Galiza, no seu artigo único non se fai ningunha mención á necesidade de que estes proxectos deban favorecer a igualdade social.

O Tribunal Supremo ditou unha sentenza firme que anula o PXOM de Vigo por non realizar antes da súa aprobación a avaliación de impacto ambiental estratéxico. A decisión prodúcese sete anos despois da súa entrada en vigor, cando parecía que o PXOM non tiña volta atrás, xa que antes de chegar ao Supremo fora rexeitada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Realmente temos un problema coa Xustiza. Non se pode paralizar unha cidade sete anos en espera dunha sentenza firme, pero tampouco se poden conceder licenzas que, como neste caso, despois o PXOM anula e coloca o Concello nunha situación moi conflictiva. Polo tanto, este proxecto de lei lévanos a algo xa debatido neste Parlamento en numerosas ocasións, e é á situación de precariedade extrema na que está traballando a Xustiza.

O tribunal considera que non se respectou a obrigatoriedade de realizar a avaliación de impacto ambiental estratéxico, un requisito que foi instaurado coincidindo coa fase final da elaboración do plan vigués. Non era unha obriga a 31 de maio de 2006, cando o Concello o remitiu á Xunta para a súa aprobación, pero si a 21 de xullo dese mesmo ano, cando a Xunta deixou transcorrer case dous anos ata declarar inviable o seu sometemento ao trámite previsto de avaliación ambiental. ¡Dous anos para contestar!

En Vigo existe experiencia sobre estas situacións. Situacións deste tipo xa as temos vivido, non é a primeira vez que Vigo se atopa sen plan xeral. Vivímolos en 1991, cando Xosé Cuiña suspendeu o Plan xeral de Vigo e colocou á cidade na mesma situación que se atopa agora. Hoxe podemos afirmar que a situación que está a padecer a cidade de Vigo se debe á utilización do seu PXOM como arma arrojadiza entre oposición e Goberno, mantendo os intereses defendidos moi lonxe dos intereses sociais e económicos da cidade.

Resulta sorprendente que, dende que o Tribunal Supremo ditou a sentenza ata hoxe, escoitáramos falar aos responsables políticos da gravidade da sentenza, de como afecta a Citroën, á Cidade da Xustiza, á estación intermodal, pero aínda non escoitamos falar das responsabilidades políticas nin de proxectos de particulares que se ven afectados.

A Federación Veciñal de Vigo abriu unha oficina de asesoramento a calquera veciño que se considere afectado pola anulación do plan. Na súa primeira semana de funcionamento recibiu máis dun centenar de solicitudes de consultas, e varios destes veciños e veciñas decidiron presentar unha denuncia contra a Xunta e o Concello polos prexuízos patrimoniais que esta decisión xudicial lles causou.

Afecta á práctica totalidade dos barrios e parroquias de Vigo onde estaban previstos desenvolvementos urbanísticos, principalmente licenzas que foran solicitadas e que agora, tras desaparecer o Plan xeral de 2008, xa non se conceden a pesar de ter cumpridos todos os pasos legais que se lles exixiron.

O problema dalgúns persoas é que teñen previsto construír casas e o terreo que adquiriron deixou de ser urbano. Outras persoas viron convertidas as súas fincas en urbanas pola existencia dun PERI, co conseguinte aumento do IBI, e agora cualifican o PERI como inviable.

Tamén hai persoas que venderon propiedades inmobiliarias para investir os cartos nunha nova vivenda. Ao ser reinversión de capital, paga un 8 % de impostos sobre o valor da venda, e, se en catro anos a nova casa non está escriturada, deberán pagar o 20 % de impostos por non reinvestir. Polo tanto, tamén un castigo económico para estas persoas.

Ou persoas que xa iniciaron ou remataron a construción da súa vivenda e agora pasa a ser ilegal e, polo tanto, denunciabile por calquera.

Pero nin Xunta nin Concello están a preocuparse das persoas. Así, a Xunta preséntanos un proxecto de lei que trata de garantir os intereses económicos de grandes corporacións e non ten nin unha soa proposta para garantir os dereitos da cidadanía. Por outra parte, este proxecto de lei pretende legalizar o ilegal baixo a declaración do proxecto como urxente ou de especial interese, sen delimitar o mesmo.

Un proxecto de lei que desprotexe as persoas fronte á execución de ordes de expropiación ou imposición de servidumes, xa que lles é denegado o dereito básico a presentar alegacións.

Un proxecto de lei que desprotexe o medio ambiente. Así, descoñecemos se este proxecto de lei, unha vez aprobado, suporá a aprobación automática de proxectos contestados socialmente como o macrocentro comercial de Salgueiriños. De estar en vigor este proxecto de lei en 2012, a declaración da explotación de ouro de Corcoesto –que afecta aos concellos de Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Coristanco– como proxecto industrial estratéxico, segundo a resolución do 20 de abril de 2012 da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, sería suficiente para conceder a explotación.

Dicía a señora conselleira na súa intervención que se trata de proxectos promovidos pola Administración e non por entidades privadas ou empresas. Eu entendo que esa preocupación pola ampliación de Citroën corresponde ao interese dunha empresa privada, non á iniciativa da propia Administración, pero si aceptada pola Administración.

Unha lei que, amparándose na anulación do PXOM de Vigo, establece unha normativa que tan só beneficia as mafias do urbanismo e prexudica gravemente os dereitos da cidadanía.

Un proxecto de lei que mereceu unha emenda á totalidade do propio Partido Popular, que, sen embargo, non quixo aceptar unha negociación durante a tramitación da Lei do solo e, polo menos, presentar esa alternativa que presenta hoxe como emenda á totalidade.

Polo tanto, entendemos que hoxe se presentan textos alternativos, que hai posibilidade de chegar a un acordo, que todos os grupos deste Parlamento teñen interese en solucionar este conflito, en permitir que a cidade de Vigo poida avanzar nos seus proxectos estratéxicos, pero tamén limitar que isto se converta na lei da selva e introducir un proxecto de lei que realmente desregule o que se intentou regular coa Lei do solo.

Pola miña parte, nada máis. Espero que desta vez poidamos acadar un acordo sensato, que solucione un problema urbanístico sen desprotexer os dereitos da cidadanía e sen desprotexer o medio ambiente.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Supoño que non esgotarei nin os quince minutos. Xa está case todo dito.

Dicía a conselleira que non se puidera introducir a modificación do artigo 14 pola actuación irresponsable da Alternativa Galega de Esquerda. ¡Home!, e pola incapacidade do Grupo Popular, que con 41 deputados non foi capaz de sacar adiante unha lei coa que estivese plenamente satisfeito. Iso algo ten que ver coa incapacidade e o que vimos denunciando nós: a chapuza continua á que nos ten acostumados este goberno.

Seguridade xurídica. Está o Partido Popular para falar de seguridade xurídica, e de resolver problemas para o futuro, despois do que acabamos de coñecer do concurso eólico. A vostedes tumballes a anulación do concurso eólico do Bipartito cunha sentenza do Tribunal Supremo, anulado, ilegal, desviación de poder... Si señor. Si, señor Fariñas, anulado, ¡nulo!, ¡nulo! Si, decisión nula de pleno dereito, desviación de poder, e anulan o seu concurso, que ten que retrotraerse á fase de adxudicacións. ¡Iso si que é un “paquete” para o futuro deste país! Iso si que é un labirinto no que nos meteu o señor Feijóo coas súas decisións, que tamén estaban

apoiadas nunha suposta seguridade xurídica. Unha hipoteca para o futuro, unha máis das que deixa o Partido Popular no peor goberno da historia deste país. Unha hipoteca que pode custar millóns e millóns, e pode custar moitos anos que saia o sector das renovables do fangal no que nos meteron vostedes.

Dicía irresponsabilidade. Mire, discútao co voceiro do Partido Popular, que menos de 24 horas antes lle presenta unha emenda ao seu goberno onde lle di que ten que meter 20 días de período de participación pública. Explíquello a el. Eu xa non vou defender a participación pública, xa está o Partido Popular aquí, que presenta un texto alternativo onde introduce a participación pública. Que lle explique o voceiro do Partido Popular por que introducen vostedes, o Partido Popular, 20 días de participación pública.

Se non fora por estes irresponsables, teríamos admitido un texto que non falaba de trámite ambiental e non falaba de participación pública. Polo tanto, estes irresponsables conseguiron que este texto conte, polo menos, con 20 días de participación pública, aínda que vostedes llo endosen ao Concello e nós digamos que ten que ser feito polo órgano promotor, igual que as expropiacións.

Vostede fala de que o Concello ten a última palabra. ¿Onde reside a soberanía dos concellos, señora conselleira? ¿Onde reside a soberanía dos concellos? Porque vostedes o que propoñen é un informe dos servizos municipais, pero isto non pasa polo Pleno do Concello. ¿Por que non pasan isto polo Pleno do Concello e que teña que ser aprobado por maioría absoluta? Entón, quen ten a última palabra é o alcalde do Concello, que pode encargar o informe dos servizos municipais. Esa é a última palabra. Nós propoñemos, no noso texto alternativo, que sexa no Pleno municipal do Concello.

É evidente que, grazas a estes irresponsables, se mellora o texto, aínda que non chega a ser un texto que dea solución aos problemas que nadie discute que hai que buscarlles solución. Nunca o discutimos. Hai que buscarlles solución. Non é cuestión de Vigo, non é cuestión... É cuestión de buscarlles solucións, pero solucións que signifiquen solucións, non patada para diante e encontrarnos co mesmo problema dentro de 3 ou 4 anos. Porque estes argumentos foron repetidos en todos os concellos que decidiron eludir o trámite de ava-

liación ambiental estratéxica naqueles anos. A urxencia dos proxectos, a urxencia de aprobar o planeamento, iso era mentira, o que se quixo facer en moitos concellos foi o trámite de avaliación ambiental estratéxica porque iso condicionaba o contido propio dos plans xerais que deberían ser aprobados.

Dígalles vostedes aos cidadáns e cidadás de Vigo, se volveramos ao ano 2008, se optarían tamén por xustificar a urxencia e seguir adiante sen facer a avaliación ambiental Estratéxica. Eu creo que a maioría dos vigoeses e das vigoesas dirían que hai que facer a avaliación ambiental estratéxica porque os efectos causados pola súa elusión foron peores.

E xa sei que o Partido Popular vai entrar en el y tu más. Nós nunca entramos en el y tu más. Sabemos que hai moitos concellos coa mesma problemática. Sabémolo, nunca nos negamos a recoñecer iso. O que si cremos é que o que se buscou aquí, como dicía antes, non era solucionar estas cuestións. Acaba de dicir a conselleira que este trámite pode estar entre catro e seis meses, e levamos case tres meses perdidos por esta operación publicitaria do Partido Popular, ¡tres meses perdidos!

Xa o dixen unha vez, Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Cidade do Moble da Estrada, duración, dez meses, con dous meses de exposición pública. Quitámoslle un mes de exposición pública, e son nove meses. Se a Xunta de Galicia cre que é excepcional a urxencia para aprobar un proxecto, que expida máis rapidamente, con máis axilidade, os informes sectoriais, e temos o problema solucionado, cunha normativa vixente, no mesmo tempo ou en menos que no que o van facer vostedes con esta lei exprés.

Pero isto non buscaba esa solución. Isto era unha operación propagandística do Partido Popular, para tratar de quedar como salvador da cidade de Vigo, por intereses electorais en Vigo. ¡Nada máis! ¡Iso é así! Desgrazadamente, o señor Caballero sumouse a esta operación porque tamén lle interesaba desviar a atención de responsabilidades do Goberno de Vigo na anulación do plan xeral. Pero ao final, evidentemente, ao Partido Popular non lle interesa defender os intereses do señor Caballero e quen quere quedar de salvador de Vigo vai ser o señor Feijóo, e o señor Caballero queda en terra de ninguén. Esas son as malas escollos políticas do señor Caballero. Iso si, tivemos que aguantar que era-

mos antivigueses, ¡o antiviguismo dun señor de La Coruña! Si, ¡todos os días me levanto coas ganas de ir contra Vigo!, ¡Seguramente! ¡Vaia nivel de argumentos! ¡Vaia nivel de argumentos neste país, cando aínda seguimos co antiviguismo e co coruñesismo que temos que escoitar aínda en pleno século XXI!

É evidente que vostedes non buscaban isto. É evidente a chapuza continua. Vostedes fan unha lei que vostede vén aquí vender como algo histórico, a Lei do solo, que vai ser histórica, que resolve non sei cantos problemas, e antes de aprobala xa a querían modificar. E nin sequera con 41 deputados, maioría absolutísima, son capaces de sacar a lei do solo que vostedes queren. ¡Nin sequera son capaces diso! Despois, o seu goberno presenta un texto para unha lei exprés que ten que emendar o Grupo Popular para introducir nada máis e nada menos que 20 días de participación pública. ¡É que o de vostedes é para darlles un premio! Teñen que ter moi bos asesores de imaxe para que haxa alguén que aínda os considere bos xestores, porque de xestores non teñen nada, son uns auténticos chafalleiros, como se está demostrando unha vez máis.

Non minta, señora conselleira, non minta. Di que, se non se aproba isto, só quedaría a modificación do plan xeral. Non é certo. Se non se aproba isto, quedaría aínda a posibilidade do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, ou a modificación puntual do planeamento do 93. Non diga que só quedaría o plan xeral.

E ademais, tamén é certo... ¡claro que si! A prioridade debe ser facer un novo plan xeral, ¡claro que si! Porque non todo o mundo ten a sorte de ser Citroën, e hai moitos máis intereses en xogo que non teñen a sorte da Citroën, de ter un goberno que lles faga leis a medida. Pero eses cidadáns supoño que tamén importarán, tamén haberá que darlles solucións á pequena e mediana empresa e a un cidadán normal. E supoño eu que, aínda que as obras sexan feitas por administracións públicas, tamén haberá que respectar o dereito constitucional da participación pública e haberá que respectar tamén o dereito das persoas a informarse e a presentar alegacións se o consideran. ¿Ou é que sendo unha administración pública pode facer o queira? ¿Suponse que unha administración pública –que xa é moito supoñer– sempre mira polo interese xeral, tendo o Goberno que temos aí diante e tendo os gobernos do Partido Popular, que xa vemos

como miran polo interese xeral?. E despois chámannos a nós bolcheviques. ¡Chámannos a nós bolcheviques! Pois si señor, como é unha administración pública, os cidadáns xa non teñen dereito nin a presentar alegacións, segundo o Partido Popular.

Ben, isto é unha comedia trágica.

En definitiva, nós non entramos en shows, non entramos en teatros, e presentamos un texto alternativo no que volvemos reiterar tres cuestións que para nós son innegociables. Inescusablemente ten que pasar polo trámite de avaliación ambiental estratéxica. Unha lei de avaliación ambiental estratéxica que ten en conta a proporcionalidade das actuacións; que ten un trámite simplificado no caso de que un plan non teña efectos ambientais significativos. Porque estamos centrados nada máis que nas necesidades da Citroën, e seguramente o proxecto da Citroën non teña uns efectos ambientais significativos, pero ¿que pasa se hai un proxecto dunha administración pública que si ten eses efectos ambientais significativos? ¿Non vai pasar a avaliación ambiental estratéxica, señora conselleira?, ¿non vai pasar? Digo eu, pregunto, ¿non vai pasar a avaliación ambiental estratéxica cando un plan teña efectos ambientais significativos? Pois nós cremos que si, e para este caso seguramente se podería seguir o trámite simplificado.

Queremos tamén un mes de exposición pública, de participación pública e posibilidade de que a xente presente as súas alegacións. E por último queremos que sexa o Pleno do Concello quen aprobe, por maioría absoluta, o proxecto. Que sexa o pleno, que é onde reside a soberanía dos concellos.

Supoño eu que poñer estas tres cuestións que puxemos dende hai dous meses enriba da mesa, poñer tres cuestións tan claras, tan concretas, non é dunha forza política que non queira mollarse na solución dos problemas. Seguramente se nós tivéssemos outra actitude, fariamos á inversa, un discurso baseado na demagogia, na descualificación etc. Puxemos tres puntos concretos, e o Partido Popular non tivo máis remedio que intentar camuflar dous deles. Cando nos dicían que non había que meter avaliación ambiental, introducen a avaliación de impacto ambiental. Cando nos negaban a necesidade de facer a participación pública que dicíamos nós, agora meten 20 días. Iso é un recoñecemento á posición

da Alternativa Galega de Esquerda dende un principio, é un recoñecemento claro.

Señor Castiñeiras, ¿por que cando falamos na ponencia da Lei do solo non se pactou un texto con participación pública e avaliación ambiental estratéxica? Contésteme, contésteme, porque vostedes están demasiado acostumbrados aquí a pasar o rodillo, e cando se trata de falar e de deixar de lado os intereses, trátase de deixar de lado os intereses todos, tamén o Partido Popular, por moitos 41 deputados que teña. E ante iso Alternativa Galega de Esquerda non pasa, ante presións e descualificacións, non. Se queren dialogar, dialoguemos, pero ante presións e descualificacións nós non lle temos ningún medo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente. Bo día de novo.

Dicía a señora conselleira, na defensa deste proxecto de lei, que era unha lei que tiña garantía e seguridade xurídica.

Na anterior intervención fixemos referencia a tres problemas, desde o punto de vista xurídico, importantes. Non cumpren a Lei de transparencia; non cumpren o establecido na Lei de réxime local e tampouco cumpren co establecido na Lei do CES. Eu preguntome que pasaría, señora conselleira, se calquera cidadán puxera en cuestión a legalidade desta lei por non axeitarse ao que deben ser os trámites de consulta pública e información. ¡Estariamos de novo ante un auténtico desastre!

Non hai ningunha resposta, non hai ningún informe, ademais, que xustifique por que isto non se fixo. Polo tanto, vostedes seguen cunha política na que cren que por ter maioría neste Parlamento non teñen que ter en conta nin teñen que atender á legalidade vixente nin aos argumentos. Penso que isto é un punto de partida moi negativo, e vostedes deberían, polo menos, ter a certeza de que isto non pode consti-

tuir unha ameaza de futuro para a legalidade xurídica do urbanismo.

Nós tamén cremos que toda esta tramitación e o propio contido deste proxecto demostran moi pouco rigor e unha falta de seriedade moi grave. E pensamos que cando están xogando con intereses tan importantes, non só de Vigo, senón no resto do país, o primeiro que hai que exixirle a un Goberno é rigor, seriedade e responsabilidade.

Miren, dicir que o problema da suspensión dun plan xeral é algo que aparece no ano 2015 coa suspensión do Plan xeral de Vigo é unha falacia, porque problemas no ámbito urbanístico por poñer en cuestión a legalidade urbanística dos plans é unha continuidade, e sabe vostede que ad futuro hai moitos plans que poden ter o mesmo problema que neste momento tivo Vigo. Polo tanto, como isto non é unha novidade, a lexislación urbanística prevía solucións para ese problema. De feito, este artigo, que agora é o artigo desta lei, vén formando parte da lexislación urbanística con outra formulación desde o ano 1976, e o grave é que vostedes estiveron non sei canto tempo cociñando unha chapuza de Lei do solo que non prevía instrumentos que forman parte do funcionamento ordinario da lexislación urbanística.

Entón, ¿cal é o rigor e a seriedade da Lei do solo que veñen vostedes de aplicar, cando é peor que a lexislación anterior? Polo menos deberían recoñecer que hai un problema grave con esa lei e que non están tendo capacidade nin solvencia política nin técnica para enfrontar os retos que ten o urbanismo galego neste momento. Eu é o único que me parece que vostedes deberían de recoñecer, que aí non houbo previsión e que recortaron a lei sen ter en conta cales eran as necesidades.

Din tamén que esta é a única solución aos problemas de Vigo, e nós dicimos que é falso. O propio concello, o propio goberno municipal, afirmaba que unha solución podía ser pola declaración de incidencia supramunicipal, como, por exemplo, fixeron no caso do hospital de Vigo, ou pola declaración de urxencia pública; é dicir, hai instrumentos que vostedes tiñan para poder levar adiante esta tramitación, mais non nos acaban de explicar por que reducen todo a esta cuestión.

Creo tamén —e penso que é importante poñelo sobre a mesa— que saben que o texto que vostedes nos envían en realidade é unha modificación da Lei do solo. O que pasa é que,

como non o queren recoñecer, van a unha fórmula... Ademais, cando o fan, fano desvelando que isto non ten ningún rigor técnico. Fíxese, no punto 6 o artigo único di: “O Consello da Xunta, a proposta da consellería competente por razón da materia, aprobará o proxecto se procede. Nese caso, ordenará o inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística correspondente conforme a tramitación establecida nesta lei”.

Esta é unha lei de artigo único que non regula como é a tramitación e o procedemento de alteración da ordenación urbanística correspondente. Isto demostra, señora conselleira, como vostedes nesta lei o único que fixeron foi coller o artigo de modificación do que era o 144 na Lei do solo e poñelo aquí, sen nin tan sequera revisar o seu contido e ver a súa adecuación legal. Terá que vostede pedirlle polo menos á Secretaría xeral da súa consellería, e á propia Asesoría Xurídica da Xunta, algún tipo de responsabilidade por non detectar un problema tan grave. Porque fíxese, estaban remitando nesta lei... Iso detectouno non sei se o PP ou a propia consellería despois de mandar a lei, e isto vostedes modificano na emenda do PP, pero é un exemplo clarísimo da falta de rigor coa que vostedes enfrontaron esta lei, un corta e pega e uns informes que, se non detectan un erro desde o punto de vista xurídico tan básico, isto deixaría fóra, e sen referencias, como se fan os procedementos de alteración urbanística. ¿E que non se dan conta dos problemas que hai? Do mesmo xeito que remiten un texto onde non se prevé participación pública. Explíquenos por que, conselleira. E o PP corrixe iso dalgunha forma.

Eu tamén teño que dicir que nos debería de explicar o señor Castiñeira se considera normal que un proxecto que impulsa a Xunta ou que impulsa o ministerio vai ter un trámite de participación pública que só se publica no *Boletín Oficial da Provincia* e que quen o resolve é o concello, que non é o órgano promotor. ¿Como pode ser iso? O lóxico é que o órgano promotor e a consellería sexan os que resolvan as alegacións. O que están vostedes é escorrendo o vulto sobre as responsabilidades que cada administración debe ter con base nas competencias que ten.

E non respectan a autonomía municipal. Porque dicir que os concellos teñen que financiar as expropiacións de calquera proxecto feito ao abeiro deste instrumento é unha aberración. Os concellos terán que financiar obrigatoriamente

aquelas actuacións que son as súas competencias. No resto poderá haber acordos para facelo se así se estima por parte das dúas administracións. Pero é que están obrigando os concellos a que teñan que financiar aquelas obras que son competencia da Xunta ou que son competencia do ministerio. Isto a nós non nos parece respectar a autonomía municipal, o que nos parece é un abuso. E máximo nun país como Galiza, onde os nosos concellos teñen un déficit de financiamento moi importante e onde as decisións do Partido Popular en Madrid os afogan economicamente, mesmo desde o punto de vista das posibilidades de endebedamento. É que isto leva a un caixón sen saída a moitos concellos deste país.

Polo tanto, a nós non nos valen nin a lei que pon en marcha ou que tramita a Xunta de Galiza, que xa dicimos que se fai sen participación, sen o máis mínimo rigor técnico, sen transparencia, sen escoitar a voz dos concellos; Porque non se consultou nin coa Fegamp, nin tampouco se consultou co organismo que legalmente está establecido na propia Lei de bases de réxime local, a Comisión Galega de Cooperación Local. Non consultaron a ninguén das administracións locais, cando lles están situando unha responsabilidade tan relevante neste ámbito.

Nós tamén dicimos que este é un proxecto que non está pensado para Vigo, este é un proxecto e unha lei que vai poder aplicarse en calquera país. E xustificano polos problemas de Vigo, pero saben vostedes que non é real e que ten problemas desde o punto de vista legal. No BNG tamén nos comprometemos coa solución dos problemas de Vigo e deste país, e ofrecemos unha alternativa, porque non dicimos non a este texto sen alternativa, senón que poñemos unhas alternativas moi claras:

Primeiro, por rigor técnico, que se asuma con normalidade que é unha modificación da Lei do solo, que non dispersen a normativa, porque iso non vai axudar a darlles máis seguridade xurídica aos problemas, senón que vai ser peor, porque están facendo unha lei, non porque desde o punto de vista do rigor técnico sexa o mellor, senón porque non queren recoñecer que cometeron un erro importante na tramitación da Lei do solo. Polo tanto, recoñezan que estamos modificando un artigo da Lei do solo, e dígase con normalidade, e non empecen a dispersar a regulación xurídica, que nós cremos que non vai axudar nada no futuro e que,

desde logo, é unha moi mala práctica desde o punto de vista xurídico.

Entendemos que ten que haber participación pública, que é un dereito dos cidadáns. E nese sentido nós dicimos que, como mínimo, todos os plans que se fagan ao abeiro deste artigo teñen que ter vinte días para a súa exposición pública, que poden ser ampliábeis, tendo en consideración cal é a amplitude do proxecto; porque tampouco se pode ter o mesmo prazo para un proxecto máis sinxelo que para un proxecto que teña unha gran conflictividade social. Entón, tamén prever e dar marxe á propia administración para poder ampliar ese prazo.

Creemos que non é serio que lles digan aos concellos que teñen dez días para emitir un informe sobre a avaliación do impacto dunha actuación. É que non lles dá tempo a facelo, é que é imposible se se quere facer un informe realmente técnico e avaliar cal é o seu impacto. Por iso dicimos que, como mínimo, o prazo debe ser dun mes, e que non só teñen que ponderar os intereses locais, tamén teñen que ponderar cal é o interese xeral, porque a ponderación do interese xeral non é unha exclusividade da Xunta de Galiza. E esa amplitude global tamén a poden ter os concellos á hora de valorar a oportunidade deste concepto, entre outras cousas, porque o dos intereses locais desde o punto de vista xurídico na lexislación non está recollido, entón é un concepto xurídico indeterminado e vai ser fonte de nova conflictividade xudicial. E nós pensamos que no urbanismo, cando menos problemas xudiciais e máis clarezza teña a normativa, moito mellor para o futuro e para a seguridade xurídica, que estamos vendo que é algo tan importante neste ámbito.

Tamén cremos que quen ten que resolver as alegacións do proceso de información pública terá que ser a Xunta de Galiza, e non responsabilizar disto os concellos, porque xa dicimos que non cremos que teña que ser o propio concello quen determine ese tipo de cuestións, cando non é o órgano promotor desa iniciativa.

E logo, finalmente, pois tamén cremos que quen debe facer as expropiacións é o órgano promotor; é que non deben ser os concellos obrigatoriamente os que financien as expropiacións de actuacións de competencia que son do Estado ou da Xunta de Galiza. É que iso eu diría que é ter moito morro, ¿non? Nós facemos as obras, nós temos a responsabilidade,

pero quen ten que acabar pagando as expropiacións son uns concellos, que –xa digo– ademais están cunha asfixia e cuns problemas económicos que son moi graves de cara ao futuro.

Polo tanto, nós temos unha alternativa que pensamos que é razoable, que é lóxica, que mellora desde o punto de vista xurídico esta realidade e que ofrece solucións. E volvemos repetir: nós dixemos, desde o primeiro momento, que estábamos por darlles solucións aos problemas que tiña Vigo. Puxemos tamén sobre a mesa a posibilidade de facer unha modificación desa lei, que recollera o artigo que xa estaba vixente na Louga, e o PP vetou esta posibilidade. Non escondan a realidade do que pasou. Houbo máis propostas sobre a mesa para darlles unha solución xa na Lei do solo, pero vos tedes só queren escoitar as súas opinións, porque confunden ter maioría con ter razón e porque non queren en ningún momento aceptar os problemas e as deficiencias que teñen.

A consellería presenta unha lei, e eu sinto dicirllor, conselleira, desde o punto de vista do rigor técnico, vostede debería ser a primeira en recoñecer os problemas que ten, que isto é unha chapuza, que non é normal que un goberno cos medios que ten e despois de pasar por un trámite de asesoría xurídica chegue con lagoas tan importantes.

O PP recoñece na súa emenda que hai un problema porque non se incluía a propia participación social, fano dunha maneira moi limitada, e mesmo, claro, teñen que corrixir, que nos din que esta era unha lei súper urxente, e a propia Xunta dicía: bueno, pois un prazo de entrada en vigor de trinta días, ¿non? Que nin tan sequera pensaran sobre ese aspecto, porque se é unha cuestión tan urxente, ¿por que non entraba en vigor ao día seguinte da súa publicación? É dicir, é curioso que unha lei que viña tan meditada como vostede nos dixo e con tanto rigor teña problemas de fondo tan importantes.

Nós o que agardamos é que o PP, máis que vir aquí empecinarse en seguir dicindo que teñen razón, que recoñezan que no urbanismo deste país levan moito tempo fracaso tras fracaso e que, lamentablemente, aquí estamos ante un novo remendo que non dá solucións de fondo aos graves problemas que ten o urbanismo.

Desde o BNG nunca nos opuxemos a ningunha solución, porque tamén respectamos que hai unha maioría neste

Parlamento; o que non nos parece de recibo é a soberbia coa que vostedes trataron as propostas doutros grupos e que se neguen a escoitar e a dialogar.

Nós tamén dixemos: solución para todos os problemas de Vigo, pero se son solucións para os problemas de Vigo, propostas concretas para cada un dos problemas. Non houbo ningún argumento nin ningunha razón de por que non face-lo dese xeito.

Veremos co tempo que é o que se esconde detrás desta lei; a nós, desde logo, non nos cheira ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas novamente, señor presidente.

Moi bos días novamente, señorías.

Quero empezar a miña intervención reiterando algo que dixen ao principio, e que o denunciámos no seu día e o vol-vín reiterar na intervención anterior: os erros, as limitacións e a falta de previsión da Lei do solo de Galicia, recentemente aprobada por este Parlamento.

Non ten razón o señor Castiñeira cando fala de que non se modifica a Lei do solo. Si que se modifica a Lei do solo. De feito, esta lei tramitada por trámite de urxencia vai modificar o artigo 144 da Lei do solo, señor Castiñeira, porque entra en vigor o 20 de marzo. ¿Sabe por que se pon que entra en vigor o día 20 de marzo? Porque o 19 de marzo entra en vigor a Lei do solo. E se esta lei entrara en vigor mañá, que sendo tan urxente sería o máis lóxico, ¿que sucedería? Que a entrada en vigor da Lei do solo anularía esta lei, porque anularía as normas de igual rango que se opoñan á mesma, e esta lei modifica o artigo 144. Esa é a realidade.

E falo de imprevisión porque en todas as leis do solo de Galicia, dende a primeira, que foi a lei de 1985, a segunda a de 1997, incluso a que está hoxe en vigor, no seu artigo 198, apartado 2, se contempla esta posibilidade destes proxectos

de excepcional interese. E isto no texto que se aprobou o día 9 non se contemplaba. Xa o advertimos daquela.

Tamén hai algo máis que quero dicir, que ao mellor é unha frase que non foi nin ben explicada, nin ben entendida. Desgraciadamente, todos os temas urbanísticos e controversia xurídica van xuntos; hoxe todos os temas urbanísticos xeran controversias xurídicas. E tamén é verdade que hoxe a doutrina do Tribunal Supremo cambiou. Hai vinte anos, plans formulados con miles de carencias maiores que as de hoxe, e o Tribunal Supremo para suspender un plan pensá-bao moito, porque había un principio, que era o da preservación dos actos administrativos, que tiña un gran peso, e hoxe esa filosofía cambiou. Se hai vinte anos o Tribunal Supremo non anulaba máis dun plan ao ano, recentemente, no mes de novembro, a mesma sala, unha soa sala do Tribunal Supremo, a mesma que anulou o de Vigo, anulou cinco, só no mes de novembro. É dicir, a filosofía cambiou completamente. E algúns por temas tan perentorios como no caso da Cidade do Moble da Estrada, que se falaba antes, porque faltaba un informe do Ministerio de Industria –creo que era–, e por falta dun informe, anulado na súa totalidade un plan que levaba dez anos de tramitación. Bueno, cambiou a filosofía e temos que adaptarnos ao novo escenario.

Con relación ao texto da lei que hoxe se nos somete á consideración, eu quero salientar tres aspectos que o Grupo Socialista comparte e que me parecen importantes:

O primeiro rasgo é ter claro que se trata de actos promovidos polas administracións públicas. Están excluídos os actos promovidos pola iniciativa privada, que ao mellor merecía a pena falar deles, pero están excluídos. Aquí falamos de actos promovidos polas administracións públicas exclusivamente. E logo falamos de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese. Isto é moi importante; non falamos nin de proxectos privados, nin de iniciativas privadas.

En relación co tema de Vigo falamos da área empresarial de Balaídos, promovida polo Consorcio da Zona Franca, non por Citroën. Citroën aparece a continuación, pero o que promove é o Consorcio da Zona Franca. Ou falamos da intermodal, na que participa a Xunta, o Ministerio de Fomento e o propio concello. Polo tanto, falamos de iniciativas públicas promovidas polas administracións públicas.

O segundo rasgo a ter en conta, e tamén ao mellor habería que falar disto, é que son proxectos promovidos polas administracións públicas cando as súas finalidades se consideren de interese público para a Comunidade Autónoma de Galicia, por estar vencellados a materias da súa competencia, e establécese como órgano que determinará se existe ese interese xeral de Galicia a Xunta de Galicia. Efectivamente, aquí están excluídos temas que poidan ser de estrito interese local, só se son de interese xeral de Galicia, e ten que ser así avaliado polo Consello da Xunta. Parécenos limitado, pero tampouco temos obxección que formular a iso.

E o terceiro rasgo que me parece importante é que establece que se refire a proxectos desconformes co planeamento, xa sexa por ausencia de planeamento, ou xa sexa por inadaptación do planeamento. Cantas veces pode xurdir unha oportunidade que se podería perder, porque, efectivamente, os tempos de elaboración do planeamento son os tempos que todos coñecemos. Decía a señora conselleira cun enorme optimismo que a caracteriza habitualmente: en dous anos. ¡Que dous anos! ¿Onde hai un plan que saíra en dous anos en Galicia? Estamos acostumbrados a ver plans que levan doce anos, catorce anos. Leva o de Lugo, señor Castiñeira, dezaioito anos, dezaioito anos leva. (*Risos.*) ¡Dous anos! ¡Oxalá houbera plans que se fixeran en dous anos! Evidentemente, ningún investimento, ningún proxecto pode esperar esa barbaridade de tempo, ten que haber un mecanismo que permita dar unha solución e que non sufran os veciños e os cidadáns estas perdas.

Polo tanto, desde o Grupo Socialista, estas cuestións nós non as cuestionamos, porque entendemos que son razoables e sensatas.

Con todo, con relación a este documento, hai algunhas carencias que dúas delas, as dúas máis determinantes, xa as plantexamos exactamente tal cal as plantexamos agora na ponencia, e despois falarei delas.

Hai tamén algúns temas menores que, efectivamente, revelan un certo descoído –tamén está na emenda á totalidade que presenta o Grupo Socialista–, como é a referencia a cando se di: “modificarase o planeamento de acordo co previsto na presente lei”. Claro, iso é porque se mantivo o texto que se nos presentaba como emenda do artigo 144. E a presente lei era a Lei do solo, non é esta lei, que nesta lei non

hai ningún procedemento para a elaboración ou tramitación do planeamento urbanístico; esta é unha lei específica para unhas materias concretas. Hai algúns erros desa materia pero que non me parecen relevantes.

Os problemas que para nós son relevantes fan referencia a dous aspectos:

Un, a fase de información pública. Nós xa o dixemos no mes de decembro, e, efectivamente, o señor Castiñeira alí díxonos sobre este tema que o Partido Popular estaba disposto a acadar un acordo, é verdade. Nós alí xa propoñiamos unha fase de información pública, porque entendemos que é fundamental para identificar os problemas, polo tanto, para poder corrixir erros, e entendemos que é fundamental para dar seguridade xurídica aos acordos que se adopten. Nos tempos que corren un recurso ante un tribunal que plantexe a máis mínima dúbida, se encima hai un problema de indefensión dos particulares, iso está morto. É dicir, é importante que teñamos a oportunidade de detectar os problemas e de darlles unha solución, xa sexa dándollas no propio proxecto ou xa sexa dándolles unha contestación axeitada.

E hai outro tema, señorías, que a nós nos parece grave, e isto, señora conselleira, dígollo a vostede: isto é un acto de maldade innecesario, inxustificado e carente de toda lóxica. ¿De que estou falando? Do beneficiario da expropiación. A Lei de expropiación forzosa, no seu artigo 2, apartado 1, regula quen son as administracións competentes para expropiar, que non son todas, son só as administracións territoriais, é dicir, os concellos, as deputacións, os gobernos autónomos e a Administración xeral do Estado. O Consorcio da Zona Franca e a universidade non poden expropiar porque non son administracións habilitadas para expropiar. Pero o que si establece nos seus apartados 2 e 3 é que hai a figura do beneficiario da expropiación; é dicir, cando falemos de temas de interese xeral, unha cousa é a administración expropiante e outra cousa é o beneficiario da expropiación.

Señora conselleira, vostedes no texto da lei o que din literalmente é que “terá a condición de administración expropiante e beneficiario da expropiación o concello en cuxo termo municipal se executen as obras”. E a continuación di que o concello terá que transferir eses terreos á administración que propoña a iniciativa. Mire, calquera persoa entende que o beneficiario desa expropiación é quen recibe

os concellos. Vostedes poñen esa figura exclusivamente cunha finalidade, e é que todos os recursos, todas as reclamacións de xustiprezo recaían sobre o concello, e que quen reciba os terreos os recibe libres de cargas e libres de responsabilidades. ¡Home!, isto é profundamente inxusto, primeiro, porque é innecesario. Nós aceptamos que o concello de boa fe ademais sexa como a administración máis cercana quen se encargue da expropiación. Pero hai esa figura de beneficiario que a min mesmo como alcalde de Santiago moitas veces me tocou facer expropiacións tendo como beneficiaria a Universidade de Santiago, Campus de Ciencias da Saúde, ou beneficiario o Consorcio da Cidade de Santiago, e o concello tramita toda a expropiación.

E cando veñen ao xustiprezo, se é distinto do que se preveu, simplemente o concello o que fai é trasladarlle o expediente á administración beneficiaria, que é a que ten que aboar a diferenza. Se non é así, ¿quen ten que pagar? O concello. ¿Quen ten que responder en todos os xuízos? O concello. E, ¡home!, tendo en conta —o que dicíamos antes— que son temas de interese xeral de Galicia que só o Consello da Xunta pode avaliar, ¿non lles dá un pouco de vergonza cargarlle o cen por cento das responsabilidades e do hipotético custo á administración máis débil? ¿Por que o fan se ademais non é necesario?

Polo tanto, señorías, nós presentamos esa emenda á totalidade e cremos que é sensata, que é positiva, que é razoable. E ademais, señores do Partido Popular, pensen vostedes unha cousa: a Xunta gobernana unhas veces e outras non, haberá gobernos de distinta color da Xunta. Eu espero que pronto, pero ao mellor non é tan pronto, pero haberaos. Sen embargo, nos concellos en Galicia, sempre o Partido Popular gobernou a maior parte dos concellos de Galicia, e ao final estas maldades acabarán caéndolles na cabeza. E algún día virá algún que diga: oia, ¿a quen se lle ocorreu isto? Pois ese día teremos que dicir, non que foi o señor Castiñeira, que non foi o señor Castiñeira, iso vén da súa consellería.

Eu estou convencido de que aos deputados do Partido Popular, sobre todo os que proceden do ámbito local, non lles parecería nada mal deixar aberto que o concello expropie, pero que a condición de beneficiario sexa algo a pactar entre o concello e o que realmente vai obter o beneficio da expropiación. Son vostedes os que a través desta lei establecen taxativamente por imperativo legal: *no, el muerto le cae*

a este, que resulta que el beneficio lo lleva otro, que el interés lo tiene otro, eso da igual; el muerto este es destinado. Bueno, pois estupendo, vostedes teñen 41 deputados e, polo tanto, teñen garantía absoluta de que se iso é o que deciden facer poden facelo. Tamén poden agora acordar neste pleno que hoxe é de noite, e por 41 deputados este Parlamento acordará por lei que agora mesmo é de noite. ¡Pois estupendo! Pero, oia: razoar un pouco e ser un pouco xenerosos tampouco lles viría mal.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señorías, señor presidente.

Señor Bugallo, ¡home!, que eu saiba de momento é de día, ¡eh! A tanto non chegaremos.

E agradezo que de verdade recoñecera aquí o que pasou na ponencia —e non é un abrazo dubidoso, é a verdade, e cando un di a verdade hai que recoñecelo—, que na ponencia se ofreceu exactamente a emenda que presenta o Grupo do Partido Popular a este proxecto de lei. E parece que os deputados —que me parece estupendo que se pida a participación pública e a exposición pública— do Partido Popular non tiveramos dereito a presentar emendas como calquera outro deputado desta cámara, parece que non temos ese dereito ou se nos quere negar. Pois, desde logo, temos dereito e así o facemos, e así o vimos e viremos facelo.

Señorías, temos que saber de onde vimos e onde imos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* si, de onde vimos e onde imos, de onde vimos nesta materia en lexislación, o que se propuxo incluso na ponencia por determinados grupos e o que alí pretendían aprobar, e o que non lle aprobaron ou non permitiron ao Partido Popular. E, señorías, esta é unha lei que respecta a autonomía municipal —díxoo a señora conselleira e así é— e promove a colaboración entre as distintas administracións.

E voules dicir de onde vimos. Vimos que os señores de AGE propoñían para Vigo a solución da supramunicipalidade, decreto do ano 2000. ¿E saben como respecta a declara-

ción de supramunicipalidade os concellos? Pedindo un informe, non vinculante, por suposto; pídesse única e exclusivamente... Non –perdón–, na supramunicipalidade nin iso, dáselles audiencia aos concellos, audiencia: *vengan ustedes, pasen por aquí, vean el proyecto y se lo remito después*. Pero a Xunta ou a administración actuante fai o que estime oportuno. Iso é o que pretendían os señores de AGE, que despois, por outro lado, meten a emenda e din: non, non, que sexa aprobado por maioría absoluta no pleno, que ademais haxa participación, que haxa exposición pública e haxa tal. Pero valíalles iso, que, desde logo, é moito menos participativo.

O BNG propoñía –e loxicamente no seu dereito– a recuperación do artigo 198 da Lei 9 do ano 2002. Vale, pero a Lei 9/2002 di que os concellos informarán exclusivamente sobre a adaptación ou non ao planeamento vixente, única e exclusivamente, non ao interese municipal, para nada. E informe, por suposto, non vinculante. Estamos na mesma. E curiosamente tamén aceptaba esa admisión a trámite AGE; aí non había problema.

Sen embargo, na proposta do Partido Popular, que era moito máis participativa, que ademais como dixo o señor Bugallo –recoñeceuno e porque foi así– que nosoutros estamos dispostos a admitir –sen problema ningún porque así nos parecía ademais razoable– a exposición ao público, falabamos daquela de entre quince e vinte días –por iso pónense agora vinte días, que é o que aparece na Lei da Administración pública–, ¡oia!, e dixo non.

E pregunta o señor Sánchez: ¿por que nosoutros non admitimos o debate na Lei do solo? Pero pregúntese a vostede mesmo por que vostedes non admitiron a trámite para poder debater. Porque loxicamente dixeron non, e dixeron non, non só unha vez, dúas veces na ponencia, unha vez en comisión e repetírono no pleno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro que si, exactamente. Sen embargo, dixeron que si á recuperación do artigo 198, non sei se aí tiñan un acordo, si en comisión está recollido. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Si en comisión, señor Sánchez, si o dixeron, e está recollido e votado. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Iso élle moi fácil, non hai máis que ver o ditame, élle moi fácil. Asegúrolle que dixo que si, ao mellor xa non o sabe, porque, claro, van para arriba e baixan e non saben o que é.

E fala de que outros estamos buscando votos e demagogia e facendo política. Pero se vostedes viven da desesperación, ¡home!; se vostedes canto peor, mellor. E é así, viven nun partido dese tipo. ¿E vostedes teñen algo en contra da xeración de emprego?, ¿teñen algo en contra de Inditex?, ¿teñen algo en contra de Citroën?, (*Murmurios.*) ¿teñen algo en contra? Porque parece que teñen algo en contra da creación de emprego, esa é a realidade. (*Murmurios.*) E iso é o que terán que explicar aos cidadáns de Vigo e aos cidadáns do resto de Galicia. Nós témolo moi claro, e así o dixemos. E dixemos que iamos buscar unha solución aos problemas de Vigo, e isto é unha solución aos problemas de Vigo. E non só de Vigo, senón do resto dos galegos e das galegas, e do resto dos concellos de Galicia, porque, efectivamente, esta é unha lei pensada para os 314 concellos de Galicia. (*Aplausos.*) Iso é así. (*Aplausos.*)

Falan vostedes de que este proxecto de lei... incluso nos critican por presentar unha emenda á totalidade. Miren, saben perfectamente que nun proxecto de lectura única, cando un quere introducir calquera pequena modificación, aínda que sexa pequena modificación, ten que facer unha emenda á totalidade para incorporala. É así a tramitación, e se non o saben deberían de sabelo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Por calquera pequena modificación –non dixeron que fora pequena–, calquera pequena modificación ten que recorrer a... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Vostede tivo o seu tempo, señor, se non quedou contento coa súa intervención, pois deixe ao señor Fajardo, que o ten detrás e parece que está moi interesado.

Mire, iso é o que hai, e a lectura única é así. (*Murmurios.*) E loxicamente hai xente que di que pode ser ilegal. Ou sexa, que se aprobamos o texto alternativo que presenta, por exemplo, o BNG pasaría a ser legal, e ten os mesmos trámites que a emenda do Partido Popular, ou a do PSOE. ¿Por que entón vostedes din que faltan trámites? ¿E entón como presentan un texto alternativo? (*Pronúncianse palabras que*

non se perciben.) Bueno, ou presentar como fixo o Grupo Míxto a retirada, punto. Pero se vostedes están presentando o texto alternativo están recoñecendo que non é ilegal, que están os trámites correctos, e por iso presentan o texto alternativo. (*Aplausos.*) ¿Por que? Porque se todos votáramos o seu texto, esta lei entraba en vigor co seu texto –así de sinxelo–, cos mesmos trámites, a mesma exposición pública e os mesmos informes, exactamente os mesmos; pero así valía, da outra maneira non.

Falamos de prazos e imos falar de prazos porque creo que hai que dicir as diferenzas:

Miren, prazos de información pública: Partido Popular, na nosa emenda falamos de vinte días. PSOE e BNG, vinte días. Coincidimos. AGE, un mes; vale, é unha posición.

Prazo de emisión de informe polo concello: PP, trinta e cinco días: vinte días de exposición ao público no concello do proxecto máis dez días para emitir o informe, completar o informe co informe das alegacións, cinco días incluso despois se non o conseguiu facer nese prazo, e en total trinta e cinco días. PSOE, o mesmo, o mesmo procedemento, porque ademais era a emenda da que falabamos na ponencia, que foi o que se recolleu e o que se trouxo aquí, e o que deberamos de ter aprobado en ponencia. E os que estivemos alí sabémolo perfectamente. AGE, vinte días máis dez, e, por suposto, o informe se non hai informe do concello nese requirimento que se fai de dez días sería o informe desfavorable. O BNG un mes máis unha prórroga que non se sabe de canto, prazos os que sexan, máis ao final dez días, e se non hai aínda así pois sería o informe desfavorable.

Administración expropiante, outro tema onde hai debate por así dicilo. No PP entendemos que a administración expropiante e beneficiaria debe de ser o concello; o PSOE di que a administración expropiante, o concello; BNG e AGE, o órgano promotor. E eu pregunto, porque aquí vén despois que vostedes falan tamén da resolución de alegacións na exposición pública, e a miña pregunta é: se a exposición pública –que tamén falan– a fai a consellería responsable da materia, se o proxecto é dunha deputación, ¿que fai?, ¿a administración, a Xunta, resolve as alegacións dun proxecto que presenta a deputación nun concello? ¿Non será máis lóxico que a exposición se faga polo concello –é a administración máis próxima ao cidadán–, que no informe que fai o

propio concello veñan xa recollidos e razoados esas posibles alegacións que haxa aí, porque senón o concello non ten dereito nin a opinar sobre as alegacións dos seus veciños? E se a administración é o Estado, ¿que pasa?, ¿que resolve a Xunta as alegacións da Administración do Estado? E que vostedes é o que están falando: que a consellería na materia sexa a que faga a exposición e a resolución de alegacións. ¡Home!, o concello debe de ser o que a fai.

E, ademais, é que iso entra dentro precisamente do respecto á autonomía municipal claramente. ¿Por que? Porque o concello ten a potestade dese informe ser vinculante, e o concello é o que pode dicir: non estou de acordo con isto despois de escoitar os veciños, que creo que é a obrigación e é o que nós queremos. Isto non é unha imposición, é unha colaboración entre as distintas administracións. Isto é o que hai que entender deste proxecto de lei. É un paso importante e un avance en materia de participación e en relación con calquera proceso que veña de atrás (*Aplausos.*) tanto o artigo 198 da Lei 9 como, por suposto, a declaración de supramunicipalidade. Un paso importante e un avance.

Por iso dicía que hai que ver de onde vimos e cara a onde imos, señorías. Temos que avanzar, por suposto, na participación, por suposto, na solución de problemas. E, por suposto, cando hai un goberno serio e responsable e un partido que o apoia serio e responsable, hai que pensar nos veciños e nas veciñas e nos traballadores para dar unha solución a todos os galegos e galegas. Non podemos facer política, como dicía antes o señor Bugallo, de calquera cousa. As nosas liortas non poden afectar os veciños, temos que buscar solucións; é a nosa obrigación como deputados nesta cámara.

Entrada en vigor, que tamén se falou do prazo de entrada en vigor. Pois si, o 20 de marzo. O 20 de marzo porque a Lei do solo publicouse o día 19, entra en vigor o día 20. Cando o Goberno da Xunta redactou e aprobou este proxecto de lei non estaba publicada a Lei do solo. Polo tanto, non se sabía exactamente en que data ía entrar en vigor. Se isto entra ao día seguinte da aprobación, como plantexa AGE, estariámola derogando coa propia Lei do solo. Efectivamente, dicíao o señor Bugallo. Efectivamente, pero é que así. ¡É que seríamos tontos se facemos unha cousa para derogala ao día seguinte! ¿Vostedes cren? Pois iso, loxicamente, ao estar aprobada e ao estar publicada a

Lei do solo no *Diario Oficial de Galicia*, temos esa data e por suposto que se corrixiu.

O tema, efectivamente, é que había un erro na proposta do Goberno referente a que unha vez que se aproba un proxecto deste calibre entrará de acordo con esta lei... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, a emenda do Partido Popular xa fai referencia á Lei do solo, señor Bugallo; se a leu, fai referencia: “de acordo coa normativa da Lei do solo”. Exactamente, pero para iso están as emendas e para iso estamos os deputados.

Falan vostedes do artigo 144 –agora 147– da Lei do solo. Eu pregunto a todos os deputados que estamos aquí e a todos os grupos se alguén presentou unha soa emenda a ese artigo, unha soa emenda. Porque, claro, é moi fácil botar a culpa: é que o Goberno non o fixo, é que o PP non o fixo, e ten 41 deputados. E a oposición, ¿fixo algo a ese respecto?, ¿decatouse de que faltaba iso e presentou algo? Pois nós si nos decatamos e o Goberno, unha vez que cae a sentenza de Vigo, o 30 de novembro, que xa se cerrara o prazo ordinario de presentación de emendas para todos.

¿E que fixemos? E vostede díxoo igual: intentouse buscar unha solución, non só para Vigo, senón para outras cousas que podían pasar. ¿E que se fai? Lévese á ponencia unha emenda, cun contido exactamente igual que o que trae o Goberno aquí, e coas modificacións que, baixo o noso punto de vista, non, que baixo o noso dereito que temos como deputados, sexamos do grupo que sexamos, de presentar emendas. E fixemos a emenda para introducir o suposto que se falara na ponencia, que era unha demanda que tiñamos e que se observara, que era, entre outras cousas, o referente á exposición pública e á participación dos concellos. Xa viñan claramente –vai na emenda inicial e no proxecto de lei do Goberno– os informes vinculantes desde o concello e a potestade do concello para dicir si ou non a ese proxecto en función do interese local. Non estamos a falar doutro tipo de intereses, como fala a actual aínda Lei do solo ou o Decreto de supramunicipalidade.

E hai un tema que eu non podo deixar de dicilo referente a AGE. ¡Hai que dicilo! Eu non sei se se deron conta, pero AGE elimina toda participación ou posibilidade de que o Estado participe nun proxecto deste tipo. E di que quere resolver os problemas de Vigo, e dicíao o señor Bugallo

tamén. ¡Oia!, a ampliación de Citroën colle un proxecto da Zona Franca de Vigo; a Zona Franca pertence ao Estado, participan varias administracións. Se o Estado non pode participar, ¿como resolve o problema de Vigo?, ¿como resolve o problema da intermodal? Porque tamén está o ministerio. E vostedes eliminan exclusivamente ese punto, elimínanlo. Din non ao Estado. Claro, como non se sabe se son de Marea, se son de Podemos, se están arriba, se están abaixo, se están con Galiza ou están non sei onde. ¡Oia, acláranse! Pero, desde logo, os intereses de Galicia é que tamén o Estado invista en Galicia, e vostedes estalle poñendo portas para que o Estado non invista en Galicia. Nós non, queremos resolver os problemas de calquera concello e que o Estado, se é un proxecto de interese para Galicia, invista en Galicia, por suposto que si, por suposto. E iso, desde logo, téñeno que saber os veciños e veciñas de Vigo: AGE, unha vez máis, segue estando en contra dos veciños de Vigo. Míreno, léano e saberán exactamente o que corresponde. É moi claro, cada un firmou o que está escrito, o que dixó e o que plantexa.

Referente ao Grupo Mixto, bueno, pois eles saberán: non a este proxecto de lei; ¿supoño que non lles importan os problemas de Vigo? Logo falou de temas como é o Plan xeral do municipio de Vigo, quérolle recordar que a revisión do Plan xeral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...do municipio é unha competencia exclusiva e competencia do concello. E, desde logo, nós respectamos a autonomía municipal. Por suposto, todo o apoio ao Concello de Vigo para facer a revisión, pero ten que ser iniciativa do Concello de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Rolda de réplica dos grupos emendantes.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTINEZ GARCÍA: Bueno, dende logo, eu creo que asistimos ao debate máis –non sei como cualificalo para non faltar ao respecto a ninguén– absurdo, quizais, desta

lexislatura. Non ten ningún sentido que hoxe esteamos aquí con esta tramitación vía urxente dun artigo que non se quixo debater na Lei do solo, non se quixo buscar unha solución. Había, dende logo, por parte de todos os grupos manifestación expresa da intención de chegar a un acordo que solucionara non só o problema que tiña Vigo, senón moito máis. É máis: chegouse a propoñer que compareceran técnicos, que viñera a consellería, que se lle deran voltas con informes legais, técnicos e de todo tipo para buscar unha solución, e foi o Partido Popular quen se negou a traballar nese sentido. O Partido Popular o único que pretendía era impoñer a súa redacción, que liquidaba de forma rápida todo o trámite sen contar nin cos concellos nin coa poboación dos concellos. Ese é o resumo do que pasou na Lei do solo e é o resumo de por que se nos trae aquí agora esta situación.

Nesta situación, eu non digo que o Partido Popular non teña ningún dereito a emendar, eu creo que é bo e, ademais, é san como separación de poderes do executivo e o lexislativo; non teñen por que..., pódense emendar perfectamente o grupo que apoia o Goberno e o propio Goberno. Paréceme que non ten ningún problema. O que me parece, dende logo, chamativo é que esas emendas se fagan a través agora dun proxecto de lei cando se negou a negociar coa oposición.

En canto aos textos alternativos presentados, é certo, hai unha variación dos días de exposición. Dende logo, creo que cinco días arriba ou abaixo non pode ser o problema, e que a máxima garantía está no maior prazo de exposición, sobre todo á cidadanía e aos concellos para que poidan traballalo, así como me parece importante que sexa o Pleno do concello quen deba aprobalo. E que se leve adiante sempre a avaliación ambiental estratéxica.

En canto á teoría de que este proxecto de lei que tratamos hoxe se encamiña só a iniciativas públicas, a experiencia, por desgraza, o que nos ten demostrado é que moitas veces esas iniciativas públicas responden única e exclusivamente a intereses privados concretos, que se xustifican como de interese xeral para a cidadanía. Temos máis dunha experiencia, e por iso a miña intervención. Por iso creo que todas as garantías que se poidan introducir nesta lei son poucas.

En canto a que se ao Grupo Mixto non lle preocupan os problemas de Vigo, si nos preocupan os problemas de Vigo, pero sobre todo preocupápanos que por improvisacións, por

intereses concretos puntuais, que están hoxe encima da mesa, se poña en perigo o futuro do urbanismo de Vigo. Unha cidade que leva medrado toda a vida sen un plan urbanístico, que é un auténtico caos, e así está como está, e que o Partido Popular pretendía aumentar aínda máis este caos e desprotexer máis os intereses das persoas.

Polo tanto, eu espero que polo menos o meu voto será para aquelas iniciativas que dan máis garantías e máis prazo para que contesten aos cidadáns e para a actuación dos gobernos.

En canto á administración expropiante, considero que debe ser a administración promotora e non o concello.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, señor Castiñeira, para vivir da desesperación. A quen se lle notaba bastante desesperado e nervioso é a vostede, tendo que defender o que hoxe ten que defender, que é indefendible. Todo este cúmulo de despropósitos, de improvisacións, de erros, de erros aceptados pola vía dos feitos. Vostede dicía “pequenas modificacións”. ¡Home! ¿é unha pequena modificación que o Partido Popular na súa emenda á totalidade introduza a participación pública nun texto que envía o Goberno da Xunta sen participación pública? Se levamos debatendo diso dous meses, señor Castiñeira. ¿Como é posible que no texto do Goberno non viñese contemplada xa a participación pública?, ¿ou é que faláron cos servizos xurídicos?, ¿ou é que se deron conta de que o que viñamos dicindo nós era certo?, ¿que pasou? ¿É unha pequena modificación pasar de non ter participación pública a contemplala?

Claro, eu vexo que é normal que vostede estea nervioso tendo que defender iso. É moi normal. Non volvo repetir a historia. Resulta que temos unha comisión onde veñen comparecer persoas para falar da Lei do solo, temos unha elaboración da Lei do solo de dous anos, resulta que nesa Lei do solo se elimina o artigo 198. Normal, claro que si. O lóxico, o que debe ser óptimo é que todas as actuacións estean den-

tro do planeamento e non se funcione á marxe do planeamento nin contra o planeamento. Esa é a evolución que se considerou en principio boa, óptima na Lei do solo, por iso retirouse o 198. E resulta que unha simple sentenza..., que xa debería estar previsto, había posibilidades de que isto ocorrese. Entón, iso é o que nós denunciámos: a falta de previsión total. Resulta que sae unha sentenza fóra do prazo de emendas e entón armamos todo este caos.

Esa é a falta de previsión que sempre existiu nas políticas de urbanismo deste país, sempre; é co que hai que acabar. Unha lei ten que estar o suficientemente pensada e ben elaborada para que non ocorran cousas como estas, señor Castiñeira. ¿Como non imos falar de política nisto? E que é necesario falar de política. É que este país precisa un cambio de 180 graos nas políticas, claro que si. É que isto é o mesmo *modus operandi* que nos levou a este marasmo urbanístico no que está este país e no que vostedes teñen moita responsabilidade, que non poden deixar de asumila.

A situación de hoxe en día en Barreiros e en Ourense, onde se anulan instrumentos de ordenación urbanística provisional por eludir a participación pública, iso é consecuencia desta continua improvisación. E xa lles digo: evidentemente, no caso de Barreiros foi o Bipartito, mal feito tamén; pero no caso de Ourense non, mal feito tamén. Pero polo menos aprendamos da experiencia e non volvamos incidir nos mesmos erros.

Hoxe en día non se pode eludir a participación pública, é un dereito constitucional –un estudante de primeiro de Dereito tomba isto–, e non se pode eludir o trámite de avaliación ambiental estratéxica, non se pode.

E despois o que non se pode tampouco é non dicir a verdade, señor Castiñeira. Eu non quero entrar outra vez nos detalles, pero vostede di que por AGE aquí non actuaría a Administración xeral do Estado. É mentira, é mentira, léolle o punto 2: “Non obstante o establecido no apartado anterior, instálanse proxectos promovidos por órganos das administracións públicas ou de dereito público que sexan desconformes co planeamento urbanístico de aplicación” –este é o noso texto alternativo–, “e non resulte procedente tramitalos como plans sectoriais ou proxectos de incidencia supramunicipal, o cal deberá ir acreditado no expediente, poderán executarse se se apreciasen

razóns de urxencia ou excepcional interese público de acordo co previsto neste artigo. Sen prexuízo do disposto na lexislación estatal de aplicación en canto aos actos promovidos pola Administración xeral do Estado e das súas entidades de dereito público, a Administración da Comunidade Autónoma será competente para apreciar as razóns expresadas respecto dos plans”.

Nós non prohibimos que a Administración do Estado actúe ou propoña, o que defendemos é o dereito da Xunta, do Goberno galego a decidir. Esa é a diferenza. Nós queremos que aquí en Galicia decidamos nós, non que non actúe a Administración xeral do Estado. Se a Administración xeral do Estado promove unha actuación que a Galicia lle pareza de interese xeral, Galicia decide. E non como fixeron vostedes, que lle deixaron a última palabra na concesión da prórroga de Ence por sesenta anos, e caladiños; que a reforma da Lei de costas que vostedes permitiron, que a última palabra na permanencia de Ence na ría de Pontevedra, un asunto tan importante para este país, se decidise alí, e a Xunta de Galicia sen nada que dicir. Un informe ambiental que aínda que fose negativo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...a última palabra era a palabra do Estado.

Pois concluíndo: unha vez máis o Partido Popular incidiu nos mesmos defectos que vén tendo a política urbanística deste país e grazas á actuación e aos argumentos postos enriba de mesa por Alternativa Galega de Esquerda, cando menos, non vai saír un texto óptimo, nin unha solución óptima, pero vai saír unha solución bastante mellorada que a que quería introducir o Partido Popular inicialmente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu agradezo moito a intervención do Partido Popular porque vén darnos a razón. E a verdade, iso pasa, no debate pódense ter maiorías, pero non se ten a razón, porque non só vale votar, senón que tamén hai que ter argumentos que xustifiquen que o que un defende ten máis sentido que o que defenden os demais. E, nese sentido, os seus argumentos sobre a entrada en vigor pois o que veñen é demostrar que esta é unha modificación encuberta da Lei do solo. É unha modificación encuberta da Lei do solo, sabémolo todos os presentes. É que non recoñecer a realidade eu creo que é un acto que só conduce á necesidade na política. Mais, en todo caso, vostedes verán que é o que queren facer.

Constatamos que esta lei, que é a modificación dun artigo da Lei do solo, coa numeración actual, o 147, pois a lei que presenta o Goberno non lle vale nin ao PP, que a emenda en cuestións substanciais. E nós denunciámos e dicímolos por responsabilidade nesta cámara, para que o pensen antes de se queren sacar adiante esta lei ou se non era mellor pararse e reflexionar, e ten problemas desde o punto de vista xurídico. E eu preguntei e ninguén respondeu:

¿Por que non se someteu a informe do CES? Cando claramente na xustificación que se fai da lei é polo “interese económico e social”, cando o artigo 5 do Consello Económico e Social di que os anteproxectos de lei e proxectos que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galiza teñen que pasar por informe do CES. ¿Por que non se fixo?

Cando hai unha lei de transparencia que obriga a que os proxectos se publiquen na páxina web, ¿por que non se fixo?

Cando a Lei de Administración local obriga tamén a unha consulta co Consello de Cooperación Local, ¿por que non se fixo?, cando ten unha incidencia moi clara nas competencias municipais.

Ningún argumento, non é serio, señores e señoras do Partido Popular, señora conselleira. Porque calquera cidadán pode denunciar esta lei. E vostedes unha vez máis están incorrendo en defectos de forma que poñen en risco a seguridade xurídica no ámbito do urbanismo. Non é serio, non é responsable e, sobre todo, a nós non nos parece que poida

unha administración vulnerar os principios que marca unha lei, por moita maioría absoluta que teñan vostedes aquí.

E nós presentamos alternativas como é a nosa obriga. Porque se non presentamos ningunha alternativa tamén nos criticarían por non presentala. Polo tanto, nós pensamos que temos que poñer sobre a mesa os problemas que vemos e tamén alternativas e solucións. E poñemos alternativas diferentes, que lamento que o señor Castiñeira non lera con atención, porque fixo aquí unha descrición das propostas do BNG que non son exactas. Forma parte da política de manipulación á que están afeitados, mais eu a miña obriga é dicir e non aceptar un marco e unha lectura errónea das propostas que fai o BNG.

Nós dicimos que o concello ten que ter un mes, e que ese prazo se pode ampliar a petición do concello en función da natureza ou complexidade do proxecto por prazos de idéntico tempo; é dicir, que poden ser dous meses. Paréceme importante cando temos un debate saber sobre que estamos falando e sobre que estamos lendo. Dicimos que a conselleira..., que é quen promove o proxecto, porque non se esqueza que quen faculta esta lei a decidir que proxectos se fan ou non polo 144 é única e exclusivamente a consellería, entón, nós o que dicimos é que se a consellería é a promotora, a consellería é quen debe resolver o proceso de participación pública; que non só debe publicarse nun boletín oficial dunha provincia, senón que ten que publicarse no *Diario Oficial de Galiza* e nos xornais de maior difusión no concello onde se localice o proxecto, así como na web da Xunta de Galiza. Polo tanto, tamén diferenzas importantes en como concibimos a información e a participación, que non deben ser simplemente un trámite, porque sabemos que publicar as cousas no boletín oficial dunha provincia ten un alcance moito máis limitado á hora de falar deste proxecto. E, polo tanto, nós entendemos que isto é importante.

Tampouco non é unha cuestión menor quen vai pagar as expropiacións dun proxecto. É unha cuestión fundamental. E non hai ningunha razón nin ningún argumento para que os concellos por virtude desta lei teñan a obriga de facer as expropiacións de calquera proxecto destas características. E xustificámolos por cuestións competenciais e por cuestións económicas. Parécenos unha aberración e vai crear moitos problemas no urbanismo, e senón, tempo ao tempo, e problemas en moitos concellos.

Polo tanto, nós damos unha alternativa que respecta a autonomía municipal, a participación pública, que obriga a que todos os plans teñen que ter avaliación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...de impacto ambiental e, polo tanto, moitas maiores garantías desde o punto de vista da seguridade xurídica e da participación.

Porque resúltame –e remato con isto– moi curioso, señor Castiñeira, que o Partido Popular criminalice agora os proxectos de incidencia supramunicipal porque son antidemocráticos. Era máis ou menos a actuación que dixo. A nós parécenos moi ben. Entón supriman ese antidemocrático proxecto de incidencia supramunicipal que quere consolidar Ence na ría de Pontevedra, ou pidan perdón por un ilegal plan de incidencias supramunicipal, que quería que entre todos e todas pagáramos os gastos dos construtores de Barreiros, que destruíron ese concello, se fixeron de ouro e deixaron un problema moi grave nesa administración.

E vou dicirlles: o BNG en contra en todas as institucións...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...dese acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista, que quede moi claro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas novamente, señor presidente.

Antes de entrar na emenda do Partido Popular, que é a que me vai ocupar máis tempo, intentarei fixar a nosa posición brevemente sobre as emendas dos demais grupos.

É evidente que nós teremos que votar en contra da emenda de devolución do Grupo Mixto, porque está totalmente en contradición xustamente coas propostas que nós presentamos neste pleno.

Está claro que non podemos votar a favor da emenda á totalidade do Grupo de AGE, aínda que estamos de acordo e podemos aceptar e chegar a acordos en multitude dos temas que plantexa, como é o incremento de prazos de exposición ao público ou que sexa aprobado polo Pleno da corporación. Pero hai dous elementos que a nós nos fan imposible neste momento o acordo:

Un é a exigencia en todos os casos da avaliación estratéxica ambiental. A avaliación estratéxica ambiental debe ser exixida nos casos en que é un requisito exixible, pero non en todos os casos. A avaliación estratéxica ambiental en todos os casos implicaría que, por exemplo, o Plan de Vigo tería que demorarse un ano se vai polo procedemento de modificación ou breve, e mínimo dous anos se é completo. Polo tanto, colocaríanos completamente fóra do escenario no que temos que estar.

E tamén hai un punto no que discrepamos, que logo falarei del cando falemos do PP, que é o relativo á condición de administracións expropiantes.

Con relación á emenda do Bloque, tampouco podemos votala a favor, porque aínda que a nós nos parece correcto, e ademais é verdade que isto en realidade é unha modificación encuberta do artigo 147, e, señor Castiñeira, vostede cando negou a evidencia, a realidade recoñeceu a evidencia. É dicir, esta lei ten que entrar en vigor o día 20 de marzo, porque se entrara en vigor mañá ou pasadomañá, a entrada en vigor da Lei do solo anularía esta lei porque se opón ao contido do artigo 147. Tampouco o problema coa ampliación do informe, coa información pública, pero si hai esa ampliación de prazos, e ademais tamén hai unha discrepancia sobre quen pode ter a condición de expropiante.

Vou entrar na do Partido Popular. Por unha parte, incorpora a fase de información pública. Ata aí ben. É verdade que a fai recaer sobre o concello. Xa non tan ben, porque falamos dun tema non de interese local –volvo repetir–, de interese xeral, declarado polo Consello da Xunta. Pero, ao final, como é moito traballo, ¿o traballo a quen se lles pasa? Aos concellos. É así. Esta é unha historia como a do burro apaleado: o traballo ao burro, neste caso ao concello. Pásaselle a resolución de todas as alegacións. Pero a nós ata iso, parecéndonos bastante inxusto, ata pode ser razoable, porque á fin e ao cabo o concello é a administración máis pró-

xima aos cidadáns e a que está en mellores condicións de coñecer a transcendencia deses problemas.

¿Onde está o problema realmente que nós lle vemos a este proxecto de lei? É a obrigatoriedade de que o concello sexa a administración expropiante, que o concello sexa beneficiario da expropiación e que o concello teña que transferir os bens expropiados ao promotor da actuación. Dío claramente nun parágrafo o proxecto de lei: “O concello procederá á expropiación dos terreos e á transferencia posterior ao órgano promotor”.

Miremos o que di a Lei de expropiación forzosa. A Lei de expropiación forzosa establece que a expropiación forzosa só poderá ser acordada polo Estado, a Administración autonómica, a deputación provincial ou os concellos. Soamente a Administración territorial pode, está habilitada para executar e aprobar a administración forzosa. Volvo repetir: as universidades e os consorcios non teñen facultade de expropiación. Poden ser beneficiarios da expropiación, que é o que di o apartado 2 do artigo 2, di: “*Además podrán ser beneficiarios de la expropiación forzosa por causa de utilidad pública las entidades y concesionarios a los que se reconozca legalmente esta condición*”. Polo tanto, é normal que expropie o concello, pero non é normal que o concello sexa o beneficiario da expropiación, iso debe quedar aberto porque o concello terá a posibilidade, a facultade de convenir co auténtico beneficiario da expropiación. Non, non, aquí non se pode porque por imperativo legal o beneficiario é o concello; os recursos van contra o concello e o xustiprezo vai contra o concello.

Entón, señorías, nós aquí imos ofrecer unha manifestación inequívoca de que queremos apoiar que os proxectos que agora mesmo están en perigo saian adiante. Polo tanto, nós imos defender a nosa emenda, e se a nosa emenda non prospera, nós imos votar a emenda do Partido Popular, pero teñan ben claro que estamos aceptando pulpo como animal de compañía.

Eu espero que os cidadáns de Vigo entendan que isto o facemos por defender os intereses xerais dos cidadáns e poñéndoos por riba dos nosos propios criterios e pareceres. Pero, señores do PP, como son maioría e como son do Goberno, imos ter que tragar que pulpo é animal de compañía, ¿é así?, Esa é a verdade do que nos están facendo tragar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señor Bugallo, o pulpo hai que ir comelo a Lugo ao San Froilán, e deixemos o de animal de compañía, é un animal estupendo para poñer no prato. Estanme dicindo os de Ourense que no Carballiño tamén se come ben.

Pero bueno, dito isto, eu quero, desde logo, e vou empazar polo tema das expropiacións. Efectivamente, coincidimos xa en algo, en que o Concello debe ser o órgano expropiante, a administración expropiante. E logo o tema do beneficiario, vostede díxoo aquí, señor Bugallo, díxoo vostede, ¿que maior arma ten o Concello que o informe vinculante?, cando se o Concello ve que iso non é interesante para el mesmo, para os seus intereses municipais, ten a potestade de non informar favorable.

O normal é que cando iso se pon en función do proxecto, como dicíamos, é unha colaboración entre distintas administracións, e, polo tanto, señor Bugallo, iso vai amparado nos convenios correspondentes, que o sabe vostede que foi alcalde de Santiago e, desde logo, deste tipo de convenios Santiago beneficiouse dunha serie deles importantes, e dígame, ¿quen terminou pagando as expropiacións en función do que fora?

Son convenios entre distintas administracións por un ben público, e é como se vén facendo e é como funciona, e é o normal. Porque o diñeiro público sae do mesmo sitio, do peto dos cidadáns, sexa da Xunta, sexa da deputación ou sexa do concello, e, polo tanto, cando falamos dun proxecto de interese xeral estamos falando diso, pero, por suposto, aínda que sexa de interese para toda Galicia tamén é de interese especialísimo para o concello onde repercute.

Se falamos do tema de Vigo non ten a potestade o Concello de Pontevedra de informar sobre el, ten a potestade de informe vinculante o Concello de Vigo, que é o que participa nesas negociacións. ¡Só faltaría! Pero é así, polo tanto, oia, podemos levarlle a contraria e dicir non, é que o Concello leva o beneficio e pasámoslle a pelota aos demais, que

paguemos o resto dos galegos. Non, mire, o lóxico é que se faga en convenio e en conxunto entre todas as administracións, e nese sentido vai.

E logo eu pediría que non se manipulen as miñas palabras. Eu non dixen, nin moito menos, que era unha pequena modificación, referinme á explicación respecto do que supón unha emenda á totalidade cando hai un tema de lectura única, como estamos aquí. Nun proxecto de lei de lectura única calquera modificación, por pequena que sexa... Dádo, non é o caso, pero eu non o dixen. Non manipule, señor Sánchez, non manipule que está acostumbrado a coller unha palabra e darlle a volta e a ver se coa, ¡non é así, non é así!.

E isto non é unha pequena –nin moito menos– modificación, pero é que esta modificación que o Partido Popular trae aquí, que o Grupo Parlamentario do Partido Popular trae aquí, levámola a Ponencia e vostede dixo non. A mesma, exactamente igual, estaban os informes sectoriais, ¡si, léaos!, exactamente igual, e a avaliación de impacto ambiental é un informe sectorial, e o señor Bugallo recoñeceu –e os demais tamén o recoñeceron, porque foi así– que el mesmo planteou, e vostedes tamén, o tema da exposición pública.

Iso podémolo falar, non hai problema en aceptalo, foi o que se dixo, e vostedes dixeron non, pois si dixeron non agora expliquen por que dixeron non, e teránllo que explicar aos veciños afectados e aos cidadáns de toda Galicia, non só aos de Vigo, porque afectaron a todos os cidadáns.

Eu quixera dicir outro tema que di vostede, e é que aquí si se retirou porque a lei ía ben sen o artigo 198 da Lei do solo, sen o artigo 198, pero unha simple sentenza cambiou todo. Chamarlle unha simple sentenza a unha sentenza do Tribunal Supremo que se leva por diante o plan –nada máis e nada menos– xeral máis grande de Galicia, ¡home!, iso si que é moito dicir, unha simple sentenza. E unha simple sentenza que está, con outras, xerando xurisprudencia –que pode levar por diante outra retaña de plans xerais, por certo practicamente todos informados na época do Bipartito–, ¿non está dicindo nada, verdade?

Pois a Xunta o que pon, e o que pretendiamos poñer, é solución, ¿por que? Porque loxicamente antes non había ese problema, e loxicamente non había esa necesidade, por iso

naide emendamos, foi unha cousa sobrevida no momento en que se estaba debatendo.

E di vostede que vai saír unha solución bastante mellor da que quixera introducir o PP, xa lle volvo repetir, exactamente a mesma que debatiamos e que aprobaríamos hai uns días e que estaría incorporada no artigo agora 144, porque vostedes non o aceptaron, en AGE. Vostedes si o aceptaran, os señores do BNG si permitían o debate, que era o que pediamos, a admisión a trámite para debater, para chegar a acordos e, desde logo, esa vontade habíaa. Os que dixeron non terán que defendelo, dicir e xustificar o porqué.

Pero se tanto baixo o seu punto de vista lle parece que collemos as súas propostas, a min non me importa, nós o que queremos é aprobar a lei e, por suposto...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...eu diríalle que vote a favor, dado que vostede pensa que lle estamos copiando as súas. Oia, se é así, vote a favor.

E señora Pontón, en canto aos prazos, léaa, porque vostede pon –e perdoe só un segundo, señor presidente– na exposición durante un mes e ampliación por prazos, non por un prazo, por prazos de idéntico tempo. Prazos é un número indeterminado, dous, tres catro. Cando me diga prazos, señora Pontón, porque indeterminando a urxencia quedaría determinada á non urxencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Debate de totalidade do Proxecto de lei da economía social de Galicia

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade, en concreto do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Para min é unha satisfacción poder presentarles hoxe aquí o Proxecto de lei da economía social de Galicia, a primeira normativa da autonomía que regula un sector clave para o modelo de crecemento e cohesión social que estamos a construír para Galicia, un sector que, como saben, aglutina máis de 7.000 entidades e 300.000 persoas; e, polo tanto, un sector que entendemos dende o Goberno que merece un marco xurídico, sólido e global para aproveitar ao máximo o seu potencial.

Ademais, señorías, é unha satisfacción que con esta nova lei Galicia sexa a primeira Comunidade Autónoma en conseguir un marco legal para todas e cada unha das nosas entidades sociais. Un marco que está en sintonía coa lei estatal e, sobre todo, que tamén está en sintonía coas conclusións do Consello da Unión, Epssco, en materia de promoción de economía social, Consello ao que asistín o pasado 7 de decembro en representación de todas as comunidades autónomas españolas e que permitiu poñer a posición común a favor deste sector e situar de forma particular a Galicia con esta lei pioneira.

Neste sentido, quero destacar que a norma que presentamos certifica o compromiso da Xunta de Galicia coa economía e o emprendemento social, e que este compromiso coincide, ademais, con Europa no espírito de crear un ecosistema en favor do seu desenvolvemento. Por iso a lei reflicte un apoio integral a todo o sector, dende o punto de vista normativo, dende o punto de vista do apoio ao emprendemento, ao financiamento e tamén á innovación.

Así, a lei promoverá actuacións que melloren a visibilidade e o coñecemento da economía social, achegando os valores de equidade e de solidariedade que promove a nosa sociedade.

Potenciará tamén a súa expansión a través dun marco normativo, adecuado, moderno e flexible, que terá en conta as particularidades do sector e que facilitará a creación de empresas sociais.

Tamén a lei vinculará as iniciativas que estamos a desenvolver en materia de emprendemento e emprego, as oportu-

nidades que ofrece o modelo de economía social. Facilitará fontes de financiamento concretas que contribuirán a crear máis proxectos que primen o benestar dos traballadores e da sociedade civil, e tamén favorecerá os procesos de mellora da innovación, innovación en procesos, innovación en produtos, que permitirá, polo tanto, mellorar a competitividade do noso sector e tamén a súa sostibilidade.

En todos estes eixes, señorías, o Goberno galego leva tempo traballando, cómpre recordar aquí todo o feito ata o de agora con especial énfase no impulso ao cooperativismo; un impulso ao cooperativismo a través dunha liña de axudas específicas para o emprendemento colectivo que se suman aos diferentes instrumentos que teñen a disposición a través do Igape, en apoio ao financiamento, instrumentos de investimentos, innovación e tamén internacionalización, e tamén coa creación da rede, en sumo, que, como saben, foi creada no ano 2012 para fomentar o cooperativismo e a economía social.

Un crecemento das cooperativas que, ademais, esperamos fortalecer dende a Xunta de Galicia coa nova estratexia 2016-2020, que nestes intres estamos a consensuar cos axentes económicos e sociais, pois trátase dunha aposta clara pola innovación, pola apertura de novos mercados e, señorías, tamén dunha aposta clara para incrementar o tamaño das nosas cooperativas.

Señorías, todos os presentes sabemos que o futuro de Galicia pasa por afrontar diferentes retos, e sabemos que moitos deses retos estamos en camiño de alcanzalos.

En Galicia a nosa economía crece, está baixando o desemprego, soben as afiliacións á Seguridade Social, as exportacións están batendo récords todos os anos e o índice de produción industrial tamén mellora por riba da media de España.

Así que agora tócanos acadar máis estabilidade, máis igualdade e máis calidade no emprego, porque o obxectivo debe ser que Galicia sexa un territorio máis atractivo para traballar, para investir e para convivir.

E nese contexto, dende logo, a economía social desempeña un papel moi importante nesta idea de transformación e de modernización do noso tecido produtivo. E por iso,

señorías, entendemos que esta lei permitirá poñer a disposición do sector todas as ferramentas e todas as iniciativas para que, efectivamente, poidamos mellorar as condicións de crecemento das miles de entidades galegas que forman parte do sector da economía social.

Estoume a referir, como saben, ás sociedades cooperativas galegas, ás sociedades laborais, a empresas de inserción e centros especiais de emprego, sociedades agrarias de transformación, comunidades de montes veciñais en man común, confrarías de pescadores, mutualidades ou calquera outra entidade que persiga o interese dos colectivos que as integran, o interese xeral, ou ambos, sempre e cando –como saben– realicen unha actividade económica e empresarial.

Todas elas terán esta lei para respaldar o seu desenvolvemento e, dende logo, todas elas terán o compromiso político para que, efectivamente, poidamos responder aos seus retos: retos para crear postos de traballo de calidade, con máis flexibilidade horaria, cunha estrutura salarial menos xerárquica e, sobre todo, con certa seguridade no emprego.

Unha lei que facilite a integración das persoas con dificultades no mercado de traballo, unha lei que aporte produtos e servizos socialmente innovadores e unha lei que promova un desenvolvemento máis sostible e pegado ás potencialidades de cada territorio. Porque a súa base, a base desta lei, está na primacía dos dereitos das persoas e das necesidades e dos recursos existentes; un valor sen igual que o Goberno entende que merece un trato diferenciado, que é, precisamente, obxecto de recoñecemento na Lei da economía social que está mañá lles presente.

Antes de pasar a describir as medidas deste proxecto de lei quería que tivesen en conta o proceso que deu orixe ao texto que temos entre as mans. A Xunta de Galicia someteu a información pública o contido do proxecto a primeiros do ano 2015, recibindo unha ducia de alegacións que foron analizadas para mellorar a norma que hoxe se debate.

Entre as achegas destacan as emitidas polo Consello Galego de Cooperativas, que –como saben– representa unha das entidades maioritarias dentro do sector da economía social, e tamén as alegacións presentadas polo Consello Galego de Relacións Laborais, que –como saben– é o órga-

no que canaliza a valoración das organizacións empresariais e sindicais.

Así mesmo, o proxecto conta co ditame do Consello Económico e Social, órgano que facilita tamén a participación dos axentes socioeconómicos e dos representantes da sociedade civil de Galicia.

Tamén fixo aportacións o Consello Galego de Benestar, e, por suposto, o texto tamén foi sometido ao informe das consellerías sectoriais con competencias, e todas tiveron ocasión de pronunciarse sobre o contido desta lei, dando lugar a modificacións e melloras importantes do texto inicial.

Polo tanto, temos unha norma, señorías, que nace da vontade de acordo, e que nace da colaboración de todos os axentes económicos e sociais da comunidade da propia Xunta de Galicia.

Unha lei que foi redactada e que foi feita cos axentes económicos e sociais, e co sector, unha lei, en definitiva, que está destinada para ser útil, para ser pragmática e para dar solucións concretas ao propio sector.

Nese sentido, señorías, consideramos que a Lei da economía social de Galicia supón unha oportunidade para, en primeiro lugar, delimitar xuridicamente os requisitos que deben cumprir as entidades integrantes, pero tamén unha oportunidade para sentar as bases para o seu apoio.

Por iso o texto presentado incide en dous ámbitos. Por un lado, conceptualizar e integrar o sector, que saben que ata o de agora está disperso. E, por outro, concibir tamén as medidas necesarias para fomentar a economía social.

Daremos, polo tanto, cobertura legislativa con rango de lei para favorecer non só a concienciación, a visibilidade e a participación, senón tamén, como lles dicía, o propio concepto e integración do sector.

Tomamos nese sentido a decisión de crear o Catálogo de entidades de economía social de Galicia, un catálogo que facilitará o coñecemento e o recoñecemento das organizacións privadas, organizacións que desenvolvan actividades económicas e empresariais en base aos valores de responsa-

bilidade e de compromiso, e tamén coas persoas a nivel interno, como coa sociedade e o medio ambiente.

Ademais, en segundo lugar, créase o Consello de Economía Social de Galicia, un consello que terá o encargo de facilitar a representación do sector ante as administracións e outros grupos de interese.

O Consello de Economía Social de Galicia terá como función non só elaborar estudos, informes e propostas, senón tamén formular e promover diferentes iniciativas para permitir unha maior cooperación empresarial e para colaborar na integración da economía social nas propias políticas públicas da Xunta de Galicia, de feito especial nas políticas dirixidas a promover o emprego, o emprendemento ou o desenvolvemento local e rural. E tamén a lei permitirá promocionar, de forma axeitada, toda a aplicación dos principios da economía social e da lei.

Pero, en segundo lugar, a lei tamén vai permitir incorporar aspectos importantes, a través dos cales o Goberno e a propia Administración galega se comprometen a actuar para fomentar a economía social.

Falo de aspectos concretos, como por exemplo a simplificación dos trámites administrativos destas entidades, unha simplificación de trámites que se fará grazas a unha aplicación informática que permitirá efectuar as notificacións rexistradas por medios telemáticos.

Tamén introducirá a economía social nos plans de estudo a través da elaboración de unidades didácticas, adaptadas a cada nivel educativo, e da impartición da formación, cun enfoque práctico nos distintos centros.

En terceiro lugar, permitirá que as entidades de economía social poidan orientar as políticas activas de emprego, con miras a considerar as súas demandas.

Modificará tamén a Lei de cooperativas, para regular a figura da cooperativa xuvenil, formada maioritariamente por mozos e mozas de entre 16 e 29 anos. Unha modificación da Lei de cooperativas que permitirá reducir a 300 euros o capital social mínimo exixido, fronte aos 3.000 das cooperativas ordinarias. E permitiralles ás cooperativas xuvenís a constitución en documento privado, mentres que o resto de coope-

rativas –como saben– deben constituírse obrigatoriamente a través dun documento público, xerando gastos notariais.

Por último, pero non menos importante, trátase dunha lei que contempla acadar instrumentos axeitados para o lanzamento de novos proxectos de emprendemento colectivo. Falo dos programas de microcréditos, a través das liñas de financiamento con entidades financeiras, e da creación dun fondo de capital risco, que sumen ás axudas actuais para o financiamento e a promoción da economía social, que xa se están a desenvolver por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria neste ano, cunha dotación de 5,4 millóns de euros.

De feito, señoría, xa temos articulado unha liña de Xesgalicia para reforzar os proxectos vinculados á economía social, que está dotada con 5 millóns de euros.

Ademais, estamos a traballar no acceso destas empresas aos préstamos e microcréditos bonificados, que se negocian dende o Igape para favorecer tamén as pequenas e medianas empresas e as microempresas.

E facémolo, unha vez máis, co foco no emprendemento rural e no emprendemento xuvenil, porque entendemos que o rural e os xóvenes deben de ser un obxectivo prioritario desta lei, así tamén como a necesidade de que estas entidades se abran a novos mercados, e que estas entidades tamén poidan incrementar o seu tamaño.

E para dar cumprimento ao texto normativo, desenvolveremos nos próximos meses un plan de acción específico no horizonte 2020, que será consensuado co propio Consello de Economía Social.

Polo tanto, e conclúo, señorías, o futuro de Galicia é un futuro que se está asentando sobre piares importantes como é o emprendemento, a innovación, a industria 4.0, a internacionalización ou a competitividade en todas as súas facetas. Piares que xa son parte da nosa economía, porque son o compromiso deste Goberno, xunto cos nosos empresarios, traballadores e emprendedores.

Logrado isto, señoría, o turno é agora para asumir novos retos, centrados na integración e a cohesión da nosa sociedade. Temos, polo tanto, que dar o paso cara unha maior plu-

ralidade empresarial e a diversificación da nosa economía para xerar máis oportunidades de emprego con calidade.

Precisamente por iso debemos de dar o noso respaldo ás cooperativas, ás mutuas, ás asociacións, fundacións e outras empresas de economía social.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Todas elas, señorías, teñen demostrado a súa capacidade de contribuír eficazmente á valorización da actividade económica, pero especialmente tamén teñen demostrado a súa capacidade para contribuír a unha maior distribución da renda, unha distribución máis equitativa, tamén a través da corrección dos desequilibrios do mercado laboral e do fortalecemento da democracia económica. O que fai imprescindible, señorías, promover a expansión da economía social en Galicia, e, dende logo, esta lei é a ferramenta necesaria para iniciar ese camiño, que esperamos que conte coas achegas e as aportacións de todos os grupos desta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei. Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Ben, eu despois de escoitar o conselleiro, non sei se é que eu teño un proxecto de lei distinto, señor conselleiro –igual eu topei un texto distinto que non é o mesmo que ten vostede–, pásemo, porque igual eu teño outro, porque realmente o que eu lin nin regula a economía social, nin conta con todas as entidades de economía social, por iso me entra a dúbida.

O proxecto que eu lin da Lei da economía social non responde ás expectativas que o seu título promete, limita o seu contido á creación do Consello de Economía Social de Galicia e a marcar obxectivos xerais.

Esta limitación do proxecto establécese xa no primeiro artigo, onde se di que como único obxecto deste proxecto de lei –recoñecido– é regular as entidades que integran a economía social en Galiza. Punto, aí se acaba o obxecto desta lei; polo tanto, todo o que nos contou debe de estar na súa imaxinación, ou non sei onde, pero obxecto deste proxecto de lei non é.

Entendemos que este proxecto de lei debe de ter por finalidade recoñecer, pero tamén fomentar e impulsar as entidades que integran o sector da economía social, ofrecéndolles mecanismos para facilitar a organización e a expansión da actividade da economía social.

Debería recoller, ademais, que as entidades de economía social se entenden coma un sistema eficaz que contribúe ao desenvolvemento social e económico do país, á xeración de traballo digno, ao fortalecemento da democracia, á igualdade de xénero, á equitativa distribución dos ingresos e á maior xeración de patrimonio social.

Ningún destes obxectivos nin ningunha destas accións ás que contribúe a economía social son recoñecidas no proxecto de lei, e a min chámame a atención, ademais creo que ata con alarma, que non se inclúa a igualdade de xénero, cando levamos toda a lexislatura falando do carácter transversal da igualdade de xénero, e eu creo que, precisamente, estas entidades teñen un papel importante neste sentido.

Resulta tamén revelador que no artigo 3 se defina a economía social coma un conxunto de actividades económicas e empresariais, non tendo en conta as entidades cuxa actividade entra no ámbito social, que tamén forman parte da economía social.

O proxecto de lei nin sequera dedica un artigo ao fomento da economía social, como se esta se producira por xeración espontánea e sen custos. É tal a limitación deste proxecto de lei e a súa falta de contido, que na súa disposición adicional cuarta establece que esta lei non terá dotación económica para o seu desenvolvemento.

Parece increíble que calquera lei poida desenvolverse sen dotación económica. Está claro que estamos ante unha nova lei propaganda, unha lei imposible de levar adiante, unha lei que non serve para nada, salvo para que cando fagan a súa

campaña electoral para as próximas eleccións ao Parlamento galego a saquen coma unha das leis que aproba o Partido Popular pola súa iniciativa, pero baleira de contido e que non vale para nada.

Nin sequera garante a compensación de gastos de representación pola asistencia e participación no mesmo a todas as entidades de economía social, o que representa unha refutable declaración de intencións. Estamos falando de entidades de economía social, non de grandes empresas millonarias, con moitísimos beneficios, e sen embargo non se recolle nin sequera poder compensar os gastos que estas entidades poidan ter no seu traballo no Consello de Economía Social e pola súa asistencia ás reunións que se teñan.

Tampouco se ocupa o proxecto de lei de marcar de quen é a responsabilidade, por exemplo, de como se farán accións –que nos parecen importantes–, como é instrumentar a política galega de fomento e desenvolvemento do sector da economía social; de quen propiciará as condicións favorables para o crecemento e consolidación do sector da economía social; de formular e executar programas e proxectos de apoio público á promoción, fomento e desenvolvemento do sector; ou de levar a cabo estudos e investigacións.

Vostede falou de investigación no ámbito da economía social e do apoio que vai ter, e no proxecto de lei non aparece nada diso. Polo tanto, eses estudos e investigacións a elaborar que permitan o coñecemento da realidade das entidades que conforman o sector e seu contorno, para o mellor cumprimento dos seus obxectivos. Nin promover a consolidación empresarial e o desenvolvemento organizacional das diversas formas asociativas que integran o sector, establecendo a sinatura de convenios de coordinación coas dependencias da Administración pública autonómica, así como da Administración local.

Ou difundir valores, principios e fins do sector, así como os seus principais logros empresariais asociativos. Nada disto –que realmente pon en relevancia a actividade das entidades de economía social e regula o seu funcionamento e o apoio da Administración ás mesmas– aparece neste proxecto de lei.

O proxecto de lei, tal como recolle no seu artigo 15, entende que a Rede Eusumo é o instrumento para o fomen-

to do cooperativismo e a economía social. É algo que está claro, a Rede Eusumo, precisamente, foi creada como un instrumento de fomento do traballo cooperativo e das sociedades laborais, pero olvidámonos do resto da economía social. Vostede o único que fai é reducir a ese ámbito económico e empresarial todas as entidades de economía social.

Tamén establece un Consello de Economía Social de Galiza, cuxa creación parece ser obxecto deste proxecto de lei, pero ao que non se lle outorgan funcións facultativas nin vinculantes, a pesar de que os seus informes representarían as conclusións de todas as entidades da economía social de Galiza. É dicir, por un lado pídeselle que faga informes, informes do seu propio ámbito da economía social, daquilo que necesitan ou entenden que sería bo para a economía social no seu desenvolvemento. Pero non é vinculante, simplemente se vai considerar unha opinión que non vai obrigar para nada ao Goberno.

A pesar do estipulado no artigo 9.3 da Lei estatal 5/2011 –que vostede di que está ademais en consonancia con esta lei estatal de economía social–, este proxecto de lei exclúe das entidades de economía social de Galiza as organizacións sindicais e empresariais, polo que o Catálogo de entidades de economía social non contará coa representación, por exemplo, da clase traballadora. Algo que resulta incompreensible, que o Goberno galego pretenda organizar fórmulas de economía social sen contar cos principais actores da mesma: os traballadores e as traballadoras, a clase traballadora. Non hai economía social sen clase traballadora, e vostede –dende logo– non ten en conta para nada a súa representación.

A Lei 17/2008, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galiza, recoñece a estas organizacións a súa implicación na vida social e económica do noso país. Sen embargo, este Proxecto de Lei da economía social contempla a súa participación no Consello de Economía Social de Galiza cunha representación colexiada que elimina o dereito de cada organización sindical e empresarial máis representativa a contar cun membro propio. As organizacións sindicais, fundamentalmente tamén as empresariais, non responden sempre cos mesmos criterios. E, polo tanto, se neste caso hai tres organizacións sindicais máis representativas en Galiza, deberían de ter cada unha a súa representación colexiada, tal como recolle a Lei 17/2008 en función dese recoñecemento que se lles fai.

Tamén resulta incomprendible a non inclusión no Consello de Economía Social de Galiza, a representación, por parte de organizacións feministas, da Dirección Xeral de Igualdade e doutros axentes ou organizacións fundamentais no ámbito da economía social. É incomprendible –e falaremos neste Pleno tamén do machismo institucional–. Só o machismo institucional pode esquecer incluír as organizacións feministas e a Dirección Xeral de Igualdade nun proxecto de lei de economía social, cando é fundamental –e dixémolo moitísimas veces, precisamente por eses problemas de acceso das mulleres en igualdade de condicións a postos de traballo– precisamente que estas entidades de economía social sexan quen de dar exemplo de como a igualdade se pode levar adiante en proxectos de economía social e, polo tanto, en calquera proxecto empresarial ou social.

Así, dentro doutras organizacións ou axentes que non aparecen recollidos como entidades que forman parte da economía social ocorre o mesmo que coas organizacións feministas e coas ONG. Entidades que contan cunha grande experiencia no ámbito da economía social e que hoxe en día están a suplir as actuacións que deberían facer os gobernos en todo o mundo en materia de economía social. Grazas precisamente ás ONG moitas iniciativas de economía social son levadas a adiante en todo o mundo sen o respaldo sequera dos gobernos, que non se preocupan das mesmas.

Polo tanto, cremos que é unha lei baleira de contido. A emenda de devolución non vén precisamente porque esteamos en contra dunha lei de economía social, senón que estamos en contra dunha lei propaganda que non responde para nada aos intereses nin urxencias das entidades de economía social. Nin sequera responde aos intereses e urxencias da sociedade en xeral.

Vostede falou aquí de beneficios desta lei, que, dende logo, parece case un escándalo que nos veña dicir aquí a axilización de todos os trámites coas novas tecnoloxías. Vale, xa era hora de que se usaran as novas tecnoloxías, iso non é un mérito para o Goberno, as novas tecnoloxías están aí, o normal é que se utilicen. Pero iso xa debe de vir case dado en calquera tipo de lei, que todos os trámites terán a súa axilización e a súa tramitación a través das novas tecnoloxías.

E en canto ás cooperativas xuvenís, eu creo que saen prexudicadas neste proxecto de lei en relación coa normativa

que hai sobre cooperativas xuvenís en moitos dos seus aspectos, que se presentarán como emendas parciais a esta lei, se –como é de supoñer– a maioría absoluta do Partido Popular dará por válido e aprobará este proxecto de lei.

En canto ás outras actuacións –vostede mesmo o dixo–, esta lei está pendente de que nos próximos meses o Goberno teña a ben desenvolve-la. Polo de agora non é nada máis que unha pobre, pobrísima, declaración de intencións, e unha rica, riquísima, campaña publicitaria do Partido Popular.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidenta, deputados.

Ante a necesidade de regular este importante campo que é a economía social –e supúñase que esta ía ser unha oportunidade para facelo ben, e, sen embargo, parece ser que esta é unha nova oportunidade perdida nun texto legal–, practicamente o único que se regula é un catálogo e un consello, é practicamente o único que se regula neste texto legal.

É unha lei cun corpus ideolóxico alonxado do que é a economía social en si. Hai que enmarcala dentro da situación económica e social que vive Galicia agora mesmo, con 672.000 persoas en risco de pobreza e exclusión, cun risco de pobreza de máis do 17 %, cun 13 % de traballadoras e traballadores pobres, cun número de ocupados e ocupadas que caeu un 17 % desde que gobernan vostedes, cuns ingresos do 20 % das persoas máis ricas, que supoñen xa 4,5 veces os ingresos das persoas máis pobres, e cun incremento da pobreza infantil, xuvenil e feminina: temos máis de 236.000 persoas paradas e 151.000 persoas que viven xa en situación de pobreza material severa.

E nestas circunstancias, precisamente, a Lei da economía social non é ou non debe ser unha ferramenta para facer o

que o Goberno non fai, que é crear emprego, senón unha ferramenta que axude a paliar a situación de desigualdade.

A economía social non debe entenderse, polo tanto, como un conxunto de actividades económicas e empresariais que perseguen un ben colectivo, ou polo menos non só como iso, que é o que define precisamente o texto desta lei. Se o Goberno fora outro, se apostase pola realidade do ben común que significa a economía social, entendería a propia economía social como un axente de cambio, de transformación social, como un axente de transformación económica e unha ferramenta de reparto da riqueza; unha ferramenta, polo tanto, de democratización económica e social.

Sen embargo, o espírito desta proposición de lei é xustamente o contrario, o negocio e a competitividade que veñen reflectidos non só na intervención do propio conselleiro, senón no propio texto; son a antítese, ademais, do espírito do que significa a economía social. Falaba o conselleiro de pluralidade empresarial, de fonte de emprego, de cousas que non son os obxectivos precisamente da economía social.

Na exposición de motivos déixase bastante claro cal é o corpus desta lei que atende este Goberno e por que entende este Goberno a economía social. Poñen por diante de todo a Estratexia de Lisboa como base desta lei, que está feita para facilitar o trasvase de recursos públicos á privada, para facilitar precisamente a desigualdade, para facilitar as privatizacións.

A Estratexia de Lisboa era a base do recorte da diminución do gasto público, teorizaba as privatizacións e a eliminación do estado de benestar, teorizaba a redución de beneficios sociais económicos para as maiorías, teorizaba a regulación do mercado de traballo e puña por diante os beneficios empresariais sobre os beneficios sociais e da maioría; e esa é a base que toma o Partido Popular para facer a Lei de economía social. Esas son, ademais, as receitas que nos trouxeron ata onde estamos, a esta crise estafa que dá esas cifras coas que eu comezaba esta introdución. E, polo tanto, é evidente que non poden ser base de ningunha lei de economía social.

O liberalismo é antitético ao reparto de riqueza, ao ben común, e incompatible, polo tanto, co propio concepto de economía social; salvo que o que pretenda este Goberno

sexa que o funcionamento da economía social no noso país se basee na economía liberal ou no funcionamento das empresas.

E neste sentido é no que presentamos precisamente a emenda de devolución, unha emenda que fai referencia tamén á pobreza da lei. Como facía referencia ao principio da intervención, como tamén denuncia, ademais, o Consello Económico e Social de Galicia. Declaración de intencións na exposición de motivos, que finalmente para o único que serve o texto, practicamente, é para regular a existencia dun Consello de Economía Social de Galicia, que é precisamente ese capítulo III, e que é a parte central da lei.

Un novo consello máis integrado na Administración pública, cun control bastante evidente da Administración pública, oito persoas que forman parte da Administración, pero ademais a cabeza visible é o propio conselleiro –ou conselleira noutro momento–, as direccións xerais. É dicir, realmente, ¿onde está a autonomía das entidades sociais? Un consello que vai controlar, practicamente, ese funcionamento a Administración e que, sen embargo, obvia a presenza –como xa se dixo– dos representantes sindicais de maneira incomprendible.

De feito foi unha das alegacións máis repetidas ao texto por parte dos diferentes organismos, e fíxose oídos xordos, só unha persoa para todas as organizacións sindicais. E a escusa que pon o Goberno para non modificar isto no proxecto de lei é asombrosa, di que a natureza das entidades é distinta á das empresas privadas.

E, sen embargo, pódese observar que poderíamos dar por entendida a presenza da parte –digamos– máis análoga á patronal coa presenza da representación das empresas de inserción, das sociedades laborais, etc. Sen embargo, non hai espazo de representación para os que teñen a función de defender os dereitos dos traballadores e traballadoras.

Hai que lembrar que as persoas dos centros especiais de emprego, as persoas con diversidade funcional ou cognitiva que traballan tamén en entidades sociais, teñen dereitos laborais, señor conselleiro. E, polo tanto, xa temos nalgunha ocasión debatido de situacións nas que non se respectaron os dereitos destas persoas, e teñen dereito a ter representantes

eses traballadores e traballadoras tamén nese Consello de Economía Social.

E con todo, precisamente, é moi chamativo cando a Administración se reserva tantísimo control nese consello para que non exista a presenza –como xa se dixo– da Secretaría Xeral de Igualdade ou de alguén que veña do mundo da igualdade, nin sequera da Administración. É bastante chamativo que sexa a propia Secretaría Xeral de Igualdade a que reclama ter presenza no órgano e a propia Xunta –que é do mesmo Goberno e, ademais, do mesmo partido– a que lle denegue esa presenza.

Nin unha soa referencia na Lei da economía social como ferramenta contra a desigualdade que sufrimos as mulleres. Eu preguntome, ¿onde está o traballo do Partido Popular e do Goberno pola igualdade? ¿E onde está esa transversalidade? Isto é incompatible co concepto de economía social en si como axente integrador e como axente democratizador. ¿Onde quedamos as mulleres? ¿Onde queda a loita contra a desigualdade como eixe central?

En torno á metade das integrantes das cooperativas e da economía social está formado por mulleres, e nin sequera hai unha referencia na lei a este aspecto.

Se vostedes entendesen o concepto de traballo como unha aportación á sociedade e non meramente como un enriquecemento económico, incluso deberíamos estar a falar aquí e a debater sobre o traballo de coidados, porque ao final aínda que non é remunerado, tamén poderíamos falar del dentro da economía social. Pero xa non lles pedimos tanto, nin sequera chegamos a ese punto, sabemos que non teñen capacidade de chegar a ese debate, pero, polo menos, que a lei teña perspectiva de xénero. É incompreensible que unha Lei da economía social non teña ningún tipo de perspectiva de xénero, non se cumpre.

Ademais, non ten orzamento ningún, nin sequera –como xa se comentou aquí– para pagar as dietas, é dicir, os desprazamentos das persoas que van ter que ir reunirse a ese Consello de Economía Social, ¡é absolutamente increíble!

Unha proposición de lei que explicita na disposición adicional cuarta que non haberá incremento orzamentario nin sequera para ese Consello de Economía Social, ademais

a petición da propia Xunta de Galicia; é dicir, a propia Xunta pon trabas no orzamento necesario para desenvolver a lei, non entendemos cal é a finalidade, polo tanto, da lei. Non o entendemos. Non ten orzamento e, por outra banda, sen embargo, ten un corpus liberal moi preocupante, acabo de facer referencia a el, pero que admite outro tipo de modelo económico.

Artigo 17, “Lanzamento de novas iniciativas de economía social”l. Facía referencia vostede, conselleiro, por riba. Punto 2: “Estimularase o acceso das pequenas e medianas empresas da economía social galega a programas de microcréditos ou fondos de capital-risco”. Fondos de capital-risco para a economía social. Este é o modelo social do Partido Popular, botémonos a tremer, a economía liberal como modelo, como base da economía social. É un oxímoron no que a verdade insulta a intelixencia. Incompatible unha cousa e mais a outra.

Porque, pola contra, o Partido Popular esquece cal é o papel económico e de apoio da Administración á economía social, ¿para que serve? A economía social, ¿para que serve? ¿Para que nos pode servir? Dicíao ao principio, é unha ferramenta de transformación social e económica, de redistribución da riqueza, non unha ferramenta da economía liberal. E a Administración que aposte como ferramenta de transformación pola economía social ten que servir como facilitador, non para controlar a economía social, senón quen poña recursos económicos, por unha banda, para impulsar non está en ningunha parte da lei explicitado como se vai impulsar a economía social. A min gustaríame saber que tipo de medidas van tomar.

Pero, ademais, para facilitar outro tipo de recursos do máis variado, poden ser incluso locais para reunirse, sitios para montar as entidades de economía social, facilidades administrativas, é dicir, unha serie de cousas que hai que falalas. Vostede rise, faille moita graza, pero hai un montón de cousas que hai que traballar no eido da economía social, que non aparecen na lei e que, sen embargo, é o que debería facilitar a Administración: apoio económico e apoio de medidas administrativas e de apoio da propia Administración para fomentar esa utilidade da economía social, que non é substituír o traballo que vostedes non fan en materia de creación de emprego, non o é.

E para máis abundamento, empregan a lei para introducir disposicións finais que modifican as condicións das entidades sociais para acceder á xestión dos servizos sociais. Non estamos en contra de que se regule, pero non nos parece que as disposicións finais dunha lei sexan o método que ten que empregar o Goberno para modificar esas condicións de acceso.

Unha modificación que coan nesta lei e que, a verdade, pois é bastante asombroso. Hai que lembrarlle ao Partido Popular que este grupo parlamentario onte rexistraba, ademais, unha proposición de lei que incide, precisamente, contra os servizos públicos nos servizos sociais. Unha proposición de lei que iguala os servizos públicos, os concertos privados e os concertos sociais. ¿Vai neste camiño tamén o Goberno galego? ¿É neste sentido? Porque entrou onte por rexistro e a min paréceme unha auténtica barbaridade, preguntome, ¿a que xogan?

A base é a mesma para todo, baleirar o público e empregar as entidades sociais de maneira asistencialista para suplir traballo que ten que facer a Administración, e non como ferramenta de reparto da riqueza e de reparto da igualdade para as mulleres, para as persoas con peor situación económica e con peor situación social.

Entendemos que neste sentido a lei debe ser devolta para poder construír entre todas e todos, e tendo en conta de verdade as cooperativas, as entidades sociais e, dende logo, o tecido asociativo do país. Unha lei que atenda as necesidades reais e unha lei que faga uso da economía social como ferramenta de transformación real e non como base da economía liberal do Partido Popular.

Xa digo, paréceme impresentable que a Estratexia de Lisboa sexa a base do modelo que ten o Partido Popular para a economía social.

Nada máis por agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Bo día, señor conselleiro.

Despois de varias leis xa tramitadas dende a súa consellería, case unha conclusión que deberíamos extraer despois de ler este texto é que legislar é gratis, absolutamente gratis. Lei custo cero, sen medidas concretas, de feito tomei nota de toda a exposición que vostede fixo, e xa nos dirá exactamente despois no turno de réplica cales son as medidas concretas que ten esta lei e cales son, respectivamente, os mecanismos de financiamento que propón a lei.

Lei custo cero, sen medidas concretas, e que ten dous obxectivos: primeiro, crear un consello, un organismo máis, que tamén nos gustaría que nos explicara para que este organismo, para que unha lei para crear un organismo, realmente; e segundo, modificar a Lei de servizos sociais, que sería realmente importante, se é necesario modificar a Lei de Servizos Sociais, que a primeira dimensión sexa modificada nunha lei propia.

Acabamos de vir dun debate dunha modificación dunha lei que se aprobou no Pleno anterior, co cal calquera texto podería ser enviado dende a propia Consellería de Servizos Sociais para a modificación desa lei e para permitir ese debate, e non a través dunha lei que leva por título “Economía social de Galicia”.

Iso é o primeiro que nos chama a atención, se pode existir algún tipo de economía social. Eu vou coller a primeira reflexión na exposición de motivos do proxecto, onde di exactamente: “As institucións da Unión Europea teñen posto de manifesto reiteradamente a importancia da economía social, que contribúe a un modelo económico sostíbel no que as persoas son máis importantes que o capital”. É certo que as palabras teñen man de calquera cousa.

Porque que a Unión Europea teña focalizada nas persoas, e non no capital, a economía neste momento, non é que sexa contradictorio, senón que é absolutamente, case, unha tomadura de pelo. Porque realmente o deseño económico que se establece pola Unión Europea, que emana da Unión Europea e que asumen os diferentes gobernos non está baseado nin na redistribución, nin na xustiza social, nin nas persoas, senón única e exclusivamente no capital e na acumulación de capital.

Polo tanto, cando se asume xa na exposición de motivos que a Unión Europea diseña o que é a economía social, bueno, queda bastante cativa esta palabra. ¿Que significa economía social? Nada máis que regular, e sen chegar a regular, señor conselleiro, senón facendo declaracións de intencións a respecto das entidades de iniciativa social, do cooperativismo e do terceiro sector. Pero non hai verdadeiramente ningún tipo de estratexia cara a un modelo económico alternativo.

Ademais, despois de varios debates durante esta lexislatura, vostede e mais eu sabemos que non é o seu paradigma un modelo alternativo na economía. E que isto vén ser, simplemente, pois unha especie de remendo, unha especie de parche, unha forma de entender a economía baseada non nas persoas, senón baseada fundamentalmente no capital.

Por isto que esta é a primeira reflexión de índole xeral, a respecto de que é grandilocuente que lle chamaran economía social, pero non se cambia ningún tipo de estrutura, non se modifican realmente os fundamentos económicos, que ademais foron referendados durante estes tres anos e medio de lexislatura polo Goberno do señor Feijóo.

Pero, xa se deixamos ese tipo de modelo de paradigma distinto, baseado na xustiza social e nunha acumulación de capital, e imos á lei en concreto, o primeiro que chama a atención é que vostede diga que hai medidas concretas. ¿Cales son exactamente –sería bo para ter este debate, e ademais antes que pasara ao trámite de Ponencia este texto, que supoño que pasará a través dos votos do Partido Popular–, realmente, as medidas que se propoñen no capítulo IV deste proxecto de lei? ¿En que, máis alá de fomentar, potenciar, pero, que dereitos e que obrigas con alcance xurídico realmente crea esta lei? Esta é a pregunta. ¿Que medidas, en concreto, para crear obrigas e para crear dereitos ten esta lei?

Porque, claro, nós o que vemos é que se dedica un espazo importante a crear un Consello de Economía Social de Galicia. E realmente, ¿é necesario unha lei para crear un Consello de Economía Social de Galicia que ten por obxectivos, literalmente, estudar e facer informes? Primeiro obxectivo: asesorar; segundo: emitir informes; terceiro: elaborar estudos; cuarto: colaborar na elaboración e avaliación de programas; cinco: formular propostas; sexto: orientar;

sétimo: asesorar; oitavo: velar pola promoción e pola axeitada aplicación dos principios da economía social que recolle esta lei; e, bueno, de último, pois todos aqueles que se lle encomenden.

É dicir, un Consello de Economía Social de Galicia absolutamente baleiro de contido cando o propio CES no seu informe di que teñen semellanzas, efectivamente, porque duplicamos constantemente os entes sen necesidade e cada lei ten que formular un consello, ten que formular un organismo máis de asesoramento, emisión de informes, elaboración de estudos, colaboración na avaliación de programas, formulación; que despois, cando imos ver a súa composición, ademais, como xa lle dixeron as deputadas que me precederon no uso da palabra, queda cativo, faltan os representantes sindicais, falta, efectivamente, a responsable de igualdade, que tamén lle pedimos que nos explique como é posible.

Mire que este grupo e esta deputada, en concreto, é bastante crítica cos informes de impacto de xénero. Creo que os informes de impacto de xénero case son unha cativa guía de boas prácticas, pero como obriga de recoñecemento do traballo cando non se fai. Aquí esforzouse a Secretaría Xeral de Igualdade en facer un informe de impacto de xénero, que supoño que vostede lería, onde fai unha análise do *Libro branco do cooperativismo*, e que, efectivamente, da incidencia –como xa explicou a deputada Solla– da perspectiva de xénero na formación de cooperativas, como existen como cooperativismo e fundamentalmente feminino, e a necesidade de incluír medidas concretas a respecto da promoción do cooperativismo e a igualdade de xénero.

Pois curiosamente, señor conselleiro, na lei non aparece recollido nada, non aparece un apartado concreto, non lle dedica un artigo, non se lle dedica nin tan sequera... –e voulle ler en concreto o que di o informe de impacto de xénero–, nin tan sequera se recolle que se engada no artigo 11 unha persoa representante da consellería competente en materia de igualdade, pois iso non se engade. ¡Incomprensible! Se aí hai un montón de xente do Goberno, con todo o respecto, cargos institucionais.

Imos ver, podería estar a Secretaría Xeral de Igualdade, ¿por que non está presente neste proxecto de lei?, máxime cando aparece recollido no propio informe de impacto de

xénero. ¿Por que non se recollen algunhas das cuestións que se introducen?

Efectivamente, vostede falaba de que queren mellorar o tamaño das cooperativas, anotei exactamente iso. Moitas desas cooperativas, fundamentalmente as cooperativas formadas por mulleres, teñen un tamaño bastante pequeno. Pero quero recordarlle que aínda que se incrementou o número de cooperativas dende o 2009 ao 2014, en cambio, existindo máis cooperativas, existen con menos socios.

Decreceu o número de socios, exactamente, segundo os datos que teño, susceptibles de contrastar, pasando de 715 a 495. É dicir, que si que houbo unha diminución no número de socios dentro das cooperativas. En concreto, as cooperativas formadas por mulleres son cooperativas cun número máis escaso, máis pequeno, de socios.

Polo tanto, sorprende que non haxa ningunha medida concreta, nin traballada sequera, en relación coa propia Secretaría de Igualdade e nun ámbito que é tan importante. Vostede, ademais, coñece perfectamente que existen dende a Secretaría Xeral de Igualdade programas para fomentar o emprendemento e a creación de empresas femininas, ¿como isto non aparece recollido nesta lei?

Perdoe que fagamos causa disto, pero é que realmente é transcendental, porque se nas leis non implementamos os principios de igualdade de xénero, pois se quedan aí recollidos nas leis xenéricas, sen que realmente despois tomen o corpo xurídico que se necesita cando estamos debatendo unha lei en concreto.

Por iso, que saiba que nas emendas faremos causa de que teña clara a perspectiva de xénero esta especie de declaración de intencións que vén sendo esta lei. Por iso tamén, xa en concreto, ¿que medidas supostamente existen nesta lei para incrementar o tamaño das cooperativas?, xa que vostede fixo referencia a iso.

Outra cuestión que tamén sorprende na lei, e que tamén xa foi comentada creo que pola señora Solla, é o artigo 17. Eu entendo que o artigo 17 é o artigo que fala dos mecanismos de financiamento, porque vostede tamén dixo que existían mecanismos de financiamento concretos na lei. Concretos, concretos: “ Co obxecto de promover o desenvolvemento

de novas iniciativas de economía social, mediante a creación de novas entidades ou mediante a ampliación de actividades das existentes, fomentaranse instrumentos financeiros específicos que contribuirán ao seu lanzamento e inicio de actividades”. Fomentar instrumentos financeiros específicos non é algo concreto, é absolutamente abstracto.

Ou sexa, non sabemos de que estamos falando, e ademais, simplemente, dicir que se fomentará isto é unha forma típica da redacción nas leis do Goberno, pero claro, fomentaranse instrumentos financeiros... ¿Cales son os instrumentos e a través de que organismos se van fomentar? E, segundo: “Estimularase o acceso das pequenas e medianas empresas de economía social galega a programas de microcréditos ou fondos de capital-risco que se poidan concertar especificamente para o lanzamento de novas iniciativas de economía social”.

Xa foi criticado aquí o aspecto dos fondos de capital-risco, que non parece que sexa realmente a forma de orientar a economía social, pero sen entrar niso, incluso cos programas de microcréditos, a través da colaboración coas entidades privadas de financiamento, a través de creacións de fondos propios dentro do Igape ou dentro da propia consellería. É dicir, programas novidosos en colaboración coas entidades financeiras non son mecanismos financeiros concretos, son máis ben desexos recollidos neste artigo 17.

E xa por último, a modificación na Lei de servizos sociais. É sorprendente que se modifique a Lei de servizos sociais na Lei da economía social de Galicia. É sorprendente, será polo de social, por levar a palabra “social”, porque eu non vexo exactamente a relación. Incluso se vostede analiza o informe do Consello Económico e Social de Galicia, claramente di que na opinión do propio CES a reforma da normativa de servizos sociais que se prevé no anteproxecto debería realizarse logo dun oportuno debate coas propias entidades que participan no Consello Galego de Benestar.

Vostede xa fixo referencia a que fixera esa consulta coas entidades, xa que afecta especialmente a entidades prestadoras de tipo de servizos e propiamente cunha reforma da normativa de servizos sociais. Estamos –e paso ao punto 7, señor conselleiro– falando, segundo di o CES, de colectivos afectados na prestación de servizos, como os dirixidos á atención primaria, ás persoas con discapacidade ou á rein-

serción profesional, á inclusión de persoas, incluso á atención sanitaria, en moitos casos no que ten que ver coa atención á dependencia, coa atención ás persoas.

Polo tanto, a modificación que se dá nesta lei non nos parece oportuna, porque nós entendemos que non se pode ir de tapado para modificar e furtar todo un debate a respecto da Lei de servizos sociais, e se chega coa comunicación previa ou é necesaria autorización. Sabemos a salvidade, que todo este debate que se deu e que o Goberno galego decidiu –sen un acordo co Parlamento– asumir a Resolución do 3 de novembro de 2014, da Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local, pola que se que se publica o acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa General del Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico de Galiza.

Nós non aceptamos esta modificación, parécenos incorrecta para os servizos sociais, e tamén daremos ese debate. Pero curiosamente tamén estamos en consonancia co que di o CES. Claramente, entende que este tipo de servizos deberían estar suxeitos á autorización previa, porque son servizos que teñen que ver coas persoas, co seu benestar, coa saúde, coas relacións entre as persoas, e por iso non aceptamos que estea recollido no propio texto da lei a través dunha disposición derradeira.

Por estas cuestións, señor conselleiro, porque entendemos que é unha lei realmente sen contido, porque é unha lei sen dotación orzamentaria, porque é unha lei sen medidas, porque é unha lei que non avanza outro modelo de economía, nós imos manter esta emenda á totalidade para que o texto sexa devolto ao Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Graza, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Bos días.

Bos días, señor conselleiro.

O Grupo Socialista presenta unha emenda á totalidade á Lei da economía social, porque realmente cando vostede chegou aquí e fixo a exposición pasounos o mesmo que á compañeira do Grupo Mixto. Seguro que non nos pasaron a lei que vostede contou aquí, non a atopabamos.

Pero bueno, por facer así algunha pequena reseña. Vostede falaba dun plan de acción específica 2015-2020, espere-mos que non lle pase o mesmo que no 2010-2014, que se equivocaron en 4.000 millóns de euros. Entón supoño que isto estará máis axustado. Vostede fala do emprendemento, e basta ver as cifras de paro e de migración xuvenil para esa atención que vostedes din que van agora ter co emprendemento e cos xóvenes. Fala tamén do importante que é o I+D+i, e eu aquí, o señor Losada sempre o di: Ucraína e Turquía, esa é a mesma inversión que fai o Goberno galego. E con respecto á Industria 4.0, pois realmente xa non vou dicir nada, porque ás veces empeza a parecer un pouco cómico.

Ben, nós entendemos que esta lei podería ser unha oportunidade nun momento de crise, pero o que se nos presenta entendemos que non vai ser ningunha oportunidade nin vai ser absolutamente nada máis que outra lei máis que non vai valer para solucionar o problema económico e de emprego que sofre Galicia.

A economía social representa o 10 % do PIB e case 48.000 empresas a nivel estatal. Por tanto, dous millóns e medio de empregos, como vostede moi ben dicía. Pero co que temos na man non entendemos como se pode atender a este sector, fundamentalmente porque a pesar de que vostede falou aquí de financiamento, é unha lei que a propia lei di que non ten acompañamento financeiro.

A estabilidade do emprego é outra das características principais das empresas que están dentro da economía social, pero as cooperativas e as sociedades laborais entendemos que están sendo atacadas fortemente pola crise. Atacadas, fundamentalmente, porque un dos problemas máis importantes que ten é a ausencia de financiamento, a carencia de investimento, tamén desde as propias administracións públicas, e a propia lei aí está, son unha serie de follas sen medidas concretas que vostede fala pero non están orzadas.

É real, e isto dino todos os indicadores internacionais, os organismos internacionais, que a economía mundial se está

ralentizando. Señor conselleiro, se a economía mundial se está ralentizando e o di o FMI e a OCDE e a Comisión Europea que están rebaixando as previsións, pois dende o Grupo Socialista tememos importantemente polo noso país, por Galicia.

Este escenario internacional, con riscos crecentes, refléxase, loxicamente, na economía española con indicadores de confianza en claro retroceso, e loxicamente ten influencia tamén en Galicia.

Din os expertos que temos un mercado por inercia. España enfrenta estes retos na peor das posicións, posto que as condicións de desemprego tanto para Galicia como para o Estado español son as peores condicións europeas.

Se consideramos que Galicia está por debaixo do Estado en todos os indicadores económicos, con esas premisas vostede vén presentar esta lei. Xa digo, unha lei que lamentablemente non vai valer para o que vostede veu contar aquí.

Desde o comezo da crise a perda de empresas e postos de traballo foi brutal en Galicia. É unha das comunidades autónomas onde menos postos de traballo se crean e onde máis se destrúen. Ademais está a emigración, especificamente a emigración xuvenil, e dende este grupo parlamentario cada vez que intervimos falamos desa lacra que é o abandono de xóvenes, e ese abandono de xóvenes que xa non figuran nos rexistros de desemprego, xóvenes cualificados que se están marchando.

Esa é unha realidade, como tamén é unha realidade para as empresas de economía social a dificultade para acceder ao crédito financeiro. Por tanto, limita as súas iniciativas e trunca as iniciativas xa iniciadas.

Temos que reseñar, e iso é a xuízo dos socialistas, que as cooperativas e demais entidades de economía social non son consideradas obxecto de atención por parte da Xunta de Galicia, porque en sete anos de Goberno do Partido Popular podemos facer unha lectura, un resumo e un balance de se houbo unha atención –xa non digo específica e diferenciada, simplemente atención– ás empresas da economía social.

As referencias que fai tradicionalmente a Xunta de Galicia, todos os conselleiros e o presidente do Goberno

ao autoemprego e ao emprendemento non son máis que palabras baleiras, porque despois non hai medidas específicas, orzamento específico para axudar. Simplemente o Goberno de Galicia utiliza autoemprego e emprendemento para desentenderse da realidade que provocou, da realidade que ten diante dos seus narices, que é un paupérrimo mercado laboral.

O que resulta de todo isto é que as condicións laborais dos traballadores e traballadoras son o que din todos os indicadores especificamente: precarización e pobreza. Pobreza incluso para os traballadores. Porque cando falamos de pobreza xa é dramático, pero cando acuñamos a palabra de empregados pobres, realmente habería que revisala de forma importante e non presentar leis como se foran churros nun tiiovivo, leis que se poidan aplicar, leis orzadas e que sexan convenientes para a sociedade e para as empresas galegas.

En tempos de crise as iniciativas emprendedoras no ámbito da economía social, ao noso xuízo, deben de orientarse, por unha banda, á creación de empresas viables en sectores emerxentes e xeradoras de emprego de calidade, entre as que destacan as destinadas a ofrecer servizos á sociedade, as de carácter cultural, enerxético, medioambiental e turismo sostible, entre outras. E, por outra banda, a consolidación e o impulso dos sectores tradicionais.

Reseñar tamén que os colectivos novos de emprendemento deben ser clave no fortalecemento do tecido empresarial e da economía social. Lamentablemente, este proxecto de lei non dá solución nin saída a ningún destes plantexamentos, que ao noso xuízo son importantes.

Este proxecto non contempla medidas específicas, pero o que é máis grave, non contempla financiamento; é que o di a propia lei. Por iso, señor conselleiro, nos sorprende que vostede veña falar aquí de cantidades de millóns de euros, de non sei que, de plan estratéxico de aquí, de alá, cando a propia lei que vostede presenta aos grupos non fala de financiamento, en ningún momento, nin de medidas específicas; utiliza moito os infinitivos, pero nada máis.

Este proxecto non fala de fomentar o espírito empresarial baixo modelos das empresas da economía social, de impulsar a innovación social, pero financiada, de mellorar a competitividade, pero con axudas específicas, de favorecer a

empregabilidade e a inserción laboral, de incentivar o desenvolvemento do mundo rural e agrario, mediante fórmulas empresariais da economía social, porque o que temos como realidade neste momento en Galicia é a desertización do mundo rural.

Eu creo que ou vostedes non o ven ou non o queren ver. É dicir, eu, que pertenzo a unha provincia do interior, a demografía é unha lacra terrible, para que vostede veña falar aquí do emprendemento xoven no medio rural.

Mire, no medio rural xa non quedan nin os de mediana idade, os xóvenes hai moito tempo que non están, hai moito tempo que non están. É fundamental para nós facilitar o acceso ao financiamento ás entidades de economía social, que é algo que non está reflectido na lei baixo ningún dos conceptos.

O Goberno galego, polo tanto, non adopta medidas eficaces para pór en valor o tecido produtivo galego, para conservar o tecido produtivo galego; xa non digo para amplialo, xa non digo para –como vostede dicía– asociarlo, non, é que o tecido produtivo galego se está destruindo.

Como exemplo, señor conselleiro, reseñar –vostede que falaba de cooperativas– que máis de 200 cooperativas agrarias que hai en Galicia –polo tanto, obxecto da Lei da economía social–, que representan en termos de facturación e xeración de emprego; é a forma case única de comercialización de produtos agrarios indispensables para este sector produtivo. Ben, pois o Goberno presenta esta lei para pór en valor o cooperativismo, pero os orzamentos da Xunta de Galicia, os últimos orzamentos da Xunta de Galicia, non din isto.

Os orzamentos ao final son o verdadeiro programa de Goberno. E, ¿que din os orzamentos? Pois que o Programa 712C, de fomento do asociacionismo agrario e divulgación, etc., etc., diminúe, redúcese en máis dun millón de euros. Polo tanto, esa é a maneira de pór en valor o cooperativismo, e estamos falando xa dun cooperativismo establecido, tecido produtivo funcionando, que formaría parte desa Lei da economía social, pero o propio orzamento o despreza, e agora vostede vén aquí dicir que imos facer marabillas coas cooperativas, ¡home!, polo menos imos conservar as que temos, e non lles reduzamos o orzamento.

Entendemos, polo tanto, que esta é unha lei que en ningún aspecto senta as bases fundamentais para pór en valor a economía social galega, as empresas da economía social. Señor conselleiro, lamentablemente tan só é publicidade e propaganda, e o que queda por saber é para que lle vale esta publicidade e propaganda, porque realmente non vexo o obxecto, porque á xente que forma parte das cooperativas, á xente que está traballando nos servizos sociais, etc., etc., vostede pode falarlle de que ten unha Lei da economía social que os engloba e que os vai axudar, pero cando os seus salarios son precarios, cando están fóra do traballo porque se quedan fóra, cando os orzamentos se reducen para as cooperativas, pois, razoablemente, señor conselleiro, non entendemos cal é a realidade.

Ademais, preséntase a lei nunha conxuntura política e económica para Galicia moi adversa en termos de emprego. Temos que recordar que o paro rexistrado en Galicia ascende a 228.808 persoas en decembro, pero en xaneiro hai 7.639 persoas máis. Galicia, polo tanto, con ese dato é a terceira comunidade autónoma onde máis medrou o paro, esta é unha realidade. O número total de contratos rexistrados pasa de 68.646 no mes de decembro a 62.688 no mes de xaneiro, pero o 91,12 % deses contratos son temporais: precarización do emprego, pobreza dos traballadores, pobreza salarial.

A afiliación á Seguridade Social desde que Alberto Núñez Feijóo é presidente da Xunta e o Partido Popular goberna en Galicia é de 96.489 persoas menos. Esa é a realidade na que nos presentan esta lei.

Eu non sei se esa emenda á totalidade, esa reforma de Goberno que fixo o señor Feijóo obriga os conselleiros que teñen novas responsabilidades a cada un ter unha porcentaxe de leis que teñen que presentar, pero sería importante que nunha situación tan lamentable pois o que fixeramos, o fixeramos, polo menos, coa intencionalidade manifesta, co orzamento necesario para corrixir esta lacra que é o desemprego nesta comunidade autónoma; esta lacra que é o abandono dos xóvenes máis cualificados desta comunidade autónoma; esa lacra que é que as provincias e o rural se están desertizando; e que realmente a provincia do interior, como a miña, como Ourense, por moito que na última semana teñamos os conselleiros vivindo alí...,

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...todavía non se consegue que sexa eficaz para as cooperativas, para xerar emprego, en fin, para o que é obxecto das empresas da Lei da economía social.

Non me gustaría rematar –se mo permite, señor presidente– sen dicir que o 22 de febreiro era o Día europeo pola igualdade salarial. Lamentablemente, señor conselleiro, vos tedes seguen sen atender especificamente este aspecto. Vos tedes seguen sen ter en conta en ningún momento o xénero, nin no seu Goberno nin nas súas leis, nin na súa intención.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Mire, as mulleres todavía temos que traballar setenta e nove días máis ao ano para ter o mesmo salario que un home. Desde logo, se para solucionar o panorama laboral de Galicia é esta lei...

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, por favor, señora Quintas; remate xa.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...señor conselleiro, señores do Partido Popular, non haberá solución.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Quintas.

Grupo non emendante. Grupo Parlamentario Popular, señora Cancelo.

A señora CANCELO MÁRQUEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señor conselleiro, señorías.

Hoxe estamos a debater a totalidade dun importante proxecto de lei para o desenvolvemento económico e o fomento do emprego na nosa comunidade, a Lei da economía social de Galicia.

Este proxecto foi suxeito aos informes previos preceptivos por parte de organismos, de entidades, das cales se recibiron diversas suxestións, moitas delas incorporadas ao

texto. Nembargantes, na súa chegada a este Parlamento presentáronse, sorprendentemente, catro emendas á súa totalidade, a maioría máis referidas ao articulado que á propia lei, e incluso algunha redactada de tal forma que parece dar a entender que os emendantes non saben moi ben a que se está a referir o concepto de economía social, o que non impediu que solicitasen a devolución da mesma.

En concreto, refírome á emenda presentada polo Grupo Mixto, que amosa a súa incompreensión á non inclusión no Catálogo de entidades, no ámbito da economía social en Galicia, da representación por parte de organizacións feministas ou ONG, polo que comezarei lembrando a esta Cámara que é o que se entende por economía social.

Aínda que hai moitas definicións sobre o que é a economía social, xa presente na literatura económica dende o século XIX, por certo, a partir das ideas de determinados círculos católicos que querían buscar unha solución alternativa á que era a economía baseada no capital. *(Aplausos.)*

(Murmurios.)

Pero vou escoller a proposta no ano 2008 polos meus colegas da Universidade de Valencia membros do CIRIEC, Rafa Chaves y José Luis Monzón, porque é a definición que adoita...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CANCELO MÁRQUEZ: ...o Comité Económico e Social Europeo.

E, ¿que di da economía social? Que é o conxunto de empresas organizadas formalmente coa autonomía de decisión e liberdade de adhesión creadas para satisfacer as necesidades dos seus socios a través do mercado, producindo bens e servizos..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio.

Perdoe, señora deputada, parece que temos un problema aí co micrófono. A ver se poden arreglar o micrófono...

A señora CANCELO MÁRQUEZ: ...perdón– asegurando e financiando, e na que a eventual distribución entre os socios

dos beneficios ou excedentes, así como a toma de decisións, non están ligadas directamente ao capital, senón que corresponde a cada socio unha distribución en función da súa participación no traballo, e polo tanto tamén un voto nas decisións.

Polo tanto, a economía social engloba un conxunto de organizacións cuns principios característicos que os diferencia das empresas tradicionais e con rasgos comúns que a profesora Vara resume e eu vou seleccionar un par deles. Realizan actividade económica e utilizan de forma maioritaria fórmulas empresariais, xorden como unha asociación de persoas e manteñen nun lugar prioritario os dereitos das persoas fronte aos dereitos da propiedade, e incorporan aos seus obxectivos unha orientación social.

Falamos de actividade económica, pero tamén falamos da orientación social, esa é a combinación que define que son entidades de economía social. Polo tanto, as ONG e as organizacións asociativas feministas non pertencen a este ámbito.

Continuando coas emendas, sinalar que a presentada polo Grupo AGE semella máis un panfleto político, e confunde o verdadeiro concepto e alcance tamén da economía social. Aínda que a economía social inclúe dúas tipoloxías de empresas que teñen a inclusión social como o seu obxectivo fundamental –falo de centros especiais de emprego ou de empresas de inserción laboral–, o alcance do sector é moito maior, xa que pola súa definición sitúa as persoas por riba do capital, teñen un funcionamento democrático, aplican beneficios a medida dos servizos, funcionan con autonomía dos poderes públicos, proporcionan emprego estable e de calidade para os traballadores, aseguran a vinculación e a permanencia no territorio e teñen demostrado ser máis resistentes á crise que as empresas baseadas na propiedade do capital.

Por iso non se entende que o Grupo AGE estea en contra de que se queira asegurar o seu presente e o seu futuro, ou que estea en contra de que estas empresas melloren a súa competitividade, por outra banda básica para a súa permanencia, cando sempre están aquí falando de que son os grandes defensores dos sectores produtivos de Galicia.

Dende logo, nós apostamos por fortalecer, consolidar e garantir a autonomía das empresas da economía social. Só así terán capacidade de xogar o importante papel ao que están chamadas, logrando unha distribución de riqueza máis

equitativa, asentando a poboación no territorio e logrando unha maior cohesión social.

E iso porque a través desta lei se establece a necesidade e o compromiso dos poderes públicos galegos de contribuír a mellorar a xestión destas entidades, a formación e a actualización profesional das persoas vinculadas a elas, a estimular a innovación, facilitar a súa participación nas políticas públicas de emprego, facilitar e simplificar a súa relación coa Administración e favorecer o seu acceso á contratación pública. Todo iso amén de fomentar e difundir os seus valores, dinamizar o emprendemento a través destas fórmulas ou introducir estes valores no ámbito do ensino.

Na emenda tamén se cuestiona o modelo adoitado para o Consello de Economía Social, cando a participación na elaboración das políticas de emprego é un dos obxectivos expresos e anunciados nesta norma. Pero ademais este consello está configurado como órgano de colaboración, de coordinación e de interlocución no ámbito da economía social de Galicia, con capacidade para participar na planificación dos programas de promoción e difusión da economía social, incidir nas normas que lles afectan e asesorar na integración das políticas de fomento de economía social coas de emprego, desenvolvemento local ou rural.

Ademais, a representatividade da economía social no Consello é moi ampla, maior que a da Administración, o único órgano no que se recoñece e dá voz a toda a diversidade de actividades de economía social e aumenta a posibilidade de colaboración non institucional entre as diferentes entidades de Galicia. Por último, esta lei non pretende establecer un novo marco laboral, nin regular, polo miúdo, o funcionamento de cada unha das categorías das entidades, xa existen mecanismos para garantir todo iso.

Recordemos que o obxectivo da lei é establecer unha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que integran a economía social de Galicia, con pleno respecto á normativa específica que se aplica a cada clase de entidades.

Non podemos tampouco compartir a valoración que o Bloque Nacionalista Galego fai do proxecto de lei, xa que cumpre cos obxectivos que marcan as institucións europeas, os países máis avanzados e os principais investigadores da economía social, que é o trato diferenciado que merece este sector que se

recolle na lei, contribuíndo á visibilidade e coñecemento do mesmo, dotándoo dun marco xurídico común e que deixa a salvo as peculiaridades da regulación propia de cada unha das categorías de empresas que a compoñen.

Ademais, senta as bases e principios sobre os que debe sustentarse a actividade futura, tanto dende o punto de vista do financiamento, como da formación, innovación, emprego e outros.

Está claro que as medidas de fomento da economía social que propugna esta lei non se esgotan con ela, nin esta é a pretensión; o seu obxectivo é darlle visibilidade, relevancia e coherencia normativa a un sector disperso, con actividade e peso específico social e económico, moi diverso pero moi importante.

A aprobación desta lei non substitúe, senón todo o contrario, o que fai é avanzar na posta en marcha de medidas concretas de fomento ou na elaboración de estratexias que definan o horizonte das políticas públicas nesta materia.

Sobre a creación do Consello, non contradí o discurso de austeridade da Xunta de Galicia, posto que non haberá ningunha nova estrutura administrativa, trátase de darlle a posibilidade ao sector de que sexa partícipe das medidas normativas ou da xestión pública que lles poidan afectar, e iso con valor de lei.

Por outra banda, non podemos compartir a visión de que con esta lei se trata de poñer a pelota noutros tellados, non se trata de eludir compromisos, senón de todo o contrario. Non se promovería unha lei que sente as bases de actuación pública para o fomento da economía social se a Xunta de Galicia non estivese implicada ao máximo nesta tarefa.

Precisamente o seu valor social, o seu peso económico, os valores e principios nos que se basea a economía social, fan merecedor a este sector de que non só a Xunta, senón tamén outras entidades, se impliquen na súa promoción, tal e como se vén poñendo de manifesto a través de iniciativas como a rede Eusumo.

Se analizamos as emendas presentadas polo Partido Socialista de Galicia, nova sorpresa, xa que deberon ler un texto que non era o que estamos a debater hoxe.

Así, afirman que no Consello de Economía Social non hai representación sindical, ou empresarial, cando se recolle claramente no artigo 11.1 letras f) e g).

O mesmo acontece coa transposición da Directiva da Unión Europea sobre a contratación pública, dado que no artigo 14, apartado 2.k), inclúe a cláusula social que, tendo en conta as características e valores da economía social, favorezan a súa participación na contratación pública galega.

Sobre a ausencia de fondos, xa me referín antes a que a lei terá o seu desenvolvemento posterior, que debe de ser dinámico e non estático, a través das medidas concretas que se comprometerán nos correspondentes orzamentos, ademais do xa comprometido, que poderá redefinirse e reorientarse en función das necesidades que haxa en cada momento.

Non vou pararme máis nas facultades do Consello de Economía Social, do que xa comentei o seu importante papel na definición de políticas e de dar voz ao sector ante a Administración galega.

Pero esta lei ten moitos máis aspectos importantes e novedosos, que seguro que beneficiarán a todo o conxunto de entidades e, polo tanto, contribuirán a mellorar o tecido produtivo da nosa economía.

Por exemplo, a posta en marcha do catálogo, que permitirá unha visibilidade real da actividade económica que realizan esas entidades, o financiamento que se recolle e sinala a necesidade de instrumentos específicos. Falamos de microcréditos, si, claro, para pequenos proxectos, pero tamén de fondos de capital-risco para proxectos que teñan maior envergadura, e que non están en contradición co que é a economía social. ¡Non, para nada!

A xuventude tamén está reflectida na lei, creándose a figura das cooperativas xuvenís, con menores requisitos, tanto económicos, capital social mínimo para constituírse –300 euros en lugar de 3.000–, como tamén a tramitación da propia cooperativa, xa que se reducen os trámites e os custos de constitución.

En relación co recollido na disposición derradeira terceira, comezarei por sinalar que se está a adaptar a normativa

autonómica en materia de autorización de servizos sociais á normativa comunitaria e normativa estatal básica, a cal desenhá un sistema que elimina as regulacións innecesarias, establece procedementos máis áxiles e minimiza as cargas administrativas.

Pero o anterior faise recollendo as especificades propias dos servizos sociais, especialmente a protección dos dereitos das persoas destinatarias dos mesmos, e a garantía duns servizos sociais de calidade, que fan preciso configurar un réxime propio descrito nesta lei, respecto do que sería o tema de autorización.

A exposición de motivos da Lei da economía social, que se tramita, xustifica claramente a necesidade de modificar a Lei de servizos sociais. En conclusión, a existencia do réxime de autorización, sometido aos principios de necesidade e proporcionalidade, están suficientemente motivados legalmente, e especificando a súa concorrencia, atopándose circunscritos na normativa vixente, e establécese que estas razóns non poidan salvagardarse mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa, polo que o réxime resultante mantén a autorización coma unha garantía necesaria para a prestación de determinados servizos sociais.

Sobre a alegación que fai o Partido Socialista de Galicia, sinala que o texto foi remitido por correo electrónico o día 2 de outubro do ano 2015 aos membros do pleno do Consello Galego de Benestar Social, que o analizaron na súa reunión do 4 de novembro, e nese pleno informouse das implicacións que supón na tramitación do anteproxecto en materia de servizos sociais, sen que ningún dos membros do devandito pleno manifestase ningunha obsesión á continuación da tramitación.

Pero, ¿por que é importante esta lei? Porque apoiar o sector da economía social de Galicia é achegar solucións para incrementar a creación de emprego na nosa comunidade, é un estímulo para a dinamización do autoemprego e do emprendemento enraizado no territorio, e que ten como protagonistas, precisamente, as persoas.

Porque o papel da Administración non é crear postos de traballo máis aló dos necesarios para o seu propio funcionamento, senón fixar as condicións para que a economía poida

crecer, apoiar e legislar as condicións para que as empresas poidan medrar e crear, polo tanto, emprego.

Para elaborar esta lei, foron consultados os sectores máis dinámicos da economía social de Galicia, en concreto as asociacións que están representadas no Consello Galego de Cooperativas, acordándose con elas bastante parte dos contidos da lei, e incorporáronse, tamén, algunhas das súas suxestións.

Señorías, como se deduce da miña exposición, o Grupo do Partido Popular vai votar en contra das emendas presentadas á totalidade da lei, para que continúe cos trámites parlamentarios, porque cremos que esta é unha lei importante, útil e relevante.

Para finalizar, no contexto no que nos atopamos de espazos de entendemento, liñas de consenso e puntos de encontro, non dubido de que ao final do proceso este Parlamento aprobará por unanimidade esta lei, pioneira nas comunidades autónomas españolas, ao igual que aconteceu no Congreso dos Deputados de España.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Grazas.

Rolda de réplica dos grupos emendantes. En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Consuelo Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señora Cancelo, despois de escoitala a vostede non sei se chorar ou rir, porque xa queda un realmente descolocado. A min con que me leven xa á definición do século XIX, ¿como se non tivera cambiado o mundo! ¿Para vostede as mulleres seguimos sendo as mulleres do século XIX?

¿Pero que está contando vostede aquí? Vostede si que non se entera, e é peor, non se respecta nin a si mesma como muller, e iso é o peor que lle pode pasar a unha muller, ¿vale? *(Protestas.)*

Porque hai que recoñecer que as mulleres sufrimos unha discriminación bestial neste país, a todos os niveis, e que, polo tanto, o propio Partido Popular foi quen dixo que as políticas

de igualdade teñen que ser transversais e estar en todas as leis. E dío ata a propia Secretaría Xeral de Igualdade.

Pero para vostedes sobran, sobran as feministas e sobra a representación das mulleres nunha lei como a da economía social. Bravo, señora Cancelo, acaba vostede de poñerse unha medalla que non vai poder con ela.

Pero mire, ademais é todo unha falacia, porque unha lei sen orzamentos non é máis que unha falacia, é propaganda, non vale para nada, ¡para nada! Non regula nada, non establece que apoios, non establece nada, señor conselleiro. Síntoo, pero non é nada, é baleira, só regula que entidades forman parte da economía social, e faltan entidades, e o Consello Social. É o único que regula, o único, e o demais non vale para nada.

Evidentemente, eu estou tamén de acordo que todos os servizos sociais necesitan a pertinente autorización da consellería competente, non pode quedar nunha declaración de responsabilidade coa comunicación previa.

Pero tamén xa é o colmo que nos falen, porque aquí todo se confunde, e eu creo que deberían de pedirlle a alguén que lles dera unha clase do que é a economía social, do que é o autoemprego, do que é unha empresa, é que parece que non se quen enterar do que está ocorrendo nin da diferenza. Para vostedes todo é autoemprego, e todo vale coas mesmas normativas.

Despois din que esta lei serve para o desenvolvemento económico e social de Galiza. Pois para iso haberá que desenvolvela, porque isto que vén aquí non serve para nada, ¡para nada, de nada, de nada!

Non lles serve nin ás organizacións sociais, nin ás entidades de economía social, nin ás cooperativas, que xa teñen a Rede Eusumo, que é onde lles mandan, e nada máis, iso é todo ao que se remite esta lei.

Pero é que, ademais, debería vostede saber, señora Cancelo, que hai xa definicións de economía social en toda Europa, que se distancian moitísimo das do século XIX, fíxese. É que o tempo pasa e as cousas van cambiando.

E dentro desas definicións inclúense as organizacións de produtores, de consumidores, de aforristas, de traballa-

dores, rexidas polas prácticas democráticas, autonomía na xestión, primacía da solidariedade e as persoas sobre o capital e os beneficios. Iso, e aí está todo o mundo.

E o que me parece tremendo é que vostede pretenda reducir isto, e o Partido Popular –vostede neste caso como voceira do Partido Popular, que lle toca defender este penoso texto– o único que pretende é dar carpetazo a un problema, vender fume. Ten unha realidade social que está chamando –e témolo falado neste Parlamento moitas veces– a que o Goberno aposte decididamente polas cooperativas, polo traballo cooperativo.

E todo o contrario, miramos como dentro do ámbito rural, que sería deses ámbitos máis importantes, onde se pode facer un gran traballo de cooperativismo, non está feito; vemos como todo o contrario, pola Lei de acuicultura, que agora parece que se leva, retírase xa, definitivamente, pero, evidentemente, aquí ao que estabamos chamando era a que as mariscadoras foran autónomas, non a crear cooperativas.

Vostedes non cren no traballo cooperativo, non cren na economía social, só cren na economía especulativa, e no beneficio das grandes empresas e das grandes corporacións.

Por iso eu manteño a miña emenda á totalidade, e espero que se realmente vostedes teñen ese sentido democrático de igualdade e de beneficio social que debe ter esta lei, retiren este proxecto de lei, e en todo caso presenten outro que, realmente, contemple o que é a economía social, contemple como se vai orzar esta lei e contemple as vías de desenvolvemento, de aposta e de crecemento da economía social, así como que recoñeza na lei todos os beneficios e todas as aportacións que as entidades de economía social aportan ao noso país.

Déixense de propagandas e poñan unha lei enriba da mesa que se poida debater.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Imos apoiar o resto de emendas dos outros grupos da oposición, porque entendemos que van encamiñadas no mesmo sentido, houbo unha serie de críticas xerais ao propio texto legal, que desgraciadamente non parecen facer reflexionar ao Partido Popular.

É unha lei carente practicamente de utilidade, que só regula un catálogo e un consello, é unha lei baseada en principios liberais totalmente alonxados –repiño– da economía social e do concepto de economía social na transformación da sociedade, e, polo tanto, podería rematar aquí, irme e finalizaría.

A verdade é que resulta asombroso que sendo a emenda da Alternativa Galega de Esquerda un panfleto, nin sequera teña capacidade a señora deputada do Partido Popular de entendela, para ser un panfleto e cortiño, asómbrame bastante que non entendera o sentido da emenda. Nin sequera fixo referencia a ela na intervención; volvo repetir que non sei se a entendeu ou non.

A realidade é que temos un nivel de ocupación laboral no noso país que volveu aos niveis do ano 2001; a realidade é que resulta paradoxal que o propio conselleiro trasladase antes a relación que o emprego industrial, cando se destruíu un 13,4 %; a realidade é que a Xunta de Galicia recortou dende o 2009 un 51 % dos orzamentos para o emprego, é dicir, para a inserción laboral, etc., etc. Témolo debatido noutras ocasións nas comisións.

A realidade é que se recortou o gasto social en 641 millóns de euros, polo tanto, recortouse o emprego público e suprimíronse tamén moitas prazas de emprego público, a maiores da aplicación desas taxas de reposición.

A realidade é que a taxa de actividade de Galicia é a segunda peor taxa de actividade do conxunto do Estado, e, polo tanto, o que non poden pretender é que mediante o autoemprego se solvente, precisamente, todo o emprego que o Partido Popular leva destruído nos últimos anos. A economía social non é unha ferramenta para solventar-lle os seus problemas. É máis, se vostede quere facer referencia precisamente ás entidades católicas, eu estou de acordo e pediríalle por favor que estudase os datos e as

denuncias que Cáritas ten feito a respecto da situación laboral e da situación... (*Murmurios.*) Por favor, eu pediría á Presidencia que pedira un pouco de respecto á deputada que está facendo un aceno de que esta deputada que está intervindo está tola. Eu pediría un pouco de respecto... Si, si, pediría un pouco de respecto porque eu non fixen ningún aceno nese sentido e respecteí a intervención, a pesar de que se nos dixo que a emenda deste grupo parlamentar era un panfleto.

Polo tanto, o que temos sobre a mesa son uns datos de Cáritas que nos falan da pobreza que hai entre a clase traballadora, de que ter un traballo a día de hoxe non é seguro de ter asegurada unha vida digna e de que non se están a atacar as causas estruturais da pobreza no noso país. E, polo tanto, se o Partido Popular quere falar das recomendacións das entidades católicas, que fale destas.

E referente outra vez ao texto legal presentado, obviamente, entendemos que é imprescindible a devolución deste texto para que se faga algo meramente útil, porque –xa repiño– non hai medidas concretas na lei para fomentar a economía social, para fomentar o cooperativismo. Non hai nada concreto máis aló do catálogo e máis aló do que ten que ver con ese consello que realmente non vai asegurar absolutamente nada. Non é seguro que se fomente nada neste sentido.

Os fondos de capital-risco non son un modelo de financiamento válido para a economía social; a economía liberal é a antítese da economía social. Volvo trasladar aquí que non se pode rexer a economía social, que debería ser un método de transformación social, polos principios liberais económicos. É absolutamente absurdo, ou sexa, non cabe na cabeza de ninguén.

E volvo repetir: que se desprece aquí o termo tan importante para nós –dixérono o resto de voceiras tamén– do que é a igualdade, que non estea presente en ningún lugar a igualdade entre mulleres e homes nesta lei, que non estea presente a visión de xénero na lei e que non exista a transversalidade que tanto se cacarexa, pois a verdade é bastante preocupante.

E volvo dicir: que non estean a totalidade das entidades sindicais representadas é unha eiva, porque hai problemas

tamén para os traballadores e traballadoras das entidades sociais. A verdade é que é bastante lamentable estar debaixo isto e que o conselleiro estea whatsappeando co móbil, (*Murmurios.*) sinceramente. (*Murmurios.*)

Ben, remato xa, entendemos... (*Murmurios.*) que esta lei... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Remate.

A señora Solla FERNÁNDEZ: ...ten que devolverse, (*Murmurios.*) que non hai... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora Solla FERNÁNDEZ: ...posibilidade... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora Solla FERNÁNDEZ: ...de camiñar no eido social con este texto legal. E, dende logo, esta actitude que está manifestando o Grupo Popular non é a máis adecuada para ter un debate sereno e serio sobre o que ten que ser a economía social no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora Adán Villamarín: Grazas, presidente.

Dende o Grupo Parlamentar do BNG tamén imos apoiar as emendas dos outros grupos porque cremos que coinciden no fundamental: na carencia de contido, de medidas concretas, de instrumentos de financiamento e na sobredimensión dese Consello de Economía Social que non dá solucións. É que, ademais, entendemos que a señora Cancelo tampouco desmontou as argumentacións que demos tanto nas propias emendas á totalidade como na exposición que tentamos facer aquí dende esta tribuna para explicar a nosa posición.

Eu entendo que neste debate, no que estamos falando de economía social, cando menos poida parecer estraño ou lle sorprenda ao propio conselleiro ou á propia Consellería que fagamos tanto fincapé por parte das voceiras en falar do tema da transversalidade de xénero. Pero, mire, señor conselleiro, se hai algunha lei das que levamos debatido durante esta lexislatura a respecto de materia de economía, de emprego, de industria e relacionado con este ámbito do emprego, na que debería materializarse realmente unha aposta pola transversalidade de xénero é esta, porque é aquela que recolle os aspectos fundamentais do autoemprego das mulleres. As mulleres a partir dos 40-45 anos, se son despedidas dos seus postos de traballo –e así o din os informes–, o que buscan é autoemprego, ben sexa polo que se denomina emprendemento –que é: *búscate la vida como puedas*– ou a través doutras liñas, como poden ser, por exemplo, o cooperativismo. De aí que sorprenda que non haxa ningunha referencia, que non haxa medidas concretas, que non se introduzan incluso as cativas valoracións que fai o propio informe de xénero.

Porque, ademais, o que se pon en cuestión –e eu non vou debater aquí sobre conceptos de economía nin nada polo estilo–... Pero é verdade que hai economías alternativas –como a economía do coidado– moi relacionadas coa economía social onde se busca outra relación coas persoas e outra relación coa formación dos beneficios. E tampouco aparece recollida. E era un bo momento, aínda que tan sequera estivera na exposición de motivos, para introducir novas categorías, a relación entre a economía e as persoas e a relación da economía do coidado. Está claro que hai unha serie de traballos gratuítos que tradicionalmente fixeron as mulleres que pasaron ao ámbito xa de ter un intercambio monetario ao respecto. Unha parte importante deses traballos aparecen recollidos a través das entidades que aquí se regulan, e non hai ningunha perspectiva de xénero ao respecto. De aí que boa parte das nosas intervencións teñan xa referencias, porque era exactamente a lei que mellor podería recoller esa transversalidade de xénero. É unha mágoa. Agardemos que sexamos quen, no tempo que temos para establecer as emendas parciais, para incorporar iso.

Porque, ademais, é unha lei que debería falar tamén en termos de pobreza, de redistribución... Xa foron dados aquí datos, datos do desemprego. Hoxe, por exemplo, podíamos

ver un titular: “Galiza só conta cunha persoa traballadora por cada pensionista ou persoa desempregada”. É dicir, estamos nunha situación económica realmente preocupante, e tampouco aparece recollido nesta lei. É unha oportunidade perdida para regular doutra forma a economía social, pero tamén para dar un debate sobre qué modelo económico de economía social e de economía do coidado queremos.

Por iso nós seguimos mantendo esta emenda á totalidade. Agardamos que neste trámite de ponencia teñamos a capacidade para introducir medidas concretas, modelos de financiamento e perspectiva de xénero.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, quero empezar como rematei.

Creo que se esta lei é para solucionar o panorama laboral galego o panorama laboral galego empeorará.

E, señora deputada do Grupo do Partido Popular, se vostede pensa que buscar en internet a Joaquín Díaz de Rábago *es mucho más consistente*, pois alá vostede. Se vostede entende que a economía social debe retrotraerse e ir para atrás, a 1837, *(Aplausos.)* 180 anos atrás, pois claramente nos di cal é a súa intención. Lamento dirixirme á señora deputada porque eu entendo que os deputados vimos falar da lei e non contestarlles aos grupos políticos, que entendo que debe ser a función do conselleiro, pero se o conselleiro necesita axuda, pois, para nós, benvida.

Esta Lei da economía social presentada está lonxe dunha norma específica. E tamén, señora deputada –que me esquecín–, mire, vostede ten esta manía de entender que están por encima *del bien y del mal*, de entender que son os únicos que len... Señora deputada, se vostede cre que cun representante das organizacións sindicais están representados os traballadores e os intereses laborais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –vou esperar a que fale– dos homes e mulleres galegas, pois, eviden-

temente, 180 anos atrás. Bueno, melloramos un pouco, que hai un representante sindical. Porque, mire, hai un representante das organizacións empresariais, pero, claro, seis persoas das cooperativas, unha persoa de sociedades laborais, unha de centros especiais de emprego...; é dicir, entendemos que a empresa está representada. Pero se vostede entende que os traballadores e traballadoras de Galicia das empresas de economía social, cooperativas, etc., están representados por unha persoa, pois eu comprendo que a que non ten lectura comprensiva é vostede.

Por outra parte, falabamos das entidades do Consello Galego de Benestar, que eu creo que debería de ler este papelito que manda unha señora que se apelida Porro –*y que yo creo que del Partido Socialista no es–, y ya le explica que no es suficiente.*

Pois, bueno, señor conselleiro, o proxecto de lei, dende a perspectiva socialista, ten moitas eivas. Os socialistas propomos que exista unha transposición da Directiva da Unión Europea sobre a contratación pública; é algo que se quere propor no novo programa de goberno. Establecer un tratamento fiscal favorable para as empresas da economía social, unha reforma da Lei das cooperativas –señor conselleiro, que falaba vostede das cooperativas, pero xa sabe que a reforma da lei é competencia estatal–, a regulación da economía colaborativa da economía social, entre outros, son os aspectos que nos gustaría aos socialistas que se consideraran dentro da lei.

Moitas das propostas que se fan neste proxecto nin sequera –como lle dicía a súa compañeira, a señora deputada– contan cos informes sectoriais das consellerías competentes, a pesar de que vostede na súa introdución dixo que falaran con todas as consellerías, pero entendemos que non conta con todos os informes competentes. Non contempla novas medidas efectivas de financiamento para as empresas, a pesar de que vostede falou aquí de certo orzamento e dunha cantidade económica, pero, bueno, non figura na lei, dado que o proceso de reestruturación e saneamento das entidades de crédito derivou en que estas empresas tampouco teñan acceso aos créditos e ao financiamento.

Abunda en diversos enunciados o pouco contido real e a eficacia empresarial e non precisa –e repito– medidas concretas. Apréciase unha falta de concordancia entre o carácter xeral do título e a finalidade da lei. No substancial este texto

o único que regula é o Consello de Economía Social, limitándose a enunciar aspectos programáticos.

Con respecto ás facultades de actuación do Consello de Economía Social, resultan excesivamente limitadas, tanto nas propostas normativas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...como para a emisión de informes.

Nós entendemos que as reformas da normativa de servizos sociais que se prevén no anteproxecto deberían terse realizado logo do oportuno debate coas entidades que participan no Consello Galego de Benestar. E consideramos que debía de terse falado cos colectivos afectados na prestación dos servizos, cos dirixidos á atención da infancia, aos maiores e ás persoas con discapacidade, e cos dirixidos á loita contra o desemprego e cos dirixidos ao aloxamento social, entre outros.

Por este motivo o Grupo Parlamentario Socialista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...señor conselleiro, presenta unha emenda á totalidade e apoiará as emendas do resto dos grupos.

Como digo, lamentablemente, é unha lei que non vai solucionar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...o problema...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...laboral en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Pasamos ás votacións dos textos lexislativos.

Comezamos pola votación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Comezamos coas votacións das emendas á totalidade.

Votación da emenda do Grupo Parlamentario Mixto, que é unha emenda de devolución.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. Mixto, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 59; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda de devolución.

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 59.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda con texto alternativo.

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 41; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda con texto alternativo.

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 47; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda con texto alternativo.

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. Popular de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 8; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta emenda con texto alternativo.

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada esta emenda con texto alternativo e, consecuentemente, queda aprobado o Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Póñense a votación as emendas ao Proxecto de lei da economía social de Galicia.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. Mixto, ao Proxecto de lei da economía social de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, ao Proxecto de lei da economía social de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei da economía social de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G.P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei da economía social de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Consecuentemente, rexeitadas as emendas, o proxecto segue o seu trámite parlamentario.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender a sesión ata a tarde, paso a ler unha declaración que me fan chegar todos os grupos en relación co problema de Tragsa e Tragsatec:

“O pasado 21 de xaneiro, a empresa pública Tragsa e a súa filial Tragsatec daban por finalizada a aplicación do ERE

que viñan aplicando, de forma que este expediente afectou en toda España a 555 persoas, dos 1.336 despedimentos previstos inicialmente.

En Galicia, os despedimentos afectaron a 77 traballadores e traballadoras, o que representa un 32 % sobre o cadro de persoal fixo, establecido en 238 empregados, unha cifra alarmantemente alta. Entendendo que o ERE non pode afectar desta forma a nosa comunidade, e entendendo que as causas que o xustificaron xa non están vixentes, o Parlamento de Galicia insta á reincorporación dos traballadores da empresa na nosa comunidade afectados polo devandito ERE.

Neste sentido, o Parlamento galego amosa o seu apoio aos traballadores de Tragsa e Tragsatec en Galicia e insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e á dirección das empresas para solicitar a readmisión dos 77 traballadores e traballadoras despedidos en Galicia, e a que inste a empresa a iniciar coa maior brevidade posible as negociacións necesarias cos representantes legais do cadro de persoal para dar fin ao conflito laboral creado, toda vez que as causas económicas, produtivas e organizativas que no seu día xustificaron o procedemento de despedimento colectivo se viron modificadas.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2016.”

O señor PRESIDENTE: Nada máis. Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

O señor PRESIDENTE: Continuamos a orde do día, no punto cuarto, coa comparecencia do señor conselleiro de Política Social.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais da política familiar

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Política Social.

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):

Señor presidente, señorías, comparezo por petición propia neste Parlamento para explicar as liñas que esta consellería está a desenvolver a prol das familias galegas. Por primeira vez dende o 2008 Galicia ten uns orzamentos expansivos, unha maior marxe orzamentaria, que vai dirixida, en gran parte, a dar un novo impulso social para ter uns mellores servizos sociais e chegar a un maior número de familias, a un maior número de galegos e de galegas.

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, conselleiro. Parece ser que temos outra vez problemas co son. A ver se nolo dan arranxado. (*Murmurios.*) Pois estiveron probando aquí aínda agora mesmo e funcionaba perfectamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

É que cambiaron os aparatos; cambiou o presidente, pero tamén cambiaron os aparatos. (*Risos.*) (*Breve pausa por problemas da megafonía.*)

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):

Dicía que o noso compromiso coa xente se reflicte nun incremento dun 12,5 % das partidas consignadas para investimento social respecto do orzamento do ano 2015. Así, o orzamento da nova Consellería de Política Social, como saben perfectamente, ascende a 618,5 millóns de euros. Este reforzo orzamentario significa máis recursos para seguir apoiando as familias e os que máis o precisan, para poñer en marcha novos programas e medidas de loita contra a desigualdade e exclusión social e tamén para atender os nosos maiores e as persoas con diversidade.

Temos a ambición de que Galicia se sitúe entre os lugares con maiores atencións públicas, sociais e sanitarias á infancia, e de facer deste país un lugar mellor para ter fillos, pero, sobre todo, o mellor lugar posible para ser neno ou nena.

Galicia ten hoxe unha poboación envellecida. Para xestionar con éxito os impactos do cambio demográfico e lograr inverter esta tendencia son precisas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) (*Continúan os problemas de son na sala.*) (*Pausa.*)

Dicía que para xestionar con éxito os impactos do cambio demográfico e lograr inverter esa dinámica son precisas

actuacións transversais e sensibilizar os gobernos europeo e estatal do alcance dos desafíos aos que nos enfrontamos. Ningunha medida é a solución, e o reto non se resolve nun ano, pero cómpre que poñamos todos da nosa parte.

A situación demográfica de Galicia é o resultado dun conxunto de múltiples factores de diversa índole: biolóxica, social, cultural e económica. Reverter a situación demográfica é un auténtico obxectivo de país, e para alcanzalo cómpre desenvolver actuacións que non competen unicamente a este departamento autonómico. Sirvan de exemplo as rebaixas fiscais anunciadas por Facenda, as cales repercutirán directamente nos fogares coa redución do IRPF ou coa eliminación do imposto de sucesións para a maioría das familias.

Por suposto que non é a nosa misión, como representan-tes públicos, dicirlle á xente cando debe ter fillos ou por que. Non se trata de ningunha política natalista, trátase de que, como administracións, temos que ser sensibles, próximos e dar máis facilidades aos pais e ás nais que queiran facelo. Todos os que estamos nesta Cámara somos conscientes da necesidade de revitalización demográfica que ten Galicia, pero ningunha muller nin ningún home, dende logo, tomarán decisións pola convicción que teñan os representantes dos galegos e das galegas. No que temos que esforzarnos e traballar é en garantir que todas esas persoas que decidan dar o paso e ter fillos si poidan estar seguros de que terán ao seu carón un país para apoialos nese reto.

Somos conscientes da importancia que ten na nosa terra a revitalización demográfica. Os estudos máis recentes sobre a evolución dos principais indicadores demográficos e as previsións dun continuado decrecemento da poboación sitúan a Galicia ante un problema estrutural de importantes consecuencias. Acadar a revitalización demográfica e o recambio xeracional convértese nun obxectivo urxente e imprescindible para a sustentabilidade económica pero tamén para a sustentabilidade social de Galicia. Así se recolle no Plan estratéxico 2015-2020, que vén de presentar o Executivo autonómico; un documento que fixa a planificación a medio prazo e que sae do traballo conxunto do Goberno da Xunta de Galicia e das achegas da cidadanía. A prioridade deste plan pasa por consolidar a recuperación económica na segunda metade da década, acadando unha Galicia máis igualitaria e con máis oportunidades, con máis emprego, con

máis produtividade, cunha maior cohesión territorial e social e, polo tanto, cun benestar reforzado. E, para conseguir estes obxectivos, a recuperación demográfica representa un eixo de actuación neste plan.

Nesta liña, o plan aposta por implantar un paquete integral de medidas para a revitalización demográfica de Galicia co obxectivo de que a comunidade autónoma se achegue –por suposto, progresivamente– á media de fillos da Unión Europea, situada en 1,59. Ademais, o Plan estratéxico 2015-2020 permitirá converxer en 8 puntos coa media da Unión Europea en PIB per cápita, ata chegar ao 88 %.

A recuperación demográfica é, polo tanto, un reto de presente e de futuro. Non é unha cuestión exclusiva da nosa comunidade, non entende de partidos políticos nin de gobernos. Por iso acadar consensos en torno a esta cuestión para que forme parte da axenda de todos os gobernos no futuro resulta fundamental.

Dende hai anos Europa vive unha transformación demográfica por mor dunha serie de factores que foron modificando os padróns de vida: o incremento da esperanza de vida, o retroceso da idade da primeira maternidade, o crecemento do número de persoas maiores en situación de dependencia, a diminución das familias extensas, o incremento de familias nucleares e, polo tanto, de apoio familiar, e o aumento de familias sen ingresos estables.

Galicia, o mesmo que Castela-A Mancha, Castela-León, Estremadura, Asturias, Aragón, Cantabria e A Rioxa, é unha rexión especialmente afectada por este fenómeno. Son varias xa as previsións que apuntan a que nunha década Galicia podería chegar a perder 147.000 habitantes, segundo datos do IGE, máis dun 5,3 % da poboación actual. En 2051 a perda de poboación podería deixar a Galicia, seguindo cos datos que temos actualmente, en 1,7 millóns de habitantes, que é un 37 % menos que a poboación actual.

Neste escenario, a Xunta de Galicia vén considerando unha prioridade afrontar o devalo demográfico en todo o seu contexto, e abordalo cunha lóxica integral que non só abranque a todos os ámbitos de actuación da Xunta, senón que se dirixa tamén á Unión Europea e ao Estado español, en tanto que desenvolven as súas competencias en Galicia, para

mobilizar actuacións e recursos que se sumen aos da Comunidade Autónoma.

Ante esta realidade da que somos conscientes todas as comunidades autónomas afectadas por balances demográficos negativos, e convencidos de que para inverter a dinámica demográfica son precisas actuacións transversais en todos os eidos, en seis comunidades autónomas que representan o 60 % do territorio de España pero soamente o 23 % da poboación, entre elas Galicia, poñíase en marcha o Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos. Ata o momento desenvolvéronse tres reunións –a última delas o pasado luns en Valladolid–, nas que se acordaron algunhas cuestións e novas medidas que quixera compartir con esta Cámara.

Primeiro, trasladar a Europa, a través dunha xuntanza co comisario László, a presenza no Comité das Rexións da problemática na que nos encontramos e solicitar e conseguir que o Goberno central inclúa un obxectivo transversal denominado “cambio demográfico” no Acordo de Asociación de España 2014-2020 remitido á Comisión Europea. O obxectivo é que Europa sexa consciente da necesidade de ter en conta no deseño das políticas as especificidades derivadas do cambio demográfico. A política de cohesión europea debe estar moito máis estruturada para dar resposta a eses desafíos demográficos. O noso papel debe ser o de sensibilizar a poboación e dar pasos na dirección axeitada para construír unha Galicia mellor e unha Galicia máis nova.

Así mesmo –e facémosllo saber á Unión Europea–, debería considerar este problema na configuración dos marcos de financiamento plurianual e incluír no seu orzamento rúbricas orientadas a posibilitar o desenvolvemento de políticas e accións para este fin, ao tempo que se establecen, no acceso ao financiamento, mecanismos de prioridade para aquelas rexións con dificultades especiais e nas que as consecuencias do cambio demográfico teñan unha particular incidencia. Por iso Galicia estivo presente nese foro e por iso liderará ese foro dende o mes de xuño. Porque Galicia é unha rexión que contempla a recuperación da demografía como un reto de presente pero, sobre todo, como un reto de futuro. Neste punto gustaríame facelos partícipes coas súas achegas, co fin de incorporalas á folla de ruta coa que Galicia liderará este verán este foro de

demografía, porque está en xogo o noso futuro e o das xeracións que están por chegar.

Pero, señorías, esta é só unha parte do traballo que fixemos nos últimos anos. Con base nestas conclusións que nos levaban a participar no Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos, a Xunta elaborou o Plan para a dinamización demográfica, horizonte 2020, con varias áreas: a área de sensibilización para a dinamización demográfica, a área de impulso socioeconómico á maternidade e paternidade, a área de apoio ás familias e a área de coordinación interdepartamental e transversalidade.

Das medidas previstas na área de sensibilización destacaríamos a Xornada internacional de sensibilización, o Congreso internacional de demografía e as Xornadas técnicas de conciliación, demografía e empresa, en cada unha das catro provincias.

Das medidas de impulso socioeconómico á maternidade e paternidade destacaríamos o incremento da dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillos para contribuíntes con rendas iguais ou inferiores a 22.000 euros –360 euros polo primeiro fillo, 1.200 polo segundo e 2.400 polo terceiro–. Paralelamente, consolidouse a prestación do pagamento único por fillos e fillas menores de 3 anos para as persoas que non teñan a obriga de presentar a declaración da renda; a exención de pago nas escolas infantís para o segundo fillo ou filla que acuda ao mesmo centro daquelas familias con renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais; e, nas medidas de apoio ás familias, o incremento da oferta de prazas de escolas infantís, creando 3.900 novas prazas. A ratio, como saben perfectamente, de atención de escolas infantís obtidas con fondos públicos mellorou en 12 puntos dende o curso 2009-2010, situándose neste momento por riba da ratio recomendada da Unión Europea, que, como saben, tamén está no 33 %, o inicio do proceso de transformación das persoas que poderán encargarse da xestión das casas niño como un método de conciliación para complementar a oferta das escolas infantís no ámbito rural, a aprobación da carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, que vai permitir ampliar e diversificar os servizos dedicados á infancia, ás familias, e a obter o máximo rendemento das infraestruturas públicas de Galicia, a incorporación da flexibilidade do horario laboral e do teletraballo no ámbito do persoal da

función pública galega –nestes momentos beneficianse desta medida 7.100 traballadores públicos, dos que 762 teñen concedida a flexibilidade por conciliación– e a implantación da aplicación social para as familias numerosas no transporte metropolitano de Galicia, con descontos do 20 % para as familias numerosas de categoría xeral e do 50 % para as de categoría especial. E hai que destacar, no ámbito da coordinación interadministrativa, o traballo en rede do Foro de rexións con desafíos demográficos, e tamén a participación na xuntanza de traballo sobre o cambio demográfico e o envellecemento, creada no marco do Resoe con representantes da rexión norte e da rexión centro de Portugal, así como das comunidades autónomas de Castela e León e do Principado de Asturias de España.

Precisamente hoxe Galicia –hoxe mesmo– volve ter voz neste foro no encontro que se está a celebrar en Asturias, e compráceme adiantarlles que en xullo será a nosa comunidade a que lidere unha nova reunión de traballo deste foro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A área de familia, infancia e conciliación sobe, para dar resposta a moitas destas medidas que estamos poñendo en marcha neste ano, un 40 %, ata chegar aos 97,2 millóns de euros. Entre o ano 2009 e o ano 2016 o apoio orzamentario á área de familia duplicouse. Diriximos este reforzo orzamentario a ofertar ás familias novos servizos e axudas centradas nos seus fillos e fillas que complementan as que xa están hoxe en funcionamento. Así, creamos a finais do ano pasado o Programa de axuda á natalidade. Dentro deste programa, tres patas fundamentais: o pan axuda; a tarxeta, benvida –sei que lles gusta especialmente–. Na liña dos países máis avanzados de Europa –Finlandia, Dinamarca, Noruega e Suecia–, axudas directas de 100 euros ao mes durante o primeiro ano para cada neno que naza dende o 1 de xaneiro. Cómpreme poderlles dicir que á data de hoxe temos xa máis de 1.000 solicitudes, e as primeiras tarxetas están chegando xa aos domicilios das familias. Gustaríame agradecer o traballo dos funcionarios da Consellería de Política Social para ser capaces, nun breve tempo, de materializar este anuncio que se fixo na Cámara galega a finais do ano pasado. *(Aplausos.)*

O Plan concilia impulsa o desenvolvemento de medidas que faciliten o acceso e a permanencia no mercado de traballo mediante a posta á disposición de recursos que lles per-

mitan compatibilizar o seu desempeño profesional cos labores de atención do fogar e co coidado dos fillos e das fillas. Non se trata só de axudas directas ou de axudas nas declaracións da renda, a conciliación ten que xogar un papel fundamental nas políticas de apoio á natalidade. Así, ampliamos o Bono concilia e creamos o Bono coidado.

Das casas niño, das que falaba antes, gustaríame tamén poderlles dicir que a orde que regulará este novo servizo que terán á súa disposición os galegos este ano sairá no segundo trimestre do ano.

A terceira pata do plan, o Plan servizos. Trátase de ofrecer servizos básicos para as familias galegas co obxecto de crear entornos favorables e de mellorar o seu benestar dende o momento da chegada do bebé. Gustaríame destacar a creación de dous bancos de leite materno, a celebración de foros *on line* con persoas expertas, a posta en marcha do fogar dixital, a habilitación no portal de saúde dun acceso ao calendario de vacinación infantil, o impulso da web Coidate-cóidame, as escolas de pais e nais... En cifras, estas novas medidas, que forman parte do programa de apoio a familias, recibirán neste ano unha aportación económica de 15,4 millóns de euros. Isto significa que o noso país, dende logo, terá moito que avanzar, pero que estamos dando pasos moi serios de futuro para tomar moi en serio o apoio á familia e o apoio á infancia.

As nais e pais galegos non teñen que pagar escolas infantís a partir do segundo fillo, e moitos outros non teñen que pagar nada se as súas condicións económicas non llelo permiten. Dispoñen, como dicía antes, de máis de 20.000 prazas sostidas con fondos públicos e teñen prioridade á hora de solicitar axudas ao alugueiro ou á adquisición dunha vivenda. Pero, dende logo, falaba antes da flexibilidade laboral, que é outro obxectivo moi importante.

Neste próximo curso gustaríame anunciarlles tamén que abriremos 471 novas prazas de escolas infantís. O noso obxectivo non é conformarnos con superar a ratio europea, senón abrir as escolas infantís de Marín, Fene, Oza-Cesuras, Tomiño, Ames- Bertamiráns, A Coruña e Arteixo, e abriremolas antes de que remate esta lexislatura. *(Aplausos.)* E antes de que remate esta lexislatura non existirá lista de agarda nas escolas infantís da Xunta de Galicia. Por iso, a todo o persoal da Consellería de Política Social lle esperará

un intenso traballo entre os meses de marzo e setembro para cumprir tamén este obxectivo, como imos cumprindo outros.

O pasado luns, 1 de febreiro, incorporamos os nenos matriculados na convocatoria extraordinaria de decembro; 288 novos nenos nas escolas infantís da rede da Xunta de Galicia.

É certo que a Administración ten que ser a primeira en dar exemplo en materia de conciliación, pero cómpre trasladar tamén este obxectivo ás empresas.

A Consellería de Política Social propónse avanzar na corresponsabilidade da Administración pública das empresas no desenvolvemento de medidas de conciliación e en fomentar a posta en marcha de escolas infantís en polígonos industriais e parques empresariais no próximo curso. Con este obxectivo iniciouse unha actuación conxunta da Administración autonómica e das asociacións empresariais, onde, á solicitude destas últimas, a Xunta de Galicia financiará o gasto derivado da construción de escolas infantís en polígonos industriais de acordo coas asociacións empresariais.

Non podo olvidarme das familias numerosas. As familias numerosas forman unha parte importante da nosa política de familia. Para a elaboración da estratexia de familias numerosas tivemos moi en conta a Asociación Galega de Familias Numerosas. O número de medidas recollidas na estratexia é de 53; delas, 48 son de carácter autonómico, das que 8 se encadran dentro do Plan para a dinamización demográfica. Estas medidas contan cun orzamento plurianual de 36 millóns de euros. Algúns dos beneficios das familias numerosas en Galicia son: unha dedución fiscal de 250 euros ou de 400 euros na cota autonómica do IRPF, segundo a categoría sexa xeral ou especial; a redución das tarifas de transporte interurbano no Plan de transporte metropolitano de Galicia, cun desconto, como dixeran antes, do 20 % e do 50 %; a bonificación do 45 % nas cotas á Seguridade Social para a contratación de persoas coidadoras ao servizo da familia; o incremento do límite de ingresos para ter dereito ás asignacións económicas da Seguridade Social por prestacións familiares; a ampliación do período considerado como cotizado e a reserva do posto de traballo no caso de excedencia por coidado de fillos ou fillas; a exención e bonificación de taxas e prezos das matrículas; e a preferencia na adxudica-

ción de prazas nos centros públicos e nas escolas infantís da rede pública.

Outro dos programas que me gustaría destacar é o Programa de mediación familiar. Trátase dun procedemento de carácter voluntario dirixido a facilitar a comunicación entre os membros da familia, coa finalidade de que xestionen eles mesmos a solución dos conflitos. Para iso poñemos á súa disposición unha mediadora, que actúa de forma neutral e confidencial. A mediación familiar pode utilizarse tanto con carácter previo á iniciación dun procedemento xudicial como para achar saída a procedementos en curso.

Os obxectivos deste programa son: minimizar o custo emocional que todo conflito produce nos membros dunha familia, mellorar as relacións entre as partes, evitar a instrumentalización dos menores nas familias, asegurar a protección do benestar do menor e favorecer a responsabilidade parental compartida. Quero informalos de que nos últimos anos se realizaron 128 mediacións, das que 86 remataron en acordo.

Quero destacar tamén que a finais do ano 2015 se implantou a mediación intraxudicial nas cidades de Lugo e A Coruña, sumándose así ás cidades nas que xa existía, Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra, e que neste 2016 se porá en marcha tamén en Ferrol, que non existía.

Con este tipo de mediacións conseguírase a brevidade do proceso que reduce a carga emocional, a cobertura por parte dun equipo de mediadores profesionais –e estamos falando dos colexios de avogados e dos colexios de psicólogos– e a simultaneidade, cando sexa necesario, no proceso xudicial.

Quero destacar tamén os gabinetes de orientación familiar, a carón das familias que así o requiran, para solucionar situacións de crise ou conflito, eliminando, ou cando menos atenuando, as consecuencias que estas levan aparellados, previndo especialmente a implicación dos fillos e das fillas nos conflitos dos seus pais. E para iso contamos con gabinetes de orientación familiar e cun recurso especializado no apoio, promoción da calidade de vida das familias, así como de atención a situacións problemáticas ou de risco que poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar. Este apoio familiar, que cobre os campos informativo, educativo, preventivo, de axuda persoal e emocional, de orien-

tación e de acompañamento ás familias, ofrece tamén que moitas veces sexa necesario o asesoramento para a toma de decisións e para a realización de conflitos. Os gabinetes de orientación familiar establecen como finalidade do apoio familiar o fortalecemento, o enriquecemento e a mellora da calidade de vida das persoas no seo familiar e da familia como grupo.

Ademais, en aras de facilitar ao máximo a situación de cada familia, as que así o desexen poden obter toda a información e asesoramento gratuito de xeito tamén virtual a través de Internet.

A Xunta de Galicia en xeral e a Consellería de Política social en particular, en cumprimento da normativa reguladora do sistema de protección á infancia e á adolescencia, temos un firme compromiso de apoiar e reforzar a integración social e familiar dos menores en situación de risco ou desamparo no ámbito social e familiar normalizado.

Nese eido, enmárcase o Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento do programa de integración familiar nas catro provincias da Comunidade Autónoma. Ten como obxectivo este programa servir de instrumento de intervención multidisciplinar na área de integración de menores, dirixíndose fundamentalmente a familias con menores acollidos en centros ou en situación de risco, e trata de potenciar os seus recursos e habilidades psicopersoais, consolidando así a súa integración sociofamiliar e corrixindo ao mesmo tempo os déficits existentes nas familias, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral dos nenos e a cobertura das necesidades dos seus pais.

No ámbito da prevención familiar, no ámbito da reunificación familiar, no ámbito da funcionalidade familiar, un programa que neste ano terá máis financiamento que no ano anterior, exactamente 618.000 euros.

Falando de familias, tamén me gustaría falar doutro servizo importante para os galegos e para as galegas: os puntos de encontro familiar. Son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Os sete puntos de encontro familiar son titularidade da Xunta de Galicia, e xestiónanse a través de diversas entidades sociais sen ánimo de lucro coas que a Consellería de Política Social firma os conseguintes contratos administrativos, de momento. A Xunta de Galicia iniciou no ano 2000 este servizo, ao que se destinaban 150.000 euros. Creo que é de salientar o esforzo conxunto dos diferentes gobernos para acadar, no ano 2015, 667.000 euros, multiplicando por cinco o importe que lles destinabamos a estes puntos hai algúns anos. O número de casos atendidos é de 1.800, realizáronse máis de 26.000 entregas e recollidas, máis de 2.600 visitas tuteladas e 5.300 visitas supervisadas.

Insisto, para rematar, en que temos a vontade de facer de Galicia un bo lugar para ter familia, un bo lugar para ter fillos e para ter fillas; sobre todo, un bo lugar para que todos os nenos e nenas poidan crecer en igualdade.

Espero e desexo que con esta comparecencia sexamos capaces de integrar novas estratexias para os foros que antes relatei e que teremos antes deste verán.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, supoño que sabe cal é a orixe das políticas familiares. A orixe, a necesidade destas políticas, xorde ao remate da Segunda Guerra Mundial, coa incorporación total das mulleres ao mundo do traballo fóra dos fogares.

Unha vez admitida como positiva e irreversible a participación das mulleres no mercado de traballo remunerado, e nun contexto de recoñecemento dos dereitos laborais e sociais, e de avance da emancipación feminina, moitas nacións europeas lexislaron e desenvolveron políticas

sociais e tamén familiares; estas últimas en función do feito favorable da intervención das mulleres no mundo da produción para, señor conselleiro, resolver a conciliación laboral e familiar das traballadoras que decidían ser nais. ¿E como? Establecendo as intervencións que a Administración pública debe realizar para facilitar recursos para que as mulleres con responsabilidades laborais as poidan combinar dun xeito adecuado coas responsabilidades e horarios familiares.

Polo tanto, o designio da política familiar baséase en expor como un asunto común que atinxe a toda a cidadanía problemas que afectan as unidades familiares, e en intentar darlles unha resposta colectiva mediante a elaboración e aplicación de políticas públicas. Non é, polo tanto, señor conselleiro, se me escoitou, a orixe nin a finalidade da política familiar a de erradicar a pobreza nin a exclusión social; non nace con ese sentido. Tampouco nace co asunto de resolver e influír no crecemento ou decrecemento demográfico. Isto que lle quede claro.

Por outra parte, a situación de pobreza e avellentamento que padece a Galiza a día de hoxe non só son os restos das secuelas da crise financeira, senón que configura un novo rasgo dun novo modelo de sociedade, e esta sociedade é consecuencia de políticas que manteñen non só uns niveis de pobreza que afectan a amplos sectores da poboación, senón que consagran as desigualdades e limitan as oportunidades para a inmensa maioría da sociedade, non só para as familias con fillos ou fillas. Por iso, señor conselleiro, non debemos afrontar a situación de pobreza e exclusión con medidas e políticas natalistas e de beneficencia. Máis ben debería afrontarse o risco ou situación de pobreza e desigualdade con cambios nas políticas que as xeran e as manteñen, como, por exemplo, cun novo modelo de desenvolvemento económico que aposte polo investimento en I+D+i, e no que a competitividade non se logre a custa da sobreexplotación laboral, senón mellorando a protección laboral en canto a salarios, estabilidade e quendas; cun novo modelo de fiscalidade con maior capacidade recadatoria e maior progresividade; tamén, señor conselleiro, hai que reforzar as políticas sociais e corrixir os recortes, e tamén, señor conselleiro, preguntar a disposición da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que —esa lei— recorta o nivel competencial das entidades locais en servizos sociais. Teñen vido moitas iniciativas a este Parlamento en contra desa lei, porque esta lei supuxo un duro golpe contra

a xestión democrática local e en contra do sistema público de servizos sociais e porque deu lugar a un escenario de incerteza, que ameaza a continuidade de moitos destes servizos tan necesarios a día de hoxe e que teñen que ser suplidos coa caridade de entidades de beneficencia, como Cáritas ou os bancos de alimentos, cando, por favor, ¡por favor!, debería de ser o Estado e as distintas administracións os que implementen un modelo baseado na igualdade, a xustiza social, a redistribución da riqueza e a solidariedade.

Hai que modificar tamén o Código civil para corrixir a anomalía xurídica que mantén a responsabilidade universal ilimitada, e aprobar unha lei que protexa os particulares en caso de quebra por sobreendebedamento, residenciando esta protección en servizos públicos especializados en combinación cos servizos sociais, que asesoren e reestructuren a acumulación de débedas como medida previa obrigatoria ás vías xudiciais ordinarias. Isto evitaría as dificultades actuais para acabar cos desafuzamentos hipotecarios e as débedas que acompañan, señor conselleiro, as persoas, e as familias ás que pertencen, de por vida.

Tamén hai que aprobar unha lei de renda mínima, e traballar para que o Goberno central repoña os recortes á dependencia para recuperar o financiamento do Plan concertado de prestación de servizos básicos sociais, asinado en 1987 entre o Estado e as comunidades autónomas, ata o nivel previo aos recortes. ¿Por que? Co fin de que as estruturas públicas garantan a protección das familias empobrecidas polo sistema fronte aos intentos de retorno a prácticas estéticas e benéficas, como xa mencionei antes.

Na Galiza, que é o que nos interesa neste momento e neste Parlamento, a lista de espera por dependencia chega ao 24 %, segundo o *Informe de valoración del desarrollo de los servicios sociales 2015*, o que supón un gravísimo problema para afrontar a atención de 15.000 persoas con dereito grao 1. Tamén contempla o devandito informe, que lle acabo de citar, o desenvolvemento dos servizos sociais na Galiza no ano 2015 como, señor conselleiro, irrelevante. E este informe tamén critica as axudas a domicilio en detrimento das prestacións por coidados familiares, porque este sistema dificulta un maior ritmo, o cal xera baixas de persoas con dereito, das que un bo número —como vostede ten que saber— morren sen ter recibido atención.

Para establecer os obxectivos do Plan galego de política familiar toman vostedes –segundo di o texto que eu lino como referencia o Plan estratéxico de Galiza 2010-2014, que establece como unha das súas prioridades impulsar o rexuvenecemento demográfico, e tamén o Plan de dinamización demográfica.

O grave problema demográfico –falo da Galiza, da Galiza– na Galiza non só é debido á baixada do número de nacementos. O descenso da natalidade, señor conselleiro, é unha realidade en toda a Europa occidental, cuxas causas serían tema doutro debate que non ten nada que ver con isto. O envelentamento da poboación galega está fortemente, fortemente, determinado pola emigración, a emigración xuvenil da xeración máis preparada da historia do noso país, que é obrigada a marchar. ¿Como consecuencia de que? Como consecuencia do fracaso do modelo da xestión da riqueza do noso país. Un modelo incapaz de crear un tecido produtivo propio, de calidade e de futuro para unha sociedade galega do século XXI.

Señor conselleiro, o paro xuvenil na Galiza acada case o 50 %; ao peor, digo eu, será por iso que as mulleres galegas se negan a traer fillas a un mundo que non lles ofrece futuro nin perspectivas. Hoxe acabo de ler no periódico o dato de que xa hai na Galiza 1,2 persoas cotizantes por cada parado ou pensionista.

Segundo a enquisa de condicións de vida, do INE, do ano 2013, Galiza conta cunha taxa de pobreza do 15,4 %, e é a terceira comunidade do Estado en canto á porcentaxe de fogares que pasan moitas dificultades para chegar á fin de mes. Esta estatística do INE recolle o indicador europeo Arope, de risco de pobreza e exclusión social, que combina tres conceptos en función da renda coas posibilidades de consumo e emprego: o citado risco de pobreza, a carencia material e a baixa intensidade do emprego. Neste apartado, a taxa de risco de pobreza e exclusión social na Galiza acada o 23,8 %; no indicador de carencia material severa, un 5,5 %; e un 14,9 % no relativo ás persoas que viven en fogares con baixa intensidade de traballo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Remato, señor presidente. Hai 602.000 galegas e galegos que se atopan, señor conse-

lleiro, en risco de pobreza e exclusión segundo o informe *El estado de la pobreza en España*.

Remato xa, e deixo para a réplica outras cousas que lle teño que dicir.

Moitas grazas, máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi boa tarde a todos e a todas.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

A verdade é que eu, despois do seu monólogo de 35 minutos para repetir catro iniciativas que levamos escoitando tres anos nesta Cámara, estou absolutamente animado a achegarme ata os meus amigos e veciños de Vilagarcía que queren ter un fillo pero non teñen traballo, que están a piques de ser botados das súas casas, que teñen salarios de menos de 600 euros, para animalos a ter fillos, porque o obxectivo de vostedes é converter a Galiza nun bo país para ter fillos. ¡Home!, iso xa o dixo o presidente nunha sesión de control ao Goberno, pero, pregúntome, se é tan bo, que empece el dando exemplo. Pero non só iso, non só iso, que é unha *boutade* que dixen eu aquí. Pero ¿a realidade cal é? A realidade é que para que este país teña crecemento demográfico ten que ter condicións económicas suficientes para que a xente entenda que pode subsistir cun mínimo de calidade de vida.

E, dende logo, vostede demostrou hoxe aquí ser un conselleiro de *hojalata*, porque é insensible á realidade social deste país, porque ese Plan estratéxico 2015-2020 analiza dunha forma moi profunda e moi contundente a situación social que nos leva á falta de crecemento demográfico. E ten que ver, sobre todo, con políticas económicas que condenan á miseria a unha maioría da nosa poboación.

A primeira cuestión que reconece o propio Plan estratéxico é que neste país cada día se producen cinco alzamentos hipotecarios; cinco familias perden a súa vivenda todos os días neste país. Fronte a iso, vostedes soamente plantexan

unha axuda de bono-aluguer, para aqueles que teñan esa situación, de, como moito, 150 euros. Pero, claro, o que non din vostedes é como van convencer o propietario da vivenda para que lle alugue a alguén que non ten recursos por 150 euros ao mes. Díganme vostedes cantas vivendas de 150 euros ao mes hai.

Incrementáronse as persoas sen fogar neste país. Os últimos datos da Cruz Vermella din que, cando menos, todas as noites hai 1.300 persoas ao raso neste país; 1.300 persoas que tamén poderían ter familia, tamén poderían ter fillos, pero que é imposible que os teñan porque dormen ao raso neste país 1.300 persoas cada día.

O seu propio informe –que ten como anexo ese documento que vostede vén plantexar– di que se incrementou a pobreza material severa neste país, e que, sobre todo, se incrementaron as desigualdades. ¡Fíxese! E non só iso. Cando vostede fala de familias, da posibilidade de que neste país teñan unha vida digna e de que, polo tanto, se incrementa a cuestión demográfica, o que non di é que neste país as familias monoparentais teñen un 57,5 % de posibilidades de risco de pobreza; é dicir, neste país, máis da metade de familias monoparentais están en risco de pobreza. E fronte a iso, vostede soamente pon catro receitas absolutamente insuficientes: un cheque-bebé de apenas 100 euros ao mes, cando o gasto mínimo de calquera neno no seu primeiro ano de natalidade son 8.000 euros –8.000 euros de gasto mínimo dunha crianza no seu primeiro ano, recoñecido polas familias; hoxe mesmo estiveron neste Parlamento para dar eses datos. Pois vostedes, 100 euros de cheque-bebé.

Cando vostede plantexa que ademais –unha situación que deberan de, cando menos, deixar encima da mesa– a situación de pobreza se herda neste país; que é practicamente imposible saír dunha situación de pobreza cando a túa familia está nesa situación; que non hai ese salto, que é imposible, porque as políticas condenan as familias que están en situación de vulneración. Polo tanto, eu o que lle estou plantexando é que non se poden poñer encima da mesa soamente criterios absolutamente asistenciais, hai que ir á orixe do problema.

¿Por que temos ese problema demográfico? ¿Por que temos o problema de pobreza neste país? Pois, sobre todo, porque non temos traballo, porque non temos capacidade

económica suficiente e tamén porque non temos as mínimas condicións de vida digna. E para iso hai que empezar a falar.

¿Como ten vostede o descaro de vir aquí falar de conciliación da vida persoal e familiar cando o Partido Popular aprobou unha reforma laboral que, entre outras cousas, eliminou a posibilidade que tiñan as mulleres de determinar cando e como na súa xornada laboral se adaptaban á redución por fillo a cargo? Agora decídeo o empresario, e cando o decide o empresario, a muller non ten capacidade, polo tanto, para adaptarse a esa situación. Esa é unha reforma do Partido Popular, unha reforma que está encima da mesa e que ten provocado, ademais, despedimentos neste país.

E redución salarial. ¿Como vai ser posible que as familias se animen a ter fillos cando a única porcentaxe, o único colectivo de poboación traballadora que se incrementou no último ano son aqueles que perciben menos do salario mínimo, 635 euros ao mes? ¿Vostede sería capaz de ter fillos e manter unha familia con menos de 635 euros ao mes? Eu creo que iso é moi complicado, son auténticos “superheroes” deste país aquelas familias que nesa situación económica son capaces non só de ter fillos, senón de mantelos cunha mínima dignidade.

Pero cando falamos de que vostedes se preocupan pola situación da conciliación, a respecto das escolas infantís deberían de atender, por exemplo, a que o que se está facendo neste país é reducir o persoal das escolas infantís e educar a parella educativa. E eliminar posibilidades de atender dignamente a moitos deses nenos nas escolas infantís, porque cos mesmos profesionais se están atendendo máis prazas –¡cos mesmos profesionais!–, e, polo tanto, complicando moi moito esa atención.

Póñolle outro exemplo. ¿Como fan os pais e nais traballadoras para levar os seus fillos aos colexios cando o Plan Madruga ten que ser subvencionado polas ANPA e pagado directamente por eses pais? Para moitos deses pais, os 30 euros do Plan Madruga significan unha achega moi importante que vai aos seus petos, e polo tanto, ás súas condicións de vida. E vostedes fronte a iso non fan absolutamente nada.

Outras cuestións que vostede plantexa sobre o seu orzamento. Mire, voulle dar un dato sobre o seu orzamento que eu creo que é moi significativo, absolutamente importante,

sobre o que ten que ver a súa política social. Restado o que ten que ver coa dependencia no orzamento do seu departamento, e os 173 millóns de euros de salarios, apenas quedan 257 millóns de euros para o conxunto de todos os servizos do seu departamento. ¿Sabe o que significa iso, coas máis de 600.000 persoas neste país en risco de pobreza? Que apenas dedicamos a cada unha desas persoas 0,70 céntimos cada día. Ten esta consellería, ten este país, 0,70 céntimos cada día para atender as 670.000 persoas en risco de pobreza. Con 0,70 céntimos ao día é moi difícil que esas persoas poidan xa non abandonar a situación de pobreza, senón ter un proxecto de vida digno.

Gustárame que algún día me ensinasen unha casa niño, porque é o terceiro ano que se anuncia a casa niño, e por fin hoxe teñen que recoñecer que o que están facendo é un plan de formación para aqueles que se encarguen das casas niño. Gustárame que, evidentemente, cando vostedes marchen –que marcharán este ano– empece a funcionar algunha casa niño e poidamos ver algunha casa niño, porque se non terá que ser o próximo Goberno que chegue pola rúa, subindo coa marea, o que se encargue de facer aquelas cousas que vostedes non fixeron. (*Murmurios.*)

Moléstame profundamente, ademais, que fale de cousas que fixeron outros e non vostedes: Que me poña como un elemento para incrementar a natalidade os bancos de leite materno, cando é unha decisión dos propios traballadores, autoorganizados para facer iso, e non ten nada que ver coa súa xestión, ¡absolutamente nada que ver! Unha decisión dos traballadores e autoxestión dos traballadores. Polo tanto, ¿cal é o seu balance non só dos seus meses como conselleiro, senón dos sete anos de desastre económico do Partido Popular en Galicia?

Catro medidas –de novo repetidas– para incrementar a natalidade; as mesmas catro medidas que se levan facendo durante moito tempo e que teñen demostrado que fracasan. A única medida eficaz para mellorar a natalidade deste país é, polo menos, cumprir a Constitución. ¡Mire que revolucionario se está volvendo AGE! Cumprir a Constitución, que di varias cousas: garantirlles unha vivenda digna aos cidadáns deste país e garantirlles un salario suficiente. Cun salario suficiente para cada unha das persoas que vivimos neste país, pódolle asegurar que o problema demográfico sería outro. Pero vostedes están noutra dinámica, na dinámica que

se recoñece neste Plan estratéxico: o incremento da desigualdade social neste país. Mentres se incrementa a pobreza, a desigualdade, as expulsións dos fogares, as casas que non reúnen os mínimos requisitos de habitabilidade, tamén se incrementa, ao mesmo tempo, o número de coches de alta gama comprados neste país. Ese é o seu modelo de país, o modelo de país da desigualdade, onde se lle ten roubado á xente para entregarlo ás cúpulas. Neste país hai demasiados chourizos que lle están a roubar o pan á nosa xente. ¡Demasiados chourizos roubándolle o pan á nosa xente

Simplemente co que nos ten custado a corrupción neste país –tamén en Galicia–, moitos destes problemas se poderían ter eliminado porque teríamos diñeiro público suficiente para atender a nosa xente, e non unha situación de Risga como a de hoxe. Gustárame que me contestase a este dato. Nunha situación de 600.000 persoas no limiar da pobreza, ¿como é posible que se denegara o 50 % das risgas que se solicitan? ¡O 50 %!

Por certo, vostede sabe, coma min, que estamos ante uns servizos sociais descoordinados e que non son proactivos; que ten que ir a persoa solicitar o servizo social, que ten que ir alí e facelo todo. Por exemplo, cando unha persoa que está na rúa, nunha situación de exclusión, vai pedir unha axuda de emerxencia a un concello –dependente da Xunta e do concello–, unha Risga, o primeiro que lle dan é unha folliña como esta, onde hai polo menos quince documentos a entregar, ¡quince documentos! Ten que peregrinar por todas as administracións do Estado e da consellería para poder ter os documentos. Despois de tres meses, ao final ten a documentación, e tarda outros tres meses en cobrar. ¡Seis meses sen un só ingreso pola súa incompetencia e pola súa incapacidade para solventar os problemas do país!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Polo tanto, esperamos que na réplica diga algunha norma, algunha proposta concreta, e non xeneralidades e 35 minutos de discurso baleiro dun conselleiro de hojalata.

Máis nada e boas tardes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente. Boa tarde, señor conselleiro, deputadas e deputados.

Francamente, jé que estar aí sentada escoitándoo a vostede...! Esta comparecencia... ¿para que é esta comparecencia? Eu entendo que hai un punto no desenvolvemento dos plenos onde o Goberno ten que comparecer, e, normalmente, supoño que se tomará unha decisión e comparécese. Pero o título era sobre as políticas de familia. Lembro que aquí hai unha lei aprobada polo Goberno de Feijóo –dende logo, co voto en contra do BNG– sobre políticas de familia. ¿Algo desenvolvido sequera desa lei que vostedes fixeron? Pois non, nada desenvolvido. E vénnos relatar o que xa nos contou polo menos –se non me falla a memoria– nesta Cámara tres veces: os orzamentos, as liñas da súa consellería... Absolutamente nada novo, totalmente desestruturado. ¿E que son as políticas de familia exactamente? Esa é a pregunta.

A señora Iglesias fixo unha reflexión moi boa para comezar. Sabe vostede que hai sempre unha pugna entre as políticas de familia e as políticas de igualdade, claramente; incluso a Unión Europea así o recoñece. Porque a transversalidade de xénero e as políticas de familia, que, efectivamente, entenden ás veces as unidades de convivencia daquela forma e seguen mantendo o rol de coidadoras das mulleres, ademais como un traballo non remunerado en boa parte, pois, claro, ten un sesgo de xénero que deberíamos analizar. Eu xa non quero entrar niso, simplemente. Ao falar de políticas de familia igual teríamos que ir cambiando a terminoloxía e ir dando pasos, diferenciando políticas de corresponsabilidade, de apoio á cidadanía, de apoio aos individuos, aos membros das familias, por coller un modelo que vostede, ademais, nomeou varias veces –Suecia, Finlandia–, onde as políticas de igualdade enchoupan e atravesan todas e cada unha das políticas de familia. Non soamente como axudas económicas puntuais, senón cunha programación para que os membros desas familias non teñan que modificar as súas expectativas vitais –de desenvolvemento persoal, de desenvolvemento laboral, de desenvolvemento intelectual– en función de se queren ou non, se poden ou non, ter fillos e fillas.

Pero, xa sen entrar nesa cuestión que para nós é central e básica, que é que non se poden entender unhas políticas de familias sen incorporar unha perspectiva de xénero ou estar polo menos desvoltas e construídas tamén con interacción coa Secretaría Xeral de Igualdade, realmente vostede fixo unha exposición sobre a situación demográfica de Galicia, que xa explicou en reiteradas ocasións neste Parlamento, terrible, con datos terribles. Efectivamente, eu traía aquí os datos demográficos de Galiza dende que o señor Feijóo é presidente. Pois hai unha perda importante de poboación en Galiza, pasando a que no ano 2014, respecto da poboación española, signifiquemos soamente o 5,9 %. E cun aumento do envellecemento da poboación nestes últimos anos, nos últimos dez anos, dun ano e medio, que é moito aumento do envellecemento. Sen aumentar, realmente, as políticas de dependencia na mesma relación que aumenta o envellecemento da poboación, sobre todo a dispersa e rural.

E xa por último, algo que esqueceu vostede, que é a emigración. Dende o ano 2009 –segundo datos IGE–, emigraron 107.000 persoas; 77.000 entre 16 e 35 anos. Iso que podemos chamar mozos e mozas, persoas que normalmente están nesa etapa da vida onde, de querer ter proxecto vital, teñen fillos e fillas.

Pois a esa situación vostede nos comenta: xornadas. ¡Estupendo! Estaremos encantados e encantadas de participar nesas xornadas ás que vostede parece que nos convida para o mes non sei se de xuño ou de xullo, en participación con proxectos europeos. Nada novo. Xa desde os gobernos Fraga e desde o Bipartito participouse en proxectos europeos a respecto do tema da demografía, como seguramente vostede sabe.

E despois, carteira de servizos sociais de infancia e familia. ¿Que vai aportar esta carteira de servizos sociais?, ¿algo novo? ¿Ou facemos coma sempre? Cada vez que escribimos un documento, volvemos poñer os programas que existen nun novo documento. Un decreto, ¿que vai aportar?

Escolas infantís. Vostede fálanos de que hai un 33 % de cobertura. Quero recordarlle que, con fondos públicos, non significa que todas sexan prazas públicas. Que son con fondos públicos, non son todas prazas públicas. E vostedes no Consorcio o que fixeron foi recortar horario –polo tanto, menos conciliación– e eliminar a parella educativa, que era

un logro. Porque as escolas infantís non soamente son un recurso de conciliación, senón un recurso educativo, e iso é algo que fixeron.

Explíquenos que se entende por flexibilidade laboral, porque eu o anotei e non tiven tempo, realmente, de entender como se flexibiliza. Porque, mire, os traballadores e traballadoras están súper flexibles: cobran cada vez menos, teñen uns horarios que non teñen nada que ver co que asinan no contrato, e se teñen fillos e fillas, soamente hai que ir a primeira hora a un cole e saber a que se expón alguén que ten ese reto de ter un fillo ou unha filla pequenos.

Mire, a respecto das familias numerosas, ¿algunha medida máis á parte do transporte metropolitano? Non, por saber. Eu ademais son familia numerosa, ou sexa que me debo estar perdendo algunha das medidas, seguramente. ¿Exactamente que se vai facer? Esta mañá reunímonos con elas e estamos máis ou menos no mesmo punto que hai uns anos. Fálase do IVE, efectivamente, e non creo que soamente sexa o IVE dos cueiros, como nos explicaban esta mañá, senón de todos os produtos da primeira infancia, efectivamente. E non só para as familias numerosas, para as familias monoparentais, para calquera tipo de unidade de convivencia que teña nenos e nenas, o IVE é un dos grandes problemas. ¿Pensa trasladarlle algo ao Estado?, ¿algo que facer ao respecto?

Casas niño. Eu tamén coincido co señor Fajardo. A min gustárame algunha vez saber en que consisten. Porque levamos escoitado falar das casas niño e para min son... non vou dicir que un expediente X. Ademais non comparto a visión que teñen respecto das casas niño. Creo que no rural podería existir outra serie de servizos públicos mellores que as casas niño. Pero é que a señora Beatriz Mato nos falou das casas niño... Cada vez que se falou de demografía, as casas niño son algo así como, realmente, a pedra filosofal que vai conseguir restablecer o equilibrio demográfico en Galiza. Bueno, pois xa sabemos que vai haber un decreto no segundo trimestre, pero ¿algún en previsión? E despois, os bonos que nos puxo aquí xa nolos explicou moitas veces. Non lle vou dicir o do cheque-bebe, non quero repetirme, pero vostede xa sabe perfectamente o que opinamos sobre ese cheque. Está ben que nolo volva traer aquí, pero é simplemente unha medida que vostedes criticaron en Zapatero e que agora a poñen en funcionamento bastante máis reducida.

Mire, xa despois, con todo o respecto, falarnos aquí de políticas de familia e falar da mediación, dos GOF e dos puntos de encontro da infancia e de menores, eu perdóeme, sei que vostede, seguramente, o tería preparado no seu departamento, pero francamente é unha desfachatez.

Sabemos como funcionan os puntos de encontro familiares, eu sei no perfectamente e non lle vou facer unha crítica a ese respecto, pero non son políticas de familia. Nin o é a mediación familiar nin o son os GOF nin o son as políticas de menores. En todo caso, son esa parte que non se sabe onde ubicar entre a Xustiza e os servizos sociais, e están aí, como en terra de ninguén, e ese é, realmente, un problema fundamental. A min non me importa nos puntos de encontro cantos nenos e nenas, cantos tránsitos se dan, senón a situación que se vive en todos eses puntos de encontro. Non veña aquí dicirnos que aumentou un 5 %. Sabemos que aumentou, e eu coñezoo perfectamente, pero todas e todos estamos aquí tan tranquilos sabendo que nos puntos de encontro familiar se viven situacións tremendas, ¡tremendas! 600.000 euros é unha miseria realmente nun orzamento da Xunta para que alivien os nenos e as nenas e as situacións nas que están, as dificultades que teñen eses traballadores, a necesidade de atención psicolóxica que teñen moitos deses nenos e nenas, e como os departamentos de Xustiza levan mirado para outro lado desde hai anos, cando decidiron que os pais que non se poñan de acordo, alá os mandamos, aos puntos de encontro familiar.

Eu os puntos de encontro familiar, os GOF, a mediación familiar, que, dende logo, considero que son programas importantes, non entendo que aínda que estean no seu departamento teñan nada que ver nin coas políticas de familia nin coa demografía nin coa mellora da calidade de vida das familias, son outra cousa e outro debate. A respecto desa situación, aquí si que ninguén pode, dende logo, poñerse ningunha medalla. En todo caso, todos un menos pola dificultade que temos e que se tivo para xestionar os aspectos referidos a menores, os puntos de encontro familiar. O que significa para un menor ser entregado e recollido como quen entrega e recolle un paquete. E esa é a realidade, é así.

E non é unha crítica a vostede, é unha crítica ao sistema que establece o que son os puntos de encontro familiar. Entón, como iso xa non o entendo como políticas de familia, o que nos veu explicar aquí...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...francamente, ¿non había ningunha comparecencia posible para hoxe que nos dixera algo novo? Se ten algunha medida, unha única medida nova, díganola antes de que acabe, na réplica. Agradecerémosllo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, a verdade é que a min pasoume algo parecido ao da señora Adán. A ela pasoulle hoxe, escoitándoo a vostede, e a min pasoume cando na Xunta de Portavoces nos enteramos que viña comparecer vostede para explicarnos as políticas de familia. Porque, francamente, conselleiro, despois da comparecencia para facer a explicación da política xeral, e despois da comparecencia de orzamentos, esta comparecencia súa de hoxe o único que ven facer é ocupar o espazo que ten o Goberno para comparecer. Claro, é unha pena que este Goberno nunca teña a ben admitir a trámite as comparecencias que solicitamos os grupos da oposición, porque o Grupo Parlamentario Socialista, ao que represento neste debate, dende que se iniciou non esta lexislatura, senón tamén a anterior, e a medida que se foron agravando os datos de desemprego, os datos de pobreza, os datos de exclusión, do noso país, vimos solicitando que compareza, nunha e noutra Xunta de Portavoces, reiteradamente, o presidente do Goberno para que nos explique que políticas está levando a cabo, e ata o de hoxe non tivemos éxito nunca. O presidente Feijóo nunca quixo vir ao Parlamento explicar por que o comportamento das políticas de emprego en Galicia é peor comparativamente que o do conxunto do Estado, e por que se incrementa a pobreza no noso país. Pero, iso si, mándao a vostede a facer unha nova sesión –como diría o meu compañeiro (*Aplausos.*) Losada– de publicidade e propaganda, que isto é o que é: publicidade e propaganda.

Despois, vostede vén falar de políticas de familia, pero parece que lle esquece unha parte da familia. Por suposto, esquécenlle as diversas familias, iso xa o temos ben claro con este Goberno. Pero hai unha parte da familia, as persoas maiores tamén son parte da familia, as persoas con discapacidade tamén son parte das familias, as persoas con dependencia tamén son parte da familia. ¿Que pasa?, ¿para esas non teñen ningunha medida graciable que anunciar?

O que vostede viu facer hoxe aquí foi anunciar o que xa tiña anunciado no debate da súa toma de posesión para explicar a política xeral e no debate de orzamentos. É dicir, medidas graciables que pon o Goberno enriba da mesa en vésperas electorais para atraer a unha parte dese probable electorado que está perdendo, pero que non son medidas que se consoliden no tempo como dereitos para as persoas.

E mire, conselleiro, nós non queremos unha política para as familias con medidas graciables, queremos política para as familias con consolidación de dereitos, porque é a única garantía posible –e aínda así é complicado– de que, estea quen estea no Goberno, as familias do noso país poidan acceder a eses dereitos. Os dereitos queremos nas leis, non na vontade política do Goberno de turno cando chegan as eleccións, neste caso autonómicas. (*Aplausos.*)

Logo debullarei cada un dos seus anuncios, porque algúns deles teñen a súa parte de comentario que hai que facer, pero voulle refrescar os datos de cal é a situación actual en Galicia. Vaino facer tamén a miña compañeira María Quintas, mañá, na interpelación, pero eu voulle dar un pequeno avance, señor conselleiro, porque isto son as familias.

Resulta que, desde que vostedes están no Goberno, hai 76.100 activos menos, persoas activas menos, no noso país. A taxa de actividade baixou dous puntos; o número de ocupados baixou en 137.800; o número de persoas desempregadas subiu en 60.100; os parados de longa duración, cun ano ou máis, subiron en 13.400, e con dous anos ou máis, subiron 78.700; as persoas asalariadas con contratos indefinidos diminuíron en 52.000; as persoas asalariadas con contrato temporal diminuíron en 37.300; os ocupados a tempo completo diminuíron en

152.100 persoas, iso si, incrementáronse os ocupados a tempo parcial.

¿Sabe que din estas cifras, que ditas todas así xuntas pode parecer que non din nada? Din que en Galicia hoxe hai máis paro, máis precariedade, menos cobertura para as persoas que non teñen emprego, máis pobreza e máis exclusión social. Ese é o retrato das familias que temos hoxe en Galicia. Por certo, e unha fenda salarial cada vez maior entre homes e mulleres, 79 días máis ao ano terían que traballar as mulleres galegas se quixeran equiparar o seu salario aos homes, por igual traballo. ¡Por igual traballo!

Ese é o retrato das familias, e xunto a iso, as políticas que vostedes puxeron en marcha, por exemplo, coa renda de inclusión social de Galicia, só atenden a un 30 % das persoas que poderían ser obxecto desta prestación. É certo que vostedes incrementaron o orzamento, tamén é certo que incrementaron o número de persoas en pobreza ou exclusión social. Pero mire, isto tamén afecta ás familias, ¿para cando o decreto que desenvolve a lei de inclusión? ¿Recordan? Seis meses dende a publicación da lei. ¿Cantos meses vai sen que ese decreto estea enriba da mesa? Vostede anunciou, cando chegou á consellería, que era inminente. Estámolo esperando, conselleiro.

Dependencia. ¿Que quere que lle diga? Menos gasto por habitante que a media do Estado; a maior lista de espera de todas as comunidades autónomas; maiores copagos. E suprimiron, por exemplo, a afiliación das persoas coidadoras, mulleres case sempre. Suprimiuna o Goberno do Partido Popular, neste caso do señor Rajoy.

Servizos sociais de proximidade dos concellos, que son os que primeiro teñen que atender as familias. ¿Que fixeron vostedes? Vostede sábeo ben, era presidente da Fegamp. Fixeron un informe en contra desa lei do señor Rajoy, baleirar de competencias os concellos de menos de 20.000 habitantes. ¿E agora onde estamos?, ¿no limbo? Porque en teoría, neste mes de xaneiro que acaba de pasar, a Axencia Galega de Servizos Sociais tiña que asumir as competencias do Consorcio e tiñamos que empezar a traballar con ese novo mapa competencial. Ninguén sabe que está pasando, nin vai pasar nada, conselleiro, porque esta escusa de que se vai facer co financiamento dos concellos... ¿Pero vostedes están empezando nin tan sequera a plantexarse a posibilidade de facer unha negociación cos entes

locais para un novo financiamento? ¡Pero se vostedes non van estar gobernando en España! ¿Como van prometer o que non poden facer?

Educación. Políticas que tamén afectan ás familias. Gratuidade solidaria do señor Feijóo. Esa gratuidade solidaria do señor Feijóo, que eliminou a gratuidade dos libros de texto, cústanos aos galegos e ás galegas un 30 % máis, e atende a un 40 % menos das familias.

Escolas infantís. Vostede tamén falou delas. ¿Sabe que duplicaron o prezo das matrículas desde que vostedes están no Goberno? ¿Que revisaron a táboa de prezos que había vixente dende o ano 2002, no 2012, e que duplicaron o prezo das matrículas? ¿Iso que lle parece, que impacta pouco nas familias?

Desafiuzamentos. A vivenda é unha política prioritaria para as familias. Cada ano 2.500 desafiuzamentos se producen no noso país. Ultimamente xa cambiou a prevalencia e son moitos máis os desafiuzamentos por aluguer que por vivenda propia. Vostedes puxeron a servizo dos desafiuzamentos 500 vivendas. Hai 2.500 desafiuzamentos cada ano, e vostedes puxeron 500 vivendas. Apenas se ocuparon 50, ¿por que será?

Copagos nas menciñas. ¿Iso non afecta ás familias? ¿Non diminuíu o seu poder adquisitivo? Ticket eléctrico. Tamén foi outras das políticas que puxeron en marcha para as familias; absolutamente ridículo, absolutamente burocratizado e absolutamente insuficiente.

E vostede vén e dinos que lles vai dar un novo impulso social ás políticas de familia. ¿Pero como? ¡Se vostedes levan investido 4.000 millóns de euros menos en política social desde que o señor Feijóo é presidente!

E fálanos do Plan demográfico e de consenso no Plan demográfico. Mire, señor conselleiro, vostede non estaba daquela, eu si. A tramitación do Plan demográfico que fixo o Goberno Feijóo foi absolutamente vergoñenta para os grupos parlamentarios. Nunha tarde, déronnos media hora para presentar as emendas de resolución. Nin tan sequera aceptaron todo o traballo que se fixera na lexislatura anterior con esa comisión de estudo que se creou no Parlamento de Galicia a instancias dunha iniciativa do Grupo Parla-

mentario Socialista. Fixeron un plan demográfico sen consenso, a toda présa, sen medidas concretas, sen cuantificar obxectivos; un plan demográfico, en definitiva moito peor que o do señor Fraga. E o que é peor, non quixeron aceptar as propostas que lle faciamos nin os grupos da oposición nin os expertos.

¿Quere consenso? Mire, voulle deixar aquí, voulle entregar a vostede, as 33 propostas de resolución que presentaba o Grupo Socialista a ese plan demográfico para que de verdade fora un plan demográfico cuantificable e avaliable, e non ese papel mollado que vostedes nos presentaron.

Rebaixas fiscais. ¡Pero se desde que vostedes gobernan, o Partido Popular, se incrementou a presión fiscal sobre as familias entre 2 e 3 puntos a nivel nacional! ¿De que falan vostedes?

¡Ah!, si, e descubriu Europa. Agora van ao Comité das Rexións e falan da demografía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...e das políticas de familia. Está ben o do Comité das Rexións, que vaian de vez en cando por alí, pero estaría mellor que os conselleiros do Goberno do señor Feijóo coñeceran o que é a Comisión Europea, porque ¿saben que?, ese é o Goberno. No Comité das Rexións non se goberna. Góbernase e tómanse as decisións na Comisión Europea. E ao mellor era bo que, de vez en cando, se entrevistaran coa Comisión Europea e deixaran de lado un pouco esa xira habitual que fan polo Comité das Rexións.

E logo falounos das familias numerosas, dos puntos de encontro familiar... Eu dos puntos de encontro familiar creo que a señora Adán xa lle dixo bastante o que había...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ¿Como vostedes poden vir aquí a falar dos puntos de encontro familiar, sabendo que nenos e nenas de mulleres vítimas de violencia machista van a eses puntos de encontro e se topan alí cos agresores, cos seus pais? ¿Como poden facer estas afirmacións que fan aquí de que apostan...?

E logo, mire, vostede falou aquí de centros de menores, e eu hoxe téñolle que recordar o que está pasando no centro Santo Anxo, de Rábade, que é un centro público, dos poucos que quedan, que atende a menores...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate. Ten outro turno, señora Gallego. Ten outro turno.

A señora GALLEGO CALVAR: ...e ao que estes días tivo que ir a Garda Civil e intervir alí para reducir a un menor, algo que non pasara na historia dese centro e algo que ten que ver...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GALLEGO CALVAR: ...precisamente cos recortes e coa súa ideoloxía, coa política que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora GALLEGO CALVAR: ...están facendo vostedes de privatizalo todo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Esta é a súa política de familia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señora Gallego, ¡unha mágoa que levara vostede as propostas do Grupo Socialista para o Plan de revitalización demográfica de Galicia! Porque vostede colleu esas propostas na comisión e marchou con elas. Nin quedou alí co Partido Popular a debatelas nin as presentou cando as tiña que presentar, e agora vén aquí coas propostas do Grupo Socialista, pero bueno... *(Aplausos.)*

Sorprenden moitísimo as críticas dos deputados e das deputadas da oposición a unha comparecencia do conselleiro de Política Social sobre as liñas políticas en materia de infancia, familia e conciliación. E resulta que a oposición se limita, única e exclusivamente, a criticar por que vén comparecer o conselleiro.

Pois miren, o conselleiro vén comparecer para presentar non só o que se está facendo en políticas de familia, senón o que se vai facer. E o que deberían de facer vostedes, en vez de vir aquí e criticar que un conselleiro compareza nesta Cámara ante os membros deste Parlamento, era vir aquí e presentar as súas propostas, porque saben perfectamente que a consellería acaba de presentar un borrador dun plan galego de política familiar que está aberto ás propostas de toda a cidadanía e tamén ás propostas dos grupos da oposición. E, dende logo, en vez de criticar que veña comparecer, o que deberían vostedes é estudar un pouco este documento e presentar propostas ao mesmo, porque penso que sería máis eficiente, dende logo, para todas as familias e para todos os nenos e as nenas de Galicia. *(Aplausos.)*

Para empezar, porque saberían vostedes que unha das medidas é solicitar unha tarifa reducida do IVE para os produtos de primeira necesidade e atención aos menores de 6 anos. Dígoo porque o acaban de reclamar vostedes e xa está contemplado no plan. Por iso creo que sería unha moi boa idea que vostedes lle botaran unha ollada e que puideran facer as súas aportacións.

E miren, pola mañá neste Parlamento unha deputada socialista dixo que os orzamentos son o verdadeiro programa de goberno. E vén o conselleiro a explicar os orzamentos que vai destinar a Xunta de Galicia para a infancia, para as familias e para a conciliación, e vostedes din que sempre vén falar do mesmo. Pois mire, é que os orzamentos son necesarios para poñer en marcha determinadas políticas, porque hai que pagar servizos, ¿verdade? Pois resulta que ese orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2016 o que significa —que parece ser que a vostedes non lles importan— máis recursos para loitar contra a desigualdade e a exclusión social; son máis recursos para atender ás persoas en situación de dependencia e aos nosos maiores; son máis recursos para apoiar as persoas que máis o necesitan; pero tamén son máis recursos para apoiar a infancia, as familias e para apoiar a conciliación. E, dende logo, o compromiso non se demostra aquí con palabras, o compromiso demostrase en cifras, e para o ano 2016 destínanse 97,2 millóns de euros á infancia e á familia. Estamos falando dun incremento do 40 % nesta área, no orzamento para a infancia e a familia.

Pero, ademais do orzamento, do que se vén falar é de programas de conciliación para a familia. Do bono-concilia-

ción, que parece ser que a vostedes non lles parece necesario, pero estou segurísima de que a aquelas familias que non teñen unha praza nunha escola infantil da Xunta de Galicia na súa cidade ou no lugar onde residen, seguramente que lles parece ben que a Xunta dedique 3,4 millóns de euros para axudarlles a pagar esa praza dunha escola infantil para o seu neno e para a súa nena.

Parece ser que a vostedes non lles parece importante o bono coidador no rural, pero seguramente que aquelas persoas que residen nun lugar onde non exista unha escola infantil, necesitan levar aos seus fillos e ás súas fillas a unha escola infantil, e seguramente lles parecen importantes eses 3 millóns de euros.

E vostedes vólvense mofar unha vez máis da tarxeta benvida; esa axuda directa de 100 euros mensuais durante o primeiro ano, 9 millóns de euros. E seguramente que, como mínimo, esas 1.000 familias que xa teñen solicitada a tarxeta benvida neste momento non comparten o que acaban vostedes de dicir. Como non o van compartir as 8 de cada 10 familias que van ter dereito a acceder a esa tarxeta benvida.

E tamén falamos de medidas fiscais para as familias. ¡Acabamos de escoitar aquí, de verdade, unha afirmación por parte da portavoz socialista...! Miren, incrementouse a dedución por nacemento e adopción de fillos, ¡e vostedes sábeno!, de 300 a 360 polo primeiro fillo; 1.200 polo segundo fillo e 2.400 polo terceiro fillo. E ademais, duplicouse o límite da dedución por coidado de fillos menores, de 200 a 400, e vostedes sábeno. E saben que neste momento as familias teñen máis servizos. Saben que hai á disposición das nenas e dos nenos máis prazas de escolas infantís: 3.864 en escolas infantís da rede Galiña Azul; un incremento do 96,8 %. ¿É que para vostedes non é importante que en Galicia neste momento haxa un 96,8 % máis de prazas do que había no ano 2009? ¿É que as familias non necesitan levar os seus fillos a unha escola infantil? ¿É que non é importante que Galicia conte con 20.500 prazas, que por primeira vez acadamos a ratio recomendada pola Unión Europea? ¿É que temos que recordarlles que no ano 2009 a ratio de cobertura era do 19 %, 14 puntos por debaixo do que recomendaba a Unión Europea? ¡E veñen vostedes aquí criticar ao conselleiro de que estean poñendo en marcha novas escolas infantís para os nosos nenos e as nosas nenas! A verdade é que

deberían vostedes de estudar ben o documento que lles acabo de dicir.

E á parte de prazas en escolas infantís, hai máis prazas sociais; temos máis prazas nas residencias, un 49 %; máis prazas en centros de día, un 72 %; tamén prazas para as persoas con discapacidade, un 91 %.

E hai un plan específico de loita contra a pobreza infantil; hai un plan específico e vostedes sábeno. Un plan, a través da Estratexia de Inclusión Social de Galicia, que conta con máis de 521 millóns de euros para levar a cabo esas máis de 300 actuacións, dentro das cales se atopa loitar contra a pobreza infantil. E saben tamén que hai un plan de loita contra a desigualdade económica dotado con 20 millóns de euros, onde se levan a cabo bonificacións de medicamentos ás familias; onde se leva a cabo material de apoio á mobilidade para aquelas familias que o necesitan; onde se axuda para a compra de material escolar; onde se axuda para o pago de facturas daquelas familias que non poden afrontalas. E para vostedes resulta que este Plan social contra a desigualdade, un plan de loita contra a pobreza infantil e un plan específico de política familiar, onde se recollen máis de 700 medidas, non é importante para que o conselleiro de Política Social veña a este Parlamento a explicarnos as medidas.

Efectivamente, foi o pasado 12 de febreiro cando se presentou no Consello da Xunta este borrador, o borrador do Plan galego de política familiar, para dar cumprimento a esa lei, señora Adán, esa lei que aprobamos e que debatemos neste Parlamento; un borrador que foi presentado ás organizacións e ás entidades que traballan neste sector. Ademais, o que vai facer a consellería é buscar ese máximo consenso, e, dende logo, o que vostedes tiñan que facer é estudar o documento, para que ese consenso coas entidades e ese consenso coas asociacións que traballan neste ámbito tamén fora co consenso, coas propostas e co traballo da oposición.

Porque miren, aquí non hai ningún conselleiro de hojalata, aquí, se non presentan vostedes as propostas, o que hai é unha oposición de palla. E, dende logo, os nenos, as nenas e as familias non merecen unha oposición de palla. (*Aplausos.*) Merecen unha oposición que traballe e que presente iniciativas.

Dende logo, señor conselleiro, nós estamos atentos a ese plan que atende dereitos sociais fundamentais que repercuten na vida das familias, como o emprego, a vivenda, a sanidade, a educación e a protección social. Nós apoiamos esa aposta decidida que fai a Xunta de Galicia pola infancia, polas familias e pola conciliación, e esperamos máis noticias dese borrador do Plan galego de política familiar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica. Señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):
Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que se pode facer unha réplica bastante somera. Eu tiña intención de falar e discutir de medidas que tivesen que ver coa familia, coas políticas de familia, que, como saben, están concentradas nunha dirección xeral, que é a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Promoción Demográfica. Unha dirección xeral sobre a que dixemos que hai unha aposta orzamentaria moi importante, que acada os 97 millóns de euros. A diferenza entre a aposta orzamentaria das políticas de familia deste ano 2015, con respecto ás do ano 2009, simplemente se duplica. Dígoo porque xa o dixo a señora Rodríguez antes. Moitas veces dise: non hai compromiso orzamentario, non hai compromiso orzamentario. Pois miren, o compromiso orzamentario desta dirección xeral é duplicar os seus recursos dende o ano 2009. Polo tanto, hai un pouco máis de compromiso orzamentario do que había. E eu dígoo, temos que chegar a máis, porque temos que conseguir máis recursos orzamentarios.

A verdade é que eu lle agradezo á señora Rodríguez, do Grupo Popular, que lera o Plan galego de política familiar, porque esa ten que ser a nosa folla de ruta. Porque hai centos de medidas previstas nese plan que teñen que ser a folla de ruta da política familiar de Galicia entre o ano 2016 e 2020. Porque ese plan non ten catro iniciativas explicadas en 35 minutos, ten centos de iniciativas que aportaron as entidades sociais que traballan coas familias e que aportaron os funcionarios especializados dos diferentes servizos sociais de Galicia.

Mire, con respecto á intervención vou ser moi breve, porque como o das propostas non interesa demasiado...

Intervención da señora Iglesias. Mire, estou totalmente de acordo co que dicía sobre política familiar.

Señora Iglesias, mire, afectan as políticas familiares, como me dicía... –non a vía, perdoe– ...á unidade familiar, pero debemos darlle unha resposta colectiva. É o que estamos tratando de facer, esa definición teórica da que vostede me falaba.

Despois fálame de investimento en I+D+i, de fiscalidade e da Lei de racionalización. Bueno, cando me presente un desenvolvemento desas propostas, estudarémolas.

Fálame tamén do Código civil e da renda mínima. Sabe perfectamente que non é unha competencia da que poidamos falar aquí; si instar outros gobernos, obviamente, a facelo.

Mire, non estou de acordo cunha cousa que dixó, iso si que llo teño que dicir: pasa en toda Europa occidental. É que non é verdade. A taxa que temos en Galicia non é compartida por toda Europa occidental. Somos unha das rexións que presenta unha peor taxa. E haberá máis motivos que o de I+D+i, o de fiscalidade, o de racionalización; hai motivos de moitos ámbitos nos que temos que traballar.

¿A situación económica inflúe? Por suposto que inflúe, pero non exclusivamente a situación económica. En momentos de expansión económica tiñamos o mesmo problema, por iso non podemos simplificar.

Despois, con respecto ao tema da emigración, mire, eu non estou por discutir datos, pero aquí fálase constantemente de datos do IGE, e o saldo migratorio é positivo en Galicia nos últimos anos. Pode vostede comprobalo.

Señor Fajardo, o que dicía de catro propostas. ¡Home!, non me reduza tanto. Despois de 35 minutos de tratar de falar de moitas cousas, non me dirá que traemos aquí catro iniciativas. Centos de iniciativas están previstas no Plan galego de política familiar, non as vou repetir; teñen vostedes o plan. Poderíamos falar algo sobre esas propostas, sobre cales son as diferentes aportacións dos distintos grupos e as súas propostas. De verdade, señora Gallego, que eu lle agradezo que nos pasase esas propostas. Eu vou estudar, e

vounas estudar porque isto non é un problema dun partido, dun goberno. De verdade, cando un ve o dato e ve Galicia no 2050, despois de que teñamos gobernado todos, con 1,7 millóns de habitantes, téñense que dar conta de que estamos falando dun tema moi serio, para o que ter duplicado nos últimos anos os recursos da Dirección Xeral de Familia non chega, hai que seguir aumentando.

Mire, señor Fajardo, fálame vostede na súa intervención das políticas económicas. A min gustaríame, de verdade, que me falara algo de políticas sociais. Veñen aquí falar de datos económicos, de políticas económicas, e eu entendo despois por que os que queren defender as políticas sociais piden o CNI.

Haberá que valorar un pouco máis a existencia de políticas sociais e dunha consellería específica de política social, que é unha reivindicación importante, para empezar, de todo o tecido social de Galicia. Onde vostede fala de asistencialismo, moitas persoas ven unha oportunidade para ter unha mellor política social e chegar á xente máis desfavorecida. E non soamente á xente máis desfavorecida, senón á xente que pagou as consecuencias da crise económica, á que lle temos que devolver os esforzos que fixeron.

Xa me dirá vostede onde se pagan 30 euros polo Plan Madruga. Eu coñezo plans madruga onde o usuario non paga nada. Eu non lle vou negar eses datos, pero, dende logo, paréceme que, se unha administración pública cobra 30 euros por levar os nenos a un plan madruga, é perfectamente mellorable esa actuación.

Fálame de 0,7 céntimos despois de facer multiplicacións, divisións e raíces cadradas. Eu doulle un dato, máis de 50 millóns de euros para a única renda de integración social que existe en Galicia. Promesas existiron moitas, pero a única renda de integración social que existe en Galicia é a Risga, e a Risga aumentou, desgraciadamente, a máis do dobre nos últimos anos.

Señor Fajardo e señora Adán, con respecto as casas-niño, que é unha das cousas das que falaba na miña intervención, non terán unha, terán trinta, polo tanto, poderán visitalas. De verdade, non é inventar nada novo, hai rexións europeas que teñen este sistema. Teñen este sistema porque supoño que vostedes coñecen concellos en Galicia onde hai tres nenos

de 0 a 3 anos ou cinco nenos de 0 a 3 anos. Convirán comigo en que non se pode facer unha escola infantil nun concello onde hai tres nenos ¿verdade?, porque unha escola infantil require un mínimo de persoal imprescindible para o seu funcionamento. Por iso imos implementar este recurso, pouco a pouco, en todos os concellos de Galicia que non teñen neste momento unha infraestrutura de conciliación. Polo tanto, xa lles dixen, critiquen a orde no segundo trimestre se teñen algunha suxerencia. Poden repasar –xa digo– algunhas rexións europeas, que o meu departamento estivo repasando para ultimalas. E se teñen algunha proposta fanma chegar, e terémola en conta tamén para mellorar o seu sistema e que, cando a visiten, poidan ver que aínda que tardara un pouco é unha cousa positiva para todos.

Señora Adán, dime vostede ¿por que comparece? Están dicindo sempre que o Goberno non comparece. Pois vimos a comparecer e a falar dun tema que nos parece importante, que é a política familiar. Eu estiven aquí, cada vez que mo piden, dando datos de dependencia, dando datos de Risga, dando datos de inclusión social, e estou disposto a vir cantas veces desexe este Parlamento, pero hoxe é que o tema era política familiar. A verdade, ¿por que comparezo? Porque pensaba que me ían facer algunha aportación, pero vexo que é ben difícil.

Despois dixo que si. Eu, dende logo, creo que son importantes para o foro de rexións españolas con desafíos demográficos e para reunión de traballo que teremos da Resoe.

Fálame da ratio das escolas. Pois mire, ratio, prazas de escolas sostidas con fondos públicos. De verdade que non lle queremos poñer un selo a cada rapaz galego que entra nunha escola infantil para dicirlle o modelo de xestión que ten a escola infantil, o que temos é que garantirlle un bo servizo.

Flexibilidade laboral. Xa dixen, está implantada xa na Xunta de Galicia, hai 700 persoas que teñen flexibilidade laboral. Gustaríanos avanzar na flexibilidade laboral das empresas privadas. Cremos que hai maneiras de facelo. Preveuse, e espero que todos estean implicados no Plan estratégico de Galicia. Despois dime que non teñen nada que ver os programas de mediación, os gabinetes de orientación, os puntos de encontro. Mire, o que vostede queira, se sobre iso cre que non debemos de falar, pois tampouco teño un interese especial, pero dende logo se dixo aquí que nos puntos de encontro se atopan persoas que sufriron violencia de xénero,

iso, dende logo, non o podo admitir. E se se producen eses casos, hai que actuar non denunciando neste Parlamento, senón denunciando noutros lugares.

Señora Gallego, faloume de publicidade e propaganda, faloume de eleccións, faloume de paro, faloume de estatísticas de contrato... Eu, o mesmo que lle dixen ao señor Fajardo, prefiro falar de políticas sociais, que é a responsabilidade que me ten encomendado o presidente da Xunta de Galicia. Preguntoume unha cousa tamén. ¿Están plantexando negociacións cos concellos? Xa lle dixen hai un tempo que si. Xa iniciamos esas conversas porque cremos que en Galicia hai unha dispersión importante na prestación de servizos por parte dos concellos, das deputacións e da Comunidade Autónoma. Por iso é imprescindible que falemos todas estas cousas e que tratemos de acadar consenso. Igual que falamos coas entidades sociais, e tamén temos acadado algúns consensos importantes coas entidades sociais en pouco tempo. Pois tamén espero que eses pasos que iniciamos coas entidades sociais continúen con pasos para os concellos.

Diciame que tivésemos algunha reunión coa Comisión europea. Por suposto, este conselleiro estivo falando destas cousas con representantes da Comisión Europea. Non falei co Comité de Rexións, senón coa Comisión Europea, que é o que vostede me estaba demandando. Polo tanto, xa digo, eu espero e desexo que isto nos permita sensibilizarnos a todos, sensibilizar a esta Cámara, sensibilizar a todos os grupos, con que temos un reto moi importante, que é apoiar a familia, porque temos un reto demográfico tamén importante en Galicia, e a familia é un instrumento fundamental para tratar ese reto demográfico.

Son consciente de que non é unha actuación illada dunha consellería, da Consellería de Política Social, pero a Consellería de Política Social quere asumir a responsabilidade que ten para impulsar esta actuación; unha actuación que tampouco pode ser unha actuación illada dun goberno, ten que ser unha actuación que compartamos coa sociedade galega, coas empresas, cos representantes sindicais e coa sociedade civil, que é fundamental para que entre todos sexamos quen de mudar esta situación que en Galicia leva anos sucedendo.

Polo tanto, eu espero que na próxima intervención, ou nos próximos días, entre todos sexamos quen de acadar unha posición forte de Galicia con respecto a estes retos de futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

¿Vésemme ben, conselleiro? Eu creo que é cousas da estatura que temos os dous. Ao mellor non me vía ben por iso antes.

Mire, o seu nomeamento como conselleiro de Política Social forma parte desa estratexia de Núñez Feijóo del “giro social” que anunciou despois das eleccións municipais que, por certo, o desafiuzaron a vostede do Concello de Ferrol.

Dona Marta Arias, as nenas e os nenos de Galiza, as mulleres e os homes de Galiza, merecen un conselleiro de Traballo e Benestar moito mellor que o ex alcalde da cidade de Ferrol; a cidade con maior taxa de risco de pobreza e de paro, co ingreso medio mensual por fogar máis baixo e a que sufriu, baixo o seu mandato, os maiores recortes en prestacións.

Sendo vostede o alcalde, suprimíronse a oficina de dependencia, a oficina de inclusión social, a oficina de inmigración, a oficina de menores, a oficina de voluntariado e o banco de tempo, e agora vostede ¡boto as mans á cabeza! é o conselleiro desta política a nivel nacional.

¡Moi preocupante! Moi preocupante que o responsable do afogamento de practicamente todas as entidades sociais de Ferrol sexa agora o responsable desa materia a nivel nacional. Preocupante tamén por todo o que teña que ver o seu departamento en políticas de igualdade e conciliación, señor conselleiro. Cando no ano 2013, polo 25, o Día en contra dos malos tratos, Día internacional contra a violencia de xénero, a responsable de igualdade do seu concello, no marco dos actos levados a cabo polo seu concello, repartía unhas galletitas nunha bolsa rematada cun lazo rosa. E a lenda que viña nese lazo rosa dicía: “Son doce, non sexas violento”. ¡Vaia políticas de igualdade podemos esperar de vostede! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Como di, señor Fariñas? ¿Estase dirixindo a min? Señor presidente, se me increpa, téñolle que contestar. (*Interrupcións.*)

Señor conselleiro, co seu pasado, o conto que nos conta aquí non ten crédito ningún. Vén vostede de ser alcalde de Ferrol, ten vostede un pasado moi recente, moi sospeitoso, e preséntanos aquí, agora que veñen as eleccións outra vez, un plan electoralista, un plan inacadable, falso e contradictorio coas políticas sociais e coas políticas conciliatorias. Na miña opinión, a Administración vai moi por detrás da sociedade, e vostede moito máis.

As políticas de familia cosifican, instrumentalizan e monetarizan, para a economía estatal, unha forma de vida que a propia realidade social descarta para moitas persoas. Porque ninguén ¡por favor, non nos tome por tontas! vai pensar en ter fillos porque unha administración lle dea 1.000 euros por nacemento ou 100 euros ao mes. O que deben facer vostedes, os que gobernan... (*Interrupcións.*) ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: Xa estou mandando calar.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Corre o tempo, ¿non? Bueno, pois deixárame un minutíño máis para rematar a miña intervención.

Non sei porque fan este escándalo cando lle recordo o pasado ao alcalde de Ferrol en recorte en servizos sociais, iso é un dato que consta. Non, non, non. Bueno, dáme igual, pero durante ese período foi cando o fixo.

Ben, o que debe de facer vostede é crear unha sociedade onde ter fillos non estea penalizado no ámbito profesional. Refírome, sobre todo, á carreira laboral das mulleres; que o feito de ser muller non desvalorice o noso traballo e o noso salario. Que ambos pais poidan criar as súas fillas e fillos, e non aparcalos en garderías —¿como lle chama?, ¿la escuela del niño?— dende tan cativiños, ou que teñan que ser criados polas avoas e os avós, que os salarios sexan dignos, e non acuñar novos indicadores de emprego como traballadora ou traballador pobre. Que os cativos nazan sen o terrible augurio de que serán a primeira xeración que vivirá peor que os seus pais.

En definitiva, señor conselleiro, superar as políticas de familia diluídas en políticas sociais de igualdade, laborais, sanitarias e educativas, e aquí lle quedan as miñas propostas, por se non lle chegaron as de antes. É dicir, un novo modelo de sociedade, solidaria e sustentable.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi boas de novo.

A verdade é que sei que non están acostumados, pero voules pedir desculpas porque antes fixen unha referencia ao presidente que ao mellor non era acaída. Pero a respecto do que dixó o conselleiro, reafirmome na miña consideración sobre a súa comparecencia.

Vostede converteuse nun conselleiro de photocall, do slogan, da incapacidade real para atallar os problemas deste país. Porque, cando vostede fala de políticas de familia, e, polo tanto, tamén neste caso veu falar de políticas de demografía, non é capaz de ir á raíz do problema. E a raíz do problema –insistinlles xa na anterior comparecencia– ten que ver coas condicións socioeconómicas deste país.

E ese asistencialismo significa, por exemplo, que vostede, que é o responsable da consellería, debería explicar por que se incumpre a Lei de inclusión social de Galicia e aínda está sen redactar, sen poñer encima da mesa, ese decreto que dicía a lei que tardarían 6 meses desde a súa aprobación para que fose eficaz unha parte da Lei de inclusión social de Galicia. ¿Por que hai ese retraso? Porque hai incapacidade ou poucas ganas de solventar os problemas deste país.

Cando falan de política social, vostedes restrínxeno a estas catro cousas que repiten cada vez, e a Risga; unha Risga que eu lle dou o dato e vostede non mo rebate: o 50 % das solicitudes presentadas están sendo denegadas, o 50 %.

Pero é máis, ¿que porcentaxe de poboación se atende con esa Risga? Máis de 600.000 galegos en situación de

exclusión, apenas 17.000 Risgas concedidas, ou 13.000. ¿Por favor! Iso significa que o grao de responsabilidade desta consellería coa xente que peor o está a pasar é absolutamente nulo.

Púxenlle encima da mesa unha realidade: 1.700 persoas dormen ao raso todos os días neste país. A súa política para solventar esta situación, nula, absolutamente nula.

E cando fala de propostas, nós puxémoslle propostas encima da mesa e vostedes nin sequera coñecían a realidade. A primeira proposta é a proactividade e a conexión entre os servizos sociais deste país, entre os concellos e a Xunta de Galicia. ¿Como é posible que teña que peregrinar por todas as administracións unha persoa que está na calle, para pedir unha axuda, e que lla deneguen porque lle falta un trámite burocrático, cando a Xunta debería de facilitar e ser proactiva para iso?

¿Como é posible que non se gaste nunca nin o 70 % das axudas de emerxencia social deste país? ¿Como é posible que os servizos sociais deste país non teñan coñecemento do conxunto de axudas? Ou ¿como é posible que por esa reforma da Administración local os concellos non poidan contratar máis persoal para facer os informes necesarios para outorgar as axudas? Iso ten que ver con vostedes.

Pero, sobre todo, vostedes teñen no seu plan estratéxico recoñecida a maior gravidade desta situación, e estamos falando de loita de clases. Vostedes defenden unha clase e eu defendo outra. ¿Por que? Pola transmisión xeracional da pobreza, especialmente no caso das persoas máis novas. ¿Que quere dicir iso? Que a persoa nace pobre, a súa familia é pobre e os seus fillos son pobres, porque vostedes non queren darlle oportunidades á xente para saír dese método de exclusión, porque defenden só unha parte da poboación e non o conxunto da poboación.

Mire, cando me fala vostede de crear novas escolas infantís nos polígonos industriais, debería explicarme por que o plan estratéxico di especificamente “para empresas grandes”. ¿É que estamos, unha vez máis, dando diñeiro público para servizos de empresas grandes? ¿É que as pemes non o necesitan? ¿É que os concellos pequenos non o necesitan? ¿Algún día imos ser capaces de coñecer, dunha vez por todas, esa famosa casa niño? Eu teño, de verdade, unha

situación interna que non me deixa vivir, porque levo tres anos escoitando como vai ser a casa niño e aínda non recoñezo onde están nin como van ser. Porque o modelo hai que coñecelo para ver se é un modelo factible ou desexable para o rural do noso país, ou incluso para a costa do noso país. Porque un dos problemas que ten que ver neste país coa situación das escolas infantís é a deficiente ubicación de moitas das nosas escolas infantís, que son inaccesibles para unha parte moi importante da poboación. Ou, por exemplo, escolas infantís que nin sequera teñen horario de tarde neste país. Vostede pode falar de moitas prazas, pero hai escolas infantís que non teñen horario de tarde, e, polo tanto, non poden atender a traballadores con turnos.

E cando me fala de flexibilidade e de que vostedes, ademais, propoñen que hai que trasladalo ás empresas, debería explicarme como se compatibiliza iso coa súa reforma laboral, que tamén ten outra cousa que é unha perla do Partido Popular. Resulta que eu, para o coidado do meu fillo, para ir ao médico, teño unha licenza retribuída nalgúns convenios. ¡Ah!, pero que eu deixe de ir a traballar para atender ao meu fillo, tamén computa nesa porcentaxe que lle dá dereito ao empresario a sumalo a algunha baixa e despedirme de forma legal do meu posto de traballo porque me ausentei do meu posto de traballo, aínda que tivera un permiso de acompañamento aos meus fillos.

Esa é a reforma do Partido Popular. Polo tanto, cando me fala de flexibilidade, sexa realista, e cando fala de flexibilidade, fáleme desa reforma laboral que incrementou os contratos a tempo parcial, con xornadas por riba das 8 horas, a pesar de que se cotizan 6, 5, 4, 3 ou 1. Esa é a realidade do Partido Popular, polo tanto vostede, unha vez máis, política de propaganda e da mala, da mala política de propaganda.

Posiblemente, cando falamos da familia, a única familia que coñece o Partido Popular, é a familia [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)* de organizacións como as que teñen montadas en Valencia, en Baleares, en Madrid, *(Murmurios.)* en sitios deste tipo, onde se ten demostrado que o Partido Popular é unha organización pensada para delinquir e non para gobernar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Vou retirar a expresión esa de *familia* porque non me parece acaída aquí nisto. *(Risos.)*

Queda retirada esa expresión, e, consecuentemente, teño que o chamar á orde.

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, si, non, ¡coidado!, ¡coidado!, que eu estaba atento ao debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Home, claro, por favor! É que hai cousas que non se poden permitir.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Mire, señor conselleiro, nós consideramos, dende este grupo, que vostede hoxe quería un titular, que é “os cheques xa están chegando ás casas”. Agradecemos o traballo dos funcionarios e funcionarias”. Efectivamente, iso temos que agradecerllo todos, que seguro que lle foi moi complexo poñer en marcha ese sistema. Pero ese era o único titular desta comparecencia.

Ademais, a señora deputada recriminouos que non trouxeramos aportacións. Vostede mesmo tamén nolo recriminou. Se quere, o capítulo II do Regulamento do Parlamento de Galiza, como coñecemos perfectamente deputados e deputadas, no seu artigo 42 é moi claro: “Se a Xunta de Galicia remitira un programa ou plan que requira o pronunciamento do Parlamento, a Mesa ordenará o seu envío á comisión competente”. Dous: “A Mesa da Comisión organizará a tramitación e fixará prazos dela. A Comisión designará, se é o caso, a ponencia que estude o programa ou plan en cuestión. O debate na comisión axeitárase ao previsto do capítulo anterior, entendéndose que o prazo para a presentación de propostas de resolución será de 3 días, se a Mesa do Parlamento decidise que aquelas deben debaterse no Pleno da Cámara”.

Se consideran que, efectivamente, é necesario un debate en profundidade do Plan de política familiar neste

Parlamento, como é obrigación de todos os deputados e deputadas, cando chegue o plan analizarémolo e presentaremos as consideracións dende cada grupo parlamentar –dende logo, o noso si que se compromete– para darlle contido a ese plan para que sexa debatido, e se considera debatido en Comisión ou en Pleno, tanto nos ten. Pero esta non consideramos que sexa a fórmula axeitada para ningunha proposta.

De feito, miren, aquí xa presentamos unha lei de corresponsabilidade, á que o Partido Popular votou en contra. O 8 de marzo terán a posibilidade de votar parte desas iniciativas de corresponsabilidade e de traballo en igualdade, e veremos se, efectivamente, están a favor de asumilas ou non asumilas. Vostedes derrogaron de facto a Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galiza, que recollía medidas para a conciliación como o Banco de tempos, por exemplo, que nunca se chegou a implementar.

Por exemplo, estamos agardando polo programa Muller e ciencia, que ten unha parte importantísima das mulleres científicas e investigadoras, iso que se denomina GAP no curriculum, porque xustamente na idade na que teñen fillos non poden facer tantas publicacións. Aprobouse aquí hai 2 anos, se non me falla a memoria, que se presentaría no 2015; estamos no 2016 e todas esas medidas de conciliación para as mulleres que traballan no ámbito da ciencia están sen desenvolver. Propostas, si que se deron moitas propostas. ¿Que as levara adiante o Partido Popular? Non.

Se queren debater sobre propostas concretas deste programa, fagámolo como ten que ser regulamentariamente, non soamente nun debate parlamentario. Presenten o plan, analizarémolo polo miúdo, como é a nosa obriga, e seguro, segurísimo, que presentaremos propostas de resolución. ¿Por que non as presentamos ao Plan de demografía? Porque entendemos que era unha tomadura de pelo. ¡Así o entendemos! E é verdade que estaban aí rexistradas. A señora Gallego acaba de deixarlle as do Partido Socialista. E demos ese debate e enfadámonos, ¿por que? Porque nos trouxeron a unha comisión, por parte dunha directora xeral, nin tan sequera a conselleira, un plan que dicía que era fulcral para o desenvolvemento de Galiza.

Se algo é verdadeiramente importante, consideren o Regulamento, sigan o camiño do Regulamento, debatamos

en serio sobre esas aportacións, e nós, polo menos esta deputada e este grupo parlamentar, se compromete a dar o debate en serio sobre a demografía ou políticas familiares, como queiran denominalas.

Agora si, conselleiro, vostede dixo apoiar a familia. Será apoiar as familias. ¿É tan difícil ver que o concepto de familia é diverso? ¿Para que aprobamos leis? Porque na Lei de familia aparece ata recollido.

Dende logo que as persoas que teñen diferentes modelos de familia tamén teñen dereito a que sexa recollido na mesma linguaxe desta Cámara, aínda que soamente quede para o *Diario de Sesións*.

Polo tanto, eu creo que non fai falta que veña vostede aquí sensibilizar os grupos, como dixo. Veña con medidas concretas e, se quere as nosas aportacións, tramite este plan como se deben de tramitar os plans segundo o Regulamento desta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Bueno señor conselleiro, eu agradézolle que vostede recolla as propostas que o Grupo Socialista tiña feitas para ese Plan de dinamización demográfica e que as estude. Polo menos é algo máis do que fixo a súa antecesora no cargo, a señora conselleira de Traballo e Benestar daquela.

A nós non nos gusta ir ás comisións parlamentarias a que nos tomen o pelo, ¿sabe? E iso foi o que pasou naquela comisión parlamentaria, que nos tomaron o pelo. E un Goberno que permitira que durante a lexislatura pasada houbera unha comisión neste Parlamento onde se estudou a fondo cal era toda a problemática do descenso da demografía en Galicia e cales podían ser as medidas a poñer en marcha, onde desfilaron expertos e expertas, e mesmo os grupos parlamentarios presentamos moitísimas propostas, recoller esas propostas, non incluílas no Plan de dinamización demográfica, e traelo a unha única sesión ao Parlamento, en vésperas do Nadal, para debatelo nunha tarde e ter media hora para presentar as

propostas de resolución, non parece serio, ¿verdade? Porque se por algo se caracteriza a política demográfica é porque non é urxente. É urxente no senso de que temos que tomar medidas, pero non é unha política que se faga dun día para outro. Pódense esperar 5 días, 20 días, para facer un bo plan de dinamización demográfica, e iso foi o que non pasou. Por iso lle agradezo que teña recollido esas propostas do Grupo Socialista, e a ver se polo menos vostede é capaz de facerlle algo máis de caso do que lle fixo a súa antecesora.

Porque mire, aquel plan é que, por non contemplar, non contemplaba na definición do problema nin o avellentamento da poboación nin a inmigración e o impacto que tiña nas políticas demográficas. ¡É que é unha tomadura de pelo, señor conselleiro! Entón, que nos veñan vender aquí que teñen un Plan de dinamización demográfica, que insisto que é peor tecnicamente, moito peor, que o plan do señor Fraga, pois non nos parece xusto.

Loitar contra a sangría demográfica, ¿como se pode facer? Bueno, eu creo que o dixen aquí moitas veces, e o meu compañeiro Abel Losada, que é experto na materia, teno dito outras moitas. Hai dúas medidas que hai que adoptar: incremento da taxa de ocupación feminina e incremento dos servizos públicos onde fan falta, no entorno rural basicamente. Estas son dúas medidas que hai que poñer en marcha para loitar contra esta sangría demográfica, e son dúas medidas que o Goberno galego ata o de agora non puxo nin parece que teña intención de facelo.

Logo, vostede trae aquí isto hoxe e comparece porque quere lle presentemos propostas. Mire, eu entendo que vostede pode considerarse un conselleiro “novato”, entre aspas, pero ¡home! ten xente na súa consellería que sabe que, se vostede quere vir a que lle fagamos propostas, preséntase ese plan nunha comisión, ábrese un prazo, os grupos estudan, fan as propostas, débátense, transacciónanse, acórdanse ou non se acordan, esta é a temática.

Non pretenderá vostede vir aquí facer esta comparecencia hoxe, insisto, para ocupar cupo, porque outros non queren vir comparecer e o señor Feijóo non quere vir dar explicacións sobre o mal que están indo as políticas de emprego na comunidade autónoma, e logo saír de aquí dicindo que vostede xa dialogou co Parlamento e xa lle trasladou o plan. Non, trampiñas desas, conselleiro, non.

Di vostede que se incrementou o orzamento nesa dirección xeral desde que vostede goberna, que se duplicou. Pero, ¿de que serve duplicar o orzamento na Dirección Xeral de Familia se vostedes lle quitaron á política social, dende que goberna o señor Feijóo, 4.000 millóns de euros, señor conselleiro? ¡É que as políticas de familia son transversais! E o que fai a Consellería de Educación, a Consellería de Vivenda, a Consellería de Sanidade e a súa consellería impacta nas familias, impacta no poder adquisitivo das familias e impacta nos problemas que teñen as familias. Polo tanto, ¿de que serve incrementar o orzamento dunha dirección xeral dunha consellería, se no conxunto vostedes non apostan pola política social? Vostedes non apostan por unha política que lles dea dereitos ás persoas, senón que o que fan é –insisto– medidas gratificables. ¿Ou é que se acordaron agora, no último ano de lexislatura, en vésperas das eleccións autonómicas, de facer un plan para a familia? ¿En sete anos non tiveron tempo?, ¿no ano electoral, de verdade?

Mire, vostede dixo unha cousa que me sorprende –eu pregunteille aos meus compañeiros por se entendera mal–: que temos un saldo migratorio positivo. Conselleiro, nos últimos anos coñecidos, 2013 e 2014, saldo negativo. En calquera caso, mire, no 2009, cando o señor Feijóo chegou ao Goberno, eramos en Galicia 2.796.000 persoas; e no 2015 pechado somos 2.732.000, 64.000 menos, cónteas como queira. Iso din o IGE e o INE, eu non sei cal é a fonte da súa estatística...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...agardaría que ma puidera dar.

Mire, cando vostede vén aquí, a este Parlamento, e di que vén cando llo requiramos... ¡É que ten a obriga! Ás interpe-lacións vostede non se pode negar a vir, ¿sabe? O que non fixo aínda vostede nunca, nin ningún membro do Goberno do señor Feijóo, foi comparecer por petición da oposición. Nunca, dende que gobernan, compareceron por petición da oposición, ¿saben? O señor presidente leva negándose reiteradamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...dende que é presidente, a comparecer para falar do verdadeiro drama das familias galegas, señor conselleiro, que é o paro, a precariedade laboral, a pobreza, a emigración da xente moza e a perda de dereitos cos gobernos do Partido Popular. Ese é o balance das súas políticas de familia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

A verdade é que é sorprendente, incluso teño envexa de vostedes porque sempre teñen unha escusa para todo. Se vén comparecer o conselleiro de Política Social, non debería ser vostede o que tiña que estar aquí, senón o presidente da Xunta de Galicia, que é de quen pediron vostedes a súa comparecencia na Xunta de Portavoces. *(Murmurios.)* Se na súa primeira intervención critican a comparecencia do conselleiro, na segunda parece que queren mudar a súa postura, e xustifican que non fan vostedes propostas porque hai que facelo a través dos artigos correspondentes do Regulamento. Entón, a Xunta ten que traer o plan ao Parlamento e, nunha comisión, debatelos. ¡Perfecto! Pero é que cando a Xunta de Galicia –vostede sábeo, señora Gallego, perfectamente– mandou ao Parlamento o Plan de dinamización demográfica polo artigo do Regulamento que vostedes citaron, tamén marcharon da comisión. É que sempre teñen escusa. Resulta que non querían que fora tramitado na Comisión 5ª, querían que fora tramitado noutra comisión. É que ao final sempre teñen vostedes escusas para non presentar as súas propostas.

E miren, soamente unha aclaración, señora Iglesias. Ao conselleiro non o deshauciaron do Concello de Ferrol. Que nós teñamos noticias, foi o candidato máis votado nas eleccións municipais no Concello de Ferrol. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Recicle vostede a súa información porque ao mellor pensa que un señor que ocupa neste momento a alcaldía de Ferrol foi porque a maioría dos cidadáns de Ferrol o votaron. Igual está vostede equivocada e ten que revisar a súa información. *(Aplausos.)*

Por outro lado, aquí falouse de que a tramitación da Risga, que se os concellos... A ver, aquí hai deputados e

deputadas que estiveron moitos anos nun concello e que deberían saber como funcionan os servizos sociais. Aquí hai deputados e deputadas que non poden vir a este Parlamento dicir que cando chegas aos servizos sociais che dan un listado de toda a documentación que tes que recoller. ¡É que non é así! Chegas aos servizos sociais... Ademais debatémolo coa súa compañeira, a señora Solla, nunha iniciativa que presentou na Comisión 5ª. Vostedes saben que hai un convenio entre as distintas administracións onde se facilita a documentación que as persoas necesitan para tramitar a Risga, e vostedes sábeno. *(Murmurios.)* Toda a documentación que se poida tramitar, solicítase. Polo tanto, reciclen tamén vostedes como funcionan os servizos sociais dos concellos porque é fundamental, porque é a primeira porta de entrada dos cidadáns. *(Murmurios.)* Polo tanto, sería conveniente que vostedes reciclaran a súa información.

E, miren, cando falamos do borrador do Plan galego de política familiar, a min gustárame dicir que esas seis áreas de actuación dese plan demostran un compromiso da Xunta de Galicia coas políticas de familia. Estamos falando de convivencia, de educación, de conciliación, de saúde, de vivenda, de ocio, de deporte. E ademais algo que se criticou aquí: o deseño, a execución e o seguimento deste plan está presidido polo respecto á liberdade de organización da vida familiar e da convivencia, algo que xa está recollido tamén na propia lei; a igualdade entre homes e mulleres, tanto no eido laboral como no persoal e familiar, e a atención ás necesidades das familias e dos seus membros, prestando especial atención á situación de especial dificultade ou vulnerabilidade. Penso que nisto vostedes estarán de acordo con nós.

E ademais hai que destacar que hai máis recursos, 97,2 millóns; un 40 % máis que o ano pasado, un 50 % máis que no ano 2009. E resulta que cando hai recursos enriba da mesa, cando hai orzamentos para as familias, agora dinos que non serve de nada porque, aínda que teñamos orzamentos, non apostamos polas políticas de familia. ¡É que sempre teñen vostedes unha escusa para todo!, para criticar as políticas da Xunta de Galicia e para non presentar propostas en determinadas cuestións.

E miren, nós consideramos que as familias, os nenos, as nenas, as unidades de convivencia, os maiores, as persoas con discapacidade, as persoas maiores... todas as persoas que forman parte da unidade familiar necesitan seriedade;

seriedade da Xunta de Galicia, pero tamén seriedade por parte dos grupos da oposición.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Turno de peche desta comparecencia. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):
Moitas grazas.

A verdade é que teño que insistir no que dixen antes, teño que insistir en que teñen nesta Cámara dous documentos moi importantes: o Plan galego de política familiar 2016-2020 e o Plan estratéxico de Galicia, tamén no horizonte de 2020, que creo que teñen recollidas moitas propostas. Moitas propostas que non son exclusivamente de políticos, moitas propostas que están recollidas da nosa sociedade civil, moitas propostas que están recollidas de técnicos que traballan no ámbito da familia, no ámbito da dinamización demográfica, tanto en Galicia como noutros lugares onde temos exemplos moi importantes.

A verdade é que parece como que, agora que temos Consellería de Política Social, molesta que se fale de políticas sociais. Agora que temos Consellería de Política Social, hai que falar doutras consellerías cando vén o conselleiro de Política Social. Hai que falar dos orzamentos doutras consellerías porque deberían empezar a asumir que este Goberno priorizou as políticas sociais e por iso sobe orzamentariamente o que destina a políticas sociais, e espero que o ano que vén destine aínda máis do que destinou este ano a políticas sociais e tamén a políticas de apoio á familia, que son unha parte fundamental para nós das políticas sociais. Porque, efectivamente, a crise foi moi dura, ¡claro que si!, e a crise deixou a moita xente en risco e en situación de exclusión social. Pero a crise tamén chegou a moitas familias, a moitas clases medias, que merecen un esforzo da Administración para devolverlles precisamente un novo sentido, que teñen unhas contas públicas que contan con máis recursos que antes. Por iso estamos orgullosos de traballar na política das familias, orgullosos das políticas da familia tradicional e tamén dos diferentes tipos de familia, señora Adán, porque os diferentes modelos de familia son absolutamente respectados polo Goberno que eu represento hoxe aquí. *(Murmurios.)*

Polo tanto, xa lle digo, señora Adán, estes dous documentos que nos parecen moi importantes: o Plan galego de política familiar e o Plan estratéxico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿O titular? Bueno, o titular di vostede ese, eu poderíalle dicir que o titular era que esperaba un diálogo moderado en torno aos retos importantes de Galicia para o ano 2020 e ao final todo queda no que quedan moitas veces os debates neste Parlamento.

Señor Fajardo, as escolas infantís en polígonos industriais non é para favorecer as grandes empresas, é porque son lugares con moita aglomeración de persoas que traballan, e, polo tanto, precisan un recurso de conciliación. De verdade, ningún interese en favorecelas.

Señora Gallego, eu agradézolle as aportacións. De verdade, eu descoñezo por que non se presentaron antes, cal foi... Sempre estamos a tempo de chegar a acordos. Eu creo que, de verdade, os galegos e as galegas sempre saudarán que somos capaces de chegar a acordos coas nosas diferenzas. Oxalá sexamos capaces de dicirlles que en temas sociais son máis as coincidencias que as diferenzas, porque por encima dos partidos, de verdade, eu penso que están as persoas.

Por iso, señora Iglesias, dedicolle as miñas últimas palabras a vostede, porque por encima dos partidos están as persoas. A verdade é que eu non me sinto desafiado do Concello de Ferrol, todo o contrario. Mire, hai unha gran diferenza entre vostede e mais eu. Vostede nunca encabezou unha lista electoral e vostede non sabe... *(A señora Iglesias Sueiro pronuncia palabras que non se perciben.)* —que eu saiba, podo estar equivocado— ...a satisfacción que supón para unha persoa que se dedica á actividade política que as dúas veces que encabezou unha lista electoral na súa cidade tivo o maior respaldo electoral que lle outogaran nunca os ferroláns a ninguén, *(Aplausos.)* ¡a ninguén! *(Aplausos.)* Polo tanto, señora Iglesias, quero dicirlle que ese respaldo electoral que tiveron as dúas veces que me presenteí, que en corenta anos de democracia non tivera ninguén —tamén a segunda vez—, aínda que por uns cantos votos non cheguei á maioría suficiente, *(Murmurios.)* pero que foi o respaldo electoral máis alto, débese precisamente a iso. Por iso non fale vostede con rencor. A min vótame moita xente do Partido Popular, pero tamén doutros partidos políticos, por iso tiveron ese respaldo electoral as dúas veces que me presenteí en Ferrol.

Mire, con respecto ao tema dos recortes sociais –porque eu non teño nada de que avergoñarme, nada, pero utilice vostede datos correctos–, cando eu cheguei á alcaldía de Ferrol había menos xente traballando nos servizos sociais que cando eu deixei a alcaldía de Ferrol. Debe corrixir vostede eses datos que, seguro que malintencionadamente, lle prestou algún compañeiro de organización.

E mire, ao que aspiro como conselleiro de Política Social é a que traballe máis xente nos departamentos sociais dos concellos e da Xunta de Galicia cando deixe a consellería que cando empecei na consellería. E xa verá como o imos conseguir entre todos.

Pero de verdade, señora Iglesias, se vostede coñecera un pouco o que son as persoas e falara un pouco coas entidades sociais de Galicia, e falara tamén coas entidades sociais de Ferrol, sabería vostede o que é a realidade. De verdade, señora Iglesias, a política non se fai pisando moqueta, faise presentándose ás eleccións e obtendo a confianza maioritaria dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto quinto da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa tarde de novo.

A verdade é que vai acabar a lexislatura e seguen chamándose José Manuel, son Juan Manuel. Dáme igual, pero, non estaría mal que, antes de rematar a lexislatura, dunha vez por todas se me estivese chamando polo meu nome. Aínda que é verdade que cando me chaman Juan Manuel é para reñirme, por iso, seguramente, non o fai así o señor presidente da Cámara.

(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)

Está vostede desculpado. Se fora eu, xa veríamos. *(Murmurios.) (Risos.)*

Bueno, imos falar dun tema moi importante, transcendente –eu diría– para o país, que ten demostrado que a sociedade civil deste país cando se organiza, cando defende os seus intereses é capaz de facer aquelas cousas que se lle negan. E neste país o Goberno tomou a decisión de poñer enriba da mesa unha Lei de acuicultura que era –digamos– un atraco aos nosos sectores e a reconversión definitiva do noso sector do mar.

Polo tanto, o outro día tivemos unha memorable intervención do portavoz do Partido Popular, e demostrouse unha cousa: non sei se o Partido Popular se sabe apartar do coches, pero das manifestacións si. Sábese apartar das manifestacións multitudinarias que lle van demostrar ao Partido Popular que está equivocado, que non se pode legislar contra a maioría social, que non se pode legislar contra un sector que ten capacidade suficiente de autoorganizarse, pero tamén de darlle capacidade económica a este país, e que estaba sendo atacado cunha norma que supoñía o fin do sector, pero tamén dunha parte moi importante da economía literal deste país.

A pesar do anuncio da retirada da Lei de acuicultura, gustárame que o portavoz do Partido Popular hoxe aquí explicase as verbas de Feijóo esta mañá, onde esa retirada era un pouco matizada e volveu insistir nesa idea de que cando o sector o entenda. Gustárame que explicase como é posible que teñan incluso mentido á cidadanía, porque o propio portavoz do Partido Popular nesta materia e o señor Feijóo dixeron que non se podía retirar o que non existía. Entón, ¿hoxe que fixeron? Era mentira o que dicían. Se había trámites administrativos iniciados e, polo tanto, era unha lei que existía, un anteproxecto que existía, que estaba exposto publicamente e que, polo tanto, tiña xa un trámite iniciado, e vostedes negaban a maior.

É máis, hai apenas quince días nesta mesma tribuna, a conselleira facía unha defensa dos argumentos que se demostraban falsos, porque tiveron que recuar ante a incapacidade de demostrar que iso que dicían era verdade, por-

que non era verdade o que dicían. Porque esa norma supoñía, en definitiva, entregarlle o noso sector do mar ao conxunto das empresas privadas interesadas en explotalo.

Pero nós non queremos que se agoche nun caixón, queremos que desapareza da iniciativa política esa norma e que o propio sector determine aquelas cousas que lle fan falta ao sector do mar. Por iso advertimos que imos estar controlando e vixiando as actuacións dun goberno que ten demostrado que nestes casos fai unha cousa para tratar de despistar, e xa virán tempos mellores para aplicar esta norma. Dicímolos porque vostedes levan desde os tempos de López Veiga intentando aprobar esta norma.

Pero, dende logo, sería moi importante, pois aqueles que demostran a súa incapacidade para defender os intereses maioritarios nun sector non poden nin deben continuar á fronte da consellería. Cando unha conselleira e o seu máximo responsable son contestados de forma absolutamente brutal polo conxunto do sector que din defender, teñen que marcharse. Pero tamén se ten que marchar o portavoz de Pesca. Porque o portavoz de Pesca demostrou aquí que está atacando o conxunto do sector de forma continuada. (*Murmurios.*) E dillo un humilde parlamentario de AGE, ao que vostede non respecta e di que non sabe nada de pesca. Pero aínda que vostede crea que non sei nada de pesca, o que si sei é que vostede non ten ningún consenso no sector e que, polo tanto, ten que abandonar a portavocía de Pesca cando menos deste Parlamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Por iso nosoutros lles imos reclamar á consellería e ao Goberno deste país que empece a tomarse en serio os problemas que ten o sector. E eses problemas non son abrir o campo ás multinacionais, os problemas fundamentais do sector son aqueles que veñen polas políticas impulsadas por aqueles que o atacan. Políticas, por exemplo, de destrución do noso medio mariño, de ataques aos nosos ecosistemas, políticas de defender en Europa aquilo que ataca o noso sector, de non ser capaces de defender as necesidades de cotas para a nosa frota, ou de defender as necesidades de que unha parte do noso sector estea contemplado nas axudas da Unión Europea.

Por iso hoxe doulles a benvinda ao lado correcto da forza. O lado correcto da forza era aquela que estabamos facendo

moitos para destrozarnos esta lei que non pode saír adiante. Doulles a benvinda, que entendan dunha vez por todas que non se pode legislar en contra dunha maioría social. Por iso hoxe tamén hai que recoñecerlles o traballo a aqueles que traballaron para que isto poida ser unha realidade. Un sector que tivo que organizarse, que tivo que perder tempo dos seus traballos, que tivo que patearse o país para demostrarlles con argumentos que non era a lei que necesitaba o conxunto do noso mar. E, polo tanto, eles son os que demostraron iniciativa, capacidade, e eles son os que deben dirixir o noso sector. E por iso temos que avanzar na coexistión do sector do mar, en darlles aos verdadeiros protagonistas a capacidade de que sexan eles os que decidan como se quere e como debe explotarse o noso mar. E non consentir máis leis feitas polo clúster de acuicultura. Por certo, este si instalado en Andalucía, que parece que non lles importou demasiado esta realidade.

E deberían explicar por que someteron a este estrés ao sector, cando dous meses atrás anunciaron a súa paralización para agora anunciar a súa retirada. Tiñan que tela retirado no momento en que se detectou que era un erro fundamental para a economía do país. Por iso espero que hoxe non teñan excusas para non votar a iniciativa política desta organización, que vai na liña que demanda o sector.

E por unha vez tense demostrado que é a presión social, a presión dos sectores económicos do mar, pero tamén a presión política daqueles que defendemos as maiorías sociais, os que tiñamos a razón e os que fomos capaces de derrotar esta lei. Pero insistimos: continuaremos expectantes porque sabemos como as gasta o Partido Popular e moito nos tememos que estean esperando algún truco á volta da esquina.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bueno, primeiro, congratularme da retirada deste anteproxecto de lei, que, dende logo, non se fai *motu proprio*, nin por convencemento do propio Goberno, senón que se fai

debido á contestación social que o anteproxecto tivo e a que estamos nun ano electoral. Eu creo que se non estiveramos en ano electoral, esta lei seguiría adiante. A sorte é que o Partido Popular quere aprazala para ver se consegue seguir gobernando os próximos catro anos, e para a próxima lexislatura entón si que pode lexislala.

Entendemos que é un anteproxecto de lei que é un auténtico atentado medioambiental e económico contra o noso país, igual que o é a permanencia de Ence na ría de Pontevedra. O rápido progreso da acuicultura intensiva para as especies de alto valor comercial provocou xa en moitos países a degradación do medio ambiente, o desprazamento de moitas poboacións, de campesiños e mariñeiros locais, porque lles impediu continuar coa súa actividade.

Dicía o ponente, señor Fajardo, que o señor Feijóo dicía que volverá cando a sociedade o entenda. Non, é o Goberno quen ten que entender a sociedade, quen ten que entender por que esta lei é lesiva para a sociedade, por que esta lei é lesiva para Galiza. A acuicultura é lesiva porque ameaza a integridade dos ecosistemas costeiros, xa que os criadeiros intensivos liberan ao contorno cantidades enormes de refugos orgánicos, materiais fecais e augas tóxicas. Todos os criadeiros, por exemplo, escoceses do salmón xuntos producen tantas dexecións como os 600.000 habitantes de Edimburgo. A acuicultura non diminúe a presión que se exerce sobre os peixes que están libres, senón todo o contrario, posto que estes peixes son pescados para despois constituír a alimentación dos peixes en cativeiro, a través de fariñas e aceites de peixe.

A gran parte da acuicultura consiste na engorda de peixes carnívoros como o salmón ou o atún. Dende o punto de vista comercial, dende logo, si que é lucrativo: cómpranse peixes baratos e despois véndense peixes de criadeiros máis caros. O problema é que estes peixes que alimentan os peixes da acuicultura son, por exemplo, sardiñas, cabalas ou anchoas, que forman parte da alimentación da cadea trófica e tamén forman parte da alimentación humana. Ao final, esta operación, polo tanto, utiliza moita máis carne de peixe da que se produce; polo tanto, esquilma o mar. Hoxe, preto do 20 % das capturas mundiais destínanse á produción de pensos e de fariñas para alimentar o peixe da acuicultura.

Ameaza tamén a acuicultura e soberanía alimentaria dos pobos, e, sobre todo, en sitios tan ricos, de riqueza produci-

va tan alta, como as nosas rías, prexudicando gravemente a capacidade de produción de alimentos xerados polos nosos ecosistemas, e imposibilita o exercicio das actividades tradicionais da pesca e do marisqueo.

Privatiza, ademais, terras de dominio público coa instalación de piscinas de cultivo en dominio público, freando o desenvolvemento das actividades tradicionais, non só económicas, senón das actividades sociais e culturais dos pobos. Privatizacións de camiños, privatizacións de zonas públicas que bloquean a libre circulación e o acceso das persoas ás zonas tradicionais de dominio público.

Profunda na inxustiza socioambiental, xa que se lle transfere á sociedade os custos desta industria, a degradación medioambiental, mentres que unha minoría, efectivamente, esas grandes empresas do sector, son as que reciben cuantiosos beneficios, sen devolver nada á sociedade.

Ademais, ameaza a saúde de traballadores e de consumidores. O metasulfito de sodio, utilizado por estas empresas como conservante e como axente químico tamén para estabilizar as cores do peixe, en embargo, está considerado un axente químico de insalubridade máxima, pero é usado por esta industria. Polo tanto, inxerilo ou traballar con el é, dende logo, prexudicial para a saúde. O mesmo que a grande cantidade de antibióticos que se utilizan como profilácticos e terapéuticos para o peixe criado en cativeiro. E xa tanto a FAO como a OMS, como a Oficina Internacional de Epizootias fan especial referencia aos riscos que o metasulfito e os antibióticos teñen para a saúde pública. Porque, ademais, no consumo non intencionado de antibióticos é imposible de medir a cantidade que se toma e provoca resistencia das bacterias a moitos deses antibióticos, e temos hoxe en sanidade auténticos problemas de bacterias resistentes aos antibióticos, que están dando lugar a mortes por enfermidades que antes se curaban con antibiótico.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ademais –e xa remato, señor presidente–, o perigo que supoñen as especies que se escapan dos criadeiros, xa que entran en competición directa coas especies autóctonas.

Polo tanto, consideramos que é moi acertado manter esta moción e que esperemos que o Partido Popular en consoñancia vote a favor da mesma.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Boa tarde a todas e a todos.

Dicía o Zeca Afonso: “*O povo é quem mais ordena*”, e así o vén manifestando nestes últimos anos nas diferentes fronteiras. Aí o vemos no xeito. Aí o vemos na repartición individual de cotas, con ese campamento que durou tres meses, con ese campamento tamén da volanta. Aí o temos na demanda de que a zona do Atlántico tamén quere cota do bocarte, ou nas imposicións de taxa e cotas á pesca artesanal.

E ante esta demanda do pobo, do sector, o presidente mandou paralizala, que non retirala, e aínda así o pobo *reagiu* e convocou a manifestación do vindeiro sábado. Esa manifestación que está impulsando todo o sector, dende as Rías Baixas ata o Ortegal. E agora vemos que ante esta manifestación masiva, que está todo o sector facendo unha demanda unánime, que xa o afirmaba eu aquí con anterioridade, que esta proposta de anteproxecto de lei supuxo un verdadeiro tsunami ante o cal todo o conxunto do sector, dende os mexilloeiros ata as mariscadoras, ata o cerco ou o arrastre, foron quen de interiorizar que o problema era conxunto, que era o mesmo problema dunha política pesqueira deseñada dende Bruxelas cuxa finalidade é apropiarse dos nosos recursos e impoñer un novo modelo ao servizo do capital. Polo tanto, estamos ante unha magna obra disuasoria para intentar desactivar o sector.

Polo tanto, o sector non vai dar marcha atrás porque se dá conta xa unha vez máis de que a señora conselleira xa non é interlocutora válida, xa quedou totalmente desautorizada e debe facerlle un último favor ao país, que este non é outro que dimitir e marchar para a casa. Pero, por suposto, antes de marchar para a casa, que colla e leve con ela o director xeral, antes

secretario xeral de Pesca e agora director xeral de Acuicultura. Porque estamos ante un problema de país, ante un problema de gran calado, que está enraizado e que non se soluciona para nada dicindo que se vai comprometer coa retirada deste anteproxecto, porque a raíz está perfectamente firmada.

Non hai máis que ver os orzamentos deste ano: nada máis e nada menos que 18 millóns de euros que teñen comprometido para poder cumprir a súa aposta por esa acuicultura intensiva. Unha aposta clara en investimentos produtivos na acuicultura, polo fomento de novas empresas, no asesoramento de explotacións acuícolas, apostando pola redución da auga contaminante e químicos, ou apostando por seguros que blinden as poboacións acuícolas.

E isto non é máis que a resposta á política que vén emanada da Unión Europea. Non hai máis que botarlle un vistazo ao Regulamento 502/2014, que foi aprobado despois da renovación da PPC, de onde vén con total claridade deseñado o futuro da acuicultura intensiva, con axudas para empresas con investimentos superiores aos 50.000 euros en acuicultura, para reducir a dependencia da fariña e do aceite de pescado; axudas incluso para a cartografía das zonas máis idóneas para desenvolver a acuicultura.

Polo tanto, estamos ante un deseño da Unión Europea co que o Goberno da Xunta de Galiza comunga estrepitosamente, e está disposto a levalo a cabo. Isto é unicamente un alto no camiño. Polo tanto, hai que seguir empuxando, hai que seguir animando para que o sector siga acrecentando esa onda que debe conseguir que o próximo sábado 27 aquí en Compostela, no Obradoiro, haxa multitude de persoas reclamando por fin a este modelo de pesca imposta pola Unión Europea, que nos aboca á perda de actividade e, sobre todo, a destruír o noso modelo produtivo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: ...que xera riqueza e, fundamentalmente, xera moito emprego. Un modelo que necesitamos urxentemente enfrontar para poder sobrevivir, senón este país deixaría de ser tal se renunciásemos ao noso modelo tradicional de pesca sostible, como a que se está desenvolvendo ata estes momentos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Val.

O señor VAL ALONSO: Moi boas tardes a todos e a todas.

Hoxe coñecemos, aínda que sen fiarnos demasiado, o anuncio de retirada definitiva do Anteproxecto de lei de acuicultura. Pero hai apenas quince días dous importantes representantes do Partido Popular saían desta cámara coa sensación do deber cumprido, coa sensación de ter rememorado e interpretado de xeito impecable unha escena da famosa película titulada *Men in Black*, onde Will Smith e Tommy Lee Jones eran capaces de borrar cun flash de luz a memoria dos humanos.

Neste caso o flash de luz tivo lugar coa xa célebre frase do señor Balseiro: dos tontos e dos coches, e rematouse coa magnífica interpretación da señora conselleira falando de aspectos positivos que de ningún xeito recollía este anteproxecto de lei, denominado naquel momento como borrador, a pesar de ter pasado polo Consello da Xunta de Galicia e mesmo de ter realizado xa o trámite de exposición pública. Todo isto para que nada do sucedido quedase na memoria do sector.

Pero nada máis lonxe da realidade. Os representantes do sector saíron cunha sensación ben distinta, máis próxima ao engano e á tomadura de pelo, porque son conscientes de que detrás do longo proceso de redacción deste xa retirado anteproxecto de lei, sempre redactado de costas aos afectados, o que había era un texto cun marcado carácter especulador. E digo isto porque aínda que agora tratasen de dicir o contrario, xa no ano 2012 a conselleira Quintana marcaba o rumbo cando dicía alto e claro para quen a quixo escoitar que a acuicultura multitrófica integrada sería o modelo de futuro e a fórmula máis axeitada para aproveitar e optimizar o espazo. Porque xustamente diso estabamos a falar, da ocupación do espazo para producir.

Unha estratexia perfectamente definida por parte do Partido Popular, que o que pretendía con este anteproxecto era cambiar un modelo de raíz. Un modelo que en palabras do director xeral de Pesca, Juan Maneiro, “é ineficaz e precario porque emprega moita man de obra, pero pro-

duce pouca rendibilidade”. E quería cambiar xustamente por outro modelo moito menos intensivo en man de obra, pero con maiores niveis de rendibilidade. Iso si, para os promotores das iniciativas acuícolas e non para a colectividade.

No PSdeG defendemos sempre o modelo actual. Certo é que se poden mellorar cousas, traballando na organización, na promoción, na comercialización. Pero non é menos certo que este modelo ten levado Galicia a se converter nun referente a nivel mundial na produción de mexillón e a ter tamén unha marca de calidade propia nos produtos da baixura e do marisqueo. E defendémolo tamén porque xa se dixo aquí que ten contribuído de xeito decisivo ao desenvolvemento económico e social das vilas costeiras deste país, cunha distribución da riqueza bastante horizontal e dando traballo a milleiros de persoas.

O modelo proposto polo Partido Popular era, sen dúbida, a antítese de todo isto. Pretendía a acumulación das zonas de produción en tan só uns poucos, deixando aberto o camiño para que calquera puidese entrar na loita pola ocupación do espazo.

É certo que o texto marcaba como prioridade que as agrupacións e os colectivos do sector terían prioridade para converterse á actividade acuícola, ofrecendo como un caramelo a posibilidade de acceso aos fondos europeos, pero, ¿como non?, entrando na batalla da competencia coas grandes empresas do sector acuícola, onde os criterios de rendibilidade, eficacia e capacidade económica serían as variables que a Administración tería en conta para outorgar ou suspender unha concesión administrativa. E así a porta quedaba aberta.

Eu creo que todos os que aquí estamos sabemos que é rotundamente falso que non se poida desenvolver actividade acuícola sen unha lei como a que o PP quería aprobar, porque eu me pregunto se neste país non se vén realizando xa actividade acuícola dende os últimos cincuenta anos. Pero o que non é falso é o que ía supoñer este anteproxecto de lei: o incremento de custos seguramente faría que moitos dos produtores terían que abandonar o sector debido ao aumento de custos que significaría a acuicultura con concesión administrativa. E os que non deseen ese paso seguramente serían afogados por outras vías como a imposibilidade de acceder a axudas europeas. E esta era a estratexia do Partido

Popular, unha estratexia claramente definida e que pretendía cambiar o modelo de raíz.

Mire, señor Balseiro, polo camiño foron caendo todos os seus argumentos. Primeiro, tratábase simplemente dun debate semántico entre paralización e retirada, logo parece ser que vostedes defendían que non se podía retirar porque era un borrador, e así ata hoxe, no que a señora Quintana anunciou a paralización.

Eu non lle vou pedir a súa dimisión, pero o que si vou facer é dicirlle que a señora Quintana o que tiña que facer era aproveitar a retirada deste anteproxecto de lei para marchar con el.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que os vexo a vostedes demasiado preocupados, véxoos preocupados porque –dín na miña terra– “saúlles a vostedes o tiro pola culata”. *(Risos.) (Murmurios.)* E digo que lles saíu porque eu tamén pensei que hoxe... ¡Home!, vindo a moción de quen vén, tampouco me estraño demasiado. Pero pensei que hoxe ía retirar o señor Fajardo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: ...esta moción por dúas razóns:

Primeiro, porque creo que a señora conselleira no pleno pasado lles desmontou a sarta de mentiras que vostede e o compañeiro seu, o señor Rodas, disfrazados de expertos en acuicultura, con esas reunións que facían apolíticas dos políticos, pois llelo desmontou.

E, segundo, porque deben ser os únicos que aínda ás sete e cuarto da tarde non se enteraron de que xa non existe este Borrador de anteproxecto da lei de acuicultura. Deben ser vostedes os únicos.

E o grupo maioritario desta Cámara ante isto podía facer dúas cousas. Podía non lle facer demasiado caso e non lles votar a favor. Pero, miren por onde, para que vostedes que-

den tranquilos, pero sobre todo, non vostedes, porque vostedes quedan nerviosos, para que o sector quede tranquilo, o grupo maioritario desta cámara vaille votar a favor desta moción. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Non, non, se xa non hai nada máis que ver... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Non hai nada máis que ver o que montan vostedes, os representantes de todos os galegos e de todas as galegas, cun tema que aparentemente parece que lles preocupa a vostedes. Por iso vostedes estalle prestando tanta atención, por iso vostedes están facendo o que non debían facer polo menos por respecto ao sector, e por respecto a algúns cidadáns galegos que están na tribuna deste Parlamento. Xa non digo ao grupo maioritario, porque iso xa sei que non o fan.

Pero miren vostedes, eu xa sei que os vin a vostedes preocupados, porque a vostedes agora xa non lles preocupa este Borrador de anteproxecto da lei de acuicultura. A vostedes preocúpalles –e así o dixo o señor Rodas– a manifestación do próximo sábado. Vostedes queren ir á manifestación e vostedes non queren ir sós, non queren ir sós. E agora corren o perigo de ter que ir sós a esa manifestación, como xa foron a moitas máis, porque é certo que vostedes *(Aplausos.)* nas manifestacións non teñen demasiado éxito.

Pero iso si, o grupo maioritario desta cámara dálle parabéns ao Goberno de Galicia e dálle parabéns á conselleira de Pesca. ¿E saben por que? Porque o Goberno cumpriu o que dixo. O Goberno dixo varias veces en sede parlamentaria que non ía legislar nada sen ter o consenso do sector. Ese consenso non se puido alcanzar e ese borrador retírase sen ningún problema, ¡sen ningún problema! Vostedes xa sei que non piden iso, vostedes piden unha cousa, agora vostedes queren outra. A vostedes gustaríalles, agora que xa aprenderon ese movemento de reunións apolíticas, disfrazados de expertos en acuicultura, pois seguir por aí, seguir facendo ese tipo de reunións, que tampouco creo que tiveron demasiado éxito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero miren unha cousa, miren que diferenza hai. Coincido co señor Rodas que dixo: o pobo é quen ordena. Efectivamente niso

coincidimos. Mire se ordena o pobo, que o seu grupo na lexislatura pasada tiña o dobre de deputados que ten neste momento. E mire se ordena o pobo, que ao Partido Popular o puxo aquí como grupo maioritario da Cámara e a vostedes púxoos aí.

¿Pero sabe por que foi iso? ¿Sabe que pasaba co Plan de acuicultura que fixo o Bipartito? Vostedes tan digamos que... non sei se están constantemente... ¿Vostede sabe cantas alegacións tivo o Plan de acuicultura do Bipartito? Máis de mil alegacións. ¿Sabe cantas alegacións tivo este Plan de acuicultura? Pouco máis de oitenta alegacións. Polo cal vostedes, vostedes, vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...vostedes, vostedes non están en condicións para dar leccións en acuicultura. Porque vostedes o único que fixeron cando tiveron a oportunidade de gobernar en Galicia foi expulsar as empresas para fóra do país. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: O único que fixeron. Vostedes colleron un goberno onde Galicia era líder mundial en acuicultura, e cando o deixaron (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), deixárono loxicamente perdendo ese liderado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Polo cal vostedes non lle están para moitas leccións.

Parabéns ao Goberno de Galicia por escoitar os alcaldes do Partido Popular, por escoitar os conselleiros do Partido Popular e, sobre todo, por escoitar o sector. E unha vez que non se puido alcanzar ese consenso, o Goberno e este portavoz temos falado na tribuna deste Parlamento de retirar este anteproxecto. Por iso que o Goberno...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: ...e a señora conselleira, que tanto leva feito, e o señor director xeral, que tanto leva feito, o único que fixo foi cumprir o que dixo. Vostedes o único que fixeron foi andar contando mentiras polos portos galegos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...e o único que fixeron foi andar desinformando o sector.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Balseiro.

Grupo autor da moción, señor Fajardo. (*Pausa.*)

Déanlle voz ao escano do señor Fajardo, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Despois desta espectacular intervención do voceiro do PP en pesca non sei moi ben que dicir, porque, claro, ese argumento de que nos saíu o tiro pola culata, porque parece que a consellería xa tiña planteado presentar un borrador, esperar a que o sector se revelase, negar que había que retiralo, que se convocase unha manifestación que ía ser multitudinaria, e despois retiralo. A verdade é que a estratexia é cando menos complexa de entender. (*Risos.*) Polo tanto, parabéns a quen pensou esa estratexia. Pero creo que eu non o quería nin no meu partido, e mire que no meu partido pois facemos cousas moi raras ás veces. (*Risos.*)

A seguinte cuestión que me plantexa, señor, é que eu agora estou preocupado por se pode ir ou non á manifestación. Non é a primeira á que vou ir nin á última, por desgraza para min e para conxunto da cidadanía. E se teño medo de estar só co señor Rodas. ¡Home! está mañá a conselleira dixo que quería ir á manifestación. Explíquelle vostede tamén á conselleira como é ese tema, se tamén ten medo quedar soa, ou non vai vir, ou como é a cuestión.

E despois, eu non son moito de utilizar os refráns do señor Balseiro porque é un tipo de psicoloxía inversa que eu non controlo moi ben, é complexa. Pero cando fala de grupos maioritarios e onde están uns e onde están outros, e cando hai votos polo medio, e o que vai pasar cos grupos maioritarios, hai que ter coidado de cuspir para arriba, porque se aveciñan unhas eleccións onde cousas como estas van colocar o PP onde se merece, que é na oposición. Por certo, cos votos, porque eles mesmos se están ocupando de ter a maioría absoluta nos cárceres deste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa precarización do mercado laboral

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

E tamén quero saudar os representantes da empresa Pellejero, que tiña a contrata de transporte de residuos urbanos de Sogama.

No pasado pleno, o Bloque Nacionalista Galego interpelamos aquí o Goberno sobre as medidas que tiña previsto para loitar contra a pobreza laboral, e facíámolo porque a pobreza laboral estase convertendo nunha gran lacra. E a resposta do conselleiro foi que discorremos raudos e veloces pola senda da recuperación, cunhas medidas de creación de emprego 4.0, inseridas pois nunhas medidas económicas igualmente 4.0.

A pesar de que o Partido Popular e o seu Goberno pois queiran negar a realidade, a pobreza laboral e a desigualdade existen e son as dúas caras do mesmo problema: a deterioración salarial que afecta máis intensamente os que menos cobran. Unha deterioración que fai que a fenda salarial se agrande máis e máis; se agrande entre os que máis cobran e os que menos cobran, de xeito que nos últimos anos os salarios altos aumentaron o 24 % e os máis baixos aínda baixaron máis, un 10 %.

E unha fenda salarial tamén entre homes e mulleres. As traballadoras galegas percibimos o 23,4 % menos que os homes polo sinxelo feito de ser mulleres, e o que é aínda máis sangrante: un 11,6 % menos que a medida das mulleres no Estado español. Isto significa que as mulleres galegas temos que traballar nove anos máis se queremos cobrar o máximo de pensión, é dicir, oitenta e cinco días máis cada ano, case tres meses máis cada ano. Esta é unha das tremendas realidades laborais que temos no noso país.

E a realidade é que Galiza diverxe, non converxe nin co Estado nin coa Unión Europea, nin en salarios, nin en

pensiós, nin en horas traballadas. Nos últimos anos, esta situación non fixo máis que empeorar: perda de poder adquisitivo, unha tras outra; as persoas asalariadas que están no último tramo salarial por debaixo dos 400 euros non só é que sexan pobres, senón que cada vez son máis pobres; nos últimos anos levan perdido un de cada catro euros do seu salario; o grupo de traballadores cos salarios máis baixos teñen xornada a tempo parcial. Bueno, esta é unha pequena mostra da situación que na interpelación do anterior pleno describimos xa pormenorizadamente.

E rematar con esta situación de deterioración continua das condicións laborais e salariais, de cronificación da pobreza laboral, ten que ser unha prioridade. E esa prioridade ten que empezar por derrogar as medidas lexislativas, as reformas laborais que permiten esa situación laboral.

Por iso, hoxe o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha moción que ten tres partes resolutivas:

A primeira é que o Parlamento de Galicia –este Parlamento– inste o Goberno central a exixir a derogación dos decretos que permitiron esta situación laboral, especialmente, toda aquela normativa que se ten convertido nun perverso instrumento para devaluar os salarios e as situacións laborais. Esas diferentes medidas e reformas laborais que o único que fixeron foi precarizar o emprego, facer que cada vez os contratos a tempo parcial sexan a norma e que cada vez sexan menos os traballos indefinidos e máis os temporais. Por iso pedimos esa cuestión.

Tamén pedimos na nosa iniciativa “Realizar todas as actuacións precisas para que o obxectivo prioritario da Inspección de Traballo sexa detectar e denunciar a explotación laboral”. A Inspección de Traballo, a pesar de que o Partido Popular votou en contra aquí varias veces de que sexa transferida ao Goberno galego para poder ser máis efectiva, debe priorizar a loita contra a explotación laboral. Vixilancia e cumprimento das horas de traballo, das horas extraordinarias, dos salarios, das condicións de seguridade e hixiene, de sinistrabilidade debe ser unha das prioridades.

E tamén na interpelación ao conselleiro no anterior pleno lle faciamos saber, por se non era do seu coñecemento, unha situación dunha empresa concreta do noso país, que é como dixen antes a empresa Pellejero, que se encar-

gaba do transporte de residuos urbanos para Sogama, que estaba nunha situación de posíbel perda de traballo das 69 persoas que prestaban traballo na mesma. Emprazamos o conselleiro a sentar con eles e a escoitar a súa situación, porque é unha desas situacións na que falabamos na interpelación; unha desas situacións que unha empresa cunhas condicións laborais máis ou menos estábeis, cuns salarios máis ou menos dignos, estaban en condicións de perder esas condicións laborais e incluso de perder os postos de traballo. O conselleiro deu a calada por resposta e nin sequera fixo referencia á mesma.

Por iso, hoxe traemos aquí dentro da iniciativa que presentamos unha parte resolutiva, na que demandamos proceder á apertura dunha mesa de diálogo, na que estean presentes representantes da Xunta, de Copasa, que é a nova empresa concesionaria de transporte de residuos urbanos de Sogama, e dos traballadores da antiga empresa concesionaria, co obxectivo de que non quede na rúa ningún dos 68 traballadores e traballadoras e que se manteñan, como mínimo, as condicións salariais e laborais.

Traemos aquí esta iniciativa porque non é xustificábel que unha empresa pública, e Sogama é unha empresa pública, saque a concurso unha nova contrata para o transporte de residuos urbanos sen ter en conta as condicións dos traballadores e traballadoras que prestaban ese servizo, que non os teña en conta, que non os teña chamado, que non os teña escoitado e que non teña introducido nas plicas para esa contrata ningunha condición para salvagardar nin os postos de traballo nin as súas condicións laborais e salariais. Moi ao contraio, non é..., podería optar por non poñer nada, pero ao contrario o que fixo foi que constara expresamente que a nova empresa non terá ningunha responsabilidade coa plantilla actual. A verdade é que ao Bloque Nacionalista Galego nos parece tremendo que unha empresa pública non só non se preocupe pola situación laboral dos seus traballadores, senón que se atreva a poñer nas plicas unha cuestión como esta.

É tremendo que nos 130 folios das plicas non houbera un oco para falar da situación laboral dos traballadores e traballadoras. Parécenos indecente que unha empresa pública leve a cabo entusiasticamente prácticas laborais que permitan a precarización e a pobreza laboral. Porque a situación destes traballadores é que ao non incluír no prego de condicións nin a subrogación nin ningunha condición para estes

traballadores, a nova empresa, en principio, non tiña porque facerse cargo dos mesmos.

É certo que a presión e mobilización dos traballadores e das traballadoras, as múltiples adhesións e os apoios recibidos están facendo que a situación neste momento non sexa tan grave como a que mostramos no anterior pleno. Mais recoñecendo que hai avances, a situación, desde logo, non é nin moitos menos suficiente.

Consideramos que este Parlamento debe instar o Goberno galego a que cree, convoque esa mesa de traballo, que estea presente, que o presidente de Sogama non faga mutis polo foro como ten feito até este momento e se ocupe de que nas sucesivas contratas que faga Sogama os traballadores e traballadoras manteñan como mínimo –ou sexa, o normal sería que melloraran as súas condicións laborais–, pero como mínimo que manteñan as condicións laborais e salariais que tiñan até o momento. E neste momento –como digo– as condicións melloraron, mais non o suficiente, porque neste momento hai unha teórica oferta de mantemento dunha parte importante dos postos de traballo, pero, en principio, aínda son 14 as persoas que van quedar fóra, que hai perda de dereitos laborais, como son a antigüidade, como son complementos para os domingos, festivos e dispoñibilidade, que poden supoñer un recorte salarial de entre 500 e 600 euros a respecto do que viñan cobrando até o de agora os traballadores e traballadoras. É dicir, polo mesmo traballo preténdese que cobren entre 500 e 600 euros menos.

Nunha empresa pública con cartos públicos non se pode permitir que haxa este tipo de cuestións...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que se lle faga unha contrata a unha empresa onde se precarice os postos de traballo de homes e mulleres do noso país.

Hai responsábeis desta situación: a Xunta e Sogama, porque é responsábel da situación de indefensión e desprotección na que están os traballadores, xa que neste momento –como dixen antes– Sogama, co seu presidente á cabeza, non está sentada a dialogar e a mediar...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...—remato xa, presidenta— para que esta situación se resolva.

Co cal agardo o apoio dos grupos da Cámara para as tres partes resolutivas desta proposición pero, especialmente, na que se refire a solucionar o problema laboral da subcontrata de Sogama.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Antes cando debatemos co conselleiro de Benestar chegamos á conclusión de que o empobrecemento da poboación traballadora non é, como nos queren vender, unha consecuencia natural da crise financeira, nin se soluciona con políticas familiares. Responde a unha intencionalidade claramente neoliberal desde as instancias políticas dos gobernos do Partido Popular.

A combinación perversa da precariedade laboral con contratos a tempo parcial, a devaluación salarial, a crecente desigualdade e os recortes en políticas públicas resucitan a figura da traballadora pobre, propia da sociedade de séculos anteriores.

Hai dez anos, antes da crise, ter un traballo era practicamente incompatible coa situación de pobreza, que se define como a pobreza laboral, a situación das persoas empregadas que viven en fogares cuxos ingresos están por baixo do 60 % da media do conxunto dos fogares galegos, sendo a falta de emprego e a precariedade as coordenadas do mapa deste xeito de pobreza que castiga dun xeito especial as mulleres, as persoas mozas e as persoas traballadoras que teñen pouca antigüidade no posto de traballo.

Segundo a última enquisa EPA, o 75 % das persoas traballadoras que se atopan en situación de pobreza labo-

ral son mulleres, e o informe da OCDE sitúanos á cabeza na lista de países cuxas persoas mozas aceptan involuntariamente traballos a tempo parcial; e non só iso, resulta que aceptan calquera posto de traballo, como para que as nosas mozas e mozos se animen a procrear para reverter a pirámide demográfica.

A reforma perversa do mercado laboral é a orixe e o xerme dos contratos a tempo parcial e temporal. Por exemplo, dos contratos rexistrados no mes de setembro do ano 2015, un 93,04 son temporais, e 148.000 a tempo parcial, o que resulta que unha cifra duns 70.000 traballadores por conta allea cobren unha retribución anual inferior aos 5.000 euros, o cal se traduce en 351 euros ao mes. Un sector da poboación que, segundo Cáritas, supón a metade, máis ou menos, das usuarias dos comedores da beneficencia. Esta situación de pobreza e precariedade laboral tende a enquistarse se non se mudan as políticas e a lexislación que a fan posible.

Por iso votarei a favor do primeiro punto desta moción que presenta o BNG.

Con respecto á situación dos traballadores da empresa Transportes Pellejero e Hijos, estes traballadores atópanse en risco de perder ou de ver precarizado o seu emprego dende que esta empresa deixou de ser a concesionaria do transporte de residuos urbanos de Sogama e se lle adjudicou a unha UTE, con Copasa e Renfe, que será quen decida agora se contrata ou non estas traballadoras, ao incluír literalmente nas plicas —e cito textualmente, como fixo antes a señora Prado—: a nova empresa non tería ningunha responsabilidade coa plantilla actual.

E o que resulta moi sospeitoso de novo é que o novo contrato é o segundo máis elevado dos adjudicados nesta segunda lexislatura do señor Núñez Feijóo.

E outro dato que resulta sospeitoso: o máximo responsable do prego de condicións de concurso —como xa dixen, non contemplaba a subrogación dos postos de traballo— é o entón presidente de Sogama, Luis Lamas, directivo do Partido Popular de Lugo, e que tivo que dimitir tras coñecerse que o Centro Tecnolóxico Alimentario de Lugo, do que era tesoureiro, adjudicara un contrato a un bufete de avogados do que era socio. Prácticas habituais do Partido Popular, que o levan á situación na que hoxe se atopa...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...en Valencia, en Madrid e en moitos máis sitios.

E este é un novo xeito, unha nova maneira de aproveitar a concesión dun servizo público para abaratar e precarizar o emprego.

Así que vai contar toda esta moción co meu voto.

Grazas. Máis nada.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa tarde de novo.

O noso grupo vai apoiar a moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego, porque as peticións que se fan son absolutamente razoables, necesarias, e poñen encima da mesa a realidade dos gobernantes que temos neste país.

Ao respecto do contrato de Sogama con Copasa e Renfe, que deixa fóra un conxunto de traballadores moi importante, o primeiro que hai que dicir é que hai pouco, nesta mesma tribuna, se falaba de responsabilidade social corporativa da Xunta, da súa intención de mellorar a situación de precariedade dos traballadores, pero, en cambio, cando teñen a oportunidade nun prego de condicións para outorgar este contrato, o primeiro que fan é contemplar a redución que se aplica directamente aos salarios dos novos traballadores.

Pero non só iso, non son capaces nin de introducir unha cláusula tan sencilla, que debía ser obrigatoria por lei, como xa se ten plantexado nesta Cámara por este grupo e outros da Cámara, de que a subrogación sexa obrigatoria. Non se pode someter a esa arbitrariedade os traballadores dunha contrata, que, cando se perde o contrato pola empresa adjudicataria, a seguinte non teña a obrigaición de manter os postos de traballo que tiñan. Parécenos unha absoluta barbaridade.

Pero, sobre todo, cando se fala de austeridade e de recibir cartos nos contratos públicos, o que está detrás é reducir as condicións salariais, porque 1,6 millóns de euros aforra Sogama con este contrato. E a totalidade do aforro vai directamente aos salarios, ás nóminas destes traballadores da anterior empresa, de Pellejero, con reducións salariais de entre 500 e 600 euros cada mes, o cal é unha absoluta barbaridade, que significa que en moitos casos non van poder manter as súas familias cun mínimo de dignidade.

E estamos falando de que non é un traballo calquera. Se xa o posto de traballo máis perigoso neste país a día de hoxe é o transporte de mercadorías por estrada, resulta que nas condicións en que se fan os transportes de Sogama o é máis, porque todos sabemos que o transporte dese lixo das empacadoras supón que levas detrás unha carga moi importante, cun peso que non sabes como está distribuído, e polo tanto ten un risco meirande que outros transportes. E, a pesar diso, non só non se compensa ese risco, non só non se lles dan condicións dignas aos traballadores, senón que nin sequera se respecta a mínima dignidade que debe de ter un traballador dunha empresa subcontratada de ter garantida a súa subrogación.

Polo tanto, nós apoiamos a proposta do Bloque Nacionalista Galego. Non se pode consentir que a empresa nova contrate os traballadores anteriores con salarios por debaixo do que cobraban antes e cunhas condicións laborais moito peores que as anteriores. Parécenos unha auténtica barbaridade, e que non pode ser consentida se tiveramos unha Xunta, xa non digo digna, digo normal, cuestión que non é así.

A outra cuestión que se plantexa na moción ten que ver co control da fraude nas contratacións a tempo parcial. E neste país está de moda unha cousa que é unha auténtica barbaridade. A partir da reforma laboral do Partido Popular, increméntanse de forma exponencial os contratos a tempo parcial, que agochan fraude. E a fraude faise por dúas vías: un contrato onde se firma unha xornada semanal equis, pero sen determinar cando se fai esa xornada laboral, de tal forma que cando chegue a Inspección non se pode controlar se ese traballador está excedendo a súa xornada ou non. Ou outra forma, cun contrato a tempo parcial, que di que a xornada e o horario se determinará en función dos intereses e necesidades da empresa; polo tanto, ningunha forma de contrarrestar, cando chegue o inspector ao

posto de traballo, que ese traballador está na súa xornada legal de traballo.

E detrás disto escóndense dúas fraudes: a primeira fraude, do traballador, que traballa máis horas das que está no seu contrato recibindo menos salario por iso e en moitos casos recibindo contraprestacións fóra da súa nómina para compensar ese exceso de traballo cando isto se dá, pero, sobre todo, tamén unha fraude da Seguridade Social, unha Seguridade Social que necesita de ingresos, que supón a necesidade de ingresos para poder manter o noso Estado do benestar, as nosas pensións, as nosas prestacións. Pois o Partido Popular é cómplice desta situación, porque o coñece, e lexislou para que isto se puidera dar, para que por primeira vez neste país se estea traballando máis horas das que se cobran; o normal neste país xa é traballar moitas máis horas das que legalmente se cobran.

Polo tanto, hai dúas cuestións que son evidentes: a precarización do noso mercado laboral e o empobrecemento dos nosos traballadores. ¿Como se entende, se non, que 1 de cada 3 traballadores de Galicia cobre menos do salario mínimo, 1 de cada 3 traballadores de Galicia, menos de 600 euros ao mes?

É absolutamente indigno, pero non é froito da casualidade, non é unha praga bíblica, son decisións políticas do Partido Popular, que o único que buscaba coa crise era a escusa perfecta para precarizar os nosos mercados laborais, para reducir as condicións de traballo e para, en definitiva, ter un exército de escravos ao servizo das empresas capitalistas, como esta subcontrata que pretende reducir os salarios dos traballadores dunha empresa tan importante e necesaria para este país como é o transporte por estrada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra a señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Ben, o Grupo Socialista vai apoiar esta moción en todos os termos. Por suposto, estamos de acordo coa derogación

da reforma laboral de 2012, pero non soamente, senón que, pois bueno, na proposta de goberno que presenta o Partido Socialista entende que a realidade laboral de precariedade nos postos de traballo e de desemprego necesita outra serie de reformas, como é a supresión da prioridade absoluta do convenio de empresa, o mantemento da outra actividade, a modificación substancial das condicións de traballo, que se eliminan nunha serie de procedementos que non son do caso, a revisión do Estatuto dos traballadores, etc., etc.

Realmente, a estas horas, aínda que non é moi tarde, temos que volver falar da situación laboral en Galicia, a situación laboral absolutamente precaria, datos da enquisa de poboación activa que reflexan que Galicia ten un comportamento con respecto ao emprego realmente lamentable. O 20 % do total dos traballadores galegos sofre pobreza laboral; esta é unha realidade.

O desemprego en Galicia medra máis que no resto do Estado, a afiliación á Seguridade Social evoluciona peor en Galicia que na media estatal, e ben, os únicos datos –entre outras– “positivos” é que aquelas rendas moito máis altas son as que máis soben, que dende logo non é un dato positivo, é unha realidade que nos enfronta cara pois a unha situación económica terrible, na que hoxe viamos como se presentaba un plan demográfico que, realmente, desde a perspectiva política dá bastante vergonza, pero desde a perspectiva de muller eu, cando oía o conselleiro animarnos a facer fillos, pois bueno, a pregunta é: ¿como se crían eses fillos, non?

Esa é a realidade que ten Galicia con respecto ao mercado de traballo.

Outro dos puntos da moción, o obxectivo prioritario da Inspección de Traballo. Desde logo, desde logo que ten que ser un obxectivo prioritario, porque todos sabemos como se firman contratos por unhas horas e despois se traballan outras, como se están regalando horas ás empresas, como non se pagan en moitísimos casos as horas extraordinarias, como moitos e moitos aspectos lamentables que están ocorrendo nas nosas empresas, e, sen pór en dúbida o traballo de ningún funcionario, creo que a Inspección de Traballo ten que actuar de forma moito máis contundente nestes aspectos.

Con respecto ao terceiro punto, ben, xa cando era o tema de Tragsa falabamos de que non é moi de entender. Cando

unha administración pública participa nunha sociedade como é Sogama e non forma parte dunha mesa de negociación, desenténdese absolutamente do que lles poida pasar aos traballadores; non o entendemos baixo ningún aspecto.

Temos entendido que hai unha serie de conversacións, pero, desde logo, o Goberno de Galicia, a Xunta de Galicia ten que ser un actor importante neste aspecto, para que estes traballadores, en condicións humanas, en condicións dignas, nas mesmas condicións que estaban traballando, sigan traballando.

É algo que desde o Partido Socialista queremos deixar claro. Por tanto, imos apoiar esta moción, e, bueno, non imos incidir máis sobre a situación de precariedade laboral que vive Galicia, sobre a situación de falta de emprego, sobre a fuga dos nosos xoves cualificados, sobre un problema demográfico importante.

Pero, volvendo ao tema dos traballadores da empresa Pellejero, o que non podemos facer é que aquelas empresas que están traballando, que aqueles traballadores que están traballando desatendelos e non ocuparnos deles.

Por tanto, nós cremos que a Xunta de Galicia ten que ser parte importante para que estes traballadores sigan traballando nas mesmas condicións, en condicións de dignidade.

Moitas grazas, señora presidenta (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Quintas.

Polo Grupo Popular ten a palabra a señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes, señorías.

Quero tamén desde o meu grupo saudar os traballadores da empresa Pellejero e Hijos.

Ben, no primeiro punto, señora Prado, pois sobre interrogar os decretos que amparan a reforma laboral, nin estamos de acordo con este tema nin tampouco co seu plantexamento, porque no seu discurso obvia a realidade.

Todos os indicadores que miden a actividade económica e emprego en Galicia e no Estado están a mellorar. En moitos casos a evolución de Galicia é máis positiva que a rexistrada polo conxunto do Estado. Cómpre recordar que, cando o Partido Popular chegou ao Goberno, se atopou con todos estes indicadores en vermello e pitando, en vermello e pitando, e hoxe están todos en verde e crescendo mes a mes.

O que nos están a pedir, señorías, é que volvamos ao modelo laboral do Partido Socialista de Zapatero, apoiado polo señor Sánchez e apoiado polo Bloque Nacionalista Galego. ¿De verdade queren repetir as políticas que aumentaron 3 millóns e medio o número de parados? ¿As que levaron ao peche de 200.000 empresas? ¿De verdade queren volver á destrución de 1.400 empregos diarios? Nós non, señorías, non queremos vernos de novo a piques de caer no abismo do rescate. Por iso non imos votar a favor deste punto primeiro.

Nós apoiamos as políticas e as reformas que puxo en marcha o Partido Popular e que fan posible a creación hoxe de 1.500 empregos diarios. Vostedes destruían 1.400 empregos diarios; con nós créanse 1.500 empregos diarios.

Hoxe en Galicia a economía crece a un ritmo do 2,6 %. Hoxe en Galicia sobe o índice de produción industrial nun 4,1 %, encadeando oito meses de subas consecutivas; en marzo do 2009 o IPI de Galicia caía un 12,6 % e baixaba durante meses consecutivamente. Hoxe en Galicia soben as vendas do comercio polo miúdo, un punto por riba do Estado, sendo a cuarta comunidade autónoma de maior crecemento e encadeando dezaseis meses consecutivos de suba. Hoxe en Galicia sobe a confianza dos consumidores, sobe a confianza empresarial. E, señorías, se soben as vendas do comercio, a confianza dos consumidores e a confianza empresarial, está claro que a descrición que están vostedes a facer non é acertada.

Pero é que tamén soben as exportacións, baixa o paro, soben as afiliacións á Seguridade Social e ademais baixan os impostos. Galicia pechou o 2015 con 41.100 desempregados menos que hai un ano, o que supón unha baixada do 15,6 %, tres puntos mellor que a media de España. Temos tamén unha taxa de paro tres puntos inferior á do Estado.

O incremento das afiliacións á Seguridade Social é o mellor reflexo da creación de emprego; e o ano 2015 pechou con preto de 20.000 afiliacións máis que o ano anterior, e seguimos nesa tendencia, cun crecemento do 2 %, o maior crecemento interanual dun mes de xaneiro desde o ano 2008.

Este incremento de afiliacións á Seguridade Social vai acompañado dunha mellora na calidade do emprego, tanto no que atinxe aos ingresos por cotizacións como na contratación indefinida, con dous anos de crecementos consecutivos, así como a natureza da xornada laboral, ascendendo os contratos a xornada completa de xeito interanual en maior medida que os da xornada parcial. No ano 2015 o peso dos contratos a xornada completa foi do 60 %, fronte ao 36 % da xornada parcial. Os ocupados a xornada completa encadean tres trimestres consecutivos de ascensos interanuais; somos a segunda comunidade coa taxa de parcialidade máis reducida de España. Polo tanto, señorías, consideramos que o seu discurso non é acertado e as súas políticas tampouco, polo que non votaremos a favor deste punto.

Respecto do punto 2, que pide detectar e denunciar a explotación laboral, imos votar a favor, xa que a Xunta acaba de impulsar un novo Plan de inspección de traballo, centrado na loita contra a precariedade laboral e a loita contra o emprego irregular.

E imos votar a favor do punto terceiro, se nos aceptan a petición por puntos, por suposto.

E unha aclaración respecto do tema dos traballadores da empresa Pellejero, e é que o prego de condicións publicouse e déuselle difusión e non houbo ningunha reclamación nin comentario ao contido do mesmo. Dígollelo porque isto esquecéronse de aplicalo.

Imos votar a favor tamén do punto 3, aínda que consideramos que é unha iniciativa extemporánea, xa que a Xunta de Galicia xa propiciou o diálogo a través do Consello Galego de Relacións Laborais, e as negociacións parece que van por bo camiño; de feito, están desconvocadas a folga e as manifestacións anunciadas.

Polo tanto, señorías, apoiariamos o punto 2 e o punto terceiro da moción se aceptan a votación por puntos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Romero.

Ten a palabra polo grupo autor da moción a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Bueno, pois para empezar, agradecer o apoio dos diferentes grupos a esta iniciativa. E si imos aceptar a votación por puntos, fundamentalmente porque eses mundos de Yupi que vostede acaba de describir, señora deputada do Partido Popular, existen na súa imaxinación, mais non existen na realidade.

A realidade é que eses indicadores fantásticos que vostedes queren poñer como recuperación, esa senda da recuperación, ese emprego 4.0, pois a realidade é que teñen nomes e apelidos, teñen cara, ¿non? E neste momento, hoxe aquí, teñen a cara de 68 homes e mulleres que resulta que non estiveron atentos a que o Goberno galego tivera en consideración incluír nuns pregos as condicións laborais dos traballadores. Ou sexa, que se resulta que eses traballadores e traballadoras non se poñen a reivindicar, non se poñen a mobilizar para intentar manter as condicións laborais e manter os postos de traballo –non melloras–, resulta que a súa Xunta –sustentada polo seu Goberno– se permite o luxo de non incluír nada referido ás condicións laborais dos traballadores; ou sexa, permítese o luxo de poñer como condición que a empresa adjudicataria pode ter todos os beneficios a custa do lombo dos traballadores, a custa de rebaixarlles o salario, a custa de despedir homes e mulleres. Entón, por favor, eu alégrome de que rectifiquen.

E o que pedimos na iniciativa –que é transcripción exacta do que nos pediron os traballadores e traballadoras– é unha apertura da mesa de diálogo na que estea representada a Xunta, a Xunta, directamente, a través de Sogama, non o Consello Galego de Relacións Laborais, directamente os responsables da Xunta, do Goberno. Entón, quero que sexan conscientes de que estamos votando a favor de que a Xunta se sente nesa mesa. ¿Para que? Para garantir o mantemento de todos os postos de traballo e das condicións salariais. Non me veña dicir aquí que xa se está facendo, non se está facendo.

O presidente de Sogama foi a unhas cantas reunións e logo fíxose mutis polo foro, non está sentado cos traballadores e coas traballadoras e coa empresa para garantir esas condicións. Se hoxe vostedes aquí votan –cousa que a nós nos parece moi ben– a favor disto, parécenos o normal, porque con cartos públicos non se pode pagar a precarización dos traballadores nin que unha empresa teña beneficios nin que poida presumir a Xunta de facer un contrato con menor custo cando ese menor custo se lles pretende imputar pois aos traballadores no seu salario.

Co cal –insisto– imos aceptar esa votación por puntos, e, se tivera tempo –e traeremos máis iniciativas como esta–, pois diríalle cales son os datos reais do emprego no noso país, señora Romero, que dende logo en nada se parecen a eses datos que vostede acaba de referirnos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Pasamos á última moción.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención psioxerítrica

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa presentáronse dúas emendas: unha, do Grupo Popular, e outra, do BNG.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, 09/MOC-000165 (47178).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a completar o mapa da psioxeriatría de Galicia coa apertura no prazo mais breve posible da Unidade de Vigo, compromentén-

dose á dotación axeitada de recursos humanos e materiais para o seu adecuado funcionamento, integrando na medida das posibilidades legais e de acordo coa representación sindical aos enfermeiros e enfermeiras de saúde mental (conforme ao previsto na Acta de acordo sobre o texto de Decreto polo que se crea a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista de data 12 de febreiro de 2016), e a continuar coa atención e seguimento dos maiores, con patoloxías previas ou sen elas, residentes en centros de terceira idade”.)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 47178.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que na OPE 2016 convoque como mínimo 26 prazas de psicoloxía clínica, no obxectivo de que a ratio estea nos niveis da media do Estado español.”)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a moción ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Pois ben, outro pleno máis sen que o conselleiro de Sanidade se digne atender a nosa solicitude de comparecencia para explicar que vai facer o Goberno Feijóo en relación co decreto de prescrición de enfermería. Unha vez máis, o Goberno da Xunta facendo gala dunha absoluta falta de respecto por esta Cámara, ademais de denotar un intolerable desinterese polos graves problemas que ese decreto pode ocasionar no funcionamento do sistema sanitario público, tamén, señorías, en saúde mental.

Pero hoxe, antes de falar da saúde mental dos demais, voulle pedir á Presidencia da Mesa do Parlamento que me conceda dous minutos, dous minutos para falar da miña, para tratar de recompoñer a miña propia saúde mental. E tomo esta licenza, señorías, porque algunhas persoas do

Grupo Parlamentario Popular –incluído o señor Feijóo– utilizaron este hemiciclo para xulgar-me e para condenarme. (*Murmurios.*) Señores e señoras do PP, se me permiten... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A señora Paula Prado utilizou todo un turno... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...neste hemiciclo para falar do seu. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señores e señoras do Partido Popular, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vouno dicir máis alto para que me escoiten moi clariño e moi ben. (*Murmurios.*) Avalar un crédito, señorías, (*Murmurios.*) non é un delito. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora ACUÑA DO CAMPO: O que si é un delito, señores e señoras do Partido Popular, é o blanqueo de capital, o narcotráfico, (*Aplausos.*) a prevaricación, o cohecho, (*Aplausos.*) o financiamento ilegal..., (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...o compadreo dos conseguidores, etc., etc. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, á cuestión, por favor.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora ACUÑA DO CAMPO: Ademais, avalar non é un delito.

O señor PRESIDENTE: Perdón. Señora Acuña, á cuestión, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, por favor. Á cuestión.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...a señora Paula Prado...

O señor PRESIDENTE: Non, pero está explicado xa este tema, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Digo: o mesmo trato que tivo a señora deputada do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, por favor, á cuestión xa con este tema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor presidente, avalar non é un delito, agora que o dixo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nin o era antes de que se pronunciara ese tribunal, por moito que o señor fiscal de Ourense se empeñara. Por certo, curiosa a Fiscalía a de Ourense, (*Murmurios.*) que considera delito avalar un crédito e non comerciar cos postos de traballo dunha institución pública... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, á cuestión. Señora Acuña, á cuestión.

(*Murmurios.*)

Señora Acuña, á cuestión, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Si, si, si, vanme escoitar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, á cuestión, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Vanme escoitar. (*Aplausos.*) Postos de traballo dunha institución pública... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...a cambio de sexo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión. Señora Acuña, vouna ter que chamar á orde. Por favor, á cuestión, vaia á cuestión.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora ACUÑA DO CAMPO: Curiosa moral, curiosa moral... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* a do Partido Popular. *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Alporízase ao escoitalo e non ao facelo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Curiosa moral.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Á cuestión, señora Acuña. Xa está.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora ACUÑA DO CAMPO: E curioso tamén *(Interrupcións.)* a saúde mental...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...dun presidente... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...dunha deputación..., si, si...,

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

Vaia á cuestión, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...que considera normal pedir que atrasen a investigación sobre o seu indecente e machista comportamento por ter unha cita en Eurodisney.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión. Chámoa á orde, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Chámeme á orde, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Chámoa á orde por primeira vez. E vaia á cuestión.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor presidente, si.

E avalar un crédito non é un delito, aínda que se empeñe o señor Feijóo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, este tema xa está, por favor, debatido. Vouna ter que chamar á orde por segunda vez...

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: E voulle ter que...

A señora ACUÑA DO CAMPO: Pedín dous minutos...

O señor PRESIDENTE: Non, non, ¡pero leva seis!

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...para falar da miña saúde mental. Non, non o sei...

O señor PRESIDENTE: Mire o tempo que leva.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Non o sei, señor presidente.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Quédanlle cinco minutos e prégo-lle que vaia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora ACUÑA DO CAMPO: Se non me interrompen...

O señor PRESIDENTE: Non, non...

A señora ACUÑA DO CAMPO: Moi ben.

O señor PRESIDENTE: Vaia á cuestión xa, por favor. Fale da psicoxeriatría, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)

A señora ACUÑA DO CAMPO: Un turno enteiro que presenciemos todos nesta Cámara... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero...

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...e que está nas actas desta Cámara.

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, chámooa...

A señora ACUÑA DO CAMPO: Só pido, señor presidente...,
(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, chámooa á orde...

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...o mesmo trato. Non vou calar, señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: Chámooa á orde por segunda vez.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...non vou calar, porque...

O señor PRESIDENTE: Chámooa á orde por segunda vez...

A señora ACUÑA DO CAMPO: Chámeme as veces que queira.

O señor PRESIDENTE: ...e advírtoa de que vou ter que expulsala se vostede non reconduce esa situación.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Se me quere vostede facer mártir dobremente, faramo vostede mártir dobremente.

O señor PRESIDENTE: Chámooa á orde por segunda vez.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Dobremente.

O señor PRESIDENTE: Significa que se a volvo chamar outra vez máis...

A señora ACUÑA DO CAMPO: Avalar un crédito –dicía–, señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: ...significa a expulsión, señora Acuña. Non force vostede unha situación.
Quedan catro minutos. Fale da psicoterapia, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor presidente, dicía que avalar un crédito non é un delito...,

O señor PRESIDENTE: Xa explicou iso, señora...,

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...aínda que se empeñe...

O señor PRESIDENTE: ...por favor, ¡xa o explicou!

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...o señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, está vostede forzando unha situación na que eu non quero tomar unha decisión, pero obrígame vostede a tomala. *(Murmurios.)* Ou fala de psicoterapia ou téñoa que expulsar.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor presidente, solicitei o amparo desta Presidencia...

O señor PRESIDENTE: Pero xa leva vostede cinco minutos, por favor, ou seis. Agora xa lle quedan catro. ¡Fale da psicoterapia!

A señora ACUÑA DO CAMPO: Se me seguen interrompendo...

O señor PRESIDENTE: Non, non a interrompe ninguén. Soamente a estou interrompendo eu porque quero que fale da psicoterapia.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Moi ben, en canto remate, en canto remate...

O señor PRESIDENTE: Non, non, remate con ese tema.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Si, señor presidente, creo que é algo moi importante para esta Cámara *(Murmurios.)* e tamén para esta deputada. *(Murmurios.)* E merezo –insisto– un trato igual ao que se lle deu nesta Cámara a unha deputada do Partido Popular...,

O señor PRESIDENTE: Correcto, iso xa está. *(Murmurios.)*
Agora fale da psicoterapia. *(Murmurios.)*

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...¡o mesmo! *(Interrupcións.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)

¡Silencio, por favor! *(Interrupcións.) (Protestas.)*

Fale da psioxeriatría, señora Acuña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

Silencio, por favor, señorías. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

Señorías, vou ter que suspender o Pleno momentaneamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)* Vou ter... *(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señor Gallego! Vou ter que suspender o Pleno momentaneamente. *(Interrupcións.)*

Señora Acuña, ao tema.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor presidente, pídlle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* por favor...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...que me conceda un minuto, que creo que teño todo...

O señor PRESIDENTE: Non llo podo conceder. Señora Acuña, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, señora Acuña, señora Acuña, voulle ter que retirar a palabra.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...o dereito.

Pois quedarei aquí sen falar, co meu testemuño, pedindo xustiza co...

O señor PRESIDENTE: Xa falou. Xa falou.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...meu testemuño de silencio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Xa falou o que tiña que falar. E, polo tanto, agora fale da psioxeriatría. Eu creo que xa procede, quedan dous minutos. *(A señora Acuña do Campo inicia o seu silencio.)*

O tempo está correndo, señora Acuña. Eu creo que debería falar da psioxeriatría. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! Señor Losada, por favor. Señor Losada, por favor. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Acuña do Campo continúa en silencio.)*

Silencio, por favor. Silencio. Señor Gallego, silencio, por favor. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Acuña do Campo continúa en silencio.)*

Silencio. Non, non, non, perdón, perdón, o debate modéroo eu, ¡eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Puy, o debate modéroo eu. Silencio, ¡silencio, por favor! ¡Silencio! Señor Losada, chámoo á orde. Silencio, por favor.

Bueno, silencio. Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor. *(A señora Acuña do Campo continúa en silencio.)*

Rematou o seu tempo, señora Acuña. *(A señora Acuña do Campo permaneceu en silencio durante tres minutos.)*

A señora ACUÑA DO CAMPO: Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Rolda dos grupos parlamentarios, se procede.

Señora Prado.

Si, desde o escano. Déanlle voz ao escano da señora Prado, por favor.

A señora PRADO CORES: Toda vez que nesta Cámara por parte da Presidencia se está facendo un uso totalmente discrecional en canto aos temas dos que podemos falar ou non falar aquí os deputados e deputadas e non se lle permitiu á deputada do Partido Socialista referirse a unha cuestión da que foi acusada nesta Cámara e poder responder á acusación que foi feita nesta Cámara, non vou facer uso do meu tempo.

Só dicir que apoiamos a iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...e aproveitar para manifestar o rexeitamento a como desde a Presidencia hai un uso totalmente discrecional do dereito dos deputados e deputadas desta Cámara. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Eu veño aquí falar de psicoxeriatría, pero pediríalle trinta segundos, non dous minutos.

Quería felicitar a señora Acuña pola súa nova situación no tema do que estabamos a falar. Gustaríanos –e gustaríame a min persoalmente– que a señora Prado fora tratada polos grupos da oposición como vostede foi tratada polo noso grupo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

En terceiro lugar, alegrámonos no Grupo Parlamentario Popular de que a día de hoxe non haxa ningunha persoa investigada nesta Cámara.

E indo ao tema, presidente. Eu penso, señora Acuña, que vostede neste tema non estudou ben a lección e mesturou na súa intervención –e falo da intervención da interpelación ao

señor conselleiro– o Decreto 389/94 co Plan estratéxico de saúde mental do ano 2006, e a verdade fíxoo dun xeito moi particular.

Afirma vostede no primeiro punto da súa moción que o decreto prevé dotar todas as antigas áreas sanitarias –entendo que as once áreas sanitarias que se contemplaban no Mapa sanitario de Galicia– de unidades de psicoxeriatría, e non é certo. Ese decreto non cita para nada a palabra “área”. Fala, efectivamente, de unidades específicas, pero limitase a dicir que para o desenvolvemento de programas específicos poderán crearse unidades de saúde mental infantoxuvenil, psicoxeriatría, etc.

Polo que respecta ao Plan estratéxico de saúde mental do ano 6, no seu punto 18, efectivamente di que en todas as áreas sanitarias haberá programas ambulatorios específicos, nos que se inclúe a psicoxeriatría. Pero despois, desenvolvendo o propio plan, di: o criterio establecido inicialmente para as unidades específicas de atención ambulatoria é que exista polo menos unha para cada unha das sete grandes áreas. Creo que son esas sete grandes áreas as que se corresponden coas EOXI actuais e non coas once ás que vostede se refería.

Desde logo, unha das prioridades na revisión do Plan 2014-2016 é a atención sanitaria aos trastornos psíquicos e ás drogodependencias. Esta revisión inclúe nos seus obxectivos diferentes accións para mellorar o diagnóstico precoz, a calidade asistencial e a prevención das complicacións da depresión, que, xunto coa demencia, son as dúas patoloxías máis frecuentes nos nosos maiores.

A Estratexia Sergas formula como obxectivo o desenvolvemento de programas asistenciais de psicoxeriatría. E, desde logo, todos os expertos e os consensos subliñan que se precisa formación específica para atender estas patoloxías, pero que desde logo non hai un modelo único, nin a nivel nacional nin internacional, para os problemas de saúde mental deste colectivo.

Recórdolles, señorías, que soamente hai catro comunidades autónomas, das dezasete –entre estas catro está Galicia–, que contan con dispositivos específicos de atención de saúde mental de maiores. Nas sete EOXI actuais hai trinta e oito unidades de saúde mental e tamén hai atención psicoxeriatría.

trica en seis das sete. Hai unha na que non hai, que é a de Vigo, que de calquera maneira no Hospital Álvaro Cunqueiro hai unha unidade de psiquiatría e tamén hai, como valor engadido, unha unidade de xeriatría.

Valoramos moi positivamente desde o Grupo Parlamentario Popular o anuncio do conselleiro na interpelación da creación dunha unidade de psicoxeriatría no Hospital Álvaro Cunqueiro para a área de Vigo, e pedimos que sexa coa maior brevidade posible, e, por suposto, que se dote de todos os recursos, tanto humanos como materiais, necesarios.

Con respecto ao punto terceiro da súa moción, que fala da enfermería especialista en saúde mental, supoño que agora será coñecedora, señora Acuña, de que se ratificou o pasado día 12 nunha reunión con todos os sindicatos o texto do decreto polo que se crea a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista, e se comprometeu, diante das organizacións sindicais, a incluír estes colectivos, as especialidades de enfermería, na OPE do ano 2017.

E sobre o punto 4 afirmamos que todas as persoas con enfermidades psiquiátricas que por falta de apoio familiar tiveron que pasar a integrarse en centros de maiores despois do peche dos centros psiquiátricos dos antigos manicomios están a ser atendidas por facultativos do Sergas, ben por unidades de psicoxeriatría ou por unidades de saúde mental, como explicou de xeito detallado o señor conselleiro no pasado pleno.

O Grupo Parlamentario Popular presenta unha emenda de substitución á súa iniciativa, que di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a completar o mapa da psicoxeriatría de Galicia coa apertura no prazo máis breve posible da unidade de Vigo, comprometéndose á dotación axeitada de recursos humanos e materiais para o seu adecuado funcionamento, integrando na medida das posibilidades legais e de acordo coa representación sindical os enfermeiros e enfermeiras de saúde mental” –e facemos referencia ao acordo– “e a continuar coa atención e o seguimento dos maiores, con patoloxías previas ou sen elas, residentes en centros da terceira idade”.

Esta emenda, señorías, vén en esencia confirmar o compromiso do Grupo Parlamentario Popular coa asistencia sanitaria en materia de saúde mental e, de xeito especial, nos nosos maiores. Pensamos que a emenda corrixe

mellor nalgún punto o texto orixinal, adaptando as circunstancias actuais e a realidade á situación da nosa comunidade autónoma.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Esperamos, señora Acuña –remato, presidente– a aceptación da nosa emenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Núñez.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández Rodríguez.

Déanlle voz ao escano da señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Só comentar que non vou facer uso do meu tempo de intervención. Si dicir ao Grupo Socialista que si vou apoiar esta moción, e que apoio a liberdade de expresión. Tamén me sumo, ao igual que a miña compañeira do BNG, a esta mostra de apoio.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Sae, ás veces, bastante barato difamar algunhas persoas da esquerda e, sen embargo, sáelles moi barato tamén a moitos e moitas da dereita saír impunes de casos de corrupción.

Neste sentido, trasladarlle o apoio á señora Acuña e dicir que imos apoiar esta moción do PSdeG. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo autor da moción. Señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio dos grupos á miña persoa e a esta iniciativa.

A miña traxectoria profesional demostra o meu interese pola psicoxeriatría e por todos os asuntos relacionados coa medicina. *(Aplausos.)* Mañá hai sesión de control nesta Cámara. Espero, de verdade, que o señor Feijóo deixe de comportarse como un *hooligan* do Partido Popular e se desculpe. Porque, señor Puy, ao mellor vostede non o recorda, pero foi, precisamente, o... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* presidente do Goberno o...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Pronúnciese sobre as emendas, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...que me xulgo e me condenou coa única intención de facerlle dano ao meu grupo. Pero... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señora Acuña, pronúnciese sobre as emendas.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...temo que, aínda que non lle guste, vai ser Feijóo o que vai pasar á historia como o presidente das amizades perigosas.

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, pronúnciese sobre as emendas.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Por suposto, imos aceptar a emenda que presenta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio, por favor. As emendas...

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...Grupo do Bloque Nacionalista Galego, porque compartimos o problema que hai tamén coa psicoloxía clínica.

Moitas grazas.

A do Partido Popular non a imos aceptar. *(Aplausos.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Pasamos á votación das mocións.

Comezamos coa moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación da Moción, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

En consecuencia, queda aprobada esta moción por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que manifestou que ía aceptar a votación por puntos.

Votamos.

Votación do punto primeiro da Moción, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa precarización do mercado laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Votación dos puntos 2 e 3 da Moción, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa precarización do mercado laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, a Moción do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención psiquiátrica.

Xa manifestou que se aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención psiquiátrica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto sexto, que é o de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central para a posta en marcha e xestión de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para a defensa da mesma ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi boa noite.

Hoxe o Bloque Nacionalista Galego defende, a través desta iniciativa, dúas cousas que están intimamente ligadas e que na práctica... (*Murmurios.*)

É que escoito moito máis o barullo de fondo que a min mesma, pero non pasa nada; cos anos case nos imos acostumando a iso, aínda que é bastante complicado facelo.

Ben, como lles dicía presentamos unha iniciativa que ten dous puntos que están intimamente ligados para solucionar un problema que nós cremos que é moi grave no noso país, que vén derivado da ausencia dunha visión global sobre o ferrocarril e a convicción tanto do Goberno galego coma do Goberno do estado de que a modernización do ferrocarril é un elemento estratéxico para o futuro de Galiza, que os galegos e as galegas temos dereito a ter servizos de proximidade e, polo tanto, a rachar co que ten sido unha discriminación histórica no noso país en relación con este medio de transporte, que é moito máis que un medio de transporte entre persoas –que tamén debe de ser un medio de transporte de mercadorías– e que é un elemento de vertebración e de cohesión social moi importante.

As dúas propostas que formulamos no primeiro punto, o que solicitamos é un compromiso do Estado coa posta en marcha de cercanías na Galiza, como se ten feito noutros territorios, e para iso propoñemos un fondo especial e plurianual que se dote para poñer en marcha as cercanías en Galiza e que teña, como mínimo, unha dotación de 400 millóns de euros, que nós calculamos que é unha cifra que permitiría poñer en marcha este servizo de xeito efectivo. E que en paralelo coa negociación dese fondo a Xunta de Galiza aposte por dotarse dun instrumento que permita a xestión das cercanías e, polo tanto, reclamamos un ente público ferroviario galego que sexa quen de xestionar os servizos.

Quero lembrar neste punto que o Goberno de Feijóo no ano 2009 se presentou ás eleccións e prometía neste Parlamento que se ían poñer en marcha as cercanías no noso país. Mesmo se chegaron a financiar con máis dun millón de euros tres estudos de metros lixeiros, un para Santiago de Compostela, outro para a Coruña e outro para Vigo, nos que se nos anunciaban e se prometía que nesa lexislatura esa infraestrutura, que era o primeiro paso das cercanías no noso país, xa ía estar en marcha.

A realidade é que dilapidados cartos públicos en estudos, o único que temos é un ferrocarril que non acaba de arrancar. Só temos unha parte do servizo onde é evidente que mellorou, temos unhas vías entre A Coruña e Vigo e entre Santiago e

Ourense que teñen mellorado de maneira significativa as características da vía, hai tamén un mellor servizo nalgúns aspectos dos que existían con anterioridade, mais non é a perfección.

Temos denunciado neste Parlamento que no que é ese eixe, esa parte do Eixe Atlántico, porque o Eixe Atlántico é Ferrol-Vigo, pero en concreto no caso A Coruña-Vigo os horarios que hai non se están adecuando ás necesidades nin a unha prestación moderna do servizo. Temos feito iniciativas nesa dirección, porque cremos que hai que axeitar os horarios do tren ás necesidades que poden ter traballadores e traballadoras e estudantes, e temos dado debates, xa concretamente, sobre como unha persoa que realmente queira utilizar o ferrocarril non ten uns servizos e unhas prestacións homologábeis ás que hai noutras partes do Estado, onde teñen unhas frecuencias moito maiores das que temos no noso país.

Mais vemos tamén como fóra desa parte onde –todo hai que dicilo, dezaseis anos despois de que se anunciara a chegada do AVE– seguimos tendo uns sucedáneos, só nunha parte moi pequena do noso país se actuou mellorando algo as prestacións do ferrocarril. O resto é que o certo é que ten as mesmas características da vía que hai décadas, mesmo como exemplo paradigmático temos o caso da Coruña-Ferrol, que ten a mesma vía que cando se inaugurou hai cen anos.

É unha foto fixa, non se investiu nese tramo de ferrocarril, a pesar de que comunica dúas cidades tan importantes como A Coruña e Ferrol, e Ferrol que ten un porto exterior e é unha cidade que desde o punto de vista industrial tería moito dinamismo. Pois ben, señorías, todo iso é un ermo, fíxense que hoxe para ir da Coruña a Ferrol, que son 63 quilómetros, o tempo de viaxe oscila entre 1.40 horas e 1.06 horas. E teñen unhas prestacións que convirán calquera dos que esteamos aquí –non o recoñecerán seguramente desde este hemiciclo, pero sairemos fóra e terán que recoñecelo– que non son uns servizos para que as persoas poidan utilizalos con normalidade e prescindir do vehículo particular.

Fíxense Ferrol-A Coruña hai dous trens, ás 6 da mañá, que sae un Alvia e un de media distancia, porque este é o problema de ter uns servizos de ferrocarril que están pensados para ir a Madrid pero non para comunicar o propio país. Ben, temos un tren ás 6 da mañá, hai outro tren ás 9 da mañá, e non volven ter servizo ata a 1.25 horas. Isto é peor que hai vinte anos, porque o servizo se degradou.

Algo parecido pasa coa Coruña-Ferrol, onde tamén teñen igual, no destino contrario: ás 6.38, ás 8.45 e ás dúas e media. E cuns prezos que son un pouco desorbitados, porque oscilan entre os 5 euros e os 12,15 euros.

Se collemos o que pasa entre Lugo e Monforte a situación é tan dramática como esta. Para ir de Lugo a Monforte, que colle unha parte moi importante da provincia de Lugo, tes un tren ás 8.55, e logo hai dous trens á mesma hora: ás 11.10. A verdade é que isto non é unha prestación dun servizo, senón que, en realidade, é que, efectivamente, como os trens van para Madrid, algún para por aí, pero non hai unha concepción de que os habitantes de entre Lugo e Monforte teñan dereito a ter conexións por ferrocarril, a pesar de que sabemos que hai un fluxo e un dinamismo desde o punto de vista económico, desde o punto de vista das necesidades de comunicación das persoas, que daría como para poder ter este tipo de servizos.

Collemos, por exemplo, Vigo-Ourense, e aquí o que temos é un tren lento. Hai algún servizo que dura 2.48 horas, un traxecto que nun vehículo particular dura escasamente unha hora, depende da velocidade e do respecto que teñan as persoas. ¿Como pode ser que teñamos uns trens que ningún é inferior á hora e media.

Polo tanto, non hai unha prestación competitiva e todas as promesas que se fixéron en relación coa modernización do ferrocarril vemos como van caendo en saco roto, e o que temos no noso país é un sucedáneo de AVE, que a única función e funcionalidade que lle ve o Goberno do Estado é que cheguemos canto antes a Madrid, pero olvídense de que o ferrocarril ten que cumprir unha función de cohesión social dentro do propio país. E tamén comprobamos como durante os gobernos do Partido Popular se recortaron dunha maneira moi notábel as prestacións e os servizos cos que contaba Galiza.

Fíxense nun par de datos. Vemos como se perderon 20 estacións –dende o ano 2013, estamos falando–, como se pecharon 20 estacións de ferrocarril, temos 24 estacións de ferrocarril no noso país onde só hai unha frecuencia diaria, desapareceron 104 trens á semana na Galiza e desapareceron 1.117 paradas.

Galiza é moito máis que o Eixe Atlántico ou que as cidades da Coruña, Santiago, Vigo ou Vilagarcía. Hai todo un país que tamén ten dereito a ter servizos de ferrocarril. A nós

parécenos que este é un problema estrutural ao que hai que poñerlle solucións e medidas concretas.

Por iso hoxe dicimos que este Parlamento non se desresponsabilice sobre o futuro do noso tren. Entre outras cousas porque o Estatuto de autonomía recolle competencias que habilitan a Xunta de Galicia para poñer en marcha as cercanías. Nós entendemos que en base á discriminación que o Estado ten feito co noso país en materia de infraestruturas e comunicación, esta é unha demanda xusta, que o que vén é reparar unha discriminación.

Agardamos que non condenen os galegos a seguir marginados na modernización do ferrocarril, porque nós cremos que tamén temos dereito a ter os servizos que outros teñen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Boa noite a todas e a todos.

Na Galiza o tren de cercanías está en perigo de extinción e, de momento, non hai menciña que o cure. Estes últimos días vimos de asistir a unha manifestación cunha viaxe reivindicativa de Lugo a Monforte a cargo da “Plataforma Lugo non perdas o tren”, para reclamar mellores servizos ferroviarios para a provincia, sen fondos destinados para os seus intermodais, para non perder os recorridos de media distancia e coa reivindicación da liña de alta velocidade Lugo-Monforte-Ourense.

Pero esta non é a única demanda ao longo do noso país, pois aquí sufrimos o desleixo das administracións con respecto ás inversións ferroviarias. Agora só se fala da liña de alta velocidade, que, de momento, non é tal, para saír da Galiza con destino á capital do Estado. Non sabemos se esta é unha directa para poder marchar fóra da terra a buscarse a vida. E postos a exixir, tamén queremos unhas comunicacións dignas con outros puntos do Estado e tamén con Portugal.

Non se aproveitou o trazado existente no Eixe Atlántico, co maior número de usuarios no territorio con máis poboación, anulouse unha parte del sen dotacións para as renovacións das infraestruturas, como é o caso da vía Ferrol-A Coruña, algo impensábel nunha das comarcas con máis habitantes da Galiza. Engadimos a isto a redución de frecuencias, a eliminación de paradas, os horarios intempestivos e a longa duración do tempo da viaxe, que fomentan a caída nas viaxeiras e viaxeiros, e así, desta maneira, xustifican a eliminación de servizos.

A cidade departamental queda case incomunicada para ir á cidade herculina, a pesar da súa proximidade e para viaxar a outros puntos da xeografía galega, facendo interminábel a viaxe a Lugo ou reducindo a nada o servizo que tiña a Madrid.

E seguindo no norte dese país, temos que falar dos trens de vía estreita, do FEVE, que dende o 2013 son de Renfe. Trens de proximidade que unen Ferrol coa costa norte, que se atopan nunha situación deficitaria actualmente, propiciando tamén futuras mobilizacións en defensa deste tren, pois é o único medio de transporte colectivo desas comarcas. Incluso na liña que une Ferrol e Ribadeo, por falta de recursos humanos, a compañía está obrigada a ofrecer servizo alternativo de autobús para levar as viaxeiras e viaxeiros ás distintas paradas e apeadoiros. Ou o caso de Tui, que perde frecuencias de tren Vigo-Madrid, ou o caso de Ourense, que tamén perde frecuencias para vir, por exemplo, á capital da Galiza.

Non houbo unha aposta seria polo ferrocarril, como elemento de articulación e cohesión territorial e social pola súa accesibilidade nas localidades, tendo en conta o noso modelo de poboación dispersa, coa posibilidade de ofrecer un mellor prezo a usuarias e usuarios, as amplas vantaxes medioambientais e de ofrecer a redistribución nos distintos medios de transporte.

Nestes momentos de crise económica non houbo unha preocupación polo servizo comunitario, nin tampouco se tivo en conta o aumento do envellecemento da poboación, moi alarmante nesta terra, facilitándolle a mobilidade pola nosa xeografía. A eliminación e modificación de horarios é unha constante que non facilita o emprego deste medio en distancias de proximidade cando unha persoa vai traballar ou estudar.

A posta en marcha en Galiza do tren de proximidade é unha vella demanda social e unha vella promesa política, que ata agora nunca se cumpriu. Porén, ao igual que noutras ocasións, as opcións de que as liñas como A Coruña-Ferrol ou Pontevedra-Vigo se convertesen en liñas de proximidade quedou truncada. É moi importante equilibrar o binomio alta velocidade-rede convencional, incrementando os investimentos para o tren convencional.

Vemos noutras comunidades que si está a funcionar o dito tren, con bos horarios, agás na Galiza, sendo a única comunidade do litoral do Estado español sen este sistema. Vexamos, por exemplo, Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, Andalucía Valencia, etc.

E debemos subliñar o papel transcendental do transporte de mercadorías para o desenvolvemento da economía galega, antiga demanda das empresas, sendo unha das condicións para poder mellorar e crecer; a insistencia na mellora da rede convencional para a xestión e operatividade, sen que teña que quedar condicionado ás circulacións do tren de viaxeiros e incidindo na mellora das conexións cos seus portos, co interior e para fóra de Galiza.

No 2011 dábase a coñecer con gran sonoridade a inclusión de Monforte no corredor europeo para transporte ferroviario de mercadorías, pero iso, de momento, parece ser que vai camiño de converterse nun espellismo.

Imos dar o noso voto a esta proposición non de lei, porque entendemos que o tren é un elemento fundamental para o desenvolvemento social e económico desta terra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Nós imos apoiar esta proposición non de lei que xa temos debatido aquí en múltiples ocasións, e que é un debate que se repite, e sobre todo cando chegan as campañas electorais, e ao que ningún partido se atreve a dicir que está en contra. Todos están a favor, ata o Partido Popular no ano 2012 dixo que desta vez iamos en

serio e que se crearía un servizo de cercanías para ter trens de proximidade no noso país.

A pregunta que hai que facer é, ¿que fixo o Partido Popular nesta lexislatura ao respecto, cun goberno amigo en Madrid? Habería que preguntar a ver que se fixo, se se avanzou algo, se se fixo algún movemento. Nós cremos que, evidentemente, non, e haberá que preguntarse por que neste país, tendo unha infraestrutura entre Ferrol-A Coruña que aglutina case 500.000 habitantes –cando recolle poboacións como Ferrol, Fene, Pontedeume, Cabanas, Miño, Betanzos, Bergondo, Cambre, a Universidade da Coruña, Culleredo, etc.–, como unha infraestrutura que sería relativamente barata acometer a súa mellora para que fixese a función de servizos de cercanías, por que nunca se fixo.

E é evidente que non é por unha cuestión técnica nin por unha cuestión de falta de viabilidade, é unha decisión política determinada por intereses, por intereses económicos de determinados sectores aos que defenderon o Partido Popular e na defensa tamén dun modelo de construción de infraestruturas no que detrás sempre houbo moito negocio.

É evidente que para as grandes construtoras o negocio do AVE, o negocio das grandes infraestruturas, é moito maior que o negocio de habilitar pequenas reformas durante os últimos 30 anos dunha vía para que servise de servizo de cercanías.

É para nós a única explicación posible de que, por exemplo, nesta zona Ferrol-A Coruña ou Pontevedra-Vigo non exista este servizo de cercanías. E ademais que está demostrado que é un tipo de servizo que favorece as maiorías sociais, fronte a outro tipo de transportes que son para minorías, e que iso tamén, unha vez máis, ao Partido Popular pouco lle importa, pouco lle importa porque defende outros modelos.

Tamén cando falamos de cambio climático, de sostibilidade, tamén aquí vén a señora conselleira de Benestar –a recoitada Beatriz Mato– falar dun plan contra o cambio climático. Agora, iso si, as infraestruturas baseadas no transporte en automóbil e desprazamentos individuais. O tren sen desenvolver. ¿Que fixo o Partido Popular para vertebrar o país?, ¿como están conectadas as principais vilas e cidades deste país grazas ás políticas de infraestruturas que se desenvolveron nos

últimos 30 anos?, e ademais a demostración de que sempre os argumentos que utiliza o Partido Popular para dismantelar estacións de tren, para reducir frecuencias e para reducir servizos de ferrocarril para a maioría social son falsos, e é precisamente empezar cun círculo vicioso, que é que canto máis se reducen, menos usuarios.

Agora ben, o contrario é certo, cando á xente se lle dan frecuencias, se lle dan servizos de calidade e se lle dan tempos competitivos, o tren sempre é un éxito, e se non que expliquen, ¿por que cando hai 5 viaxes Ferrol-A Coruña, hai 16 viaxes en autobús Ferrol-A Coruña? ¿Que pasa?, ¿como é posible que se xustifique que non hai demanda cando en liñas de autobús hai 16 viaxes?

Polo tanto, é unha decisión política que responde a un modelo de infraestruturas guiado polo negocio das grandes empresas, como están vendo tamén nas diferentes noticias de doazóns de determinadas empresas aos gobernos que os favoreceron, investindo millóns e millóns de euros en obras que non tiñan tanta utilidade social como podería ter o servizo de proximidade neste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes a todas e a todos.

Fai xustamente hoxe unha semana a señora Pontón levou á Comisión 2ª unha iniciativa sobre a posta en marcha dunha nova política en materia de transporte colectivo por estrada.

Sucedeu o que todos sabiamos de antemán, todos os grupos da oposición apoiámos aquela iniciativa, excepto o Grupo Popular, que a rexeitou. Xa lle dixen daquela á señora Pontón que estaba vostede a pedirlle peras ao olmo, que estaba vostede a pedirlle á consellería –que ignorou a palabra transportes na dominación da consellería– que se dedi-

que a resolver cuestións reais que teñen que ver coas súas competencias en materia de transporte. Eu creo que nin están nin se lles espera.

Teño a sensación de que cando traemos a esta Cámara iniciativas de transportes, o semblante da señora conselleira reflexa o que está a pensar, ¿de que raios me están a falar?

Temos unha Dirección Xeral de Mobilidade instalada na interinidade, na provisionalidade, tres directores xerais en tres anos. Semella que o Goberno galego e a Consellería estiveron máis ocupados na mobilidade do director e directoras xerais que na mobilidade das galegas e dos galegos, e o resultado é, certamente, calamitoso.

Miren vostedes, o transporte aéreo segue a estar descoordinado e non se albisca nin o mínimo intento de coordinación. O sector de transporte de mercadorías por estrada está abandonado á súa sorte; as asociacións e federacións deste transporte rexeitan as formas e o fondo deste Executivo, séntense ignorados e abandonados.

O transporte escolar vén de acudir aos tribunais para cobrar o que se lles adebeda. O transporte de viaxeiros por estrada está nunha situación de *impasse*, con concesións prorrogadas por resolución do señor Feijóo en 2010 e pendentos do recurso presentado pola Comisión Nacional de la Competencia ante o Tribunal Supremo.

O transporte ferroviario de media distancia suprimiu paradas, reduciu rutas e modificou horarios para perder accesibilidade. O transporte metropolitano ten, a día de hoxe, a mesma implantación que en 2010. A intermodalidade só é un concepto teórico utilizado polo Goberno sen concreción real ningunha que o exemplarice.

Señorías, polo tanto, hoxe, tras sete anos de Goberno do Partido Popular, as galegas e galegos da maior parte do país temos menos alternativas e menos accesibilidade a un transporte público que responda ás novas necesidades.

Esta nefasta xestión certifica que o transporte público non é unha prioridade para este Goberno, nin para a Consellería, e a Dirección Xeral de Mobilidade ten amosado unha alarmante incompetencia para xestionar o día a día do trans-

porte en Galicia: incompetencia para xestionar e incapacidade para proxectar.

Señora Pontón, díciolle ao principio da miña intervención que estaba vostede a pedirlle peras ao olmo, e certamente o olmo non dá peras, o mesmo que esta consellería non está para o transporte, non está para dar nada no transporte.

Compartimos o seu argumento e as súas propostas, estamos de acordo, polo que imos apoiar a súa iniciativa. En realidade, todos os grupos desta Cámara temos aprobado iniciativas similares nos últimos anos, mesmo se produciu unha aprobación por unanimidade neste Parlamento antes, xa, do ano 2010.

En teoría o obxectivo é o mesmo: posta en marcha do sistema de transporte ferroviario de cercanías. Está implantado en trece poboacións españolas, sete delas similares coas que poderían establecerse en Galicia, ¿por que non está implantado en Galicia? Porque a indolencia deste Goberno, da Consellería e da Dirección Xeral de Mobilidade o imposibilitan, porque para poder hai que querer, e este Goberno non quere e a Dirección Xeral de Mobilidade é incapaz.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Goldar Güimil.

O señor GOLDAR GÜIMIL: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde, noite xa, a todos, señoras e señores deputados.

Defendo nesta primeira proposición non de lei que trae a debate o Grupo Parlamentario do BNG a posición política do grupo maioritario da Cámara con respecto á dotación e transferencia dun fondo especial e plurianual para a posta en marcha de servizos de cercanías ferroviarias en Galicia, dotándoo cun mínimo de 400 millóns de euros, ademais da constitución, nun prazo de seis meses, dun ente público

ferroviario galego que xestione os servizos de proximidade da nosa comunidade, tal e como refire, literalmente, a parte resolutiva da súa iniciativa.

Señorías, nos últimos tempos a situación da rede ferroviaria galega experimentou cambios e melloras moi importantes que non nega xa ninguén, salvo os de sempre, como sempre, claro está, que ou ben non lles gusta ou poñen peros constantemente, e máximo –e digo estas melloras– se temos en conta que os trazados ferroviarios galegos sempre estiveron fortemente condicionados por unha accidentada orografía que dificultou as comunicacións ferroviarias co centro peninsular.

A chegada da alta velocidade a Galicia supuxo, como todo o mundo sabe, a execución de obras de novo trazado para liñas ferroviarias e a realización doutras de modernización de vías convencionais xa existentes.

Tamén a entrada en funcionamento do Eixe Atlántico en 2015 supuxo un avance fundamental para a nosa mobilidade, ao igual que a chegada de alta velocidade en 2018 permitirá viaxar a Madrid en tres horas, feito que constituirá –sen ningunha dúbida– un dos fitos máis salientables que acade a nosa sociedade no desenvolvemento e modernización das súas infraestruturas, salvo, claro está, que o impida directamente alguén ou alguén consinta, indirectamente, que non aconteza.

No relativo á oferta de servizos, as administracións públicas, señorías, deben velar pola existencia dunha oferta acorde á demanda existente, que atenda as necesidades reais de mobilidade obrigada, como os desprazamentos diarios ao traballo, aos centros de estudos, que facilite a colectividade e a mobilidade dos usuarios e, por suposto, que responda aos intereses da maioría dos mesmos.

Porén, señora Pontón, ao noso xuízo, polo menos, esta oferta de servizos non ten por que estar conformada exclusivamente polo transporte ferroviario, senón por aquel modo de transporte que en cada caso mellor se adapte á demanda a atender, de feito dada a dispersión poboacional de Galicia, o sistema ferroviario non sempre é o que proporciona unha oferta máis axeitada ás necesidades da poboación –pola súa menor accesibilidade–, e nese sentido o transporte colectivo en autobús ten a capacidade de proporcionar unha maia que

cubra unha área xeográfica máis ampla que a proporcionada polo tren.

Así, coa finalidade de promover o emprego do transporte público e mellorar a mobilidade nas áreas metropolitanas da nosa comunidade, o Goberno galego puxo en marcha en 2010 o Plan de transporte metropolitano de Galicia, que xa se atopa activo nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo, e de igual xeito no verán deste 2016 prevese a posta en funcionamento na área de Ourense.

E como xa tivera ocasión de adiantarlle na pasada sesión da Comisión 2ª, señora Pontón –aquí citada tamén polo señor Fernández–, con motivo da análise dunha iniciativa súa sobre a política de transporte colectivo por estrada, este Plan de transporte metropolitano de Galicia prevé importantes bonificacións para os cidadáns, tales como, entre outras, o abaratamento xeral da tarifa nos pagamentos coa tarxeta metropolitana de Galicia, un abono adicional dun 15 % para os usuarios máis recorrentes, sistema tarifario zonal con transbordo gratuíto, etc.

Como lle recordaba entón, e agora lle reitero, o fomento da utilización do transporte público, que supón actualmente aforros medios de 600 euros ao ano para os seus usuarios habituais, e o ofrecemento dunha alternativa real ao vehículo particular, son os principais fundamentos da promoción do sistema de transporte do propio Plan de transporte metropolitano.

E antes de rematar, señorías, gustaríame chamar a atención sobre as contradicións *quasi* eternas do Grupo Parlamentario do BNG. Durante oito anos, nada menos, estiveron practicamente mudos cando os ministros socialistas, de infausto recordo para esta terra, decidían, coa excusa da construción do AVE, pechar estacións ferroviarias e levantaban a liña convencional do Eixe Atlántico, ao que sempre se opuxo este grupo parlamentario, por certo, mentres outros nesta Cámara o consentían. Fálolle, por exemplo, da estación ferroviaria de Portas, ao carón do meu concello de Caldas de Reis, da que seguro que vostede se lembra perfectamente, porque xa estaba daquela nesta mesma Cámara.

Tamén vostedes, señorías, namentres unha ministra socialista, esa á que lle producía moita felicidade o Plan Galicia,

quería transferir as liñas férreas en desuso, e outro ministro tamén socialista se negaba a transferir a liña convencional do Eixe Atlántico, ou directamente desafectaba tramos, deixándoo fóra da rede de interese xeral, e cando iso acontecía vos tedes publicamente, polo menos, nada audible dicían.

E señor Fernández, con todo o respecto que sabe que lle teño, leccións do seu grupo político en política ferroviaria, as xustiñas, nada máis.

Xa que logo, señorías, á vista do que lle teño explicado, señora Pontón, este grupo parlamentario non considera acada a aprobación da súa iniciativa, e como consecuencia non a vai apoiar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Goldar.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidenta.

Eu vou empezar por agradecer tanto ao Grupo da AGE, coma ao Grupo Socialista, coma ao Grupo Mixto o apoio a esta iniciativa, e lamentar que, máis unha vez, o Partido Popular se poña en contra da modernización do ferrocarril deste país, e que veña aquí, ademais, con argumentos falaces sobre aspectos que non formaron parte do debate.

Creo que é o malo de traer as intervencións escritas é non ter capacidade para mover o guión en función do que pasa na Cámara, pero é..., (*Murmurios.*) non sei se están nerviosos ou nerviosas, pero en todo caso espero poder...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

Si, pode vostede continuar, señor Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Se mo permiten os deputados do PP, eu sen ningún problema.

Moitas grazas.

A min o que me parece que é absolutamente delirante é que veñan aquí vostedes responsabilizar o Bloque Nacionalista Galego dos incumprimentos do Partido Popular en relación co AVE, porque creo que foi o señor Álvarez Cascos –a quen vostedes despois da catástrofe do *Prestige* premiaron cunha medalla– o que nos e prometía que o AVE ía estar no ano 2008.

Despois creo que foi o señor Feijóo, que fixo un Pacto do Obradoiro que blindaba xa a chegada do AVE a Galiza, ía chegar no 2012. Despois dixéronos que no 2015, e agora dinos que no 2018.

Nós o que sabemos é que a liña Coruña-Ferrol segue sendo exactamente a mesma que hai cen anos, e que se podían facer inversións moi pequenas que reducirían á metade os tempos e non fan nada.

Que a saída sur para a conexión con Porto, que é estratéxica para este país, a vostedes non lles importa. Que durante os Gobernos do Partido Popular se recortaron servizos, porque, insisto, neste país –Galiza– os galegos e galegas viven en máis lugares que na Coruña, que en Santiago, que en Pontevedra ou que en Vigo, e que, polo tanto, non se pode permitir que só exista unha liña ferroviaria pensada para ese eixe, porque o que estamos é condenando unha parte, discriminando unha parte dos

galegos e das galegas, e ademais construindo un país onde se agudizan as diferenzas territoriais, cada vez maiores.

E a súa intervención foi moi clara, a vostede só lle preocupa chegar a Madrid. Claro, é que é a única obsesión que teñen, e o deseño do ferrocarril está claramente pensado niso.

Fálame dun Plan de transporte metropolitano, que non ten nada que ver co que estamos falando hoxe aquí, só para xustificar que están en contra de poñer en marcha as cercanías.

Agardo que non sigan sendo unha rémora durante moito máis tempo para o noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás nove da noite.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25